





# BARBANTIA

ANUARIO DE ESTUDOS DO BARBANZA

VI SEMANA DA HISTORIA DE NOIA

HOMENAXE A XOSÉ AGRELO HERMO

ANO 2011 - Nº 7



OS AMANTES DA CULTURA GABÁMONOS DE VIVIR E  
ADMINISTRAR UNHA PROPIEDAD COMPARTIDA. A  
CULTURA DÉIXACHE O PARAUGAS CANDO CHOVE E  
NON PIDE QUE LLO DEVOLVAS NIN CANDO VAI SOL.  
TAMÉN PROTEXE DO SOL. SÓ PIDE QUE O COIDES.  
BARBANTIA É UNHA ASOCIACIÓN CULTURAL E O  
ANUARIO O MELLOR PARAUGAS QUE FABRICA, UN  
PARAUGAS COMPARTIDO PARA QUE CORAZÓNS COMA  
O MEU APRENDAN A LATEXAR, BEN RESGARDADOS,  
MÁIS ALÁ DAS FRONTEIRAS DUN CORPO, DUNHA CASA,  
DUNHA FAMILIA OU DUN CONCELLO. NUNHA COMARCA.



**Coordinación**

Manuel Cartea  
Alberto Piñeiro

**Revisión Lingüística**

Manuel Cartea

**Consello directivo**

*Presidente:* Xesús Román Laíño Briones-Arén

*Vicepresidenta:* María Isabel Santos Davila

*Vicepresidente:* Manuel Cartea Gómez

*Secretaria:* Milagros Torrado Cespón

*Tesoureiro:* Francisco Xosé Bugallo Otero

*Vogal:* Encarna Pego Paz

*Vogal:* María Dolores Arxóns Álvarez

*Vogal:* María Xesús Blanco López

*Vogal:* Adolfo Muíños Sánchez

*Vogal:* Xoán Pastor Rodríguez Santamaría

*Vogal:* Xosé Ricardo Losada Vicente

*Vogal:* Manuel Mariño del Río

*Vogal:* Carlos Mosteiro Fraga

*Vogal:* Antón Riveiro Coello

**Administración**

Alberto Piñeiro

**Deseño e maquetación****Edita**

A.C. Barbantia

Rúa Poeta Manuel María, s/n

Centro Social

15930 Boiro (A Coruña)

Tlfno.: 981 84 26 35 Fax: 981 84 27 25

<http://www.barbantia.org>

correo electrónico: [barbantia@barbantia.org](mailto:barbantia@barbantia.org)

**Imprime**

Gráficas Garabal, S.L.

**ISSN**

1889-0946

**Depósito Legal**

C-2792-05



# **í N D I C E**

**LIMIAR**

**X. Ricardo Losada**

**ÁS PORTAS DO BARBANÇA...**

**José-M<sup>a</sup> Monterroso Devesa**

**O CATOLICISMO POLÍTICO BOIRENSE NO PRIMEIRO**

**BIENIO REPUBLICANO (1931-1933)**

**Antón R. Gallardo**

**ACTUALIZACIÓN DA NOIA DE RUTH MATILDA ANDERSON:**

**FOTOGRAFÍAS DE ONTE E HOXE**

**Milagros Torrado**

**CONTROVERSIA SOBRE O 15-M**

**Gonzalo Trasbach, Amador Fernández-Savater e Ignacio Castro Rey**

**Á LUZ DAS PALABRAS. GALLAECIA E AS SÚAS ETIMOLOXÍAS**

**Encontro intelectual con J. J. Moralejo Álvarez e X. L. Méndez Ferrín**

**ACTAS DA**

**VI SEMANA DA HISTORIA DE NOIA**

**“HOMENAXE A XOSÉ AGRELO HERMO”**

**XOSÉ AGRELO HERMO: VIDA E OBRA**

**X. Pastor Rodríguez**

**DA COR DO VENTO**

**David González Couso**

**A EXECUCIÓN DO CANTINO EN BOISACA**

**Xerardo AgraFoxo**

**A CATALOGACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-ARTÍSTICO**

**DE OUTES**

**Xoán Mariño**

**A PESCA DA LAMPREA NO RÍO TAMBRE**

**Clodio González e Manuel Ces**

**OS GREMIOS E OS CLÉRIGOS DA MORTE**

Xoán Manuel Neira Pérez

**UN “NOIÉS” NA FOSA DO ACEVO**

Carmen García-Rodeja Arribí

## **AIRES DE FÓRA**

*O VOAR DA BOLBORETA AZUL. UN INTENTO DE TRADUCIÓN  
DE RICHARD BERENGARTEN*

Fernando Lavandeira e Loreto Riveiro

**UNHA TIRADA DE DADOS XAMAIS ABOLIRÁ O AZAR**

Eme Cartea

## **BARBANTIA, ANO VII**

*MUSICA NOTTURNA DELLE STRADE DI MADRID*

Alberto Piñeiro

**PUBLICACIÓNS NO BARBANZA**

Román Arén e X. Pastor Rodríguez

## **RELACIÓN DE SOCIOS/AS**

 imiar  
*X. Ricardo Losada*





## O BARBANZA É MEU

*E.T.* é unha das miñas películas preferidas. Á parte das virtudes cinematográficas, ergardo un grato recordo das escenas nas que o extraterrestre, mirando con nostalgia o ceo estrelado, di: *Mi casa... Mi casa...* Estou seguro que ningún dos millóns de espectadores que vimos a película asociamos esa casa, sabe Deus en que remoto confín da Vía Láctea, cun chalé con piscina e muro alto de pedra ao redor. Asociámola (por iso nos emociona tanto, é unha emoción primaria) co planeta de procedencia. Se a asociásemos coa súa casa, pareceríanos un ser egoísta e enfermizo, e a película carecería do máis mínimo interese. É a dimensión planetaria desa casa a que lle dá beleza e un intenso dramatismo a ese desexo alieníxena.

Carl Sagan, un dos grandes divulgadores científicos do século XX, cando quería reivindicar a conciencia ecolóxica, falaba da metáfora dos administradores. Denota unha mentalidade moi habitual nos pobos primitivos. Crían que os humanos lles alugamos o planeta aos seus verdadeiros propietarios, os deuses. Puxéronnos unha única condición: devolvérllelo tal cal estaba. Aqueles primeiros poboadores vían o planeta como unha casa alugada que debían coidar e respectar. En caso contrario, espertarían a ira dos deuses. Un daqueles homes perdido en Plutón, mirando o ceo nocturno, levantaría o dedo sinalando a Terra e diría: *A miña casa... A miña casa*. Non por ser alugada sentiría menos morriña. E os espectadores plutonianos que visen a película tamén necesitarían, coma nós en *ET*, pano de man para secar as bágoas. Nas súas mentes hiperavanzadas a casa do terrícola crearía a imaxe do planeta do que procedía, non da casa onde cagaba e roncaba con luxosa intimidade.

Que diferente sería o mundo se tivéssemos esa mentalidade. Non digo que consideremos o planeta a nosa casa, pero si, cando menos, os lugares onde vivimos. Se fóssemos capaces de dicir o posesivo *miña* na frase *A praia é miña* coa mesma convicción coa que o dicimos en *A casa é miña*, o mundo sería outro, e mellor. É moi curioso. A maioría da xente sería capaz de presumir de ter un apartamento en multipropiedade con xente que non coñece en Marbella, e nunca presumiría de ter a praia da súa vila en multipropiedade cos veciños de toda a vida. Dicimos, todos cheos, *A casa é miña* cando en realidade só nos pertence o 5% que pagamos (nin iso: recordade a polémica sobre a dación da vivenda) e o 95% restante é dun banco, unha desas entidades, como dicía o outro, que che prestan o paraugas cando fai sol e quítancho cando chove, pero non dicimos nunca *A praia é miña* cando unha constitución democrática aprobada por corenta millóns de persoas o garante. Sempre me sorprende esa discusión que hai en Rianxo o día despois da noite das bengalas de Guadalupe sobre se caben na praza as cincuenta mil persoas que di a prensa. Debate bizantino. Os pisos e as casas privadas mídense e valóranse polo número de cuartos. Pero a praza de Castelao é un espazo público. É ridículo calcular a súa capacidade a razón dunha persoa por metro cadrado. Se algún día os tres millóns de galegos deciden vir cantar esa noite a rianxeira, que non teñan ningunha dúbida. Farémoslles sitio.





A min, coma ao personaxe de Dieste do relato homónimo, encántame dicir *Rianxo é meu*. A diferenza del, prefiro concretar un pouco máis. *Tanxil é meu, o Campo de Arriba é meu, Setefogas é meu, Punta de Fincheira é miña*. Incluso podo ir un pouco máis alá e gozar das parroquias limítrofes: *A praia das Cunchas é miña, o Castro das Cercas é meu, a aldea de Laxe é miña, o monte Lioira é meu, a corredoira de Campelo é miña*. Máis alá da extensión do meu concello, ao meu corazón cústalle latexar de forma natural. O filósofo grego Sócrates ía todos os días en Atenas ao Corte Inglés da época. Como nunca compraba nada, a xente preguntáballe a que ía. El respondía: *Veño disfrutar vendo todo o que non necesito* (Resposta moi útil, por certo, para tempos de crise como os que corren). A min gústame saír da casa todos os días, chova ou vente, a pasear polos camiños do meu concello. A xente preguntáme por que. Eu dígolles: *A disfrutar de todas as propiedades que teño*. Míranme sorprendidos. Eu teimo: *Si, si. A praia é miña, O monte é meu, A praza é miña* (Resposta moi útil, por certo, para tempos de crise como os que corren).

Non vou mentir. Custoume moito conseguir que o posesivo *miña* tivese a mesma convicción nesas frases que cando digo *A casa é miña* ou *O coche é meu*. Pero conseguino. Como sucede cos mantras, cada vez que o repites aumenta a convicción. Pero a mera repetición da frase é causa necesaria, non suficiente. O decisivo é que a praia da miña vila é realmente máis miña que a casa na que vivo. Hai máis posibilidades de que me expropien a casa que a praia. Ademais, ¿non é habitual oír os propietarios de vivendas (canto máis luxosas, máis se queixan) de que cada vez a Administración lles deixa facer menos nas súas (¿súas?) casas? E aínda máis. Os meus descendentes poderán renunciar á casa que lles deixe en herdanza (sobre todo se é compartida con eses que che quitan o paraugas cando chove), pero, nin querendo, poderán renunciar ás innumerables propiedades públicas que lles vou deixar España adiante. Son inalienables. Se non saben gozar delas, alá eles. Malos fillos meus serían. Falando de fillos, e de casas, ¿sabiades que estatisticamente un neno ten máis probabilidades de sufrir unha agresión entre as paredes da súa (¿súa?) casa que na rúa?

Non hai nada neste mundo que sexa exclusivamente de un. Nada. Nin sequera o corpo. Administrámosllelo ás bacterias, os seus verdadeiros propietarios. Como o estragamos día a día tirados no noso sofá da nosa casa mirando a nosa televisión, vínganse de nós mandándonos a ximnasios e hospitais e, en último termo, ao cemiterio, unha das propiedades, sen dúbida, máis compartidas. Tampouco é só nosa a alma. Administrámosllela aos espíritos, os seus verdadeiros propietarios. Como a estragamos día a día con obsesións como a de acumular propiedades privadas, vínganse de nós mandándonos a confesionarios e psiquiátricos e, en último termo, ao inferno, propiedade aínda máis compartida que o mesmísimo cemiterio. ¿E que dicir da propiedade que, segundo todos os científicos, conforma máis a nosa identidade, a memoria, ese compendio de corpo e alma? Compartímola con todos os seres vivos e cos millóns de persoas que poboaron, poboan e poboarán o planeta terra –non é poesía, estou falando de xenética– e coas innumerables persoas que somos cada un de nós –non é filosofía,



estou falando de neuroloxía—. Unha curiosidade: ¿Que quedou máis firmemente gravado na vosa memoria —é dicir: ¿qué é máis voso?-, aquel *polvo* que botastes na praia, cheos de frío e areas no cu, baixo a intensa luz dunha lúa deseñada polos deuses, ou ese que botades entre as sabas perfumadas da vosa cama baixo a luz tenue dunha lámpada deseñada por Ikea?

Si. Toda propiedade é compartida. Pensádeo ben. ¿Cal foi a casa na que vivistes mellor na vosa vida? Se tedes suficiente memoria e sodes sinceros, contestaredes: o útero materno. *O útero de miña nai é meu*. ¿Estou tolo se o digo?

Os amantes da cultura gabámonos de vivir e administrar unha propiedade compartida. A cultura déixache o paraugas cando chove e non pide que llo devolvas nin cando vai sol. Tamén protexe do sol. Só pide que o coides. Barbantia é unha asociación cultural e o anuario o mellor paraugas que fabrica, un paraugas compartido para que corazóns coma o meu aprendan a latexar, ben resgardados, máis alá das fronteiras dun corpo, dunha casa, dunha familia ou dun concello. Nunha comarca. A Barbantia gustaríalle que se algún día estou perdido nun planeta distante e miro de noite con morriña o ceo estrelado e sinalo un punto concreto e digo: *A miña casa...* *A miña casa* non pense no planeta (demasiado grande) nin no concello (demasiado pequeno) nin na casa (demasiado íntima) senón nunha comarca, o Barbanza, que estou axudando a construír e da que, con outros moitos veciños, son propietario.



# As portas do Barbança...

*José-M<sup>a</sup> Monterroso Devesa*





## INTRODUÇÃO

**P**orto do Som ao Norte e Rianxo ao Sul, mandárom senlhos filhos ao Rio da Prata Norte, aquel, finando o século XVIII, este em rematando o XIX. Eles fórom, respectivamente, ROQUE ANTONIO GÓMEZ e ELADIO DIESTE.

Como aqui queremos exumar o primeiro, nada conhecido na su terra natal, pouco lhe dedicaremos ao segundo quem, como mais cercano a nós e polo retorno à Terra de algum dos seus filhos, apenas necesita da nossa desveladora notícia.

## UM GÓMEZ DE QUEIRUGA NO MONTEVIDÉU COLONIAL

“En San Esteban de Queiruga, una modesta aldehuela ubicada en el corazón de Galicia, empieza la historia documentada del linaje de los Gómez”, comenta o genealogista uruguaio Ricardo Goldaracena, no segundo tomo (1978) dos seis que publicou baixo o título *El libro de los linajes*, concretamente nas trinta páginas que lhe dedica a tal família galega, de destacada presença no Uruguai dos séculos XIX e XX.


Pola minha parte, “Queiruga nom está no corazón da Galiza”, ousei corrigir-lhe, dez anos depois, ao mestre da Genealogia uruguaia do último terço do XX: se acaso na fronte atlántica do país, nesse ponto intermeio que o formoso Barbança marca entre a Costa da Morte e as Rias Baixas, zona daquela incluída na província de Sant’lago.

Nessas abundantes páginas de Goldaracena, pois, baseam-se, prescindindo do galano estilo do ensaísta platense, estas poucas linhas que nom perseguem senom dar a conhecer, muito someramente, a importância que umha família de origem paterna sonense acadou na outra beira do Atlântico, a dez mil quilómetros da nossa. É um caso entre muitos, de galegos que adquirirom protagonismo em terra alheia e som absolutamente ignorados na própria pátria. Abofê que paga a pena assomar-se a estas peripécias vitais, moléculas de um todo que, de ser tratado algum dia na sua vasta integridade, constituirá, sem dúvida, umha autêntica epopeia: a epopeia da nossa emigração.

## QUEM ERA DOM ROQUE ANTONIO

Em 1767 nasce em Queiruga Roque Antonio Gómez Pérez, filho de Tomás e María Antonia (dos que desconhecemos a sua condição social, supondo eram labregos), a quem, já em 1791, atopamos como soldado em Montevideu (fundada apenas 65 anos atrás), aonde emigrara em procura de melhor vida. Realmente o conseguiu, pois chega a possuir avultada fortuna, a partir do seu negócio de *ramos gerais*, sito numha céntrica esquina da cidade colonial, imediata à igreja matriz (hoje catedral).

Partidário dos *realistas* (conforme eram denominados nas Américas os parciais da agonizante dominação espanhola), a sua colaboração com víveres e graxa foi crucial para o manutenção das tropas peninsulares que, correndo



1814, ofereciam a última resistência ao empurrão imparável da revolução independentista, triunfante esse mesmo ano, nessa parte oriental do vicerreinado do Rio da Prata (cuja capital, Buenos Aires, já caíra em 1810 com a famosa jornada do 25 de Maio).

Roque Antonio Gómez era, a essa altura, comandante de artilharia, tendo participado em episódios tam relevantes como a defesa de Montevideu frente a invasão inglesa de 1807. No entanto (1795), o sonense casara com María Rita Calvo, filha doutro galego como ele, este de Foxados (em Curtis, daquela na província de Betanços), procriando até 19 filhos... Como para nom ter ilustre descendência entre tanto vástago!

Em 1836 morre o fundador deste clam. No bicentenário do seu nascimento, os descendentes de Roque chantárom,

na fachada lateral da igrejinha queiruguense, onde pudemos vê-la há alguns veraos, umha placa que di:

*En este recinto sagrado yacen los restos  
Mortales de D. Thomás Gómez y su  
esposa*

*Dña. María Antonio Pérez, padres de D.  
Roque*

*Gómez y abuelos de los hombres públicos  
Uruguayos Gral. Andrés Gómez, D.  
Francisco*

*Gómez, D. Juan Ramón Gómez y Gral.  
Leandro Gómez, héroe de la defensa  
De Paysandú.*

**Homenaje de sus descendientes  
uruguayos.**

XII – 1967

## A DESCENDÊNCIA GÓMEZ CALVO

Da numerosa prole de Rita e Roque apenas mencionaremos alguns nomes de destaque, que fixérom parte das classes dirigentes do Uruguai, já independente desde 1830.

O mais destacado e o primeiro em morrer –e de quem vem de se cumprir o bicentenário do seu nascimento- foi o general Leandro Gómez (1811-1865), como limos na placa, herói de Paysandu, quem, à frente de umha nova Numância, entregou a sua vida junto a muitos, na defesa dessa cidade –costeira do rio Uruguai e fronteira com a Argentina- contra o sítio dos imperiais brasileiros, que apoiavam o golpista Gral. Flores: por tal é considerado um dos próceres maiores da República; deixando sucessom até a actualidade.



Leandro Gómez

Tamém militar foi o general Andrés Gómez (1798-1877). Treze anos mais velho do que Leandro, nasceu a tempo de participar na segunda revolução emancipadora (esta, como nom, contra a dominação do imperio do Brasil, em 1825-1828) e mesmo contra a incursão imperial que ramatou com a vida de seu irmão precitado. A sua sucessão chega até hoje.

Doutra parte, o irmão Juan Ramón Gómez (1822-1895), muito mais novo, foi discutido home público: pertencente ao partido político oposto ao de seus irmãos precedentes, chegou a exercer como ministro de Fazenda nos días em que o herói Leandro caía daquele jeito que vimos de descrever. Depois foi filántropo e a sua espléndida residencia abriu-se recentemente restaurada, na mesma cidade velha. Numerosa tamém foi a sua descendência.

Francisco Gómez (1813-1900), dos quatro grandes o que mais tarde morréu, forte empresário, asemade com descendência abundosa, é lembrado hoje em dia principalmente por mandar construir um dos edifícios mais suntuários que atesoura dita Cidade Velha: o palacio neogótico, sede actual da *Junta Departamental*, o Parlamento de Montevideu, capital e cidade-município que possui a metade da população do país.

Som dignas de citar, finalmente, duas das filhas mulheres de Roque e Rita. A primeira, Lucía Gómez, de cujo matrimónio com Juan António de Arteaga, sólido comerciante biscaíno, nascerom filhos como Juan José de Arteaga, criador ali da primeira rede de saneamento de Sud América, a *red Arteaga*, que ainda presta serviço na metrópoli uruguaia.

A outra filha que destacamos (ambas por serem *simplesmentes* nais, o que, com tanta prole, já era ser muito), María Josefa Gómez, tamém casou cum outro biscaíno e comerciante, Ramón de Artagaveytia, sendo ancestros de famílias tam nomeadas como os Arocena ou os Rodríguez-Larreta uruguaiois. (Curiosamente, um dos filhos de María Josefa e Ramón, Ramón Artagaveytia Gómez, morreria no *Titanic* em 1912).

## UM DIESTE DE RIANXO NA ROCHA PROVINCIANA

Considerado Dieste apelido de origem flamenga (extremo que nom temos contrastado mas que é crível, dada a absoluta localização do mesmo em terras costeiras e só nessas terras), como Muriel





o é castelhano, temos que o moço Eladio Dieste Muriel (1845-1919), iniciado o último terço do XIX, emigra ao Uruguai onde, na cidade de Rocha –cercana do Brasil e cujo topónimo galego-português, o é, a partir de um indivíduo com esse apelido-, casa com Olegaria Gonçalves da Silveira (de ascendência brasileira, cujo patronímico foi castelhanizado em González), voltando, já com quatro filhos (conta-nos Carmen Muñoz), em torno a 1888, para se estabelecerem em Ponte-Vedra, onde nasceram outros dous, trasladando-se, cinco anos mais tarde, a Rianxo (onde nasce, outros cinco depois, o seu filho seródio e derradeiro).

### A PROLE DIESTE: DA GALIZA E DO URUGUAI

É de salientar como vários desses filhos emigram por sua volta, e assi teremos a Eladio e Eduardo retornando ao


Uruguai originário, ou a outros em México e nos USA. Polo que a este trabalho toca, somente pararemo-nos um chisco em quatro deles.

O primeiro, Eduardo (1882-1954), ensaísta, narrador, dramaturgo e crítico de literatura e artes plásticas, diplomata, orientador de *Teseo* (agrupação montevideana de escritores e artistas nos anos 920), é um valor da literatura uruguia... o qual nom lhe impediu, morando ainda na vila paterna –de onde partiria com 29 anos- ser amigo de Castelao e participar, portanto, nas primeiras inquietudes criativas e sociais do nosso Guieiro.

E já que falamos do Guieiro, permita-se-nos mencionar, de passada, a Olegaria Dieste, umha daqueles filhos pontevedreses (1890-1981) que, segundo a voz popular, foi namorada (nom correspondida) de Castelao e ficou retratada



Rafael Dieste,  
por Colmeiro



Eduardo Dieste,  
por Colmeiro



no romance *La enferma* (1955) de Elena Quiroga.

## COLOFOM

Mais velho do que Olegaria foi Eladio Dieste, a quem traemos aquí nom por ele mas polo seu famoso fillo Eladio (1917-2000), engenheiro e docente de actuaçom principalíssima no seu país e mais na Argentina, e com obra em América e Espanha, realmente innovadora coas suas audaces estruturas de tijolo abovedadas.

E para rematarmos, apenas umha mençom ano noso valiosíssimo vulto literário e luitador democrático galego Rafael Dieste (1899-1981), benjamim rianxeiro daquela extensa prole que, tras azarosa vida, acabou se radicando na Corunha... por mais que morreu onde nacera.

Nestes dous barbanços bem se pode representar dous tipos de emigrantes: um do XIX, de origem labrega, casado com galega, que nom retornou à sua terra; outro já dacavalo do XIX-XX, vilego e casado com nom galega, que si tornou à Galiza. Ambos têm em comum a glória de terem sido, com as suas mulheres, progenitores de ampla e generosa descendência que marcou época nas suas pátrias, de umha ou de outra maneira transcendendo para bem da sua História e Cultura.



*C*atolicismo político boirense  
no primeiro bienio republicano  
(1931-1933)

*Antón R. Gallardo*





Aínda que nun primeiro momento os bispos españois, seguindo as prudentes e lóxicas directrices do Vaticano, acatasen formalmente o poder constituído o 14 de abril de 1931, moi de contado se producirán as primeiras controversias entre os dirixentes eclesiásticos e os novos gobernantes. A queima de edificios relixiosos en Madrid e outras cidades dos días 11 e 12 de maio daquel primeiro ano da II República, precedida dunhas eloxiosas declaracións en carta pastoral do ultraconservador cardeal, arcebispo de Toledo, Pedro Segura sobre a derrocada monarquía, marcarían o inicio dun progresivo deterioro das relacións entre a Igrexa e o Estado, acelerado a raíz da lexislación relixiosa sancionada en datas sucesivas.

Pouco despois destes episodios, o 9 de decembro, as Cortes Constituíntes saídas das eleccións do 28 de xuño, con maioría da conxunción republicano-socialista, aprobarán a Carta Magna do nacente réxime, instrumento que daría cobertura legal ás revolucionarias reformas que o recentemente elixido goberno de Manuel Azaña pretendía introducir de cara á transformación política e social de España. Así, a aprobación da Constitución abría o camiño para realizar unha reforma relixiosa en profundidade que transformase España nun Estado laico. O seu artigo 26 prevía o remate de históricas prerrogativas da Igrexa, como o seu financiamento a través do orzamento do Estado, polo que creou un profundo malestar no episcopado español, que vía como se podían perder, ao seu entender, dereitos inalienables e sagrados para a Igrexa.

Con miras á revisión constitucional e á anulación lexislativa daqueles preceptos contrarios aos seus intereses, as xerarquías católicas iniciarán unha campaña na contra daquela Carta Magna saída dunhas Cortes Constituíntes sen apenas representación da dereita católica. Con tal fin, empregarán todos os medios ao seu alcance, incluída a carta pastoral, a crítica mordaz na prensa afín ou a arenga dende o púlpito.

### **OS CREGOS PROMOVEN AS PRIMEIRAS ACCIÓNS EN BOIRO CONTRA O GOBERNO E O RÉXIME REPUBLICANOS**

Seguindo as directrices do arcebispo de Santiago de Compostela, frei Zacarías Martínez Núñez, que ao dicir de Francisco Carballo e Alfonso Magariños (1978:518) amosaba un pensamento e unha acción semellante ao cardeal arcebispo Pedro Segura, expulsado de España a raíz das referidas declaracións a favor da monarquía, os párrocos boirenses iniciarán unha temperá campaña contra a República. A implicación de Enrique Romero, crego de Santo Andrés de Cures, foi importante, e non se limitou unicamente a desprestixiar o réxime dende o púlpito, senón que tamén se dedicaría a boicotear a distribución da prensa progresista e republicana na súa parroquia, influenciado seguramente polas recomendacións que dende o seu exilio francés realizaba o cardeal Pedro Segura respecto a este tipo de prensa que, segundo recolleemos de Víctor M. Arbeloa (1976:27), cualificaba de *“impía, blasfema y procaz, ariete demoledor de la fe, de las buenas costumbres y aun del orden y prosperidad de los pueblos”*.



Nos albores de 1932, a pouco de aprobada a Constitución e o seu polémico artigo 26, que entre outras disposicións prevía deixar a Igrexa sen a tutela do Estado, a campaña de Enrique Romero era destapada por *El Pueblo Gallego*, avanzado xornal vigués próximo ao republicanismo, que aseguraba viña sendo vítima dos manexos do cura. Nun solto publicado na súa edición do 21 de xaneiro chamaba a atención sobre a pueril trama urdida polo párroco de Cures na súa contra, a través da que agardaba convencer a Benito Calo, alcalde de Boiro e subscritor do xornal, da orientación comunista da publicación:

#### **NO SE ASUSTE EL ALCALDE DE BOIRO**

#### **EL CURA DE SAN ANDRÉS DE CURES ESCRIBIÓ UNA CARTA**

*Y como Bartolo, tiene una flauta. Y la sabe tocar solo; pero es modesto, y quiere que nadie lo sepa.*

*Pues lo han de saber para que lo aplaudan, porque nosotros tenemos un pajarito que nos lo cuenta todo ¡Ay, que pajareta!*

*El cura de San Andrés de Cures (Boiro) se llama D. Enrique Romero y siente un odio santo contra la Constitución. Para saciar el cual escribió una carta a un vecino de Vigo pidiéndole que otra que con ella le enviaba la firmase con el nombre de Ramón Riestra y la echase al Correo a la dirección del alcalde de Boiro D. Benito Calo Tobío.*

*Esta carta apócrifa y que debió de haber recibido el alcalde de Boiro contiene párrafos como este: "Estará enterado de nuestra constancia a favor del comunismo por el diario EL PUEBLO GALLEG0 de que es usted suscriptor. Ahora se trata de tirar por tierra la propiedad urbana; de*

*manera que todas las casas serán colectivas". Y como este otro: "Le rogamos avise a los comunistas de ese Ayuntamiento, a ver si pueden sustraer una buena cantidad y nos la manda en seguida para propaganda. Suponemos que no tendrá propiedad y que por consiguiente podrá hacerse con ella por cualquier medio".*

*Estos comunistas son tremendos, sobre todo si además son curas.*

Días despois (7 febreiro 1932), o mesmo periódico insistía na campaña iniciada por Enrique Romero, aireando novamente o boicot ao que o crego o estaba a someter na parroquia de Cures, e que o levara a valerse nesta ocasión do sancristán, ao que encomendara arrebatarlle o xornal a unhas repartidoras:

#### **BOIRO**

**Para el cura de Cures** - Llegan a nosotros las quejas de que don Enrique Romero, cura de la parroquia de Cures, no repara en medios para evitar que EL PUEBLO GALLEG0 se lea en su parroquia incluso mandando al sacristán que salga al camino a arrebatárselo de las manos a unas mujeres que lo llevaban para personas que se lo habían encargado.

Aproveitaba, ademais, o correspondente para reprocharlle ao crego o feito de que amosase máis preocupación por perseguir a prensa contraria á súa opinión que por intentar mellorar as miserentas condicións de vida dos habitantes de Cures:

*Le aconsejamos a ese cura que lea el artículo publicado por nuestro colaborador señor Santiso Girón en el número del día 2 en que ese buen republicano se conduele de la miseria e ignorancia en que*



*viven los habitantes de las seis aldeas del Barbanza, que pertenecen a su parroquia, las cuales se hallan sin escuela ni caminos, sumidos en el más completo atraso con los techos de muchas casas aún de paja debido a ser materialmente imposible llevar tejas en un carro.*

*De esos humildes aldeanos, señor pastor de ánimas, solo se acuerda usted para desplumarlos en el tiempo de la "oblata", así como los caciques del pueblo para cargarlos de contribuciones.*

*En vez de perseguir a los periódicos que llevan luz a la parroquia que usted tiene tan sumida en la oscuridad sería mejor que emplease su actividad en gestionar un maestro para Boiro, ya que con tanto rezar nos quedaremos estancados y nuestros hijos analfabetos por falta de un maestro que los enseñe como corresponde en el siglo XX.*

Estes e outros puerís manexos contra a República de Enrique Romero atoparon contestación, tamén pueril, entre algúns partidarios do novo réxime que, fartos da actitude do crego, deron en derribar dous cruceiros da parroquia.

Mais o párroco de Cures non foi o único inimigo declarado que tivo a prensa progresista entre o clero boirense, pois seica tamén o cura de Macenda, señor Fariña, buscara desprestixiar e boicotear a distribución de *El Pueblo Gallego* na súa parroquia nada máis proclamada a República. Así o denunciaba este mesmo xornal na súa edición do 23 de abril de 1931, onde, baixo o encabezamento "¿Qué pasa en la cartería de Moimenta?", atribuíu ao referido crego os atrancos que a partir da proclamación da República estaban a ter os seus subscritores daquel

lugar para recibir os xornais pois, cando chegaban ás súas mans, facíano con moito retraso. Tampouco faltaron días nos que ambos cregos, Romero e Fariña, acabaron mercando todos os xornais recibidos nas oficinas de correos das súas respectivas parroquias.

Na primavera de 1932, mentres os directivos do flamante sindicato socialista *La Fraternidad* preparaban a festa do primeiro aniversario da República, cobraban nova forza as campañas de descrédito emprendidas contra esta polos cregos. Así, na parroquia de Santa Baia, as chamadas do seu párroco Clemente Moreira Oreiro á mobilización sacaban á rúa a militancia católica da localidade. Organizados en manifestacións de aparencia relixiosa pero de intencionalidade política, recorrían Boiro proferindo berros contra a República e dando vivas a *Cristo Rey* e á Monarquía, provocando, ou polo menos así se denunciaba, persoas e entidades simpatizantes co réxime. Unha daquelas manifestacións, celebrada un domingo de maio, culminaba cun violento altercado no que partidarios dun e outro bando acabaron envoltos nunha pelexa. O xornal *El Pueblo Gallego* (18 maio 1932) informaba sobre todas estas circunstancias:

### **Boiro**

*LAS GENTES DE ORDEN.- Hace varias semanas que todos los domingos se organizan en la iglesia de este pueblo manifestaciones de carácter monárquico, integrándolas jovencitas y mozalbetes que con banderas al frente y cantando himnos eucarísticos, recorren las calles profiriendo vítores a Cristo Rey y otros diversos contra la República, arreciando sobre todo en estos últimos al pasar por*





frente al local que ocupa la sociedad agraria "La Fraternidad".

*Esta actitud es francamente provocativa, siendo más de extrañar que, acompañando a las mencionadas manifestaciones van siempre algunos miembros del Comité Republicano, que por lo que parece no es ajeno a estas exteriorizaciones completamente inoportunas.*

*El domingo pasado al anochecer después de entrada la manifestación en el atrio de la iglesia, se originó lo que se esperaba y parece que salen a buscar los manifestantes, "gentes de orden"; como decimos se originó un formidable escándalo propinándose los contendientes puñadas y pedradas a granel, siendo sorprendidos lanzando piedras contra la casa del industrial señor Somoza, el joven de la localidad José María Carreño Lira y otros varios.*

*Las autoridades tienen la palabra para acabar con estas incivildades.*

Este altercado do que dá noticia a prensa era a virulenta culminación dunha serie de actuacións antirrepúblicas que a esquerda viña denunciando: "*Llamamos la atención de las autoridades —comeza unha das notas publicadas en El Pueblo Gallego (27 febreiro 1932)- sobre la labor que ciertas señoras y otros elementos de este pueblo vienen desarrollando contra la República. Ahora se basan en la religión que todo el mundo respeta menos esa gente que quiere mezclarla con la política, engañando la buena fé de ciertos ciudadanos ignorantes, pidiéndoles la firma para fines no bien determinados y lanzando el virus de sus lenguas contra respetables y honradas personas republicanas de este pueblo*". Remataba a nota asegurando que "*de antemano nos felicitamos porque su labor retrógrada y maliciosa se estrellará contra el fervor republicano que siente este trabajador vecindario donde la mayoría sabe distinguir la política y la religión*".

O párroco de Santa Baia, Clemente Moreira, cun grupo de mozos e mozas católicos



Este tipo de manifestacións e comportamentos non soamente afectaban a capital municipal, senón que tamén se organizaron noutros puntos do Concello, como na parroquia de Santa María do Castro, onde, segundo se afirmaba na prensa progresista, as actuacións respondían a un mesmo perfil:

#### **Cabo de Cruz (Boiro)**

*ACTITUD REACCIONARIA.- Los vecinos protestan y llaman la atención de las autoridades contra la actuación de unas damas catequistas que, imitando a otro grupo recién organizado y disuelto ya en el vecino pueblo de Boiro, tratan de manifestarse en este pueblo.*



*Se organizan en la iglesia a la salida de la cataquesis y luego en manifestación van parándose a la puerta de las casas de honradísimas familias, enarbolando banderas, cantando himnos religiosos y dando vivas a Cristo Rey y a la monarquía y mueras a la República.*

*Esto, si no se evita, dará lugar a disgustos, porque también arrojan piedras e insultan.*

*El Pueblo Gallego*

*Xuño 1932*

Se os sectores máis conservadores da sociedade boirense, acaudillados polos cregos, emprendían unha fortísima oposición ao Goberno e á Constitución republicanas, a maioría da sociedade boirense, esperanzada aínda co réxime, conmemoraba o seu primeiro ano de existencia. Con tal propósito, a *Sociedad La Fraternidad*, xunto ao pequeno núcleo de mozos republicanos vencellados á ORGA (*Organización Republicana Gallega Autónoma*) do pugnaz concelleiro Jesús Vázquez, conseguira do goberno municipal que se lle dedicase unha rúa a Fermín Galán, capitán republicano fusilado a raíz da sublevación de Jaca de 1930. Aos actos acudira o brillante orador e escritor boirense Ramón Fernández Mato, que chegaba a Boiro acompañado do avogado e activo membro da Agrupación Socialista compostelá Juan Jesús González. No seu discurso, Fernández Mato faría unha chamada de atención aos presentes sobre a necesidade de defender o réxime republicano dos “*malos patriotas boicoteadores de la República que cuelgan el crucifijo en el pecho sin respeto hacia lo que significa, sino como*

*negocio y propaganda política, como si se tratase de clavos o herraduras*”.

Aludía o intelectual e político boirense ás xerarquías católicas, que, contrarias á recentemente aprobada Constitución, estaban a utilizar a súa poderosa influencia na contra do incipiente réxime. E, concretamente, ao arcebispo compostelán, frei Zacarías Martínez Núñez, que acababa de fundar, supoñemos que con motivo da disposición legal de retirar o crucifixo das escolas, “*la cruzada de amor y desagravio a Cristo Crucificado*”, pola que os adheridos a esta causa comprometíanse a levar de forma ostensible sobre o peito o Crucifixo.

### **O CATOLICISMO POLÍTICO ORGANÍZASE: A UNIÓN DE DE-RECHAS DE BOIRO E JUVENTUD CATÓLICA**

Concienciada dende o púlpito sobre a necesidade de organizarse politicamente na defensa dos intereses da Igrexa, a militancia católica de Boiro, en medio do ambiente de efervescencia política e social daquela primavera do 32, decidía constituírse en partido. A finais de maio, coa presenza de Carlos Ruíz del Castillo, catedrático de dereito e activo propagandista da *Unión Regional de Derechas* compostelá, nacíaa *Unión de Derechas de Boiro*. A solicitude de legalización, que entraba no goberno civil o 21 de xuño, ía encabezada pola firma de Guillermo Torrado, abastado propietario de Abanqueiro e ex alcalde na ditadura de Primo de Rivera. O seu lema, “*Religión, Familia, Orden, Trabajo y Propiedad*”, entroncaba con todas as organizacións



políticas dereitistas non republicanas e de corte católico, xurdidas a partir da *Acción Nacional* que, na primavera de 1931, promovía Ángel Herrera, director do periódico católico “El Debate”, en colaboración coa *Asociación Católica Nacional de Propagandistas* (ACNP). Un local nun edificio do fidalgo don Pepito del Río, a carón da igrexa parroquial de Santa Baia, acollería o denominado *Casino de Derechas*, a súa sede oficial, onde se perfilaría a organización das accións de propaganda e actuación pública na defensa dos seus obxectivos políticos como dereitistas e católicos militantes. No seu horizonte inmediato estaba contribuír coas súas accións de propaganda a concienciar a sociedade boirense da inconveniencia da lexislación relixiosa vixente, así como preparar o camiño para o triunfo da dereita católica nas futuras eleccións a Cortes, onde se buscaría a revisión da Constitución.

Ao mesmo tempo que se traballaba na fundación da *Unión de Derechas*, es-

tablecíanse as bases para a organización da *Juventud Católica*, institución pola que o arcebispo compostelán, frei Zacarías Martínez, amosaba especial interese. A iniciativa ten a súa orixe na visita que a mediados do mes de xuño, con motivo das tradicionais festas do Sacramento, realiza a Boiro o párroco de Cambados, Jesús Rodríguez Cadarso, destacado propagandista católico, e futuro consiliario xeral da *Juventud Católica Española*. Con sona de gran orador, as súas conferencias e sermóns rebordaban intencionalidade política, atacando velada ou abertamente o goberno republicano, o movemento obreiro, e mesmo os nacionalistas vascos e cataláns nun momento de discusión nas Cortes do Estatuto de Autonomía de Cataluña. “*Entre las personas jurídicas –diciá nunha conferencia pronunciada en Ribadeo a principios de ano (El Ideal Gallego, 28 xaneiro 1932)– hay una que tiene especiales derechos sobre nosotros: es la Patria, que tiene derecho a su independencia, a la integridad de su territorio. Y cuando los hijos*

Procesión do Sacramento saíndo do adro da igrexa parroquial de Santa Baia





*ingratos quieren aniquilarla o los extranjeros destruirla, esa Excelsa Matrona nos pide que la defendamos, que cumplamos el deber que para con ella tenemos. Mas la Patria está amenazada de muerte; sufre, y tiende hacia nosotros sus manos pidiéndonos protección, pidiéndonos hasta el sacrificio de la vida".* Para os "males" que axexaban España, o crego cambadés tiña unha resposta: fortes doses de patriotismo e activismo decidido da mocidade católica. E co obxectivo de crear un exército de patriotas comprometidos chegara a Boiro.

As intervencións nos oficios relixiosos daquelas festas do Sacramento de 1932 de Cadarso, o padre Hilarión, do convento franciscano de Noia, e o párroco de Santa Baia, Clemente Moreira, lograban convencer un nutrido grupo de mozos que, ao menos en parte, xa participaran nas manifestacións antirrepublicanas celebradas na localidade, para que formasen en Boiro a *Juventud Católica*. Procedentes na súa maioría de familias acomodadas, curiosamente eran en moitos casos fillos de representantes oficiais do republicanismo boirense. O presidente fundador será o propio párroco de Santa Baia, Clemente Moreira, que contará co destacado apoio de Arturo Noal Alcalde e Victor Sieira Stone, fillo do alcalde dimisionario, Arturo Sieira. Mais tamén colaborarán decididamente mozos como Julito Carreño, Bernardino López Romero e Franco Cobas, entre outros. Quedaba establecido como o seu local social a Casa de Fábrica do templo de Santa Baia, no mesmo adro parroquial, a escasos metros do local da nacente *Unión de Derechas*, de Guillermo Torrado. De cara a atraer a mocidade á súa causa,

a *Juventud Católica* vaise esforzar na organización de diversas actividades de tipo cultural (veladas, *rondalla*, coros, ...) e deportivo (fútbol, ciclismo), así como de ofrecer aos seus afiliados servizos como biblioteca e radio, un luxo para aquela época, ao tempo que un excepcional reclamo para os mozos.

## O CATOLICISMO POLÍTICO BOIRENSE DESPOIS DO FRUSTRADO GOLPE DE ESTADO DO XENERAL SANJURJO

O auxo que estaba a experimentar o catolicismo político en Boiro veríase entorpecido, ao igual que no resto do Estado, polo frustrado levantamento militar dereitista que o 10 de agosto daquel ano 32 protagonizaba o xeneral José Sanjurjo, en unión doutros altos mandos militares. Saldado cun rotundo fracaso, xa que soamente en Madrid e Sevilla houbo certo seguimento, a tentativa militar do 10 de agosto do 32, coñecida como a *sanjurjada*, implicaría unha serie de severas medidas contra os seus promotores. As sancións do Goberno de Azaña alcanzaron tamén a prensa e as organizacións dereitistas, pois aínda que non estivesen implicadas directamente, pensaban as autoridades da República, as motivacións que inspiraron aos frustrados golpistas de agosto conectaban á perfección cos posicionamentos políticos daquelas. En consecuencia, foron suspendidos temporalmente unha chea de xornais que as autoridades consideraban simpatizantes da tentativa militar, entre eles *El Compostelano* e *El Ideal Gallego*. Do mesmo xeito, os partidos afíns sufriron as sancións gubernativas, sendo



clausurados centros e suspendidas as súas organizacións. O castigo alcanzaba tamén a dereita católica de Boiro, que vía como o *Casino de Derechas* do barrio do Cruceiro quedaba clausurado, e a *Unión de Derechas* suspendida.

Dende as páxinas do semanario *La Lucha* (4 de setembro de 1932), o socialista boirense Juan Somoza, co seu artigo “*Descubrirse monárquicos*”, trata o tema do indulto a Sanjurjo:

*La noticia de indulto de la pena de muerte, impuesta por el Tribunal Supremo al ex-general Sanjurjo dió lugar en este pueblo a sabrosos comentarios.*

*Los socialistas ya lo dábamos por descontado confiados en que los camaradas ministros, fieles al programa ideológico de nuestro Partido en que figura la abolición de la pena de muerte, harían todos los esfuerzos posibles para evitar la consumación de la pena impuesta.*

*Pero los vecinos de enfrente no podían pasar sin echar su “bafarada”. Tenía que ser (decían en sus corrillos); si lo fusilaban se armaría la gorda en España, y se desmoronaría la República. ¿Como se entiende eso? ¿Es así como agradecen el acto noble del gobierno republicano indultando a vuestro compinche?*

*No fueron capaces. Tuvieron cobardía, miedo...*

*Alto ahí: por eso si que no paso. Pido la palabra. Primeramente, debeis conveniros que no existe tal cobardía puesto que la república cuenta con la gran muralla de los trabajadores organizados contra la que se estrellará cualquier intento de restauración.*

*El perdón fué sensación de fuerza y buen gobierno, y muestra de ideal Cristiano encajado en corazones aconfesionales.*

*No matarás dice el quinto mandamiento de la doctrina o ley de Moisés. No obstante, el domingo 14 de diciembre de 1930 un consejo de guerra, compuesto por hombres católicos, coaccionados por el clero, la burguesía, el gobierno ilegal de la monarquía en sus últimos extensores de la agonía y por el mismo Sanjurjo, condena a muerte a dos hombres que son ejecutados en un domingo cuando el tercer mandamiento dice santificarás las fiestas.*

*Y el presidente de la República recibe la visita de una señora, que con lágrimas en los ojos pide el indulto del primer causante del fusilamiento de su hijo Fermín Galán.*

*Estos si que son cristianos. Vosotros sois Fariseos hipócritas.*

Deixada atrás a denominada *sanjurjada*, e despois duns meses de obrigada discreción, a dereita católica boirense volve á súa actividade política no outono daquel ano 1932. Pero non a través da *Unión de Derechas*, desaparecida da vida pública, ao menos oficialmente, a raíz da súa suspensión gubernativa, senón por medio da *Juventud Católica*, do belicoso párroco Clemente Moreira. A actividade despregada por esta entidade contraria á Constitución, e mesmo á República, loxicamente non sería ben acolida pola esquerda, que entendía a súa creación como unha manobra monárquica, urdida polo clero en unión cos elementos caciquís da localidade. Así se pon de manifesto nun duro artigo que Xan Calado (pseudónimo, se non erramos, do dirixente socialista Juan Somoza



Rebollido) lle dedica no nº 24 do semanario socialista barbañés, *La Lucha* (18 decembro 1932):

*Los elementos caciquiles, aliados con el clero, han constituido la "Juventud Católica", cuyo domicilio radica en la caseta-depósito del atrio o cementerio de Boiro.*

*Realmente, no es más que una Agrupación monárquica que los caciques por mediación de sus hijos y los clérigos, pagan más que cristianos, tratan de llevar a cabo.*

*Por nuestra condición de amigos de la libertad nos complacemos en que los señoritos constituyan su "frente único" y se organicen, pero, lo que no vemos bien, es que se junten lobos y ovejas porque será siempre en perjuicio del rebaño.*

Continuaba Xan Calado a súa columna de opinión resumindo ao seu xeito o programa da *Juventud Católica*, no que constituía unha ácida crítica dos reaccionarios obxectivos da agrupación:

Por la conferencia del cura Cadarso, el saludo del padre Hilarión y la conferencia del cura, que terminó con un "aturuxo" a estilo carlista, nos damos cuenta de su programa, concebido en los siguientes términos;

1º Que la república no se consolide.

2º Que los trabajadores aumenten la "oblata" y paguen lo que injustamente venía pagando el Estado al clero.

3º Que los hambrientos sigan observando la humildad, resignación e ignorancia en que los tiene sumidos la burguesía y el clericalismo.

4º Que se continúe trabajando las tierras a medias y lo mismo el ganado, para eso

toman la iniciativa los terratenientes y ganaderos que explotan la aparcería.

5º Que el elemento obrero y campesino siga apoyando al caciquismo y pagando los tributos sin la menor protesta.

6º Que continúe la jornada de Sol a Sol, a fin de que los trabajadores no puedan leer e instruírse, porque eso es peligroso para la burguesía.

7º Que se conformen los obreros con los jornales existentes y aun rebajarlos para que no puedan algún día tener ánimos y llevar las cosas a su punto.

8º Que no se lean periódicos de tendencia oficial, para evitar que el obrero conozca sus derechos. Si se instruyen y llegan a conocer la explotación y el engaño de que son objeto, se afiliarán a las banderas de la Unión y del Socialismo y entonces caerían los privilegios de mezuquina minoría, miserable y explotadora.

E remataba o solto cunha diatriba:

*No; a los obreros, según los monárquicos, no les conviene saber que tienen el mismo derecho a comer, estudiar, vestir y divertirse como ellos.*

*¡Lagarto, lagarto! ¿Tan topos nos consideráis que no vamos a darnos cuenta de vuestras ruines ideas?*

*Juntaos los explotadores, pero basta ya de engaños. Ya os conocemos y sabemos, además, que de nosotros os surtis del material que necesitáis para sostener vuestro hipócrita celibato. Al confesionario las "señoritas; nuestras mujeres e hijas, no.*

A cruzada antirrepublicana dos católicos, tan denunciada polos socialistas boirenses, chegaba incluso aos seus



Membros  
da *Juventud*  
*Católica* de Boiro  
ao pé da súa  
sede



actos culturais, excelentes ocasións para facer proselitismo pola gran cantidade de xente que xuntaban. Así sucedía, por exemplo, o 13 de decembro, día de Santa Lucía, nas festas patronais de Boiro, cando nunha velada artístico-literaria no cine de Isabel Maestre, en Cimadevila, se ridiculizaba a memoria do capitán Fermín Galán, un dos considerados mártires da República, ao que se lle viña de dedicar unha rúa na localidade.

Como era previsible, as provocacións dun bando atopaban pronta resposta no outro. Marcelino Castro Gallardo, que daquela era un mozote de vintepoucos anos, falounos dunha sabotaxe que levaran a cabo varios rapaces das *Juventudes Socialistas* contra a sede da *Juventud Católica*, non sabemos se como resposta a aquela aldraxe: *“Asaltamos unha vez a Juventud Católica, e levamos o radio, libros, e levamos todo. Fómolo enterrar*

*á beira da praia de Barraña, onde están agora dúas casas, dous chalés con tellado negro, e daquela era un pinal de Sánchez. Alí os enterramos, e alí estuvéron dous ou tres días. Despois, un dos Chonos, o máis novo, Victorino, alá falou cos da Coruña. Cuns fillos dun socialista que se chamaba García Iglesias, moi famoso na Coruña (Os mozos aos que se refire Marcelino eran os irmáns Bebel, France e Jaurés García, fundadores das Juventudes Socialistas da Coruña, que serían executados nos inicios da guerra civil). Viñeron buscar todo, e levárono para alá, libros, radio e todo eso. Era a única arma que tiñamos contra eles.”*

Se este furto debeu encolerizar a Clemente Moreira e os seus xoves activistas, aínda máis, se cabe, o tivo que facer o acto de afirmación anticlerical que supuxo o enterro civil do socialista Rosario Rebolledo, celebrado a mediados de decembro



de 1932, no cemiterio da igrexa parroquial de Santa Baia, sen crego, sen cheiro a incenso, nin función relixiosa ningunha, e coa música da banda de Bealo por toda solemnidade.

## **O RESULTADOS DAS ELECCIÓNS DE DEPUTADOS A CORTES DE NO- VEMBRO DE 1933 ABREN AS POR- TAS DO CAMBIO CONSTITUCIONAL**

A crise aberta no seo da coalición entre republicanos da esquerda e socialistas no goberno da República provocaría que a principios de setembro de 1933, o presidente Niceto Alcalá Zamora forzase a dimisión de Manuel Azaña e o seu gabinete, para darlle a responsabilidade de dirixir o país a Alejandro Lerroux, líder do centrista Partido Radical. Con todo, esta alternativa non atoparía apoio parlamentario suficiente, polo que se disolverían as Cortes e se convocarían eleccións para novembro. A diferenza das eleccións de xuño de 1931, agora os católicos, xa organizados politicamente, ían acudir aos comicios baixo as siglas da CEDA, de Gil Robles, que se presentaba integrando unha gran coalición de dereitas, xunto a partidos monárquicos e de extrema dereita.

Co clero organizando e incitando a militancia católica na contra do goberno da República e da Constitución, e os sindicalistas da casa do pobo facendo o propio cos seus afiliados na procura de mellorar as súas paupérrimas condicións de vida, o clima social previo ás eleccións estaba realmente enraecido en Boiro. E se dende o púlpito

de Santa Baia e doutras parroquias do termo municipal se seguía a menoscabar o réxime republicano, a satanizar os socialistas, e se facía campaña a favor das candidaturas de dereitas, nos mitins socialistas loábase o papel da República e das leis de carácter social que se estaban a promulgar, ao tempo que se acusaba as xerarquías da Igrexa de envilecer a Relixión e de ser o firme apoio dunha burguesía que tiña sometida a clase traballadora. Despois dunha campaña tensa, as eleccións do 22 de novembro de 1933, que en Boiro se terían que repetir ao escacharen os socialistas a maioría das urnas, darían como vencedora a CEDA e a súa *Coalición de Derechas*, que obtería o 46% dos sufraxios emitidos. Os resultados a nivel español colocaban o partido liderado por Gil Robles como maioritario nas Cortes e, polo tanto, en disposición de impor a súa liña política a Lerroux, responsabilizado polo presidente da República para formar goberno. As accións de propaganda das xerarquías católicas contribuíran decisivamente ao triunfo da coalición de dereitas, sobre todo se temos en conta o ascendente que a igrexa tiña sobre as mulleres, que por primeira vez na historia de España, e grazas á Constitución republicana, puideran exercer o seu dereito ao voto.

A realidade política emanada das eleccións a Cortes de novembro do 33, na que o Partido Radical gobernaría co apoio parlamentario e as esixencias da CEDA, supoñerá a revisión e desmantelamento progresivo da revolucionaria obra do Bienio Progresista, e, por suposto, a salvagarda dos intereses da Igrexa católica.





Neste momento, a dereita non republicana ía afianzarse oficialmente en Boiro e no resto da bisbarra, coa constitución de centros de mocidades adscritas á CEDA, que asumían un programa que xiraba basicamente en torno a un exacerbado nacionalismo españolista, un catolicismo militante, e un feroz antiesquerdismo, xunto á defensa do autoritarismo e a xerarquía (*“Los jefes no se equivocan”*, pódese ler no seu programa), e un desprezo polo sistema parlamentario e democrático vixente. Inmersos nunha espiral de radicalización, que derivaría en varios altercados con armas de fogo fronte á casa do pobo, a maioría daqueles mozos católicos boirenses que mobilizara o párroco Clemente Moreira a inicios da II República, acabarán organizando, xa no verán de 1936, a Falange Española de Boiro.

## FONTES DA INVESTIGACIÓN E BIBLIOGRAFÍA.-

### INSTITUCIÓN S PÚBLICAS

Arquivo Municipal de Boiro / Arquivo das Cortes Xerais (Madrid) / Arquivo da Deputación Provincial da Coruña / Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña) / Arquivo do Tribunal Militar Territorial IV (A Coruña) / Arquivo Xeneral da Administración (Madrid) / Arquivo do Xulgado de Paz de Boiro / Arquivo Zona Marítima do Cantábrico (Ferrol) / Biblioteca da Casa da Cultura Ramón Martínez López (Boiro) / Biblioteca Municipal de A Coruña / Biblioteca Nacional (Madrid) / Biblioteca Provincial de Pontevedra / Biblioteca Provincial da Coruña / Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela / Fundación Pablo Iglesias (Madrid) / Instituto Padre Sarmiento (Santiago) / Museo de Pontevedra.

### FONDOS PRIVADOS

Herdeiros de Jesús Vázquez Rodríguez / Justo Cortizo Sónora / Carlos López del Río.

### TESTEMUÑOS

Marcelino Castro Gallardo (activo militante socialista durante a II República) / José Iglesias Peiteado (directivo sindical e concelleiro na xestora da Fronte Popular) / Ramón Blanco (concelleiro na xestora da Fronte Popular polo Partido Galeguista) / Ramón Somoza Outeiral (fillo do líder socialista e alcalde pola Fronte Popular, Juanito Somoza).

### PUBLICACIÓN S PERIÓDICAS CONSULTADAS

ABC (Madrid) / Acción Socialista (A Coruña) / El Compostelano (Santiago) / Diario de Galicia (Santiago) / El Eco de Santiago (Santiago) / El Faro de Vigo (Vigo) / El Ideal Gallego (A Coruña) / La Lucha (A Pobra do Caramiñal) / El Pueblo Gallego (Vigo) / La Voz de Galicia (A Coruña).

### BIBLIOGRAFÍA

AGRAFOXO, X.: A Segunda República en Lousame e Noia. Radiografía dunha época, Noia, Concello de Lousame, 1993.

ARRARÁS, J.: Historia de la Segunda República española, Madrid, Editora Nacional, 1965.

BERNÁRDEZ SOBREIRA A. e CABO VILLAVEVERDE, M.: Poder local e asociacionismo campesiño na II República: Unha análise microhistórica, en Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936), USC, 1997.

CARBALLO, F. e MAGARIÑOS, A.: La Iglesia en la Galicia contemporánea (Análisis histórico y teológico del período 1931-1936, II República), Madrid, Akal, 1978.



CARR, R.: Estudios sobre la República y la guerra civil española, Madrid, Sarpe, 1985.

CORES TRASMONTE, B.: Ramón Suárez Picallo. Socialismo, galeguismo y acción de masas en Galicia, Sada, Edición do Castro, 1983.

GALINDO HERRERO, S.: Los partidos monárquicos bajo la Segunda República, Madrid, Rialp, 1956

GARCÍA, X.L.: Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo, Villar Ponte. Discursos Parlamentarios (1931-1933), Sada, Edición do Castro, 1978

GIL PECHARROMÁN, J.: La Segunda República. Esperanzas y frustraciones, Madrid, Historia 16, 1996

GONZÁLEZ PROBADOS, M.: Movemento obreiro e socialismo. A Coruña, 1931-1933, Sada, Edición do Castro, 1983.

GRANDÍO SEOANE, E.: Los orígenes de la derecha gallega: la CEDA en Galicia (1931-1936), Sada, Edición do Castro, 1998.

-Caciquismo e eleccións na Galiza da II República, Vigo, A Nosa Terra, 1999.

JACKSON, G.: La República española y la Guerra Civil, México DF, Princeton University Press, 1967.

PEREIRA, D.: Sindicalistas e rebeldes, 1998.

PEREIRA, D. (Coord.): Os conquistadores modernos. Movemento Obreiro na Galicia de anteguerra, Vigo, A Nosa Terra, 1992.

PRESTON, P.: Las tres Españas del 36, Barcelona, Plaza & Janes, 1998.

RODRÍGUEZ GALLARDO, A.: Asociacionismo político e sindical no Boiro da II República, en A II República e a Guerra Civil na bisbarra da Barbanza, Concello de Porto do Son, 2005.

RODRÍGUEZ GALLARDO, A.: Memoria dos últimos días da II República en Boiro, Concello de Boiro, 2004.

RODRÍGUEZ LAGO, J.R.: Sociología y comportamientos políticos del clero parroquial en la Galicia rural (1898-1936), en Poder local, elites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936), USC, 1997.

SILVA FERREIRO, M.: Galicia y el Movimiento Nacional, Santiago de Compostela, Seminario Conciliar, 1938

TAMAMES, R.: La República. La Era de Franco. Madrid. Alianza Editorial-Alfaguara.

TUÑÓN DE LARA, M.: El movimiento obrero en la historia de España (II), 1986.

VELASCO SOUTO, C.F.: Galiza na II República, Vigo, A Nosa Terra, 2000.

VILLASVERDE GARCÍA, E.: Heroes e mártires. A Segunda República e a Guerra Civil no Barbanza, Santiago, Tórculo, 1995.

VV.AA.: Azaña, Madrid, Edascal, 1980.



*A*ctualización da Noia de Ruth Matilda  
Anderson: fotografías de onte e hoxe

*Milagros Torrado Cespón*





Ruth Matilda Anderson montara nun Rautobús en Santiago, que a levou ata Noia pasando por Padrón. Alí soubo de Rosalía. Un dos pasaxeiros contoulle con amargura como “cando Rosalía vivía, apenas tiña que comer e pasou fame moitas veces. Agora todo o mundo sabe as súas cantigas de memoria e puxeron un cartel para indicar onde morreu como unha pobriña”. Seguiu o seu camiño, pasou polo cruzamento de Rianxo, e despois admirou a serra do Barbanza, chea de piñeiros e eguas cos seus poldros. Entón divisou a ría e con ela Noia coa súa ponte de pedra, as casas brancas e grises de tellados vermellos arroupando a igrexa de San Martiño, e os barcos no porto. Todo enmarcado nunhas montañas e vales tan verdes que era difícil de crer.

Campanas que tocases  
todas do mesmo xeito,  
unhas chegádesme á alma  
e outras ó pensamento  
Pobos donde eu vivín!  
Algúns eran máis feitos  
e queríanme enganar,  
máis eu nunca sentín  
neles o meu fogar.  
O meu fogar téño en ti:  
no teu vivir e nas tres pontes  
e das campanas os toques,  
toques que eran pra min.  
Fóra de ti cando as oio,  
e sendo o mesmo tocar,  
recóllas no pensamento,  
xa non pasan máis alá  
Ribeiras de mar enxoiro!  
Ribeiras de pleamar!  
Quedas, vellas ribeiras,  
agardan un mar i outro mar.  
Os seráns nas Rías Baixas  
ollan con luz de aurora,

ca súa mirada queda,  
silencio daquela hora...

(Noia, María Mariño)

Ruth Matilda Anderson (Nebraska 1893 - New York 1983) estudou para mestrata ata que se decatou da súa paixón pola arte fotográfica. Escolleu a prestixiosa e cara Escola de fotografía de Clarence H. White. Unha vez rematou os seus estudos alí, Archer M. Huntington, que fundara a Hispanic Society of America, decidiu contratala. A Hispanic Society fora creada en 1904 para difundir a cultura española en toda a súa extensión, tendo en conta todos os pobos que conformaban a España peninsular, e tamén os suramericanos. Viaxou por primeira vez a España en 1923, pero non chegou a visitar Galicia. Non foi ata 1924 que a Hispanic Society se interesou por incluír a idiosincrasia de Galicia na súa colección *Penninsular Series*. Para isto, mandou a Ruth Matilda acompañada de seu pai a facer un percorrido polo noso país. O resultado desta viaxe non viu a luz ata 1939, baixo o título de *Gallegan Provinces of Spain: Pontevedra and La Coruña*, deixando Lugo e Ourense sen ilustrar. Dada a data da publicación (último ano da Guerra Civil), a obra non tivo en Galicia a difusión desexable, e son poucos os eruditos da época que a coñecen (Cabo, J. L.). O traballo de Ruth Matilda Anderson vén acompañado dun estudo etnográfico da maneira de ser dos galegos, á vez que ilustra con valiosas fotografías a realidade de principios do século XX, antes de que a guerra se cebara co pobo.

Entre as vilas que visitou durante a súa aventura galega, atopamos Noia.



Moito e pouco cambiou Noia dende os anos vinte do século pasado á luz das fotografías que chegaron a nós da man da Hispanic Society. Unha das primeiras cousas que retratou Ruth Matilda Anderson foi como se cavaba unha tumba. Parece que as cousas neste aspecto foron cambiando bastante. Cando na Noia daquela época se xuntaban varias persoas para realizaren este labor, e se mercaban cadaleitos, na Noia de agora, a xente chama á funeraria que se encarga de todo; e o único que lle queda é ir velar o defunto ao tanatorio.

Coma un froito. O zume que desprenden  
de o chuchamel  
vén dos labios da noiva amortallada.  
Tan viva  
no seu perfume cada primavera. Nesta  
terra non hai

mortos como nas outras. Tan só hai  
devanceiros  
xente que nos percorre o tecido das  
veas,  
que se asoman no xesto, e perfiguran  
a nosa face  
nun lizgaio carís do que eles foron,  
nun lizgaio  
modo de andar quezais. Todos se  
deitan  
con un amor tan grande nas entrañas  
para facer o firme desta terra. Con  
eles vai o cántico,  
a palabra labrada vén do fondo onde  
eles aran, cantan,  
labourea nesa restreva eterna que  
soergue  
as cúpulas da patria sempre viva.

(*Obra Inmisericorde*, Antón Avilés de Taramancos)









Foi despois a hora de inmortalizar a xa eterna igrexa de Santa María, case inmutable no transcorrer das décadas. A única diferenza que nos chama a atención é o coidado que se lle dá agora ao campamento; pero os noieiros de principios do

século pasado xa eran conscientes do valor dos sepulcros e lápidas que tiñan nesta igrexa. A parte traseira da mesma é o único no que podemos percibir certos cambios na construción.







Hai algún outro elemento que permaneceu invariable, e o único que nos fai distinguir unha fotografía da outra é a

abundancia da vexetación, e algún cambio nas tumbas de arredor.



Cando Ruth Matilda estaba no adro, admirando esta construción, contáronlle como as sesións da Corte tiveran lugar alí ata o reinado de Carlos V. Tamén, que cando había un enterro, ou no día de defuntos, a xente tiña o costume de comer e beber nas igrexas, usando os altares como mesas auxiliares. Contáronlle de paso un curioso ritual que se facía antes en Noia: cando había un defunto era habitual entrar no cuarto onde se velaba collidos das mans e despois comezar a dar voltas ao redor do corpo, imitando o zunido dunha abella. O que antes parase, sería o próximo en morrer.

Críase que as almas viñan da lúa en forma de abella e, polo tanto, non se debía matar nunca unha abella. Unha cren-

za semellante atópase noutras partes de Europa, entre elas, en Escocia, onde se cría que a alma abandonaba o corpo en forma de abella (Alonso Romero, F. 2000, 80). Quen tal fixese, sufriría sete anos de dores. Esta tradición funeraria, que apenas recorda agora algún dos noieses máis vellos, ten as súas orixes en crenzas antiquísimas. O filósofo neoplatónico do século III, Porfirio explicaba o seguinte: “ás almas os antigos chamábanlles abellas. Por iso, Sófocles, con toda xusteza, referiuse ás almas como de ‘un enxame de mortos zumba e marcha polo alto’. E ás sacerdotisas de Deméter, como membros iniciáticos da deusa ctónica, os antigos chamábanlles abellas, e á propia Core chamábanlle ‘meliflua’, e á lúa, por ser protectora da procreación, chamábanlle



‘abella’, e, entre outras razóns, porque a lúa é o touro e o touro é a exaltación da lúa, e as abellas proceden das vacas. E as almas que van encarnarse son de orixe bovina (Porfirio, 1992, 18).

Esta relación entre touros, vacas e abellas ten tamén a súa explicación. Virxilio contaba nas *Geórxicas* (libro IV, 11, 282-314) como en Canope (Exipto) os exipcios sacrificaban durante a primavera un touro, que introducían nun pequeno

templo, e deixábanlo alí ata que podrecía; e da súa carcasa en descomposición xurdía despois un enxame de abellas (Alonso Romero, F. 2000, 78).

Continuando o seu paseo por Noia, atopou coa igrexa de San Martiño. Se nos fixamos na fotografía vella, achamos unha diferenza curiosa: pese a non ter dous campanarios, a igrexa si tiña dúas campás.



Deixando xa a un lado os cambios nas edificacións da vila, Ruth Matilda fixouse nos quefaceres dos nativos. Falou das nais e das fillas que esfolaban espigas na porta da casa, das que sentaban a palillar, e dos homes que cosían redes. Estas imaxes son hoxe en día máis difíciles de ver no centro de Noia, aínda que si seguen a ser parte dos labores dos que aínda teñen casa e horta para gozar dela. As palilleiras agora van aprender a facer

encaixe ás asociacións de veciños e non deixan, así, que morra a tradición en Noia.

Chamoulle a atención a Ruth Matilda Anderson a nena pequena que levaba o leite. Ía con roupas remendadas que parecían de adulta, descalza e tristeira. As nenas pequenas, hoxe, dormen a esas horas, e só collen o leite en forma de brick do supermercado. As nenas, agora, xogan e van á escola, e nas súas





cariñas de porcelana non hai tristura por  
non teren zapatos.

As nenas  
están saltando á comba entre  
cereixas  
podería ser verán  
un arco tensarse por dentro

e abismarse o ceo entre as mans  
de repente  
O nome  
o enderezo  
aprender non  
A independencia  
foi un arduo querer-se lentamente  
(Arden, Ana Romani)



Noia, tendo o mar á man, sempre se  
valeu da súa riqueza. Os traballos no  
mar seguen a ser hoxe en día o medio  
de vida de moitos dos seus habitantes.  
Pero a desembocadura do río Traba non

é hoxe en día o que acostumaba ser, nin  
pode realizar as mesmas funcións. As  
embarcacións non son capaces de fon-  
dear onde os vasos de cristal e as latas  
conquistaron o territorio.





BEBÍA dos malecóns  
do cheiro espeso das gamelas  
cando a auga abandona a ponte  
e se retrae o Traba

e soñaba argazos  
langostas  
e ollaba a Creba  
e era a illa que se nega nos océanos

(Arden, Ana Romani)





E que dicir da noiesa típica! A muller de hoxe segue a vivir do traballo do campo e do mar, pero tamén da empresa, do colexio, da súa iniciativa, e da súa capacidade intelectual. A noiesa do 2011 segue ser a muller forte que parece que suxeita o mundo no seu sitio, de bo humor, que leva a casa e coida dos fillos e dos pais, como dicía Ruth Matilda da que ela retratou en 1924.

Son ser das túas penas,  
de ledicias e amores,  
son cadea enfurruxada,  
vertida das túas veas.  
Si ma puderas limpar  
e que brillara en contento,  
eu berraría de afeito:  
De miña nai son cadea,  
i ela en min é o tempo!

*(Miña Nai, María Mariño)*







## BIBLIOGRAFÍA

Alonso Romero, Fernando: “Las almas y las abejas en el rito funerario gallego del abellón”, en Anuario Brigantino nº 23. 2000. [http://anuariobrigantino.betanzos.net/Ab2000PDF/2000\\_075\\_084.PDF](http://anuariobrigantino.betanzos.net/Ab2000PDF/2000_075_084.PDF)

Anderson, Ruth Matilda: *Gallegan Provinces of Spain: Pontevedra and La Coruña*. The Hispanic Society of America: New York. 1939.

Avilés de Taramancos, Antón: *Antoloxía poética (1955 / 1990)*. El Correo Gallego: Santiago. 1992.

Cabo, José Luis: *O proxecto galego de Ruth Matilda Anderson*. [http://www.cgai.org/archivos\\_fondos\\_bibliograficos/4547.pdf](http://www.cgai.org/archivos_fondos_bibliograficos/4547.pdf)

Mariño, María (ed. Patricia Arias Chachero): *Antoloxía poética*. Galaxia. Vigo. 2007.

Porfirio. *La gruta de las ninfas*. (trad. M. Periago Lorente). Ediciones Clásicas. Madrid. 1992.

Romaní, Ana: *Arden*. Espiral Maior: A Coruña. 1998.



ontroversia sobre o 15-M

*Amador Fernández-Savater*

*Ignacio Castro Rey*

*Introducción de Gonzalo Trasbach*





## ANTECEDENTE

Chámame Alberto Piñeiro para convidarme a participar na nova edición do *Anuario* de Barbantia cun artigo. Uns días despois, un amigo de Santiago que traballa en Madrid envíame un correo que contén a entrevista que publicou a revista dixital *Página 12* con Amador Fernández Savater, na que o editor de *Acuarela* reflexiona sobre o movemento 15-M. Pero tamén as controvertidas opinións do meu amigo sobre a valoración que fai o fillo do filósofo Fernando Savater. Chamo a Piñeiro para facerlle unha proposta: publicar no *Anuario* ambos textos traducidos ao galego co fin de que poidan servir para o debate entre nós daquel acontecemento que fixo tartamudear os analistas, uns analistas que amosaron que non estaban preparados para comprender unha cousa tan sinxela como que a xente non é idiota, que vive aquí, traballa aquí, ama e sofre aquí.

Piñeiro acepta, pero coa condición de que faga unha análise da repercusión que tivo entre nós o 15-M, aquilo que nos primeiros días se manifestou talvez como a potencia inaudita de construír a propia vida sen medo, á marxe de todos os que queren facerse cargo do noso ben a calquera prezo.

Certamente, a tarefa pareceume complicada. Pero decidín seguir adiante. O caso é que entre nós non lembraba accións moi sobresaíntes naqueles días nos que se amosaba a berros o que xa sabíamos, aínda que non o percibíramos: que a xente se arranxase a soas, sen contar cos líderes audiovisuais. Nos medios comarcais saíu á luz un grupo que se constituíu

en Riveira, e que se presentou en sociedade diante do consistorio riveirense. Tamén é de destacar un colectivo de estudantes do IES A Cachada de Boiro, que se solidarizou cos manifestantes do resto do territorio nacional. Asemade cónstanos que na Rede houbo un amplo intercambio de opinións e un seguimento de todo o que estaba a acontecer nas cidades galegas (Ferrol, Santiago, A Coruña, Vigo...). Numerosos barbañeses desprazáronse a Compostela para apoiar os acampados no Obradoiro, así como para tomar parte nalgunhas manifestacións.

Pero, tal vez sería necesario unha análise máis profunda para coñecer as razóns polas que non calou máis fondo entre nós un acontecemento cuxa consistencia se asentaba na sabedoría dunha soidade compartida. Lembremos que naqueles primeiros días a alegre comunidade das forzas anónimas tomou as rúas. Fronte á folga de brazos caídos do Estado e os seus servizos mínimos: o voluntarismo máximo no cal se compartía todo: ideas, consignas, bocatas. Non houbo só “indignación” como recalcaban os medios, senón, ante todo, xovialidade en estado puro fronte ao funeral a prazos que nos ofrece a información diaria e a agonía parlamentaria mesturada coa mitoloxía de moda, a estatística.

## DESPOIS DA PORTA DO SOL

Amador Fernández-Savater (Madrid, 1974), atento cronista das ocupacións de prazas e asembleas dos chamados “indignados”, así como militante de varios movementos alternativos e xestor cultural (Spai Blanc), analiza agora o que quedou



daquelas protestas, o que continúa do movemento. Unha nova visión, di, que xa non busca cambiar o mundo, senón defendelo contra quen o arruína. (Páx. 12. Por Verónica Gago).

***-¿Cal é a novidade do 15-M para a cultura política española do último tempo?***

-O xornalista Guillem Martínez cunhou o termo Cultura da Transición (CT) para nomear a cultura –en sentido forte: maneiras de ver, facer e pensar– que foi hexemónica en España durante os últimos trinta anos, a que nace coa derrota dos movementos radicais dos 70 (movemento obreiro autónomo, contracultura...). A CT é unha cultura esencialmente consensual, pero non no sentido de chegar a acordos mediante o diálogo dos desacordos, senón de que impón xa de entrada os límites do posible: a democracia-mercado é o único marco admisible de convivencia e organización do común, punto e final. A CT dedicouse entón desde hai trinta anos a pór ese punto e final (unha e outra vez): “iso non se discute”, “non sei de que me falas”, “o pasado pasou”, “non hai alternativa”, “ou eu ou o caos”, etc. É unha cultura fondamente desproblematizadora: non se poden facer preguntas sobre as formas de organizar a vida en común por fóra do posible autorizado. E, polo tanto, fondamente despolitizadora: porque a política vai precisamente de facer preguntas sobre os modos de estar xuntos.

***-¿Percíbese agora unha crise desa Cultura da Transición?***

O poder da CT foise baleirando cos anos. Dun lado, foron desaparecendo e diminuíndo os medos que a CT adminis-

traba e instrumentalizaba en tanto “poder de salvación”: golpe militar, terrorismo de ETA, ruptura de España....Ao mesmo tempo, fóronse perdendo os dereitos colectivos asociados ao Estado do benestar (privatizacións, recortes, precarización xeneralizada...) incluído tamén o consenso. A CT percíbese cada vez menos como protección e cada vez máis como fonte mesma dos perigos contemporáneos. Doutro lado, as novas dinámicas sociais e culturais erosionan a lexitimidade da CT: a xente nova consume cada vez menos CT e cada vez máis cultura de mercado, a Rede habilita a posibilidade dun desborde do monopolio da palabra que estaba nas mans de intelectuais e expertos CT, etc. Na CT, o consenso sobre as cuestións políticas e económicas é absoluto: o sistema de partidos e o mercado non son nin poden ser obxecto de discusión. Non obstante, ponse en escena un conflito permanente no que estamos convidados a tomar partido: PSOE ou PP, esquerda ou dereita, capitalismo ilustrado ou capitalismo troglodita, “as dúas Españas”. Esa polarización organiza o noso mapa do posible. Pódese falar sobre nacionalismo, a lingua ou o laicismo, pero non sobre a precariedade, os desafuzamentos e as hipotecas. Pódese discutir sobre o tabaco, os límites de velocidade, os touros, pero non cuestionar a representación política. A dereita extrema ataca agresivamente o dereito ao aborto, o matrimonio homosexual e a materia de Educación para a Cidadanía. A esquerda progre responde con xestos simbólicos sobre o crucifixo nas escolas, o multiculturalismo ou o feminismo. Pero en calquera dos casos, a CT asegúrase sempre o monopolio dos temas: decidir acerca de qué se pensa e en que termos.



### **-¿O 15-M entón xa expresa outra maneira de entender o mundo?**

-O movemento 15-M cambia de tema. Evita coidadosamente os debates identitarios que nos capturan no taboleiro de xadrez da política-espectáculo e apunta directamente ao maior dos tabús esixindo “democracia real xa”. É dicir, afirmando que é o pobo quen debe mandar e non os políticos nin o diñeiro. “Democracia real xa” é un enunciado que altera completamente o monopolio das palabras e os temas que exerce decotío a CT. A desafección en relación coa cultura consensual, que ten un longo percorrido e tense expresado de mil maneiras distintas ao longo de anos (desde o fenómeno da abstención electoral ata os movementos sociais), organizouse no 15-M como un feito masivo e completamente central, xa non marxinal, na sociedade. En primeiro lugar, como rexeitamento desafiante, explícito e sonoro da política dos (todos) políticos. As consignas máis coreadas son “non nos representan”, ou “chámano democracia e non o é”. Pero logo, tamén, como experimentación práctica e positiva do enunciado-consigna democracia real xa en asembleas, acampadas e redes sociais de todo tipo. O 15-M é a maior fenda que temos visto aparecer nunca na CT.

### **-Pero ¿que acontecementos sinalaría como antecedentes de tal ruptura?**

-Movementos como a insubmisión ao servizo militar, ou pola recuperación da memoria histórica, contra as nosas particulares leis de punto final, teñen socavado fondamente as figuras e os relatos da CT. Pero creo que o 15-M engárzase máis directamente no plano subxectivo con

eses outros momentos recentes nos que temos berrado masivamente “non nos representan” e “Chámanlle democracia e non o é”. Refírome, por exemplo, ao “non á guerra” no 2003, á reacción social aos atentados terroristas do 11-M no 2004, ao movemento V de Vivenda no 2006, ou ás mobilizacións contra a lei anti-descargas a partir do 2009. Os modos de politización que eses movementos inauguran xa non se corresponden cos dos movementos sociais: nin vellos nin novos.

### **-¿En que sentido?**

-En tanto non están convocados, protagonizados nin liderados por militantes ou activistas, como no caso da ocupación, a insubmisión ou a antiglobalización, senón por xente sen experiencia política previa; non extraen a súa forza dun programa ou dunha ideoloxía, senón dunha afectación sensible e en primeira persoa por algo que ocorre; non se identifican á esquerda ou á dereita do taboleiro de xadrez político, senón que escapan a esa alternativa propoñendo un “nosoutros” non identitario, aberto e incluínte no que cabe calquera; non buscan destruír este mundo para construír outro, senón que buscan defender e recrear o único mundo que hai contra os que o estragan, sen programa utópico ou alternativa global de sociedade.

### **-¿Está falando de movementos sociais que non son movementos sociais?**

-Si, case diríamos máis ben Obxectos Voadores Non Identificados. Dificilmente perceptibles para os radares do pensamento crítico tradicional debido á súa falta de pureza no que din e no que fan, a



difficultade para engadilos aos movementos alternativos e/ou antisistema. Algúns amigos chámanos “espazos de anonimato” e perseguímolos desde hai anos, completamente abducidos. O 15-M resoa con toda esta onda de politización atípica.

***-Isto contrasta cunha sorte de ansiedade, especialmente mediática, por saber quen son e que queren os que saíron ás rúas o 15M...***

-Hai algo que fixo o 15-M en primeiro lugar que foi indefinir a cuestión da identidade. ¿PSOE ou PP? ¿Esquerda ou dereita? ¿Libertarios ou socialdemócratas? ¿Apocalípticos ou integrados? ¿Reformistas ou revolucionarios? ¿Moderados ou antisistema? Nin unha cousa nin a outra, senón todo o contrario. As esixencias de nitidez e liñas precisas que imperan nas visións dominantes do político están desconcertadas diante do 15-M. A natureza do movemento suscita tantas discusións intrigadas como o sorriso da Gioconda. Non hai resposta á pregunta (policial) pola identidade: ¿quen son? ¿que queren? Estamos en folga de identidades: somos o que facemos, queremos o que somos. O 15-M é unha forza política pero anti-política: formula preguntas radicais sobre as formas de organizar a vida en común que non caben, e trastornan o taboleiro do xadrez político. Neutralizar esa potencia de interrogación pasa por asignarlle unha identidade: “son estes”, “queren isto”. Os políticos e os medios presionan para que o 15-M se converta nun “interlocutor válido” coas súas propostas, programas e alternativas. Saben que unha identidade xa non fai preguntas, senón que ocupa un lugar no taboleiro (ou aspira a iso). Convértese nun factor

previsible nos cálculos políticos e nas relacións de forza. Vólvese gobernable.

***-Desde o 15-M, a impugnación do sistema representativo convive coa busca minuciosa do consenso assembleario, ¿como vencellar ambos aspectos?***

-Vívense como opostos. O consenso da CT funciona, como dicíamos antes, prescribindo xa de entrada os límites do posible: a democracia equivale a un sistema de representación no marco dun sistema de partidos (reducido basicamente a dous: PP e PSOE). No movemento 15-M, o consenso é unha idea-forza moi importante. Pero os acordos constrúense facendo dialogar os desacordos en asembleas públicas onde calquera pode falar en nome propio, e non existen as faccións-partidos. As loitas de poder substitúense pola escoita activa, a elaboración de pensamento colectivo, a atención cara ao que se está construíndo, a confianza xenerosa da intelixencia do outro descoñecido, o rexeite dos bloques maioritarios e minoritarios, a busca paciente de verdades incluíntes, o cuestionamento e recuestionamento constante das decisións tomadas, o privilexio do debate, e o proceso sobre a eficacia dos resultados...

***-Foi rechamante tamén unha sorte de coordinación espontánea en todo o país: empezaron a contaxiarse as acampadas noutras cidades e nos pobos pequenos...***

-A ocupación de todas as prazas de España é o xesto máis radical desde a autoconvocatoria fronte ás sedes do PP na xornada de reflexión do 13-M do 2004.



O paradoxo é que ese desafío masivo apoiáase nos recursos máis lixeiros: a non violencia, a idea-forza do respecto, a linguaxe despolitizada e humanista, a apertura sen límites, a busca a toda costa do consenso, a interpelación positiva cara á policía, etc. Ese é o paradoxo en tensión que dá toda a súa forza ao movemento. Sen o conflito, só seríamos unha simpática forma de vida “alternativa” máis. Sen o costado empático e incluínte, só seríamos outro pequeno grupo “radical” separado e incapaz de morder a realidade. O si sen o non é boísimo. O non sen o si, pura desesperación.

***-¿Como continúa ese debate una vez levantada a acampada da Porta do Sol?***

-Durante un mes asistimos a asembleas de cinco ou seis horas verdadeiramente apaixonantes, extraordinarias e únicas como experiencias de intelixencia colectiva. Pero unha vez abandonado o campamento de Sol, que funcionaba como centro soberano en Madrid, a situación modificouse, pasou de acampada a movemento, e hai un gran debate aberto sobre a organización, a toma de decisións, a noción de consenso, e o espazo das asembleas. ¿Segue sendo viable pensar o consenso como unanimidade? ¿Non lastra esa idea de consenso a axilidade das iniciativas e as accións? ¿Como organizar un movemento con varios centros?, ¿Pódese articular sen totalizar?... Como o 15-M é unha novidade, o desafío é agora pensar estas e outras preguntas desde un novo cerebro, e non aplicar as respostas herdadas dos movementos sociais, ou outros.

***-Desde o principio, con todo, a pregunta era a de como ir máis aló de Sol...***

-Os acampados de Sol sempre souberon moi ben que a súa forza estaba fóra de Sol. Mellor dito: a forza estaba na vinculación viva co que un amigo chama “a parte quieta do movemento”; é dicir, a poboación tocada e afectada por Sol inda que non participase directamente na acampada. Sol nunca buscou a separación, e por iso xerou tantos fluxos de solidariedade dentro/fóra (só o terceiro día tivo que facerse un chamamento para que os veciños de Madrid deixasen de levar comida que xa non se sabía onde almacenala). Nunca se formulou como un afora utópico nin como outro mundo posible, senón como unha invitación ao outro descoñecido, a loitar xuntos nun plano de igualdade. En realidade, Sol non era o Outro, senón este mesmo mundo (coas súas garderías, as súas placas solares, a súa biblioteca, a súa enfermería, pero construído e gobernado directamente polos seus habitantes. Nun grupo de debate, unha rapaza de menos de vinte anos dixo: “repróchannos que somos moi abstractos, pero os abstractos son eles”. É a diferenza entre utopía e heterotopía. A utopía é outro mundo. A heterotopía é unha pequena distancia con respecto á realidade que nos permite habitala doutra maneira. Sol era esa pequena distancia.

***-¿Que experiencias da crise recolle o movemento do 15-M?***

-Entre xaneiro e marzo, producíronse en España máis de quince mil desalojos de vivenda. Trátase de persoas que non poden asumir o pago das hipotecas que contrataron non seu día, e son expulsa-





das das súas casas (o que non as exime da obriga de pagar o resto da hipoteca pendente). Paréceme que os desafuzamentos son a imaxe máis precisa da crise, quizais incluso tamén a imaxe máis precisa do capitalismo actual. Desafuzar, expulsar, desposuír, desarraigar, precarizar, empurrar á intemperie e á incerteza... Para os mercados financeiros que rexen o noso mundo, todos somos materia desbotable, prescindible, superflua. Ninguén está a salvo do gran desafuzamento capitalista. A alteración de todo é a norma e a estabilidade de algo é a excepción. O medo a quedar fóra é o acicate de fondo que nos empurra a todos a abrírnos a cobadadas no día a día. Unha das liñas de acción do 15-M, unha vez que as acampadas perderon centralidade, é o bloqueo dos desafuzamentos en marcha. É unha imaxe que di moito sobre o movemento. Di, por exemplo, que o 15-M non apunta a outros mundos posibles e utópicos, senón máis ben a poder habitar o único que hai. E iso pasa pola nosa capacidade para reinventar o vencello social, porque non é o Estado quen pode deter a lóxica do mercado, senón o outro descoñecido que se planta fronte á miña casa e bloquea o automatismo fatal do desaloxo. Hoxe por min, mañá por ti.

**-A cuestión da vivenda e os desaloxos compulsivos é un tema central para pensar a continuidade do movemento, entón...**

-Ningún desaloxo fora noticia ata agora. Un desaloxo non poder ser "tema" para ningún intelectual da CT. Case por definición. Pero agora si se fala deles. Aparecen nos xornais e na televisión. ¿Por que? Simplemente porque algunhas

persoas decidiron interromper ese mecanismo que se presentaba como unha especie de fatalidade "natural", amosando que se trata dun problema completamente político. O bloqueo dun desafuzamento é un xesto que fura a cultura consensual: fai ver o que se quería agochar, problematiza e politiza o que se quería "naturalizar", esquivando todas as trampas identitarias, e interpélanos a todos.

## ANTES DE SOL

Ignacio Castro Rey (Santiago, 1952), doutor en Filosofía pola Facultade Autónoma de Madrid, axitador cultural, profesor, conferenciante, crítico de cine e arte, e autor de libros como *Alén da fenda* (1994), *Roxe de Sebes* (2001), *Trece ocasiones* (2002), *La explotación de los cuerpos* (2002), *Crítica de la razón sexual* (2003), *La sexualidad y su sombra* (Buenos Aires, 2004) y *Votos de riqueza* (Madrid, 2007), realizou, a petición dun amigo, un comentario sobre a entrevista de Amador Fernández Savater, que transcribimos a continuación:

"Síntome moi agradecido a esta entrevista, que ordena múltiples reflexións e constitúe un excelente documento para volver á crúa realidade, despois dos vapores de agosto. Fernández-Savater non só é intelixente, senón que ten a bendita ousadía de bordear e vadear moi ben o que outros non poden, os límites de calquera heterodoxia admisible no que chamamos "esquerda".

Estou de acordo completamente nesa estrutura profunda da Cultura da Transición que Amador diagnóstica: a prohibi-



ción de pasar ao acto, o consenso como pacto de silencio sobre un fondo incuestionable, a alternancia cómoda entre os tópicos conservadores e progresistas... Hai frases que subscribo plenamente (algunhas xa as tiña escoitado) e outras que me crean máis dúbidas. Todo isto ao mesmo tempo en consonancia e disonancia coas propias conviccións.

Un entón compartía ese entusiasmo. Agora algúns estamos un pouco cansos de tanto “movemento”, tanta xuntanza e comisión, tanta proposta, tanta crítica e manifestación. ¿É suficientemente *político* estar canso, un pouco aburrido? O que segue son as dúbidas desordenadas dun simpatizante do movemento, un simpatizante que reacciona ante a case sublime natureza que ao evento de Sol se lle concede nesta entrevista. E isto fareino intentando retrotraerme a “antes de Sol”, ao aire e ao pulso anterior a aquela encantadora ilusión que a tantos nos invadiu ao vermos crecer alí *outra* cidade.

Por un lado, hai moitas cousas que se deben compartir en “Despois da Porta do Sol”, inda que ao mesmo tempo preocupan. Por exemplo, esa idea de que xa non se busca cambiar o mundo, senón “defendelo contra quen o arruína”. Algúns levamos tempo dicindo que o cambio perpetuo é o conservadurismo xenial do sistema e que, pola contra, é preciso darlle estabilidade a algunhas cousas, intentar *conservar* algúns campos libres do temporal de precariedade ao que nos somete un consumo que o perverte todo, da alimentación aos afectos, da estabilidade mental á vida sexual.

Pero entón quizais debamos atrevernos a ser “conservadores” nalgún sentido máis. Agora ben, ¿atreveríamonos a soltar esa reivindicación de estabilidade para outros campos: a relación co real e coa terra, coa existencia e a morte, co natal, o enigma das cousas, coa relixión? Quizais habería que regresar ao *afecto* diante do sexo obrigatorio; a unha certa *espiritualidade* diante do materialismo a morte do sistema, etc. ¿Atreveríamonos a tanto? Parece que non, pois o mesmo 15-M apareceu dalgún xeito vencellado á “vixilia laica” e á protesta contra os milleiros de rapaces (non exactamente consumidores *neocon*) que viñan, tan libremente como calquera, escoitar o Papa. Dalgunha maneira, ou de varias, o movemento que acampou en Sol segue na dinámica ilustrada e progresista propia da esquerda. E este iluminismo é un pouco tedioso, aínda que só sexa porque Europa triunfou plenamente. E bastante escurantista, hai que dicilo, en relación con algunhas cuestións básicas que afectan a vida cotiá dos pobos. Vou a isto despois.

Aínda así, ¿esa idea de que hai que defender un *único mundo* non nos coloca sinxelamente na nómina dos “nostálgicos”, dos sospeitosos de ser reaccionarios fronte á dinámica dos novos tempos? ¿Se nos pomos “conservadores”, non estamos derrotados de antemán? Cousa que por outra parte ten sido desde hai tempo un “defecto” visible da esquerda clásica (dío o propio Marx, tan progresista el) fronte aos ventos de cambio do capitalismo.

Despois, a insistencia en que o mundo a conservar é o único mundo



real e posible, contra cuxo latido común o capitalismo representaría un furioso mecanismo “antisistema”..., en fin, esta idea non deixa de nos lembrar un “límite” de Sol como movemento. A pesar do seu carácter híbrido ideoloxicamente, que Amador destaca moi ben, esa vocación *política* do 15-M é o que o fai un pouco monotemático, obsesivo. Talvez limitado por isto mesmo, condenado á precariedade. A política, a ideoloxía do activismo transformador é a metafísica profunda de Occidente: a idea de que a acción debe libranos da fatalidade da vida tal como se presenta; libranos de vivir aquí, así, cunha dor e unha inxustiza que *nunca* cesou na historia.

É claro que o que digo soa a disparate se non engado a continuación que os pobos, en Túnez e aquí, xamais deben aceptar as cadeas, sexan democráticas ou despóticas. A frase da moza que cita Amador é certamente preciosa: os “abstractos” son eles, pois nós estamos no concreto, xuntos, apegados aos nosos problemas, á nosa alegría, á nosa dor. Xuntos e compartindo con xenerosidade case infinita a igualdade de calquera. Moi bo comezo. Aínda así, ¿o 15-M, con ou sen a explicación de Amador, no é aínda demasiado *abstracto*, político, ideolóxico, tipicamente occidental? Non o era en cada unha das súas manifestacións indignadas, pero despois, cando pasan a explicaren un esbozo de programa os distintos portavoces...¿Soa tanto ao partidismo de sempre!

Cultura consensual e cultura da mobilización pode ser no fondo parte da mesma relixión, da mesma cultura normativa. Unha idea que temos calado

ata agora é esta: o pobo, o que se di un pobo, xamais caberá na historia máis que momentaneamente, a lampexadas. A vida popular é demasiado fonda para caber na historia, para ser canalizada por ela. ¿Sabe algo disto o 15-M? Non ten por que sabelo en canto movemento renovador indignado fronte á cadea oxidada de relacións. Pero cando esa idea se estabiliza como movemento *político*, pasa a ser un fenómeno limitado, como tantos outros do noso campo público. Coido que isto recorta o alcance “cultural” do movemento, bastante máis do que Fernández-Savater quere ver. ¿Son demasiado pesimista? Oxalá sexa así.

Doume conta de que o que digo soa bastante absurdo: ¿de que estou falando, de que afora, de que vida non política? Sen acción nin plan non hai nada, nin sequera contemplación. Sen ideoloxía nin política non hai nada, nin sequera a máis elemental vitalidade... Pero ás veces parece como se tamén o 15-M, incluso nesta versión “cristalina” que dá Amador, padecese de todos os límites da cultura occidental con respecto á fatalidade da vida, ao que a vida ten de “inxustiza” non elixida que hai que aceptar (creo que a psicanálise ten dito algo sobre esta cuestión). E isto ten que ver coa obsesión occidental polo político e pola Historia, da que o movemento de Sol parece hoxe participar. Esta obsesión por revolucionar o campo público, levando a vida á historia, está moi ben en canto dá lugar a unha explosión de masas, pero resulta un pouco *naif* cando se intenta converter en programa.

Parece que ás veces esquecemos a importancia cotiá do *impolítico* para



soportar a vida. Quero dicir, a ironía, a violencia dos sonhos, o sentido do humor, o amor ou odio, os afectos, as ilusións e obsesións, a vida clandestina, común e individual, que xamais pasará ás pantallas. O que parece saber a música (e os afectos, a amizade, o sexo) non parece sabelo a política. Aquí a pregunta é: ¿o 15-M non empeza a morrer en canto comeza a estabilizarse como movemento político?

Talvez , a “maior fenda” posible no noso sistema, tanto ou máis que un movemento como o 15-M, sería o abandono da ilusión política mesma, da política como ilusión partidaria, da historia, da sociedade como ilusión. Non falo de volver ás cavernas, senón a un xeito de vida elemental, da sabedoría popular na que manteñamos unha saudable distancia en relación ao universo redentor do político. Naturalmente, a xente ten o dereito e o deber de loitar (incluso violentamente) polos seus dereitos, de non deixarse atopelar..., pero isto pode facerse sen ningunha ilusión universal de recambio, sen formular ningunha alternativa global, abstracta, nin sequera de *heterotopía*...

En canto aos límites culturais do 15-M e a súa implicación coa metafísica occidental da redención histórica, hai pouco un amigo que viña de alí dicíame que parte dos indignados israelitas son sionistas e que, en todo caso, case ningún deles discute a fondo a política do Estado de Israel. Creo que esta limitación é un pouco así en todas partes: se segue a súa carreira de éxitos, e oxalá que sexa así, moitos activistas de Sol responderán axiña a moitas preguntas: “Non sei de que me falas”.

As maiores dúbidas que me xera a posición de Fernández-Savater proveñen precisamente da súa xenerosa lucidez. A versión que dá do movemento é límpida, pero é de temer que a parte “pragmática” do movemento a considera demasiado idealista, “abstracta”, pouco práctica. Amador dá a versión máis xenerosa e “metafísica” do 15-M, pero outros darán outra. E terán razón en ser máis “concretos”, para ben e para mal, pois o movemento (polo visto) estabilízase.

Se o PSOE e os sindicatos, tan sospeitosos os dous, fan ben en facer chiscos e intentar tender pontes co 15-M (o mesmo PP tomou boa nota dalgunha reivindicación) é debido a que, a pesar de todo, transformouse gradualmente nun movemento bastante recoñecible, visible, asumible, e como tal hai que xulgalo. E isto non está tan mal, pero quitalle ao 15-M a altura epistémica que Fernández-Savater parece asignarlle. Chegará un día no que esa heroica *indefinición* que defende Amador rematará, tome ou non a forma doutro partido político. Tarde ou cedo o 15-M adoptará a forma dunha identidade política que reclama a súa parte no pastel da xestión. ¿Como saír dese dilema? Se se rexeita a politización, disolverase nun movemento de mera “protesta”, alegremente provocador e alternativo. Se a acepta, acabará sendo previsible, unha parte máis do círculo consensual. E isto é o que levou aos Verdes alemáns (e á súa líder, Petra Kelly) ao suicidio.

A tensión heroica entre o Si e o Non, que Amador defende, non está claro que poida manterse indefinidamente nun movemento que pretende ser político (noutras palabras, fóra da filosofía). A ta-



refa ética e vital é o nomadismo perpetuo, de acordo, resistir a “pregunta policial” pola identidade, pero con esta densidade ética, ¿que política se pode construír? ¿Non seremos expulsados de todos os programas?

*Democracia real xa* é un berro marabilloso que expresa un sentimento xusto en canto consigna mobilizadora, catalizadora de forzas novas. Pero é unha idea impracticable como programa político, hai que dicilo. Por definición, o Real queda fóra de calquera movemento político. A “liberdade natural” queda fóra da “liberdade civil”, aínda que esta tivese esa enérxica limpeza que tantos queremos ver no 15-M. Crer o contrario é a enfermidade metafísica occidental, que cambiou a Deus pola Sociedade e a Historia.

A heterotopía, esa “pequena distancia” coa realidade que nos permite “habitata doutra maneira”, é unha idea crucial no terreo existencial. Agamben dedicoulle páxinas marabillosas para explicala. Non obstante, non está claro se neste caso mantén a visión ríxida, tipicamente occidental, da realidade e o mundo como algo *único*, unidimensional, ou polo contrario é a saída para vivir na ambivalencia do real, comunidade de mil estratos. En todo caso, a utopía non é tan mala: é a certeza de que o ser do real non cabe no recoñecemento, de que debemos trazarnos unha meta que non caberá no límite do posible, pero que por iso mesmo nos guía como un imán. O feito de que se renuncie a ese concepto, que guiou as rebelións durante séculos, coloca ao 15-M nunha vía pragmática e normativa dubidosa.

En relación co debate utopía-heterotopía, outra cuestión máis espiñosa. Do mellor que tivo o 15-M ten sido, sen dúbida, a súa asombrosa actitude non violenta, incluso diante das provocacións. Agora ben, a mansedume, a non violencia ¿non é unha parte da nosa cultura pragmático-normativa, que abrangue os polos do consensual e a mobilización? ¿Non é *violenta* a vida, non temos sido expropiados dunha forma terrible da violencia básica para vivir, e por iso parece que agonizamos riseiros, morrendo a prazos e en grupo? ¿Non debemos exercer algún tipo de violencia (xestual, simbólica, psicolóxica, verbal) para impedir xustamente que o mundo sexa unificado, normalizado, nivelado? ¿Non é, de feito, violenta a persistencia do 15-M noutra vía distinta á representación clásica? Deixo caer estas dúbidas en relación a esa suposta bondade dun *único* mundo que habería que defender. ¿Non é obrigatorio, ética e politicamente, facer que o mundo sexa continuamente descoñecido, impedir que sexa único? O común dos pobos é un imparable devir de diferenzas que desborda calquera Un.

Acusarase sinxelamente de “individualista” unha postura así. E algo diso é certo, pois a existencia é *individual*, necesariamente continxente, comunmente singular, o mesmo que a primeira vida política. Antes da distinción privado/público existe unha vida, común e individual á vez, que é moito máis *política* que todo o campo da representación. O colectivo xamais poderá reducir, absorber esa primeira instancia política da vida primaria, anónima. En certo modo, é posible que os grandes partidos saiban isto máis que os pequenos e o seu activismo grupuscular.



Os votantes do PP e do PSOE dedícanlle só unha pequena parte da súa enerxía e do seu tempo á actividade e á discusión política. Despois, fúndense nunha vida común apolítica, apartidaria, *pre* ou *pos* ideolóxica. Só a xuventude dos membros activos dunha mobilización emerxente permite esquecer isto. Nisto consiste o seu capital, e tamén a súa hipoteca.

O mesmo vale para outra cuestión. Se falamos da “parte quieta do movemento” (Amador) é necesario recoñecer que a famosa “loita” pode tomar mil formas, non todas abertamente manifestas, colectivas, programáticas, políticas, nin sequera na forma dese rexistro de anonimato que xenerosamente Fernández-Savater lle concede ao novo movemento. A xente loita de mil maneiras, algunhas inconcibibles. A “loita” pode consistir en calar, fuxir, desaparecer, defenderse co “cinismo”, mergullarse nunha aparente indiferenza, facerse invisible, converterse en santo ou en delincuente, etc. Non estou seguro, pero ás veces parece que algúns políticos clásicos do panorama actual, de esquerda e de dereita, poden saber dos límites do político máis cós líderes grupusculares, mergullados nun activismo salvador, case relixioso.

Relacionado con isto está outro problema, tamén un pouco incómodo. A xente de dereitas tamén loita e se rebela: polas súas convicións, por certo humanismo, por relixión, por conservar espazos de resistencia locais. Non todos os políticos de dereitas son iguais. ¿Seguro que incluso en movementos tan “radicais” como o Tea Party non hai algo que aprender? Por exemplo, ¿non entran eles, ou os cristiáns novos espa-

ñois, nesa ambivalencia ideolóxica que se reclama para o 15-M? Por non falar de movementos sociais e políticos do mundo islámico (ou suramericano) con cuxo carácter híbrido gardamos unha relación de completa desconfianza. De feito, todo movemento verdadeiramente renovador (aquelas manifestacións contra a guerra do Irak que Amador pon moi ben como antecedente) debe arrastrar a miles de persoas de *dereitas* á rúa. Se non, non saímos da seta dos convencidos. A rúa, a política creadora, o movemento popular pon en suspenso a estreiteza letal e o sectarismo das ideoloxías.

É evidente que lle fixo moito dano ao pobo español algo ao que apenas se ten referido o 15-M, unha agresividade partidaria que é a outra cara da converxencia consensual, ese odio profundo entre PSOE e PP, que impide mínimos pactos de Estado (salvo este último, con présa). Esa perpetua guerra civil morna na que están embarcados (ten graza, igual que os dous sexos) é produto quizais de estar pechados no mesmo espazo sen oxíxeno. Oxalá que o 15-M, aínda que a súa altura política non alcance o nivel indetectable duns OVNI cos que o compara Fernández-Savater, axude a liberarnos deste minifundismo maximalista.

Finalmente: ¿anónimo? É unha palabra que case sempre pronunciamos persoas ateigadas de nome propio, pretendendo con ela un alcance universal de algo bastante localizable. Ás veces semella que o afán de visibilidade do 15-M, despois dos primeiros meses de encantadora ambigüidade, é bastante próximo á eficacia informativa. Débese insistir, ademais, en que o “anonimato”



deféndeo neste caso unha figura investida (coma min mesmo e outros) de nominación, unha persoa que fixo carreira preto do “pensamento crítico tradicional): leu e usou profusamente a Badiou, Rancière, Agamben, Tiqqun, etc. Algúns adoramos eses nomes, pero o feito de que os líderes iniciais do movemento, aquelas caras encantadoramente descoñecidas dos primeiros meses, teñan desaparecido e agora sexan portavoces intelectuais respectables que pertencen á tradición crítica dos últimos anos, volve verter serias dúbidas sobre a novidade actual do movemento.

Gustárame que o movemento que saíu de Sol fose tan limpo, tan cristalino, tan liberado de adherencias como Amador defende. Dubídoo. Tivo un momento de gloria naqueles días de primavera. Despois entrou un pouco na desesperación, en altibaixos, como tantas cousas. ¿Non soubo morrer a tempo? En todo caso, se os militantes socialistas teñen unha lexítima e crecente esperanza nel é porque empeza a ser imprescindible. Isto está ben, pero ¿significa que o 15-M pasou xa ao campo da pragmática política e ideolóxica? Que a dereita se encolerice non é suficiente garantía ontolóxica de rebordar ese límite. En todo caso, o PSOE ten razón en intentar coligarse, absorber a súa enerxía, intentar aprender del.

Pero saír do partidismo convencional esixe referirse non só á “parte quieta do movemento”, senón tamén á parte quieta da humanidade, esas multitudes solitarias de día e de noite, xente inexpressiva, que sospeitamos non ten relación con ningún movemento recoñecible. Antes de Sol significa agora, literalmente: atender

o signo político desas rúas lindeiras coa praza, ese xentío que non parece facer outra cousa que atravesar con présa, deambular, beber cervexa, ou mercar algo, sen saber nada da revolución en curso.

Os partidos políticos foron bastante infames ata agora, de acordo, pero a xenerosidade de Sol debería concederlles unha oportunidade incluso a eles. Dentro deles hai moitas persoas anónimas coas que hai que contar, ás que habería que preguntar. No mes de xuño, un amigo espetounos: “A sociedade escoitou o 15-M. Agora o 15-M debe escoitar a sociedade”. Entón a frase soou carente de sentido, pero non opino o mesmo actualmente.

En fin, perdoade esta xeira caótica de dúbidas. Eu mesmo síntome algo incómodo con elas. Parezo o típico intelectual agoireiro empeñado en non comprometerse a fondo con nada, arrefriando unha fogueira que ata agora ardeu moi ben. Agardo sinxelamente equivocarme, coma sempre. Canto máis a fondo, mellor. En calquera caso, falo coa liberdade de quen non sente que as súas palabras poidan ter ningún efecto, tampouco desmobilizador. Grazas por esta oportunidade, que lle debo á efervescencia de Sol e ao esforzo de Amador Fernández-Savater”.

# Á luz das palabras

*Gallaecia e as súas etimoloxías*

*Encontro intelectual con Xosé Luís Méndez Ferrín  
e Juan José Moralejo Álvarez*







## Á luz das palabras

### Gallaecia e as súas etimoloxías

*Transcrición da gravación do encontro intelectual entre **Xosé Luís Méndez Ferrín** e **Juan José Moralejo Álvarez**, celebrado na Casa da Cultura “Ramón Martínez López” de Boiro o sábado 26 de marzo de 2011.*

*Presentador do acto:*

**Xosé Luís Axeitos**

*Transcrición e notas: **Alberto Piñeiro***

**A**XEITOS: Bos días, amigas e amigos de Boiro, da comarca do Barbanza e, en definitiva, de Barbantia. Moitas grazas por achegárense a atendernos nun medio-día que, malia a choiva, é xa de primavera, para escoitar no salón de actos desta Casa da Cultura “Ramón Martínez López” a dous referentes da cultura do noso país. Mais, en primeiro lugar, gustárame lembrar o fundador da entidade, Antón Riveiro Coello, por ser o impulsor dunha iniciativa que se ergue como un dos grandes inventos xurridos no Barbanza nos últimos 20 anos, pois permitiu que as ideas decote dispersas dos autores, investigadores, creadores e activistas culturais tivesen acollida nunha publicación que todos seguimos con inte-

rese, o *Anuario de Estudos do Barbanza*, e tamén nun suplemento cultural, “A Voz de Barbantia”, que acerca o labor da Asociación Cultural Barbantia, a través das páxinas do xornal *La Voz de Galicia*, a un amplo sector de público das comarcas de Barbanza e Muros-Noia.

Feito este recoñecemento, que é de xustiza, quero dicir que a miña misión hoxe aquí non é outra máis que presentar a dúas personalidades da cultura galega actual, nun encontro que podemos definir como “humanista”, nun sentido que quero enlazar co pensamento, agromado a partir do século XV, de que nos diferenciamos dos demais animais pola razón, que o



De esquerda a dereita, Alberto Piñeiro, Juan José Moralejo, X. L. Méndez Ferrín e X. L. Axeitos.  
Foto: Lorena Riveiro




fundamento da razón é a palabra, que a palabra crea o discurso, e o discurso é a mellor arma da liberdade. E as dúas personalidades que nos acompañan nesta mañá en Boiro non teñen máis arma para conseguiren a liberdade que o discurso, que a palabra. Por iso están hoxe aquí os dous, malia traballaren en eidos diferentes: Juan José Moralejo Álvarez e Xosé Luís Méndez Ferrín.

No tocante a Juan José Moralejo, cómpre dicir que pertence a unha familia moi vinculada á universidade, e non só á compostelá. É fillo de Abelardo Moralejo Laso, a quen case todos os que estudamos "letras" na Universidade de Santiago tivemos a honra de ter como profesor, e conta con outros dous irmáns, recoñecidos filólogos e lingüistas tamén, José Luís e Serafín, que levaron a tradición humanística e filolóxica da familia a universidades como a de Oviedo, Alcalá ou Harvard. Os tres irmáns e mais o pai son catedráticos universitarios. Mais cinguíndonos a quen nos visita, Juan José, resumirei o seu *curriculum* mencionando que é Licenciado en Dereito pola USC, Doutor en Filoloxía Clásica pola Universidade Complutense de Madrid e Catedrático de Lingua

e Literatura Grega na de Santiago. Entre un moi nutrido número de traballos lingüísticos e literarios, mencionamos algúns dos que redactou relacionados con Galicia: *A lingua galega e os seus problemas* (Editorial Galaxia, Vigo, 1976 e 1982), "As paráfrasis do Grego en Cabanillas" (*Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento*, Universidade de Santiago, 1977), "Mundo clásico en Curros" (*Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ao Profesor Xesús Alonso Montero*, Universidade de Santiago de Compostela, 1999), "Variantes textuais nun poema de Cómaros verdes, de Aquilino Iglesia

Juan José Moralejo, debullando algúns topónimos. Foto: Lorena Riveiro





Alvariño" (*Boletín Galego de Literatura* 7, 1992); "Cambre, Pambre e outros topónimos en -bre" (*Revista Galega de Filoloxía* 4, 2003), e un longo etcétera, entre o que destacan numerosas achegas nos eidos da toponimia e da hidronimia galaica. Ten a palabra Juan José Moralejo.

MORALEJO: Moitas grazas, Xosé Luís. Bos días, señoras e señores. Unha vez máis comprobo que dá gusto que o presenten, malia que un mesmo non se recoñeza, debido ás flores que lle botan, como neste caso vén de facer Xosé Luís Axeitos, vello amigo da familia. Porén, non é para tanto. Eu traballei algo no eido da lingüística grega e, ultimamente, dediquei un pouco da atención que merecen a Rosalía, Curros, Cabanillas ou Ferrín; e levo comigo, iso si, o que poderíamos denominar un "xene," un "cromosoma toponomástico" que tiña tamén meu pai, que xa de nenos nos ensinaba a meus irmáns e mais a min que debíamos saber dos nomes dos lugares que habitabamos. Algo diso me quedou, e teño publicado máis de ducia e media de traballos sobre os fermosísimos nomes de lugar, os topónimos; e entre eles, claro, o topónimo Barbanza, que nunha listaxe ou *ranking* de raíces morfolóxicas galegas con selo propio, estaría entre as dez primeiras. Dito isto, permanezo atento ao que me diga Xosé Luís Méndez Ferrín, e paso a palabra ao moderador deste encontro, Xosé Luís Axeitos.


AXEITOS: Todos coñecemos a traxectoria literaria de Xosé Luís Méndez Ferrín. Con todo, enumeramos algunhas das súas obras. No tocante á poesía, é autor, entre outras achegas, de *Voce na néboa*, 1957; *Con pólvora e magnolias*, 1977, obra fundamental para entender a poesía

galega dos últimos cincuenta anos; *O fin dun canto*, 1982; *Erótica*, 1992; *Estirpe*, 1994; *Era na selva de Esm*, 2004; e *Contra Maquieiro*, 2005. E polo que respecta ao eido narrativo, algúns dos seus textos son: *Percival e outras historias*, 1958; *O crepúsculo e as formigas*, 1961; *Retorno a Tagen Ata*, 1971; *Amor de Artur*, 1982; *Arnoia*, 1985; *Bretaña Esmeraldina*, 1987; *Arraianos*, 1991; ou *No ventre do silencio*, 1999. Así mesmo, Xosé Luís Méndez Ferrín tamén conta cunha vea ensaística, na que resulta ineludible a cita dunha obra canónica, *De Pondal a Novoneyra*, 1984; e tamén cunha vea xornalística, plasmada en numerosas colaboracións en distintos medios, ao longo de moitas décadas. Todo ese legado convérteno nun autor de referencia na historia da literatura galega, mesmo candidato ao premio Nobel; mais á referida traxectoria relatada, cómpre engadir un elemento que o fai, ao meu entender, aínda máis excepcional. Ese elemento non é outro que a defensa que sempre fixo e segue a facer do noso país e da nosa cultura, nos que ten unha confianza absoluta, así como a ten nos nosos valores e no noso futuro. Cedo a palabra ao presidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín.

FERRÍN: Moitas grazas. Ten razón o profesor Moralejo, cando di que dá gusto ser presentado por determinada xente. Moitas grazas. Eu debo comezar dicindo que estou temeroso, estou asustado, porque a min encargáronme que falase do topónimo dos topónimos, de Galicia, o nome do noso país. E vou ter que facelo en presenza da máxima autoridade que existe sobre onomástica e toponimia galegas, ademais doutras moitas sabedorías, que é Juan



Xosé Luís  
Méndez Ferrín,  
durante a súa  
intervención  
en Boiro. Foto:  
Lorena Riveiro



José Moralejo Álvarez. Un feito que motiva que a miña memoria traballe a reburro, recunque no pasado, ata o intre de verme a min mesmo como alumno do seu pai, de grego e de latín, en primeiro e segundo de carreira. Don Abelardo ensinábanos, como quen ensina un cativo a nadar, no encerado, improvisando, os rudimentos da lingüística comparada, os rudimentos do indoeuropeo, a través dun curso que el impartía en primeiro, titulado “Fonética histórica do latín”. Eu sentíame profundamente atraído por ese universo, o universo da lingüística comparada e da fonética e morfoloxía históricas. Tanto estudei os apuntamentos de Don Abelardo, que quixen máis, e caeron nas miñas mans a *Morfoloxía histórica do latín* (*Morphologie historique du latin*) de A. Ernout, as obras de Max Niedermann ou un tesouro que me acompañou durante toda a miña vida, e me segue acompañando: o *Diccionario etimolóxico de latín* (*Dictionnaire étymologique de la langue latine*) de A. Ernout e

A. Meillet. A partir de aí, agromou en min o desexo de coñecer as palabras, a súa orixe etimolóxica, a súa evolución e a interrelación entre elas. Esta miña vocación ía acompañada dunha plena ineptitude para traducir o grego e o latín, pois eu non tiña unha boa formación nin en morfoloxía nin en sintaxe; o que ocasionaba que Don Abelardo, por un lado, se admirase da miña aplicación, e, polo outro, da miña ineficiencia na tradución. Porén, co tempo fóronse corrixindo as eivas e, finalmente, apiadado de min, de forma moi xenerosa, Don Abelardo aproboume. E ante Moralejo fillo, debo dicir que sinto a mesma inquietude que sentía ante a autoridade de seu pai, quen, cando eu xa non tiña tratos académicos con el, aínda nos deu outra lección moi importante en forma de libro, ao ver recompilados e editados os seus estudos de investigación toponímica. Traballo onde nos ofrece pistas moi intuitivas en moitos dominios, nos que decote dá a sensación de aventurarse sen



teses previas, como é o caso, por exemplo, dos topónimos rematados en *–antes*: *Cesantes, Barbantes,...* (*Barbantes* que, por certo, podemos poñer en relación con *Barbantia*<sup>1</sup>) Don Abelardo comenta

1 Sobre o topónimo *Barbanza*, lemos do profesor J. J. Moralejo en “Hidrónimos galaicos con sufixo *–antia*”, J. Velaza et al. (eds.): *Acta Palaeohispanica IX, Actas del IX Coloquio sobre Linguas y Culturas Paleohispanicas*, Barcelona, 20-24 octubre de 2004 (= *Paleohispanica* 5, 2005). Zaragoza, Institución Fernando el Católico, Barcelona, Universitat de Barcelona, 2006, pp. 837-860:

“MTN Pobra do Caramiñal 151-2 (C), MG J-4. Afluente del río Pedras (Ría de Arousa). En el orónimo *Serra da Barbanza* interesa destacar que lo antiguo es el género femenino y no el masculino de uso hoy creciente: “bajando de la Barbanza” escribe el P. Sarmiento 1757: II 225.

[...]

“Hay abundante material comparativo, común y onomástico, para la raíz BARBANZA, [término que nos parece onomatopéyico], alusivo al agua que borbotea, a cursos de agua rápida y espumante, al agua que brota en manantiales, termales o no. Los latinos *bullā*, *bullare* (de *\*bur-*), el griego βουβρονιμός, nuestros *borbolla*, *borbotar*, *burbuja*... son paralelos ilustrativos, al igual que lo son *barbotar*, *balbucir*, *bárbaro* y otras palabras que aluden a la emisión de voces que son ruido ininteligible o asemántico. Nótese el vocalismo radical *a*, bien conocido en voces y usos expresivos.

“[[La onomatopeya que reconocemos en BARBANZA no hace más que continuar la de la raíz indoeuropea a que hemos de remitirnos]] /EW 132.2 y 143, *\*bher-* etwa “aufwallen”... “sich heftig bewegen”... [“borbotar... moverse con fuerza”] *\*bh(e)reu-*, *\*bh(e)ru-*..., LIV 65 *\*bheru-* “sieden, wallen” [“hervir”, “bullir”], LEIA B-40 *berbaid*... “il bout, bouillonne...”, es decir, la raíz de lat. *ferveo* e irl. *berbaim*, y del muy sugerente ind. ant. *bhurván-* “unruhige Bewegung des Wassers” [“movimiento agitado del agua”], etc.

“Si un juicio personal sobre el terreno puede tener algún valor, no dejaré de indicar que el *Río Barbanza* –y no el *Río de o da Barbanza*- pudiera ser hidrónimo primario, con nombre que alude a su curso agitado, precipitado, mientras lo secundario será el orónimo, tal como parece reflejarse en el sintagma *Serra da Barbanza*.

“Krahe 1955a: 105 supone que el topónimo e hidrónimo belga *Barbençon* (medieval *Barbenzon*, *Barbentione*...) tiene como base un hidrónimo *\*Barbentia* que interpreta como “die mit Sumpf versehene” > “die Sumpfige”; aduce además otros hidrónimos en la misma línea de aguas pantanosas, ciénagas y lodos. Trabaja Krahe una etimología de corte onomatopéyico que puede convenir a ese tipo de aguas, corrientes o no, pero no conviene en absoluto a nuestros BARBANZA y *Barbantes*, que son todo lo opuesto a las aguas empantanadas y con lodos, con βουβροπος. De Krahe se hace eco Hoz 1963: 234.

“Tovar 1958: 106 encuentra difícil la explicación de *Barbantiño*, *Barbantes* y (el que considera orónimo, no hidrónimo) BARBANZA y, remitiéndose a Krahe BNF

destes topónimos que son etnónimos, algo que non lera eu antes, á parte de outras moitas consideracións e achegas innovadoras.

E foi despois de ler os numerosos estudos que publicou o seu fillo Juan José sobre cuestións relacionadas co universo da onomástica, toponimia e hidronimia galegas, que decidín, lembrando todos os traballos que elaborara seu pai, dedicarlle a Don Abelardo un libro de divagacións titulado *Consultorio dos nomes e dos apelidos galegos* (Xerais, 2007).

Pois ben, con todo respecto, profesor Moralejo, imos falar de algo do que ti sabes moito máis ca min, polo que estás na obriga de corrixi-me en calquera momento, sobre todo o que vaia dicir.

A min péreceme que o nome de Gallaicia é un exónimo, unha denominación que nos deu xente de fóra. Non sei se os habitantes dos castros tiñan unha palabra para designaren o conxunto da súa cultura, ou sequera se eran conscientes da unidade da súa cultura material, pero, en todo caso, os xeógrafos antigos e o mundo clásico referíronse a eles como os *Gallaici*, ou mellor, os *Callaici*<sup>2</sup>, que eran

8.1, aventura un *\*wr-mant-*, cf. ind. ant. *vari* “agua” (/EW 80c *\*auer-* “Wasser, Regen, Fluß” [“agua, lluvia, río”]). No aclara si hubo asimilación *\*barm-* > *barb-* o lenición o similar de *\*m-*.”

2 A este respecto, escribe Juan José Moralejo en “Gallaecia y sus etimologías”, en Manuela Domínguez García (coord.): *Sub luce florentis calami. Homenaxe a Manuel C. Díaz y Díaz*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2002:

“Καλλιακία, Καλλαϊκός, *Callaecia*, *Callaicus* é o que documentan Apiano, Dión Casio, Estrabón... e Ampelio, Eutropio, *Fastos Capitolinos*, Floro, Gratio, Marcial, Ovidio, Silio...; pero en Ampelio tamén rexistramos xa o fonema velar sonoro, *Gallaecia*; en Veleio Patérulo e en Livio temos só *Gallaecus*, en Plinio O Vello temos maioría de



unha tribo do sur da Gallaecia asentada na zona de Braga. Máis tarde, ese acabaría sendo o nome de toda a área do noroeste peninsular, nun exemplo nido de modificación do contido do topónimo, algo que sucede acotío, mesmo no topónimo *Barbanza*, que eu lembro, de cativo, que aludía só á serra, ao monte, e que hoxe en día designa unha comarca enteira. Ao igual que ocorre, no eido da xeoloxía, coas placas tectónicas, a toponimia tamén está en movemento.

Segundo di o profesor Juan José Moralejo nalgún dos seus estudos que eu atesouro, a evolución fonética de *Callaecia* a *Gallaecia* puido terse producido polas semellanzas ben fisionómicas ben culturais que as xentes chegadas de fóra vían entre os *Callaici* e os *Galos* ou celtas continentais<sup>3</sup>. Habería algún parecido? Non sei... Habería algún parecido lingüístico? Pois se cadra si. En todo caso, os nosos sabemos que levaban torques no pescozo; mais iso non quere dicir nada, xa que se pode pór de moda calquera aderezo, sen que signifique que haxa necesariamente ningún parentesco.

*Gall-*, pero tamén *Callaecia* e o *populus* dos *Callaeci*. Non coñezo documentación de *\*\*Γαλλακία* / *\*\*Γαλλαικός* (...) *Callaecia*, *Callaicus* ceden paso a *Gallaecia*, *Gallaicus*, que, con algunhas variantes, son arranque do que hoxe teñen todas as linguas europeas."

3 En "Gallaecia y sus etimologías", sinala tamén o profesor J. J. Moralejo:

"Temos xa marco para as etimoloxías de *Gallaecia* e coezamos por lembrar a *communis opinio* de que a imposición temperá de G- por C- non sexa un proceso regular de criba fonolóxica no tránsito do sistema fonolóxico galaico ao latino, senón que pode deberse a que os que crearon a unidade administrativa *Callaecia* e os que a estudaron viron nos *Καλλαικοί* / *Callaici* rasgos culturais e lingüísticos que os asimilaban aos *Γαλάται* / *Galli*, os celtas por antonomasia cando Roma entra en contacto cos nosos devanceiros."

Despois de que Decimus Iunius Brutus, no ano 137 a.c., fixera a súa incursión penetrando en Galicia polo sur, a través do val do Douro, é probable que o contacto directo dos romanos cos *Callaici* contribuíse á difusión dese nome. En calquera caso, cómpre sinalar que hai un descubrimento recente, un "bronce" achado en Bembibre, no Bierzo, datado no ano 15 a.c., en tempos de Augusto, no que se denomina o noroeste da Península Ibérica como *Transduriana provincia*<sup>4</sup>, o que nos fai pensar que, aínda non chamándose Gallaecia, xa estaba identificada unha provincia romana que ocupaba a área do que nós distinguimos como "cultura dos castros": a actual Galicia máis unha extensión maior de territorio tanto ao sur coma ao leste. E será trescentos trece anos despois da inscrición do "Bronce de Bembibre", cando Diocleciano proclama esa provincia co nome de Gallaecia, nome que perviviu ata os nosos días. Cando

4 Velaquí o texto íntegro do "Bronce de Bembibre":

*Imp(erator) · Caesar · Divi · fil(ius) · Aug(ustus) · trib(unicia) · pot(estate) ·*  
*VIII · et · pro-co(n)s(ule) · dicit · Castellanos · Paemeio-brigenses · ex ·*  
*gente · Susarorum · desciscitentibus ·*  
*ceteris · permansisse · in officio · cog*  
*novi · ex omnibus · legatis · meis · qui ·*  
*Transdurianae · provinciae · prae/uerunt · itaque · eos ·*  
*universos · im*  
*munitate · perpetua · dono · quosq(ue)*  
*agros · et quibus · finibus · possede*  
*runt · Lucio · Sestio · Quirinale leg(ato) ·*  
*meo · eam · provinciam · optinente(m) ·*  
*eos · agros · sine · controversia · possi*  
*dere · iubeo*  
*Castellanis · Paemeiobrigensibus · ex*  
*gente · Susarorum · quibus · ante · ea ·*  
*immunitatem · omnium · rerum · dede*  
*ram · eorum · loco · restituo castellanos*  
*Allobrigiacinos · ex gente · Gigurro*  
*rum · volente · ipsa · civitate · eosque*  
*castellanos · Allobrigiacinos · om*  
*ni · munere · fungi · iubeo · cum ·*  
*Susarris ·*  
*Actum · Narbone · Martio ·*  
*XVI · et · XV · k(alendas) · Martias · M(arco) · Druso · Li*  
*bone · Lucio · Calpurnio · Pisone*  
*co(n)s(ulibus)*



ninguén fala xa de Baetica, de Lusitania ou de Tarraconensis, pois son termos que morreron, cando a Galia deixou de existir, para pasar a ser Francia, e dende a Idade Media se fala de Castela, de León, de Portugal, de Andalucía..., nós seguimos chamándolle ao noso país *Gallaecia*, coa evolución fonolóxica correspondente: *Galicia* ou *Galiza*.

Galicia e España (proveniente do latín Hispania) son [xunto con Asturias e Cantabria] os únicos nomes de provincias ou territorios romanos da Península Ibérica que prevaleceron ata hoxe e non naufragaron na catástrofe do desastre escuro da desaparición do Imperio Romano, previa ao xurdimento dun mundo novo, a raíz das invasións bárbaras.

Será no ano 411 cando un pobo viaxeiro, procedente do Danubio, chegue á Gallaecia guiado por unha sorte de Moisés xermánico, Hermerico, para asentarse aquí definitivamente. Malia que nunca o vin, parece ser que existe un *foedus* ou tratado entre Hermerico e o decadente emperador Honorio polo que este lle concede ao pobo daquela, o pobo dos suevos, un privilexio de independencia. De ser así, Gallaecia tería deixado de ser unha provincia romana para converterse no primeiro reino europeo constituído como tal. Porén, o nome de Gallaecia mantívose, como dicía, ata os nosos días, cos dous resultados que coñecemos: *Galiza* e *Galicia*.

A primeira, *Galiza*, é a forma que atopamos en todos os documentos do século XIII. Segundo Ramón Lorenzo, a finais do século XIV damos con *Galicea* nos textos; mais a forma que pervive na

lingua oral é *Galicia*, manténdose *Galiza*, con s sonoro, en portugués. Este feito levou a pensar a algunhas persoas que a variante *Galicia* era un castelanismo, e que *Galiza*, a forma pura. Eu sosteño que non é certo. *Galicia* é un semicultismo galego, que mesmo influíu sobre o castelán, onde entendemos que *Galicia* é un galeguismo, pois senón atoparíamos “*Gallicia*”, como atopamos *gallego*. Mostra disto témola en que, no *Poema de Mio Cid*, segundo nos lembra o que foi profesor dos meus profesores, Menéndez Pidal, aparece *Gallizia*<sup>5</sup>.

Tanto *Galicia* como *Galiza*, xa que logo, son semicultismos de distinta intensidade. Os portugueses conservaron, como ficou dito, *Galiza*, mais engadíndolle no século XVIII, por influxo francés, o artigo feminino a: “A *Galiza*”, con s sonoro, fonema perdido na pronunciación natural dos galegos. Non será ata o século XX, que o movemento nacionalista trate de recuperar a forma *Galiza*, como ben exemplifica Castelao ao titular unha das súas obras *Sempre en Galiza*. Con todo, o propio Castelao non mantén un criterio unánime sobre a recuperación desa variante, pois el mesmo asina *Atila en Galicia*, coa forma ditongada.

Resulta tamén interesante pór a nosa atención en descubrir como se di o topónimo *Galicia* noutras linguas. Eu gozo moito ao ler na *Divina Comedia* a pasaxe en que Beatriz exclama: “*Mira, mira, aquí o varón / polo que alá abaixo*

5 No Cantar III (“Afrenta de Corpes”), 124, lemos:

*¡Que lo sepan en Gallizia y en Castiella e en Leon  
con que rriqueza enbio míos yernos amos a dos!  
A mis fijas sirvades, que vuestras mugieres son;  
si bien las servides yo vos rrendre buen galardón (...)*





se visita Galicia”<sup>6</sup>, en alusión ao Apóstolo Santiago. Ou tamén no *Orlando furioso*, no canto XIII, onde podemos ler:

*Isabella sono io, che figlia fui  
del re mal fortunato di Gallizia.*

No primeiro dos casos, na obra de Dante Alighieri, atopamos *Galizia* cun só *I*, mentres no *Orlando furioso* o resultado é con dobre *I*, *Gallizia*. Doutra volta, nunha novela de cabaleirías francesa do século XIV que leva anos pedindo a berros ser traducida á nosa lingua, titulada *Le roman de Ponthus*, fálasenos de Ponthus como o “roi de Galice”. Unha *Galice* que algúns falantes franceses pouco cultos confunden coa *Galitzie* da Europa Centrooriental, a *Galitzia*, situada entre os actuais estados de Ucraína e Polonia, e que pouco ou nada ten que ver coa nosa *Galicia*. O mesmo ocorre co topónimo *Gales*, outro “falso amigo” tamén de *Galicia*, feito que se observa de xeito nidio no inglés *Wales*, e aínda máis no galés *Cymru*. Pero o que a min me preocupa é a seguinte cuestión: ten algo que ver a *Galicia* coa *Galia*? E coa *Galacia*, a terra dos *Gálatas*? E a pregunta máis importante: que falaba a xente da *Gallaecia*?

Dos habitantes da *Gallaecia* coñecemos como vivían, onde vivían, de que vivían,... sabemos o nome das tribos, dos deuses,... que posuían unha cultura material que presenta unha extraordinaria

coherencia e unidade,... pero, que falaban? Para contestar esta interrogante botamos man de dúas fontes: a) a toponimia, que está inzada de milleiros de fósiles prehistóricos, e b) os nomes dos deuses. Porén, contamos tamén con dous inconvenientes: a) que os topónimos puideron ter sufrido unha serie de transformacións ao longo dos séculos que os fan practicamente irrecoñecibles e b) que os teónimos decote son importados ou exportados, vendo falsificada así a súa orixe xeográfica. Quédannos as inscricións, pero os habitantes dos castros eran analfabetos, polo que as inscricións conservadas están en latín, e nun latín paupérrimo, sen ningunha complexidade sintáctica.

A nós non chegou ningún documento consistente escrito na lingua prerromana da *Gallaecia*. O máis parecido que temos é un pequeno texto que di *CROVGIAI TOVDADIGOE*<sup>7</sup>. Non posuímos, por exemplo,

<sup>7</sup> *CROVGIAI TOVDADIGOE*, inscrición achada preto de Xinzo da Limia, que significa: *CROVGIAI* (en dativo), “penedo / altar / cairn comunal”, máis o adxectivo “*TEUTATI-KO*” -> *TOVDADIGO-*, de “*TEUTA*”, “comunidade”, “pobo”.

No artigo “Documentación prelatina en *Gallaecia*”, en (R. Álvarez et al. (eds.), *Lingua e territorio*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega, 2006, pp. 191-234, atendemos ás palabras de J. J. Moralejo:

“2.4. *IRG IV 91* (Mosteiro de Ribeira, Xinzo OU) é epigrafe, hoxe perdido, que o Padre Sarmiento leu

*CROVGIN TOVDADIGOE RVFONIA SEVER* (a)

“Con tal lectura pódese entender:

“*CROVGIN*, de “*krouk-*, como acusativo de singular, a pedra (jo *croio!*) que se consagra á divindade *TOVDADIGOE*, “comunal ou nacional”, é dicir, un adxectivo do substantivo indoeuropeo occidental “*teuta*” “comunidade, pobo, nación”, “*teut-at-ikos*” (cf. teónimo galo *Teutatis*), con sonorización “-t- > -d-”, con “*eu* > *ou* e caso dativo “-oi coa grafía -oe.

“Pero, se seguimos a boa suxestión por Gorrochategui 1987: 87 de que *CROVGIN* poida ser *CROVGIAI*, dativo de singular, con ligadura de -AI que Sarmiento non recoñeceu, teremos o sintagma frecuente teónimo + epíteto, ambos en dativo, *CROVGIAI TOVDADIGOE*. O teónimo

<sup>6</sup> No Canto XV do “Paraíso”, versos 13-18, atopamos a citada alusión a *Galizia*:

*Indi si mosse un lume verso noi  
di quella spera ond'uscì la primizia  
che lasciò Cristo d'i vicari suoi;  
e la mia donna, piena di letizia,  
mi disse: «Mira, mira: ecco il barone  
per cui là giù si vicità Galizia» (...)*



e sería desexable, algo semellante ao rexistro de Cabeço das Fráguas, na Lusitania, no que se fai reconto dun sacrificio típico indoeuropeo de varios animais<sup>8</sup>, entre eles un *porcom*, con *p* celta inicial que trae de cabeza aos lingüistas.

Non coñecemos a lingua dos nosos devanceiros dos castros, pero si sabemos que falaban no seu entorno, con excepción da lingua dos ástures: na meseta, unha lingua celta, o celtibero; e na Lusitania, segundo ten afirmado o profesor J. J. Moralejo, outra lingua celta ou para-celta, co inconveniente da existencia dese *p* inicial, impropio da familia lingüística celta, plasmado no rexistro de Cabeço das Fráguas; *p* ausente, sen ir máis lonxe, no celtibero. É este, por certo, un código lingüístico perfectamente comprensible. Calquera estudoso pode ler o “Bronce de

Botorrita”<sup>9</sup>, mais iso non nos servirá para coñecer a lingua dos castros. Se falasen unha lingua celta, sería esta semellante á dos lusitanos? Ou falaban máis dunha lingua? É posible que se asemellase á lingua da Lusitania, pero sabemos que os lusitanos vivían en grandes *oppida* ou lugares fortificados, tal como tamén sucede cos celtiberos, e posuían unha cultura material distinta á existente nos castros.

E antes de cederlle de novo a palabra ao profesor Moralejo, quixera só dicir algo máis, en relación non tanto coa lingüística senón coa literatura, coa ficción. Paulo Orosio<sup>10</sup>, en *Historiae adversus paganos*, no século V, é o primeiro que fala de que hai unha torre na Coruña, que se chama Brigantia, dende a que se ve Britannia e tamén as costas de Irlanda. E segundo a tradición celta, Breogán foi o fundador de Brigantia, sendo os seus fillos os que puxeron a vista sobre as costas irlandesas, tal e como se recolle no libro das invasións celtas *Leabhar Ghabhála*.

MORALEJO: Ese é un dos grandes erros da xeografía antiga. Refírome, claro, ao moi mal medidas que estaban as lonxitudes e latitudes, de maneira que dende a Gallaecia Irlanda quedaba a un paso.

*CROVGIAI*, a “rocha” ou “penedo”, ben documentado noutros epígrafes, califícase como *TOVDADIGOE*, “comunal, nacional”.

“Pero tamén é posible que *TOVDADIGOE* sexa o teónimo *Teutatis*, ben coñecido na Galia (na tríada *Esus, Taranis, Teutatis*, cf. Lucano, *Farsalia* 1, 444-446) e tamén remisible a *ide*. \**teuta*, no dativo *TOVDADI* e coordinado ó teónimo *CROVGIAI* pola enclítica átona *-GOE*, grafía para a que na orixe indoeuropea formulamos \**k*” e que atopamos nos textos celtibéricos coma *-cue* e ilustramos coa lingua latina en sintagma tan coñecido coma *senatus populusque Romanus*. Segue en pé que hai sonorización de xorda *k*, pero agora temos grafía *-OE* con *-o-* para o elemento labial da oclusiva labiovelar *k*” ou da súa evolución no ámbito galaico.

“Repárese nas profundas diferencias entre as opcións que unha boa análise filolóxica e lingüística permite, pero sen que ningunha se imponha como definitiva.”

8 Inscripción de Cabeço das Fráguas:

OILAM TREBOPALA  
INDI PORCOM LAEBO  
COMAIAM ICCONA LOIM  
INNA OILAM VSSEAM.  
TREBARVNE INDI TAVROM  
IFADEM [ ]  
REVE TRE [ ]

Tradución: [Sacrifícase] a Trebopala unha ovella e a Laebo un porco , a Iconna Loiminna unha vaca, a Trebaruna unha ovella dun ano (?) e a Tre (?) un touro de cubrición.

9 Os “Bronces de Botorrita” son unha serie de pranchas de bronce do século I a.C. atopadas en Contrebia Belaisca, en Cabezo de las Minas, a carón da actual Botorrita, preto de Zaragoza. O chamado “Bronce de Botorrita I” ou “Gran bronce de Botorrita”, descuberto en 1970, é o texto escrito en celtibero máis extenso conservado.

10 *Paulus Orosius* (c. 383-c. 420), en latín, foi un sacerdote, historiador e teólogo hispano, probablemente nado en Bracara Augusta, na antiga Gallaecia. A súa obra máis coñecida é *Historiae adversus paganos* (*Historias contra os paganos*), onde pon de manifesto a súa metodoloxía histórica.



Eu voume ater ao que acaba de dicir Ferrín, que ten nota, e vou facer unicamente algún comentario, un escolio, do que acabamos de escoitar.

Ten razón Xosé Luís Méndez Ferrín cando afirma que *Gallaecia* é un exónimo dado polos romanos. En canto á súa etimoloxía, para min e para outros estudosos o topónimo significa “A montaña”<sup>11</sup>. Parece ser que os *callaici* ou *galaicos*, orixinariamente habitantes da actual zona de Braga, foron os que lle deron máis traballo a Bruto na súa conquista, de xeito que despois de triunfar sobre todo o conxunto do territorio foi celebrado como “*gallaecus*”, e *Gallaecia* foi o nome estendido a toda a área comprendida entre o Navia e o Douro, deixando fóra algunhas zonas que hoxe son totalmente galegas: a terra de Trives e a de Valdeorras, que formaban parte da Asturica.

No tocante á presenza do topónimo *Galicia* noutras linguas e literaturas, é preciso engadir a unha extensa ringleira de rexistros<sup>12</sup> a ópera de Giovanni Paisiello<sup>13</sup> *Il barbiere di Siviglia*, anterior ao *Bar-*

*beiro de Sevilla* de Rossini, que tamén dá conta do nome de *Galizia*. E en canto ao binomio *Galiza / Galicia*, atina moi ben o profesor Ferrín ao sinalar que as dúas son formas galegas e que *Galicia*, en castelán, é un rotundo galeguismo. Todo máis, faremos algunha consideración ao respecto do final *-ia*, que pode ben tratarse dun rasgo dialectal procedente da Galicia oriental, onde non hai *Pazos* senón *Pacios*, e atopamos *O Incio* e non de *O Inzo*; ou ben dun resultado semiculto, ao xeito dos topónimos *Alemania* ou *Francia*, que os autores do Século de Ouro español soían escribir *Alemaña* e *Franza*, respectivamente.

Tamén pertinente é o apuntamento que fixo Xosé Luís Méndez Ferrín sobre o topónimo *Gales, Wales* en inglés, que é un topónimo-etnónimo bastante abundante na Antigüidade que traducimos por “os de fóra”, “os estranxeiros”. Trátase dun exónimo, dun nome que reciben os galeses, pois estes chamábanse a si mesmos do xeito que lembrou Ferrín, *Cymru*, que podemos interpretar como “os camaradas”, “os compatriotas”.

Dito isto, vou dar conta aquí brevemente dunha novidosa tese do profesor e catedrático de Filoloxía Latina na Universidade de Valencia, Xaverio Ballester, que se ten ocupado moito destas cuestións,

11 Lemos de novo o profesor Moralejo en “*Gallaecia* e as súas etimoloxías”, para explicar a etimoloxía de *Gallaecia*:

“Sigo a opción etimolóxica de Búa: de ide. \**kalno-*, \**kjno-* “Schwiele, harte Haut”, forma sufixada de ide. \**kel-*, \**kelō-* “ragen, hoch (heben)” (IEW 544), teremos unha base substantiva \**kal-n-eH₂* “montaña” e, con asimilación \*-*ln-* > \*-*ll-* e con sufixación adxectivoal -(a)*ik-*, os *Callaici* somos os “montañeses”, da *Callaecia* ou “(terra) montañosa”.”

12 Para dar conta da presenza do topónimo *Gallaecia*, nas súas diversas formas, en autores gregos, latinos e posteriores, véxase o estudo citado “*Gallaecia* e as súas etimoloxías”, do profesor J. J. Moralejo.

13 Compositor italiano (1740-1816) pertencente ao período clásico. No seu *Barbeiro de Sevilla*, no acto I, escena II, canta Figaro unha aria na que se alude a varios topónimos peninsulares, entre eles *Galizia*:

*Scorsi già molti paesi:  
in Madrid io debuttai,  
feci un'opera, e cascai;*

*e col mio bagaglio addosso  
me ne corsi a più non posso  
in Castiglia e nella Mancia,  
nell'Asturie, in Catalogna;  
poi passai nell'Andalusia,  
e girai l'Estremadura,  
come ancor sierra Morena:  
ed in fin nella Galizia;  
in un luogo bene accolto,  
in un altro in lacci avvolto;  
ma però di buon umore,  
d'ogni evento superior.*



e que nun dos seus traballos<sup>14</sup> reduce a unha soa raíz etimolóxica os termos *Celtae* / *Celtici* por un lado, e, polo outro, as formas *Γαλάται* / *Galli*. Ademais, propón a explicación de que *Gálatas* e *Celtas* serían “os do extremo”, “os do límite”, en clara alusión á situación xeográfica marginal, extrema, de todo o mundo celta no continente europeo.

Temos na Gallaecia unha personalidade moi ben definida que, non obstante, comparte semellanzas con outros veciños

peninsulares, moi en particular cos astures e, sobre todo, cos lusitanos. E mesmo o profesor e Catedrático de Lingüística Comparada na Universidade de Colonia, Jürgen Untermann, agora xa xubilado, ten falado dunha liña Oviedo-Mérida que marca e define, na marxe esquerda do mapa peninsular, un conxunto de particularidades lingüísticas diferenciadoras, con certa importancia e mesmo tradución cultural; entre elas, o uso exclusivo dalgúns teónimos, ou a enorme abundancia do sufixo *-ego*, que continuamos utilizando en *galego*, *charnego* ou *labrego*. Pola contra, ese trazo divisorio que fai o profesor Untermann é case coincidente con outro, para o noso infortunio: o que define o territorio do noroeste da Península Ibérica como unha área na que non hai textos prerromanos, excepción feita do mencionado por Ferrín, o *CROVGIAI TOVDADIGOE* que fora atopado polo Padre Sarmiento e que, se me permiten, paso a explicar decontado.

Encontramos en *CROVGIAI* un dativo dunha voz que traducimos por *penedo*, *rocha*: “para o penedo”, entendendo este como unha divinización ancestral do mesmo. Unha raíz, a de *CROVGIAI*, que permanece viva no irlandés *crúach*, que é o “montón de pedras”, e mesmo no galego actual, no termo *croio*, a “pedra informe” ou “amorfa”.

Polo que respecta a *TOVDADIGOE*, achamos unha voz que comparten as linguas indoeuropeas occidentais: *\*TEUTA*, “a comunidade”, “a nación”, “o pobo”; a mesma raíz do alemán *Deutsch*. De feito, *Deutschland*, Alemaña, non é máis que “a terra da comunidade”. E *CROVGIAI TOVDADIGOE* traducímolos por “para o penedo da comunidade”.

14 En “Sobre el etnónimo de los gálatas (y de los celtas)”, Gerión, vol. 20, nº 1, 2002, o profesor Xaverio Ballester afirma:

“Tan típico, podría decirse, resulta el segmento radical *gal-* de la etnonimia de los celtas (*Γαλάται*, *Gallaeci*, *Galli*...) como la raíz *slav-* para los eslavos, y aun tampoco puede excluirse que el mismo nombre de los *celtas* (latín *Celtae*) remonte a idéntica raíz, si bien con la interferencia de (al menos) una lengua que trata las oclusivas sonoras como sordas ([g > k]) —por tanto, por una lengua muy probablemente no indoeuropea— y que hipotéticamente habría mantenido un original grupo [lt], ya que es más probable una evolución en el sentido de [lt > ld > ll] que la adaptación por otra lengua de un [ll] como [lt] ([ll > lt]). Al respecto una secuencia como \**[galàt-]* (esto es, con la segunda sílaba átona; y nótese *Γαλάται*) simplificaría enormemente la cuestión y aumentaría la probabilidad de que unos *Celtae* y *Galli* o afines remontan a una única raíz, puesto que una secuencia como \**[galàt-]* podría haber muy bien propiciado un resultado \**[galt-]*, el cual sí más fácilmente podría haber sido adoptado como [kalt-] (*Celtae*) por otra lengua, mientras que de modo natural podría haber evolucionado a [gall-] (\**[galàt-]* > *[galt-]* > *[gald-]* > *[gall-]*) en sus propios continuos lingüísticos (*Gallaeci*, *Galli*). La propuesta de un original \**[galàt-]* contaría también con la ventaja de explicar el doble tratamiento, simple [l] y geminado [ll], de la líquida, un detalle con frecuencia descuidado y que hay que explicar si no se pone en duda la relación entre las formas célticas *Γαλάται* y *Gallaeci* o *Galli*. Más concretamente un original \**[galàt-]* explicaría también, sin recurrir necesariamente a la fonomorfología de la lengua intermediaria, la formación latina en *-a* (*Celtae*, *-arum*, no *Celti*) frente al griego más general *Κέλτοι* (singular *Κέλτος*; aunque también *Κέλται*), lo que excluye aquí una influencia helénica. Quizá, pues, se haya concedido un excesivo crédito a la información cesariana (*gall*. 1, 1, 1): *qui ipsorum lingua Celtae, nostri Galli appelluntur*, sobre todo teniendo en cuenta que, en razón del carácter expansivo de los celtas, nada garantiza que los *Celtae* de César no fueran en realidad pueblos celticizados. En suma, no se puede excluir taxativamente una relación etimológica entre *Celtae* y *Galli*, sobre todo si una secuencia como \**galàta-* está en la base de ambas derivaciones.”



Feita esta aclaración, coido que é o momento de devolvelle o turno ao moderador ou a quen este dispoña.

FERRÍN: Eu quería que nos falases sobre o problema do *p* inicial e intervocálico das linguas celtas, que se conserva na toponimia galega en abundancia.

MORALEJO: De acordo, pois.

En Lingüística Histórica e en Dialectoloxía, cando se trata de agrupar ou de diferenciar linguas e dialectos, o manter un estado de cousas non ten significado diagnóstico ningún. O verdadeiramente relevante é a innovación con que se produce a excepción que aparta unha determinada lingua ou dialecto do conxunto. No caso das linguas célticas, un dos eixos na súa definición, quizais o máis importante na teoría ortodoxa actual, é que o fonema *p* inicial e intervocálico pérdese. De maneira que, partindo da raíz indoeuropea *\*pH<sub>2</sub>tér*, onde os latinos obtemos o resultado *pater*, o celta irlandés presenta *athir*. E namentres en latín rexistramos *porcus*, ao norte das Illas Británicas arribamos ás *Orkneys* ou *Orcades*, que máis que “as illas dos porcos” son “as illas das focas”, porque o que nun lugar é *porco* pode ser denominado noutro sitio, perfectamente, *foca*, tal e como ocorre neste caso.

Antes citou o profesor Ferrín un texto lusitano, o de Cabeço das Fráguas, no que imos reparar un intre. Trátase, en efecto, dun sacrificio típico indoeuropeo, concretamente dunha *suovetaurilia*, palabra latina que comprende o nome de cada un dos tres animais sacrificados: *sus*, un porco; *ovis*, unha ovella; e *taurus*, un touro. Observamos que no texto apa-

rece *porcom*, con presenza de *p* céltica inicial, incumpríndose, polo tanto, un dos rasgos diferenciadores máis característicos desa familia lingüística. Pero non é o único caso, pois en galego, portugués e castelán hai unha voz *páramo* de clara orixe prerromana, que presenta tamén o fonema inicial *p*, e outros varios exemplos que se manifestan na toponimia. E contra a opinión, en principio ortodoxa, de que o mantemento do *p* implicaría a negación de que esteamos ante unha palabra celta, quedanos o xuízo, entre outros, do profesor Jürgen Untermann, que afirma que, dentro do ámbito céltico, esta innovación, con toda a súa relevancia, non ten por que acharse en todas as tradicións lingüísticas; e en concreto, na Gallaecia e na Lusitania<sup>15</sup>, segundo o pro-

<sup>15</sup> Sobre a cuestión de que se falaba no noroeste da Península Ibérica en época prerromana, o profesor J. J. Moralejo conclúe en *Linguas Paleohispánicas. Os Celtas da Europa Atlántica. Actas do 1º Congreso Galego sobre a Cultura Celta*. Ferrol. Agosto de 1997, páxinas 17-45:

“[...] Nestes textos fixemos unha selección de rasgos fonolóxicos e gramaticais da documentación directa lusitana que, unidos a outros lusitanos, galaicos e hispanos en xeral proporcionados pola documentación indirecta, parecen máis ou menos incompatibles co que a opinión maioritaria entende por Céltico Común, polo que se vén recoñecendo na indoeuropeización de Hispania un estrato que conviría datar como precéltico, de corte occidental e con personalidade definida incluso para constituir por si só un grupo máis na familia indoeuropea e que chamamos Lusitano pola súa área de documentación directa; é un grupo conservador como é habitual en áreas marginais, malia que participou en innovacións tan fundamentais como opor timbres *o* e *a*, é dicir, contar con cinco timbres vocálicos.

“Queda aínda por considerar o estrato, talvez o máis antigo, representado por hidrónimos e remisible ao ‘Alteuropaisch’ ou antigo europeo, que se caracteriza fronte ao céltico por manter ide. *\*p* e fronte ao céltico e ao lusitano por non distinguir aínda (mellor que por ter fundido) os timbres *o* e *a*, pois ten só *a*. En Galicia habería que chamar a atención sobre hidrónimos como *Sar*, *Tambre* (antes *Tamaris*), *Camba...* o común e toponímico *páramo*, topónimos como *Palas*, talvez *Partovia...* O profesor Villar está acumulando e fundamentando material que en Galicia, paraíso dos mil ríos e da microtoponimia, ha ser espléndido.

“Para temerosos de quedárense á intemperie quero deixar claro que a presenza lingüística céltica en Lusitania e



fesor alemán, poderase admitir o carácter céltico da lingua, malia que se conserve

o *p* inicial, tal e como ocorre na inscrición lusitana de Cabeço das Fráguas.

Gallaecia segue sendo clara e intensa, ben testemuñada na documentación directa e indirecta, nas fontes clásicas, na Onomástica antiga e nas súas pervivencias actuais, no sustrato fónico, gramatical e léxico do galego-portugués. Ademais de todo canto houbo e hai en toponimia formada con *-briga* e *-bra*, *-bre*, *-ve*, ademais de *Brigantium* e *Bergantinos*, están máis dun Condado que non precisa de condes, pois alude á confluencia de augas, como alude *Ambasestas*; están hidrónimos como *Dubra* ou *Deva*, topónimos como *Beresmo*, *Ledesma*, *Nemenzo*, *Nantes*, *Coruña* (¿?), *Céltigos*... que non necesitan presentación. Pero os topónimos como *Céltigos*, antropolónimos similares (*Celtius*, *Celtillus*...) e textos antigos que citan celtas ou célticos entre outros etnónimos poden significar precisamente que non todo o que hai encaixa baixo a etiqueta de celta. As nosas conclusións, de orde estritamente lingüístico, non afectan en absoluto ao que sexa ou se bautice celta de Gallaecia e Lusitania en cultura material e espiritual, formas de organización social, ideoloxía, conciencia de etnicidade, etc. Quien sinalar unicamente que Gallaecia non escapa á complexidade e pluralidade de estratos indoeuropeizadores de Hispania e que a nosa indoeuropeización se fixo de forma tal que é inviable por inculto un celtismo galaico / galego que se pretenda único, ou máis intenso, ou diferencial no conxunto hispánico."

E engadimos tamén dous fragmentos do artigo de J. J. Morales titulado "Documentación prelatina en Gallaecia" (R. Álvarez et al., edd., *Lingua e territorio*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega, 2006, pp. 191-234), recollido, ao igual que outros traballos citados aquí do profesor Morales, en *Callaica Nomina. Estudios de Onomástica Gallega*, recopilatorio editado pola Fundación Pedro Barrié de la Maza no ano 2008:

**"Os textos lusitanos non son un "castrapo".**

"Na análise da documentación e no diagnóstico hai moitos factores en xogo e teño que me limitar a presentar brevemente un par deles.

"En primeiro lugar direi que non é solución lóxica, senón mera *petitio principii*, a tese de que nos textos lusitanos teñamos un adianto do que hoxe chamamos "castrapo", unha mestura de linguas lusitana e latina na que as formas polémicas, por exemplo, *PORCOM*, deixan de ser polémicas porque as consideramos intrusionas latinas que suplantán a forma lusitana xenuína do mesmo xeito que, poño por caso, no castrapo o *conexo*, a *escoba*... están onde tiñan que estar o galego *coe(n)llo*, *vasoira*...

"Esta tese podería amañar algo nos textos de Lamas de Moledo e Cabeço das Fráguas, pero non podería facer nada nos textos de Arroyo de la Luz nin na moita Onomástica indíxena que nada ten que ver co "castrapo" e que trae problemas de encaixe da lingua galaico-lusitana no grupo céltico e no conxunto indoeuropeo.

"E tampouco non é de recibo sospeitar erro do lapicida onde convén e acadamos unha lectura máis cómoda. Por exemplo, o discutido *ANGOM* de Lamas de Moledo pódese "corrixir" en "*agnom*" e así teríamos un ano que nos encaixa moi ben co *PORGOM* de máis abaixo e tamén coa aparente *suovetaurilla* que temos en Cabeço das Fráguas.

Con todo, as cousas poden enguedellarse aínda máis, e resulta que existen na Galicia actual topónimos de segura ou probable orixe céltica nos que o *p* inicial si caeu. Tal é o caso de *Ponte Ledesma*, sobre o río Ulla, onde houbo noutro un (*P*)

[...]

**"É celta unha lingua que mantén ide. \*p?"**

"É maioritaria a opinión –García Alonso 2003, Gorrochategui 1987 e 1997, Mc Cone 1996, Hoz 1993a, Michelena 1976, Prósper 2002, Schmidt 1985 e 1992, Schmoll 1959, Tovar 1967a, 1968, 1983, 1985, 1986, 1987, Villar 1990a, 1990b, 1994, 1996b, 1998...– de que a conservación de ide. \*p é proba da non celti(c)idade da lingua galaico-lusitana, pero, despois de revisar o material con /p/ na Hispania indoeuropeizada –material case todo onomástico e que, moi importante, tamén se rexistra na Celtiberia e áreas próximas– Untermann 1987: 74 avisa "Ich fürchte, eines Tages werden die Keltisten lernen müssen, mit dem *p* zu leben", é dicir, "Me temo que algún día os celtólogos van ter que aprender a convivir co *p*". Tamén Búa 1997: 73 insiste na insuficiencia de que a conservación de ide. \*p exclúa a celti(c)idade da lingua galaico-lusitana. Na longa e minuciosa revisión que De Bernardo 2002 fai do "celta peninsular hispano" non vexo que a conservación de \*p se teña en conta para negar a celticidade da documentación galaica e lusitana. E hai outras voces autorizadas, por exemplo, a de Evans 1993: 597

"hardened Celtologists, and others, have by and large failed to emerge altogether unscathed (myself among them) from contemplation (whether it be fleeting or intense) of the awkward questions occasioned by the mesmeric *p* of this particular range of forms [quer dicir, *paramus*, *Palantia*, *Poemana*, *porcom*...],

"pero coa conclusión, 1993: 598, de que

"for me it is neither a failure to resist temptation nor a view based on firm conviction to dally with the thought that the vaguely delimited Lusitanian is in some ways potentially, even perhaps markedly, Celtic despite all the trouble still caused by some confounding forms and patterns.

"O tempo dirá se non se traballou nun estereotipo do céltico no que os criterios excesivamente estritos de taxonomía lingüística xuntáronse co condicionamento tamén excesivo de criterios extralingüísticos que contribuían a facer da celti(c)idade do mundo galorromano e medieval das Illas Británicas o canon único. Ademais de abrir a celti(c)idade étnica e cultural á riqueza sincrónica e diacrónica que realmente ten e ademais de separar debidamente os datos étnicos e culturais dos datos lingüísticos, cumprirá unha renovación dos criterios lingüísticos que dea xogo ó relevo documental que hoxe ten a Hispania indoeuropea e se cadra iremos dar no recoñecemento dun celta marxinal e conservador, un celta con ide. \*p mantido."



*Ledesma*<sup>16</sup>, superlativo céltico que traducimos por *chaira*, a “terra moi cha”. E no concello de Cenlle atopamos a parroquia de *Osmo*, análogo ao celtibérico *Osma* de *Burgo de Osma*, por exemplo, no que tamén cae o *p*. Así mesmo, damos en Lugo cun *Olga* (co significado de *horta*), onde de novo semella terse perdido o *p*; *Olga* que é o equivalente en Galicia ao *Huelgas* castelán do *Monasterio de las Huelgas*.

En definitiva, ao falar da caída do *p* nas linguas celtas, cómpre resumir que hai, por un lado, unha ortodoxia que nos di que se trata dun fenómeno definitivo á hora de catalogar unha lingua como céltica, e polo outro, unha heterodoxia moi autorizada que afirma que se pode ser céltico a pesar de manter o fonema *p*.

FERRÍN: Entón, e xa para rematar, pode ser *\*plaria* o antecedente da *leira* galega?

MORALEJO: Podería ser. No caso de que así fose, poderíamos mesmo falar dun sistema no que incluíríamos *Larouco*, *Laraño*, *Lariño*,... Todos eles topónimos que partirían dunha mesma raíz na que cae o *p* inicial. Sen embargo, para *leira* existe outra etimoloxía que non ten nada que ver, a proveniente do latín *glarea*<sup>17</sup>, por máis que sabemos que a *leira* é boa terra namentres que a *glarea* é o pedreguño<sup>18</sup>.

<sup>16</sup> Do indoeuropeo *\*pl-eH<sub>1</sub>-t-isam-eH<sub>2</sub>*.

<sup>17</sup> “Grava”.

<sup>18</sup> Chegado este punto, e despois dalgunhas intervencións do público nas que se formularon aos convidados, Xosé Luís Méndez Ferrín e Juan José Moralejo Álvarez, varias preguntas relacionadas con diversos aspectos filolóxico-lingüísticos, púxose punto e seguido a un encontro que pretende ter continuidade no futuro, se as axendas destes dous *humanistas*, tal e como os presentou Xosé Luís Axeitos, así llelo permiten, nun vindeiro acto no que se traten aspectos como o *mundo clásico* na poesía de Ferrín. Pero polo de agora, a ámbolos dous, vaian dende

a Asociación Cultural Barbantia as máis profundas e sinceras grazas, por achegarnos un chisco da súa enorme sabedoría.

**ACTAS DA  
VI SEMANA DA HISTORIA DE NOIA  
“HOMENAXE A XOSÉ AGRELO HERMO”**





 osé Agrelo Hermo: Vida e Obra  
(Relatorio das Xornadas de Historia de Noia. 2011)

*Xoán Pastor Rodríguez Santamaría*





## I. INTRODUCCIÓN

Boa tarde! É para min unha satisfacción e unha honra estar hoxe aquí nestas **Xornadas de Historia de Noia**, ante tantos amigos, meus e do home-naxeado, **Xosé Agrelo Hermo**, un home imprescindible na historia cultural de Noia, do Barbanza e de Galicia. É unha honra, pero tamén unha responsabilidade e unha dificultade falar dun home que tantos de vós coñecestes moito mellor ca min. Eu coincidín con el nos últimos anos da súa vida, coincidín colaborando na revista *Alameda*, e cando acolleu algunha publicación miña en Toxosoutos, ademais de escoitalo en moitos actos culturais. Sempre admirei del a súa xenerosidade, o seu entusiasmo polo mundo da cultura, a súa capacidade para ter sempre proxectos, e a súa facilidade oratoria. Eu farei un breve percorrido descritivo e cordial pola súa escrita, sincero e limitado, pois a súa obra e o seu labor merecen un estudo máis polo miúdo.

Moitos, ou todos, saben da súa enorme presenza en toda a vida cultural de Noia e seguro que non son capaz de abranguer todo o que fixo e todo no que estivo activo Pepe Agrelo, dende a biblioteca do Liceo de Noia, a organización da Canción do Tambre, o seu labor na radio, nas revistas, na editorial Toxosoutos, nos grupos teatrais, en charlas, en libros, en presentacións... **Que é o que non fixo Agrelo?**

Sempre a ferver de ideas e proxectos, foi tamén un home comprometido, non só coa cultura senón tamén coa política e, se non recordo mal, mesmo candidato ao Senado. E, por desgraza, toda España

soubo que figurou naquelas macabras listas dos que debían ser eliminados se triunfaba o golpe de estado do 23 de febreiro de 1981. Pero eu non son historiador, e Noia conta con persoas ben preparadas para estudar este labor político de Pepe Agrelo.

Nado en Santa Cristina de Barro, o 10 de abril de 1937, estudou as Humanidades e a Filosofía no Seminario Conciliar de Santiago, logo Maxisterio na Escola Normal da Coruña, e en Madrid faría estudos de cine, xornalismo e Filoloxía Románica. Exerceu de mestre, mestre anovador e comprometido con Galicia, en varios lugares e, sobre todo, en Esteiro, e logo en Muros. Faleceu en 2006 cando aínda estaba cheo de proxectos e de ilusión por seguir a traballar a prol da cultura galega. Toda Noia e todo o Barbanza se deron conta de que se ía unha das súas figuras fundamentais, un dos seus referentes culturais, apreciado e respectado pola maioría, polas diferentes xeracións ás que transmitiu o seu amor por Galicia, por Noia, pola lingua galega, polos libros e polo teatro.

Dicía Avilés de Taramancos que cando se citaba o nome de Agrelo viña sempre á boca a palabra *mestre*, que non foi só a súa profesión, senón a súa vocación, o seu desexo de transmitir o pulo polo saber e o amor pola liberdade.

Pola data do seu nacemento, os anos trinta, pertence á xeración que Méndez Ferrín denominou **Xeración das Festas Minervais**, a promoción dos nenos da guerra, aqueles que se criaron e medraron na ditadura, os nados entre 1929 e 1939-40, que non participaron directa-



mente na guerra civil, pero que sufriron as súas consecuencias na falla de liberdade, no ensino represor, no ataque ao galego, no medo e na época da cultura galega desfeita, esfarelada, asustada ou exiliada, e que tiveron que reencontrarse coas súas raíces.

A xeración á que pertencen outros noíeses importantes como **Avilés de Taramancos**, **Caamaño Suárez** e **Manuel Hermida Iglesias**, e que conectaron con Galicia a miúdo a través dos superviventes da Xeración do 36, que en Noia representaba **Fabeiro Gómez**, un galeguista que sufriu unha grande transformación ideolóxica, pero que mantivo o pulo como poeta en galego e como investigador do pasado de Noia e Muros.

Esta xeración estará marcada, pois, pola escola franquista, polo poder represivo da ditadura, polo influxo abafante da Igrexa Católica, e polo nacemento do novo nacionalismo galego na década dos 60.

Como home de teatro deuse conta da oportunidade que significou a **Mostra de Ribadavia** para o rexurdir do teatro galego, e vencellou o seu nome a dramaturgos doutras xeracións como Ruibal ou Manuel Lourenzo. Con **Candea** espallou o teatro rural e social, levando o nome de Noia por toda Galicia, e a súa mirada crítica e comprometida sobre o noso pasado e o seu presente.

Espero que sexa útil este percorrido por algúns dos seus labores intelectuais, xa colocados na historia cultural de Noia, do Barbanza e de Galicia.

## II. O HOME DE TEATRO

Penso, e creo non errar, que unha das maiores paixóns intelectuais de **Xosé Agreló** foi o teatro. Falo do teatro, e non de literatura dramática, porque foi non só dramaturgo, senón tamén director teatral, actor e estudoso do teatro en Noia. Non tiven a sorte de velo actuar e dirixir, e por iso teño que centrar a miña análise na súa literatura teatral, importante como tal, pero á que lle faltan a escena, a tremoia, os actores, a vida... porque iso é o teatro. Son moitos os que traballaron con el como actores en Noia, os espectadores das súas montaxes aquí e en toda Galicia, e eles coñecen mellor ca min a dimensión teatral de Pepe Agreló. Por sorte, a raíz dunha homenaxe da revista *Alameda* pouco despois de falecer, que se publicou en decembro de 2006, contamos con dous traballos que axudan a entender e sintetizar o seu labor teatral. Un é o de Ramón Carredano: “*Xosé Agreló e o Liceo*”, e o outro o de Xerardo Agrafoxo: “*Xosé Agreló: a cultura como compromiso, a palabra como arma de seducción*”, no que entrevista a Xoán Manuel Fernández, director do grupo teatral noíés **Mutis** e que, como Carredano, traballou con el en moitos labores teatrais.

A principios dos anos 60 e en *Radio Noia*, a emisora do Instituto Laboral, colaborou no programa “*Voces en el aire*”, do que foi tamén guionista. E de aí saíu o grupo teatral **Talía**, dirixido por Guillermo García Iglesias, e no que Agreló foi actor e logo director, que puxo en escena varias comedias de Tono e de Llopis. Pero o mellor do seu labor vai comezar en 1973 cando se forma un grupo teatral na Sociedade Liceo que pon en escena a obra



de Blanco Amor "*Farsa de Micomicón e Adhelalala*", coa montaxe de Pastoriza, que tivo un grande éxito, e marcaría o seu camiño como director teatral de obras en galego. Logo viría o intento de estrear "*Escuadra hacia la muerte*", unha obra moi crítica de quen foi un dos grandes autores teatrais españois de posguerra, Alfonso Sastre, pero que non puido ser por mor da censura. Nese momento o teatro galego está a saír das catacumbas, das salas de cámara, mercé ao labor de Abrente, na Mostra de Teatro de Ribadavia. Todos os críticos de teatro galegos (Vieites, Riobó, Laura Tato, Lourenzo) sitúan o traballo de Pepe Agrelo nese grupo anovador de Abrente, a carón de homes máis mozos como Manuel Lourenzo, Ruibal e Vidal Bolaño.

Xorde o grupo **Candea** e, en 1974, acode a Ribadavia con **Pancho de Rábade**, a obra de preguerra de Álvaro de las Casas, que se estrea no Liceo de Noia o 17 de maio de 1975. Nese mesmo ano pon en escena **Rexurdimento**, de Leandro Carré Alvarellos. Axiña volverá a Ribadavia, pasando previamente por Noia, coa súa obra máis emblemática, **Noite de lobos** (1975), en 1976 con **Metá e metá**, e logo en 1978 con **O mestre**. As tres son xa da autoría de Agrelo e levan a **Candea** por toda a xeografía galega. Logo virían as disensións co Liceo, e **Candea** fará a súa traxectoria xa dende 1976 fóra do mesmo. Pero aínda voltará Agrelo ao Liceo coa montaxe, no ano 2000, de **Os vellos non deben de namorarse**, de Castelao.

Con todo, non foi **Candea** o único grupo teatral que Agrelo impulsou, pois o teatro para nenos encarna outra das

súas ocupacións; e así, co grupo teatral para nenos, **Agrocobo**, puxo en escena, dende 1975 a 1983, obras como "*Auto dos Reis Magos*" (1975), "*O espantallo*" -da súa autoría- en 1976, ou "*Os vellos*", de Castelao, en 1978, entre outras. En Esteiro, e dende 1980, impulsou o grupo **Xestruxo**, co que puxo nas táboas "*Os vellos*" de Castelao en 1981, "*Pancho de Rábade*", en 1982, e "*Metá e metá*" en 1983. Aínda en 2004 puxo en escena **O achado do castro**, de Núñez Singala, coa Asociación Cultural O Xeito.

Hai acordo entre os críticos galegos en que a literatura dramática de Agrelo enlaza coa liña ruralista, con carga crítica e social do teatro galego de preguerra, o de Xesús San Luís e Villar Ponte. Por desgraza, as súas pezas non se editaron ata 1989 e 1990, e cómpreilas reeditando e reunilas nun volume.

**Noite de lobos** é unha obra en catro xornadas que quere ser un chamamento aos labregos para perderen o medo secular e facérense solidarios, amosando isto por medio da desgraza dun coitado que á fin é o único verdadeiramente humano da obra.

**Metá e metá** amosa o problema da emigración en Galicia e é tamén un chamamento a quedar na terra e loitar por ela.

**O mestre** mostra o horror da guerra e da ditadura e unha crítica á permanencia no poder dos mesmos que fixeron as barbaridades no pasado.

As tres pezas teatrais desta dramaturxia rural, social e crítica reuníronse



no volume **Candea 70**, en 1989, no que o propio Agreló fai un breve resumo do labor de *Candea* e cre que *“terá sempre un recanto na historia do teatro amator de Galiza”*.

As dúas experiencias teatrais para nenos apareceron en 1990 na obra *O xogo dramático (de, con, por, para nenos)*, que reúne as súas pezas *“Sogima”*, e *“O espantapaxaros”*, ambas as dúas da súa autoría, acompañadas dun xogo dramático que adapta ***Os soños na gaio-la***, o libro de poemas de Manuel María. O volume leva notas de tipo didáctico para que os mestres que queiran facer teatro cos alumnos teñan uns coñecementos mínimos e un pequeno repertorio, ademais dunha bibliografía básica de textos literarios para nenos, máis unha pequena mostra de libros de consulta sobre teatro e a súa dramatización na escola.

En 2004 gañará o Premio Estornela de teatro para nenos, da Fundación Neira Vilas, con ***O ensaio***, que se editará en 2005. Para min é a súa mellor obra para rapaces, unha peza con sete personaxes infantís onde seis cativos fan de actores e outra de directora, e van creando a peza conforme a están representando. Obra en prosa pero con algúns versos, é unha magnífica forma de aprenderlles a facer teatro aos rapaces. O carácter infantil da obra non evita algunhas alusións críticas á realidade.

Con ocasión destas xornadas, e coa posta en escena do grupo *Mutis*, poderemos ver no escenario outra peza teatral de Agreló, ***O triángulo escaleno***, o 26 de marzo no Coliseo Noela. Unha peza en tres actos que é un triángulo amoroso en-

tre dúas rapazas universitarias e un cura en crise. O triángulo vai amosar as características diferentes das tres personaxes e provocará sorprendentes situacións que veremos na próxima representación.

Esta peza está ademais editada por Toxosoutos, cun limiar de Agrafoxo sobre o grupo *Candea*, e un estudo dramatolóxico dun especialista como Euloxio Ruibal, aos que se suma Alfonso Costa como ilustrador.

Aínda é autor Agreló doutras pezas como *“O cartafoi de Ruperto”*, que se pode ler en rede na *Biblioteca Virtual Galega* dende 2003, e anunciou outras pezas como *“Tiro ao branco”*, que non sei se se conservan ou só eran aínda proxectos.

Foi o seu labor teatral moi importante na historia do teatro amator galego, que fixo chegar a dramaturxia a moitos recunchos de Galicia, en xeral con éxito, o que lle permitía unir arte e compromiso, pois as súas obras fundamentais tiñan un importante contido social e crítico, necesario naquela sociedade que saía dunha longa noite de pedra, dunha ditadura que coutara a liberdade e suprimira o auxilio da cultura galega logrado entre o nacemento das Irmandades da Fala en 1916 e a guerra civil de 1936.

*Non quero rematar esta breve revisión do labor teatral de Agreló sen facer unha alusión ao seu papel de actor. Sei que fixo un memorable señor Antón en Noite de lobos, pero non sei se hai gravacións das súas actuacións teatrais. Pero si que podemos apreciar o seu talento interpretativo na curtametraxe **Macana de dote**,*



*dirixida por Miguel Castelo, en 1991, en 35 milímetros, con guión de Euloxio Rodríguez Ruibal. Agrelo fai o papel de Galisindo, un indiano rico que non quere que a súa filla se relacione cun ninguén, cun “cheñías”, que dicimos aquí. Aí están a voz e o xesto, a palabra e os dotes interpretativos dese amante da arte de Talía que foi Xosé Agrelo Hermo.*

### III. O INVESTIGADOR, O ENSAÍSTA E O DIVULGADOR

Se a principal paixón intelectual de Xosé Agrelo foi probablemente o teatro, ao seu carón estivo sempre a súa paixón por Noia, pola vila e a súa historia, polas súas xentes e por colaborar ao seu engrandecemento cultural e asociativo. Foi a súa unha figura moi presente e respectada na vida cultural noiesa durante corenta anos. Todo o que tiña que ver con Noia lle interesaba, como investigador, como divulgador, como animador doutros talentos investigadores, como editor de moitos libros de Toxosoutos, como estudoso dalgunha das grandes figuras desta vila, como xornalista en *Barbanza* e en *Alameda*, e como núcleo esencial da súa preocupación vital e intelectual.

Con Manuel Fabeiro Gómez, e ata a chegada dunha nova fornada de intelectuais noieses aos que sempre animou, foi o intelectual esencial desta vila de Noia, que xa non pode escribir a súa historia sen el.

En 1971 publicou o seu primeiro libro ***Efemérides noyesas***, asinado en colaboración co tamén falecido Manuel Hermida Iglesias, onde reuniu toda a información

que posuía sobre Noia, sintetizando e divulgando os datos dos historiadores anteriores e sumándolles os obtidos polos autores. Obra útil aínda hoxe, ten agora unha versión galega, posta a disposición de todos por Toxosoutos en 2008.

Outro labor moi importante de Pepe Agrelo foi o de editar e divulgar o Catastro da Ensenada e a súa información sobre a comarca, e así en 2006 aparecen ***Catastro de Ensenada. Noia e a súa xurisdición (1752)***, que acertadamente cualificou Pedro García Vidal de “*fenomenal documento para a historia socioeconómica da xurisdición de Noia no século XVIII*”. Xa póstumo, en 2007, apareceu na mesma colección Anais ***Catastro de Ensenada. Boiro e as súas freguesías (1753)***, un libro que o xa citado García Vidal consideraba “*un deses libros que de tan necesarios se fan imprescindibles*”. Haberá que agradecerlle sempre a Agrelo que fixese posible a edición destas dúas obras, de referencia para quen queira coñecer a historia do Barbanza.

Noia, un microcosmos de Galicia para Agrelo, foi tamén motivo de estudo en obras como ***A freguesía de Santa Cristina de Barro***, aparecida en 1996, onde ofrece unha radiografía esencial da súa parroquia natal: toponimia, antecedentes históricos, capelas, cruceiros, cancionero popular e todos os datos básicos para o seu estudo e onde, malia a modestia do folleto, se aprecian os seus coñecementos históricos e etnográficos. Esta mirada sobre unha parroquia estenderaa en 2004 a ***A freguesía de Santa Mariña de Esteiro***, escrita en colaboración con Francisco Abeijón Núñez, que amosa, ademais, que coñecía ben o cancionero





popular que recollera Álvaro de las Casas na revista *Nós*, así como os traballos de Artaza Malvárez.

En 2003 foi un dos coordinadores dunha obra xa emblemática para Noia, feita para conmemorar o setenta e cinco aniversario da Sociedade Liceo, **Noia. Ribeiras de mar enxoito**, do que Xoán Mariño Reino afirma que *“reuniu ás mellores prumas noiasas para elaborar a máis extraordinaria obra que ata agora se fixo sobre Noia”*, obra que non deixou de suscitar controversias políticas, e da que tivo que saír, con García Vidal, a explicar o seu plan e a solvencia dos seus colaboradores dende as páxinas da revista *Alameda*. A este volume contribúe cos traballos *“Xente de Noia”*, *“Teatro e artes escénicas”* e *“Vellos oficios”*.

Membro da Xeración das Festas Minervais, uniuno unha grande amizade co extraordinario poeta desa promoción, Antón Avilés de Taramancos, que coñeceu ben, e de quen contribúe á divulgación da súa vida e da súa obra no volume **Aproximación didáctica á obra de Antón Avilés de Taramancos**, obra escrita en colaboración con Pilar Sampedro e publicada en 1995, que agora conta xa cunha reedición de 2002. Obra pedagóxica, pois o ensino foi non só a profesión de Agreló senón tamén unha preocupación vital, de mestre anovador que procurou que o local fose tido en conta e se inxerise no universal, do microcosmos ao macrocosmos. Foron moitos os traballos nos que perpetuou a valía poética e persoal de Avilés, que van dende unha das mellores recensións de **Nova crónica das Indias**, aparecida en 1989 no xornal *Barbanza* co título *“Avilés de Taramancos: un narrador*

*para un pobo”*, ao volume biográfico divulgativo **Avilés de Taramancos**, aparecido en 2002, e que conta cunha moi boa bibliografía, pasando por traballos como *“Avilés coa súa xente”*, de 1993, a entrevista que lle fixo ao autor de **Cantos Caucanos** para *Alameda*, ou outros traballos publicados en *Casa da Gramática*, *A Nosa Terra* e *A Motora*. Tamén Avilés apareceu nun volume sintético e divulgativo, e moi ben pensado, que publicou en 2005, **Doce grandes escritores galegos**, onde o coloca a carón de Añón e Rosalía, de Curros e de Carlos Casares.

Outra figura noiasa que mereceu a súa atención foi o reitor compostelán **Alejandro Rodríguez Cadarso**, de quen publicou unha breve biografía en 2004.

A nostalxia do mar perdido foi moi importante en Agreló, como o foi no seu amigo Avilés, e deulle ocasión de ir facendo un catálogo de barcos e das cuestións marítimas noiasas na súa sección *“O Mar”* da revista *Alameda* e no volume **Derrota e singraduras do Joaquín Vieta**, de 2005.

Moitos outros aspectos do percorrido histórico de Noia lle interesaron, do que é boa mostra a súa serie sobre a historia do ensino en Noia, publicada na xa tantas veces citada revista *Alameda*, que foi ademais un dos seus grandes labores colectivos, na que puxo moita ilusión e traballo, sendo membro do seu consello de redacción ata a súa morte e que é un dos traballos colectivos que mellor fala do pulo cultural e da categoría da sociedade que a edita e da vila de Noia, que permite a todo o Barbanza contribuír a un mellor coñecemento de nós mesmos. Aí están



moitos dos seus afáns, a miúdo baixo pseudónimos como “*Roque Gallardo*” e “*Pepe da Roca*”. Non foi a única preocupación xornalística de Agrelo, pois xa en 1988 foi redactor xefe do xornal *Barbanza*, onde tantas páxinas de Avilés se publicaron, e no que asinaba como *Pepe da Roca* a sección “*Peccata minuta*”. Foi tamén impulsor de *A Motora*, de Esteiro, e colaborou en varias publicacións periódicas.

Póstuma e en 2008 apareceu a obra ***De Simón a Ratzinger. Vinte séculos de pontificado***, unha boa síntese da historia do papado e do seu contexto histórico, moi útil por non contarmos en galego cunha obra destas características. Amosa o coñecemento que adquiriu na súa formación no Seminario, que deixou fonda pegada nel, e así o evidenciará tamén na súa obra narrativa e teatral, ás veces negativa, pero formación que lle deu coñecementos moi amplos. A ponderación domina a súa visión, crítica, pero que non nega as cousas positivas.

Noia, a súa historia e as súas xentes, a cultura galega e o valor dos nosos autores, configuran o núcleo do labor ensaístico de Agrelo.

#### IV. O NARRADOR

Aínda que a literatura dramática e todo o labor teatral e divulgador foron fundamentais para Pepe Agrelo, desenvolveu tamén unha interesante carreira de narrador. Esta andaina de narrador comezou en 1972 cando gañou o primeiro premio do IV Concurso Nacional de Contos O Facho con ***O espantapaxaros***, que

Galaxia editou nese mesmo ano. Hoxe, a literatura infanto-xuvenil galega é, coa poesía, unha das pólas máis vizosas da árbore da nosa literatura, e non se lle dá moito aprecio á aparición dun conto infantil, pois hai xa moitos a disposición de todos. Pero isto non era así en 1972, pois esa literatura estaba nesa altura nos seus comezos, nun lento rexurdir despois dos antecedentes de preguerra (por certo, entre eles o dun home vencellado ao ensino noiés, Álvaro de las Casas, quen publicara aquí, na Imprenta Loroño, o seu ***Teatro dos nenos***, en 1936). De feito, aparte de traducións de contos ao galego que Galaxia fai dende 1963, o primeiro título orixinal en galego dun conto infantil despois da guerra foi ***Polo mar van as sardiñas***, en 1967, da autoría de Xoana Torres, seguido por ***A galiña azul***, de Carlos Casares, en 1968. Este feito fai que en 1972 afirme Valentín Arias, que recensiona o conto de Agrelo na revista *Grial*, que a literatura infantil galega non existía “*fai media ducia de anos*”. Arias resaltará na obra de Agrelo a sinxeleza dos elementos empregados, adobiados “*cunha elemental e fresca fantasía*”. A carón disto gaba que o conto estea narrado cunha lingua propia, a dos destinatarios, que fan deste relato “*unha fermosa obra de arte con evidente transcendencia educativa*”. Un conto no que un espantallo narra en primeira persoa a súa andaina a carón da escola, que se ve sen traballo cando o seu amo emigra. É pois, para o recensionista en 1973, unha “*imaxe certa da Galicia campesiña que agoniza, esnaquizada, no lusco-fusco dos días de hoxe*”. Quizais isto a fai hoxe, neste mundo tan urbanizado e tecnolóxico, un pouco distante dos nenos dos nosos días, pero é, en palabras de Arias,



un “conto breve, áxil, escrito na lingua que lle é común aos meniños da comarca noíesa, engaiolador pola súa fasquía mesma, e ao mesmo tempo retrato patético da Galicia que temos ahí á beira”. Blanca-Ana Roig Rechou caracterizouno como un conto fantástico-realista que “se insire na tendencia de crítica social en voga no momento”, e que contén fortes trazos identitarios. Ten, para a estudosa de Portosín, un vencello claro coa Escola Nova de Lowenfeld e Read, baseada na autoexpresión infantil, que é o que se pode apreciar nas ilustracións do conto, feitas por nenos.

No ano 2002, trinta anos despois, volve Pepe Agreló á literatura para rapaces a través dunha nova canle de expresión -o cómic-, pois nese ano aparece **Noia, porto de Compostela**, con textos de Agreló e debuxos de Veiras Manteiga. Un breve percorrido sintético e realista pola historia de Noia para nenos.

En 2003 gañou o Certame Literario Avilés de Taramancos de Relatos de Aventuras con **Rumbo ao Maluco**. A partir da técnica do manuscrito atopado, narra a viaxe de Magalhães a comezos do século XVI a través da mirada de Antón de Noia, pero con fortes raíces no presente, tanto nas alusións ao Prestige, como no seu remate e con alusións a Avilés. Obra rápida, sinxela e áxil, moi pegada, ata o exceso, á historia; está no ronsel dos clásicos de aventuras como *A illa do tesouro*, na valoración do crítico Xavier Castro.

Xa fóra do ámbito infantil e xuvenil, en 1994 publicou **Os sete coitelos**, unha novela de aprendizaxe, con carga auto-

biográfica sobre as súas experiencias sobre a educación relixiosa que recibiu no Seminario. A obra remata co abandono da carreira relixiosa do protagonista con estas conclusións: “Agora vou recobrando a tranquilidade de espírito. Traballo no que podo, intento estudar, escribo algún artigo, teño unha moza como calquera home da miña idade e vexo o futuro sen temores nin inquiredanzas. Axiña serei unha persoa normal, coma todo o mundo”.

Xa en 2006, para o volume **Voces na guerra** que publicou a A.C. Barbantia, escribiu o relato sobre a guerra civil “A folla de ruta”, un durísimo conto sobre os paseados da guerra e no que destaca a gravísima responsabilidade da igrexa católica nestes crimes. Un conto áxil, directo, crítico e sen concesións.

Foi Agreló Hermo en xeral un narrador áxil, ás veces sintético en exceso, cunha forte carga crítica e un estilo lixeiro e fácil de ler. Non puideron acceder a outros relatos seus como “O hórreo baleiro” e “A abelaíña”, pero non creo que cambien as liñas xerais da súa caracterización.

## V. OUTRAS ANDAINAS: POETA, ORADOR, EDITOR

Non foi Agreló un cultivador da poesía, polo menos non da poesía rimada, pero xa ao final da súa vida escribiu **Cantiga da costureira poeta**, editada xa postumamente en 2007, unha homenaxe a María Mariño, que se publicou acompañada dunhas fermosas ilustracións de Alfonso Costa. Trátase de catorce poemíns a través dos cales se pretende ache-



gar aos máis pequenos a vida e a obra da autora de *Palabra no tempo*, cunha métrica de arte menor, en rima asonante nos pares destes octosílabos, para loar aquel:

*“diamante negro, din uns,  
poeta da lingua crebada.  
Voz de mármore, din outros,  
dinamiteira da fala”.*

Como **orador** foi home de palabra fácil, de expresión ás veces apaixonada, cheo de anécdotas, e cunha grande capacidade de persuasión e de entusiasmo. Acertadamente dicía Agrafoxo que foi home comprometido, que tivo a palabra como arma de sedución. Coa súa palabra parecía *“o protagonista dunha das súas obras literarias”*. Foi a palabra oral arma importante en Agrello como mestre, como actor, para o combate político e para a divulgación cultural. sempre cun firme compromiso co saber e co galego, cunha forte pegada non só do mundo culto senón tamén do saber popular. Nel o universal e o local non entraban en conflito, todo lle interesaba e de todo falaba. Sempre a palabra para convencer, e, como di Eva Veiga *“sempre abrollando en inextinguible recreación, as sementes de luz que xenerosa e solidariamente fuches espaxando”*. Arte e compromiso, palabra sempre entusiasta por todo o que afectase a Noia, á cultura galega e ás causas xustas.

Como **editor**, un día mergullouse no mundo da edición, que como afirma Xerardo Agrafoxo, converteuse para Pepe Agrello nunha paixón, nunha sorte de namoramento que lle permitiu traballar arreo pola cultura galega dende a editorial

Toxosoutos, na que, por certo, tivo mesmo a xenerosidade de editar e presentar un libro meu sobre Cervantes e Galicia. Esta dedicación editorial facilitou o labor de moitos investigadores e creadores do Barbanza, editando o que outros non se atrevían a editar, con acertos e erros, pero sempre aberto e xeneroso. Mesmo iniciou aperturas dende Noia á literatura universal coa colección *Tras os Montes*, onde apareceron en galego Wells, Homero, Sade ou a Rosalía que se traduce dende o castelán. Ou o importante que foi, e é, a súa iniciativa de crear o **Premio de Historia Medieval**, que é o único en Galicia, e que atrae a investigadores galegos e portugueses. Toxosoutos é pois unha factoría de proxectos, edicións e temáticas diversas, algunhas de moito éxito como a colección *Keltia*, pero destacando, sobre todo, a liberdade e o espallamento do nome de Noia a través dunha editorial presente en toda Galicia e en todo o estado español. A editorial deu, ademais, a ocasión de divulgar a obra gráfica dos pintores de Noia que ilustraron os seus libros.

## VI. CONCLUSIÓN

Agradézoles a todos a súa presenza e a súa paciencia en escoitarme e espero ter cumprido a encarga que me fixo vai para dous anos **Xerardo Agrafoxo**.

Non sei se logrei facer un bo resumo do labor dun home tan polifacético como **Xosé Agrello**, unha verdadeira forza cultural, que estamos obrigados a respectar, estudar e divulgar, para que o seu nome perdure a carón dos bos e xenerosos, situado xa entre as grandes figuras da



cultura que Noia aportou, e segue a aportar, á literatura e ás artes de Galicia.

Moitas grazas pola súa atención.

## VII. BIBLIOGRAFÍA

AGRAFOXO, Xerardo: “Os nosos libros”, *Alameda*, nº 16, outubro 2004, páx. 72.

AGRAFOXO, Xerardo: “Xosé Agreló: A cultura como compromiso, a palabra como arma de seducción”, *Alameda*, nº 25, decembro 2006, páxs. 61-66.

AGRAFOXO, Xerardo: “Os nosos libros”, *Alameda*, nº 39, febreiro 2011, páx. 72.

AGRELO HERMO, Xosé e Francisco ABEIJÓN NÚÑEZ: *A freguesía de Santa Mariña de Esteiro*, Noia, Toxosoutos, Cruceiro do Rego, 11, 2004.

AGRELO HERMO, J. e M. HERMIDA IGLESIAS: *Efemérides noyesas*, Santiago, Impr. El Eco Franciscano, 1971.

AGRELO HERMO, Xosé e Pedro GARCÍA VIDAL: “Noia. Ribeiras de mar enxoiro. A pequena historia dun libro”, *Alameda*, nº 13, decembro 2003, páxs. 76-77.

AGRELO HERMO, X. e M. HERMIDA IGLESIAS: *Efemérides noiesas*, Noia, Toxosoutos, 2008.

AGRELO HERMO, Xosé e Pilar SAMPEDRO MARTÍNEZ: *Aproximación didáctica á obra de Antón Avilés de Taramancos*, Noia, Toxosoutos, Ensino, 1995.

AGRELO HERMO, Xosé: *O espantapaxaros*, Vigo, Galaxia, 1972.

AGRELO HERMO, Xosé: “*Avilés de Taramancos: o nacemento dun narrador para un pobo*”, *Barbanza*, nº 38, outubro, 1989.

AGRELO HERMO, Xosé: *Candea 70 (tres pezas de teatro)*, Noia, Sementeira, Cruceiro do Rego, 2, 1989.

AGRELO HERMO, Xosé: *O xogo dramático (de, con, por, para nenos)*, Noia, Sementeira, Cruceiro do Rego, 4, 1990.

AGRELO HERMO, Xosé: *Prólogo a Avilés de Taramancos*, Noia, Concello, 1992.

AGRELO HERMO, Xosé: *Prólogo a AVILÉS DE TARAMANCOS, A.: Obra viva*, Santiago, Laiovento, 1992, páxs. 7-8.

AGRELO HERMO, Xosé: “*Avilés coa súa xente*”, *A Motora*, Esteiro, nº 0, xaneiro 1993.

AGRELO HERMO, Xosé: “*Homenaxe a Barbazán. Don Basilio, un grande home, patriota, artista e rebelde*”, *El Correo Gallego*, 26-03-1993. E en *Alameda*, nº 15 (2004), páx. 42.

AGRELO HERMO, Xosé: *Os sete coitelos*, Noia, Toxosoutos, 1994.

AGRELO HERMO, Xosé: *A freguesía de Santa Cristina de Barro*, Noia, Sementeira, Cruceiro do Rego, 1996.

AGRELO HERMO, Xosé: “*Primavera do 92*”, *Casa da Gramática*, Noia, nº 2, (1998).

AGRELO HERMO, Xosé: “*Entrevista. Antón Avilés de Taramancos*”, *Ala-*



*meda*, Noia, nº 7, marzo 2002, páxs. 70-72.

AGRELO HERMO, Xosé: “*Os compromisos dun poeta épico*”, en VVAA: *Antón Avilés de Taramancos*, A Nosa Terra, extra 21, (2002), pág. 17.

AGRELO HERMO, Xosé: *Noia. Porto de Compostela*, Noia, Toxosoutos, 2002.

AGRELO HERMO, Xosé: *Avilés de Taramancos*, Noia, Toxosoutos, Fasquía, 9, 2002.

AGRELO HERMO, Xosé: “*O ensino en Noia*”, *Alameda*, Noia, 13 entregas até o número 13 de decembro de 2003.

AGRELO HERMO, Xosé: “*Vellos oficios*”, en *Noia. Ribeiras de mar enxoito*, Noia, Liceo de Noia, 2003, páxs. 236-245.

AGRELO HERMO, Xosé: “*Teatro e artes escénicas*”, en *Noia. Ribeiras de mar enxoito*, Noia, 2003, páxs. 260-271.

AGRELO HERMO, Xosé: “*Xente de Noia*”, en *Noia. Ribeiras de mar enxoito*, Noia, 2003, páxs. 272-283.

AGRELO HERMO, Xosé: *Rumbo ao Maluco*, Noia, Toxosoutos, 2003.

AGRELO HERMO, Xosé: “*O cartafol de Ruperto*”, *Biblioteca Virtual Galega*, 2003.

AGRELO HERMO, Xosé: *Alejandro Rodríguez Cadarso*, Noia, Tosoutos, Fasquía, 10, 2004.

AGRELO HERMO, Xosé: “*A longa singradura do Pedra Sartaña*”,

*Alameda*, nº 14, marzo 2004, páxs. 16-18.

AGRELO HERMO, Xosé: “*A dor das familias mariñeiras*”, *Alameda*, nº 15, xuño 2004, páxs. 12-13.

AGRELO HERMO, Xosé: “*Manuel Güeto Sónora, un noiés no naufraxio do Castillo de Bellver*”, *Alameda*, nº 16, outubro 2004, páxs. 14-15.

AGRELO HERMO, Xosé: “*A goleta América, unha unión de esforzos*”, *Alameda*, nº 17, decembro 2004, páxs. 7-10.

AGRELO HERMO, Xosé: “*Dous bous para a historia: Santa Eulalia e Santa Rosa*”, *Alameda*, nº 18, marzo 2005, páxs. 8-10.

AGRELO HERMO, Xosé: “*Os nomes dos barcos*”, *Alameda*, nº 19, xullo 2005, páxs. 17-18.

AGRELO HERMO, Xosé: *Derrota e singraduras do Joaquín Vieta*, Noia Toxosoutos, 2005.

AGRELO HERMO, Xosé: *Doce grandes escritores galegos*, Santiago, Lóstrego, 2005.

AGRELO HERMO, Xosé: “*O ensaio*”, en VVAA: *Tres pezas teatrais*, Sada, O Castro, 2005.

AGRELO HERMO, Xosé: “*Os estaleiros da ría*”, *Alameda*, nº 21, xaneiro 2006, páxs. 14-17.

AGRELO HERMO, Xosé: “*A folla de ruta*”, en VVAA.: *Voces na guerra*, Boiro, A.C. Barbantia, Biblioteca Barbantia, 2, 2006, páxs. 33-40.



AGRELO HERMO, Xosé: *Catastro de Ensenada. Noia e a súa xurisdición (1752)*, Noia, Toxosoutos, 2006.

AGRELO HERMO, Xosé: *Cantiga da costureira poeta María Mariño*, Santiago, Xunta de Galicia, 2007.

AGRELO HERMO, Xosé: *Catastro de Ensenada. Boiro e as súas freguesías (1753)*, Noia, Toxosoutos, 2007. Limiar de Pedro García Vidal.

AGRELO HERMO, Xosé: *De Simón a Ratzinger. Vinte séculos de pontificado*, Noia, Toxosoutos, Memorialia, 10, 2008.

AGRELO HERMO, Xosé: *O triángulo escaleno*, Noia, Toxosoutos, 2011. Limiar de Xerardo Agrafoxo e estudo de Euloxio R. Ruibal.

AGRELO HERMO, XOSÉ: *O espantallo*, Noia, Toxosoutos, 2011.

ARÉN, Román: *“Doce peares da cultura galega”*, *A Voz de Barbantia*, *La Voz de Galicia*, (2006). Logo en *A Voz de Barbantia*, A Coruña, La Voz de Galicia, 2007.

A(RIAS), V(alentín): *“O espantapaxaros, por Xosé Agreló Hermo”*, *Grial*, Vigo, nº 39, (1973), páxs. 125-126.

ARXÓNS, María Dolores: *“A actividade cultural en Noia”*, en *Noia. Ribeiras de mar enxoito*, Noia, Liceo de Noia, 2003, páxs. 314-325.

CAAMAÑO, Manuel: *“Carta a Pepe Agreló”*, *Alameda*, nº 25, decembro 2006, páxs. 69-71.

CAMPOS, Domingo: *“O premio Leixaprén de recoñecemento á defensa da lingua. Xosé Agreló. Premio*

*Leixaprén 2001”*, *Alameda*, nº 25, decembro 2006, páxs. 54-56.

CARREDANO COBAS, Ramón: *“Xosé Agreló e o Liceo”*, *Alameda*, nº 25, decembro 2006, páxs. 7-11.

CASTRO, Xavier: *“A fantástica epopeia do aventureiro Antón de Noia rumbo ao Maluco”*, *El Correo Gallego*, O Correo das Culturas, 23-11-2003, páx. 4.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco: *Diccionario de escritores en lingua galega*, Sada, O Castro, 2ª ed., 1992.

FRANCO GRANDE, X.L.: *Os anos escuros. A resistencia cultural dunha xeración*, Vigo, Galaxia, 2004.

GARCÍA VIDAL, Pedro: *“O mestre”*, *Alameda*, nº 25, decembro 2006, páxs. 59-60.

GÓMEZ GARCÍA, Manuel: *Diccionario del teatro*, Madrid, Akal, 1997.

LOURENZO, Manuel e Francisco PILLADO MAYOR: *O teatro galego*, Sada, O Castro, 1979.

LOURENZO, Manuel e Francisco PILLADO MAYOR: *Dicionário do teatro galego (1671-1985)*, Barcelona, Sotelo Blanco, 1987.

MARIÑO REINO, Xoán: *“Ata sempre, vello mestre”*, *Alameda*, nº 25, decembro 2006, páxs. 57-58.

MARTÍN SÁNCHEZ, Rita e Yolanda LÓPEZ LÓPEZ: *Filmografía galega. Curtametraxes*, Santiago, Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro, 2002.





MÉNDEZ FERRÍN, X.L.: *De Pondal a Novoneyra*, Vigo, Xerais de Galicia, 1984.

NEIRA VILAS, Xosé: "Laio por Agrelo", en *Arredor do mundo*, Vigo, Xerais de Galicia, 2007, páxs. 183-184.

NOGUEIRA, Mar (dir.): *Catálogo de dramaturgos galegos 1973-2004. De Abrente ata hoxe*, Santiago, Xunta de Galicia / IGAEM, 2005.

RIOBÓ, Pedro P.: *O teatro galego contemporáneo*, A Coruña, Univ. A Coruña, 1999.

RODRÍGUEZ, Pastor: "Xosé Agrelo Hermo. O amante de Talía", *A Voz de Barbantia*, *La Voz de Galicia*, (2006). Logo en *A Voz de Barbantia*, A Coruña, *La Voz de Galicia*, 2007.

RODRÍGUEZ GALLARDO, Antón e Xavier SÁNCHEZ ALONSO: *Xentes de letras do Barbanza*, Boiro, Concello, 1992.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Xoán Pastor: *Escritores da Barbanza*, A Pobra do Caramiñal, Concello, 1999.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Xoán Pastor: "A literatura galega na península do Barbanza no século XXI", *Alameda*, nº 14, marzo 2004, páxs. 70-74.

RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Xoán Pastor: "A xeración de Avilés no Barbanza", *Barbantia*, nº 4, (2008), páxs. 141-157.

ROIG RECHOU, Blanca-Ana: "Literatura, infancia e mocidade na serra do Barbanza", *Barbantia*, nº 1, (2005), páxs. 155-173.

S.S.: "Os nosos libros", *Alameda*, nº 14, marzo 2004, páx. 80.

S.S.: "Lembrando o axitador cultural Xosé Agrelo Hermo", *A Nosa Terra*, nº 1.245, 23/29-11-2006, páx. 24.

TARRÍO VARELA, Anxo: *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*, Vigo, Xerais de Galicia, 1994.

TATO FONTAÍÑA, Laura: "O teatro", en TARRÍO VARELA, A. (coord.): *A literatura desde 1936 ata hoxe: poesía e teatro*, tomo XXXIII de *Galicia*, Literatura, A Coruña, Hércules, 2000.

VEIGA, Eva: "Xosé Agrelo: Da estirpe prometeica", *Alameda*, nº 25, decembro 2006, páx. 68.

VIEITES, Manuel F.: *Manual e escola da literatura dramática galega*, Santiago, Sotelo Blanco, 1996.

VILAVEDRA, Dolores: *Diccionario da literatura galega I. Autores*, Vigo, Galaxia, 1995.





*D*a cor do vento<sup>1</sup>  
*David G. Couso*

---

<sup>1</sup> Este texto figura como limiar na edición do relato publicado por Toxosoutos.





Non coñecín o mestre, e boa mágoa que sinto agora que reparo nesta súa seitura que nace no berce dunha boa semente. Del deixou dito Avilés, que sentiu a terra de xeito similar e por iso se fixo chamar de Taramancos, que Xosé Agrelo tiña a sabedoría que o pobo imprime, que posuíu a arte da palabra e de descubrir o que os ollos e as ansias queren ver, *metá* e *metá*.

Os seus empeños comezaron en tempos adversos, nos que a xenreira facía escorar os máis preclaros pensamentos cara aos caudais do enxeño. Polos anos 60 e 70, Pepe formou parte dun grupo de mozos e mozas da posguerra que andaban, en palabras de Manolo Caamaño, ás atoutiñadas moitas veces, a descubrir con ilusión xuvenil a Galicia oculta e, con ilusión, a facer de guerrilleiros da cultura, con firme propósito de espertar as adormiñadas consciencias que o réxime franquista puxera en repouso permanente. E corría o ano de 1971 cando, nas páxinas dominicais de *La Voz de Galicia*, inauguraba a sección *Contos pra os nenos galegos* (creado en 1968 coa finalidade de difundir a creación dunha literatura infantil en lingua galega, con patrocinio da Caixa de Aforros d' A Coruña e Lugo) cun relato que levaba por título *O espanta-paxaros*, escrito por un mestre que exercía entón en Torea-Abelleira (A Coruña). O texto fora o gañador do Concurso de contos infantís "O facho", e dotado coa cantidade de 5.000 pesetas. E gañou, ademais dese premio, outros que de seguro foron moito máis reconfortantes para o seu creador e algo menos recoñecidos publicamente, como son os premios dos seus alumnos e veciños. Moi grande foi a veciñanza de Pepe, pois non falei cunha soa persoa

que non emitise boas palabras para esta senlleira figura das letras. E dese recoñecemento é boa mostra a iniciativa de ter representada a versión teatral deste conto que hoxe publicamos por todas as escolas galegas, unha posta en escena ideada por el, coñecedor das terras "polas que non pasaba o Castromil", e que deixou escrita naqueles primeiros Cadernos do Cruceiro do Rego da Editorial Toxosoutos. A música do Ballet Gallego Rey de Viana e os rapaces aos que ensinaba fixeron d' *O espantallo* un éxito do teatro do pobo que Agrelo representaba.

Dende a súa Santa Cristina de Barro levou o teatro á xente acendendo esa *Candea* que espertaría nos galegos a honra da súa *fasquía*. Xa é mérito abondo. Pero virían outros da súa pluma e do seu incesante caletre, do que saíron tamén novelas (*Os sete coitelos*), relatos (*Rumbo ao Maluco*), e numerosos ensaios dedicados a contribuír ao patrimonio histórico e cultural mediante as biografías de persoeiros como Avilés ou Cadarso, e a través das monografías sobre Noia, Esteiro, Boiro, Santa Cristina e tantos outros lugares e paisaxes que levou por todo o territorio galego.

Home de teatro, home de letras, ser humano entrañable, persoa con afán conciliador, colaborador en canto evento cultural se presentase, inseparable da súa dona, amigo dos seus, home de conciencia clara e principios de forte raizame "con feixe de palla ao fondo e unha chaqueta da cor do vento", ese é Pepe da Roca, Xosé Agrelo. Alto recollo o testemuño. Non será doado estar á altura.



# A execución do Cantino en Boisaca

*Xerardo AgraFoxo*





## A HISTORIA

Pola causa **294/36**, as autoridades que se rebelaran contra a legalidade democrática, abríronlle un proceso penal ao camareiro noiés Ramón Mayán Ramos. Acusárono de cometer un “delito de rebelión militar” por axudarlles aos mineiros de Lousame a cargar caixas con armamento para sufocar o golpe de Estado.

Entre os episodios que se lembran na vila de Noia sobre aquel dramático suceso destaca a intervención do avogado Arturo García Mariño que, durante a sesión do Consello de Guerra, rebelouse contra as sibilinas intencións dos mandatarios fascistas.

Este veciño compareceu perante o Tribunal Militar o día 4 de outubro de 1936. A súa intervención, sen deixarse inducir polas palabras do fiscal, causou un profundo malestar entre os militares congregados aquela mañá en Santiago:

*–¿Conoce Vd., al procesado Ramón Mayán?*

**–Si, señor.**

*–¿Sabe Vd. si es borracho y pependciero?*

**–No tengo noticias.**

*–En su concepto, ¿es muchacho realmente de mala conducta?*

**–No, es bullanguero, pero no de mala conducta ni creo que sea ladrón.**

*–¿Le considera capaz de cometer actos como atentados contra la propiedad o inducir a otros a que los cometan?*

**–No, señor.**

*–Oyó Vd. decir a persona alguna en Noya, que fuera uno de los que componían el grupo que arrojó las bombas sobre el Convento?*

**–No, señor, las bombas se dice las arrojaron los mineros que eran los únicos que se conceptuaban con capacidad para arrojarlas.**

*–¿Este muchacho estaba conceptuado allí como dirigente?*

**–Si dirigente quiere decir que la persona organizaba manifestaciones, digo que no, porque es público y notorio que estas organizaciones las llevaban a cabo los alcaldes auxiliados por elementos del Frente Popular.**

A última contestación de Arturo García Mariño, indicando que o procesado non era persoa de “mala conducta”, provocou a inmediata intervención do fiscal:

*–Dice que no lo considera de mala conducta –¿y si a Vd. le dijésemos que este sujeto había intervenido en los sucesos revolucionarios, seguiría pensando lo mismo?*

**–Si cargas armas en un camión para mandarlas a La Coruña habría cometido un acto peligroso pero ello no quiere decir que sea de mala conducta.**

**Yo estimo –sigue diciendo el testigo– que, dada la cultura del procesado y las propagandas subversivas que desde el año treinta y uno vienen predicándose, sea el procesado uno de los tantos individuos envenenados en esas doctrinas.**





Esta longa resposta motivou que a presidencia lle chamase a atención. Quería que soamente se limitase a contestar as preguntas que lle realizase o fiscal, sen espraíarse con comentarios irreverentes para o caso que se trataba no Consello de Guerra:

–*¿Cómo cree Vd. que sea de buena conducta si estaba envenenado y actuaba desde el año treinta y uno?*  
–*pregunta el Fiscal.*

–**No considero de mala conducta – contesta el testigo– un hombre que no falta a sus relaciones sociales, que no roba.**

–*¿Y todavía al saber que se ha levantado en armas contra la Patria?*

–**No sabía que se había levantado en armas.**

–*¿Vd. no sabe –dice el Fiscal– que se le acusa de que recogió armas y las entregó para llevarlas a La Coruña?*

–**Eso no me consta –contesta el testigo.**

Despois destas matizacións, o fiscal continuou co seu interrogatorio. A súa intención era clara: coñecer a relación que existía entre O Cantino e os sindicalistas da C.N.T:

–*¿Vd. sabe que en Noya existía una Sociedad de Oficios Varios?*

–**Sí, señor.**

–*¿Sabe Vd. si el procesado estaba afiliado a la sociedad?*

–**No, estoy seguro. Creo que sí.**

–*¿No tiene Vd. relación con esta sociedad ni con la C.N.T.?*

–**Con ninguna.**

–*¿Sabe Vd. si el procesado antes de los sucesos se significaba como uno de los principales personajes del Sindicato de Oficios Varios?*

–**Eso no lo sé; sé que cuando había manifestaciones gritaba como los demás.**

Finalmente, interrogouno o poñente. Molesto polas contestacións desta testemuña, pretendeu coñecer que tipo de vínculo había entre Ramón Mayán Ramos, o procesado, e Arturo García Mariño:

–*El testigo ha sido alcalde o ha desempeñado algún cargo en Noya?*

–**No.**

–*¿Tiene el testigo relación con el procesado?*

–**Ninguna.**

–*¿Le conoce?*

–**Muy poco, le conozco porque llevo viviendo en Noya sesenta y un años.**

–*¿Entonces conocerá la conducta de todos?*

–**No –contesta el testigo.**

–*¿Estuvo Vd. en Noya los días de los sucesos?*

–**Sí.**

–*¿Vd. vio lo que ocurría?*

–**Ocurría que los mineros andaban en manifestación por Noya, que recabaron armas y salieron de Noya para La Coruña.**



Malia a nobre intervención deste home, o Tribunal Militar condenou a Ramón Mayán Ramos ao máis duro dos castigos: “pena de muerte”. O humilde camareiro esbozaría o seu derradeiro alento o 10 de outubro de 1936. Cando o abateron diante do paredón de Boisaca tan só tiña 28 anos.

FONTE:

*Causa 294/36 contra Ramón Mayán Ramos (a) Cantino por cometer un delito de rebelión militar. Arquivo Tribunal Militar Territorial IV (A Coruña)*



*A* catalogación do patrimonio  
histórico-artístico de Outes

*Xoán X. Mariño Reino*

*(A Xastre)*





## NOTAS XEOGRÁFICAS

O municipio de Outes está situado entre os de Muros e Noia, na marxe dereita da ría que os naturais do primeiro concello chaman *de Muros* e os do segundo *de Noia*; posúe 100 km<sup>2</sup> de extensión, polo tanto uns 25 km<sup>2</sup> máis ca aquel, pero tres veces máis ca este último.

A súa poboación, que hoxe apenas excede os 7.000 habitantes, hai 50 anos superaba os 10.700<sup>1</sup>; é dicir, 500 máis dos que tiña Muros pola mesma época<sup>2</sup>, e só 1.500 menos dos que vivían no concello noiés ese mesmo ano<sup>3</sup>.

Poboación que se distribúe en 150 núcleos habitados, dos que, na actualidade, só un, A Serra, supera o milleiro de veciños, mentres que hai uns cantos núcleos que só teñen un ou dous fogares; numerosas aldeas non chegan a unha ducia de vivendas, e a maioría dos lugares (máis de 80) posúen menos de 50 veciños, distribuídos ao longo dun ou dous rueiros con pouco máis de 10 casas cada un.

Estas circunstancias cómpre telas en conta para comprender o que

implica de dispersión do patrimonio e a dificultade que representa o seu control e xestión.

## O PATRIMONIO HISTÓRICO

Outes posúe un patrimonio histórico-artístico inmenso e, en certa medida, impresionante pola súa calidade, debido á prosperidade económica da que gozou durante longos períodos da súa Historia, amais da súa proximidade ás cidades de Noia e Santiago, coas que poder cubrir as mesmas necesidades materiais, culturais



Foto 1. Retablo maior de Cando

1 Fonte: Padrón municipal de 1960.

2 Fonte: *Instituto Nacional de Estadística*. Censo de 1960.

3 Fonte: INE. Censo de 1960.



e artísticas que se dan en todos os lugares de todas as épocas.

A fertilidade dos seus vales e a riqueza do mar conxuntáronse para dar lugar a unha acumulación de excedentes ao longo do tempo que permitiu erixir edificacións monumentais (megálitos, castros, templos, pazos ou pontes); levantar grandiosos retablos no interior das igrexas (ver foto 1), repletos, á súa vez, de magníficas tallas, parte delas saídas da man de artistas de primeira categoría; o atesouramento dun fascinante conxunto de valiosas cruces procesionais, custodias, cálices e outros obxectos litúrxicos de ouro e prata; xunto coa formación de grandes fortunas que deron orixe a importantes familias nobiliarias que fixeron lucir nas paredes dos seus castelos e casas singulares escudos de armas que aínda nos falan dos seus méritos no campo de batalla, das súas virtudes ou da súa ascendencia lendaria. Completan este repertorio histórico e artístico construído pacientemente ao longo de varios milleiros de anos, multitude de restos arqueolóxicos de todas as idades, pinturas sempre interesantes pola súa escaseza en toda a comarca, esculturas e edificacións civís ou funerarias, ducias de cruceiros, e todo tipo de construcións de arquitectura popular, como casas labregas, muíños, hórreos e fontes, sen que falten incluso interesantísimos exemplos de arqueoloxía industrial.

Todo este rico patrimonio histórico e artístico, nembargantes, era só parcialmente coñecido polos seus propios veciños, pois a maioría deles unicamente sabía dos elementos arquitectónicos máis visibles (igrexas, pontes, casa consistorial, algúns pazos, cruceiros e construcións da arquitectura popular), así como

dos elementos escultóricos contidos nos edificios relixiosos, a estatua de Añón, e pouco máis. Uns cantos tiñan noticia dun petróglifo, certos castros, algunha ruína medieval, e case ninguén sabía de enterramentos megalíticos, e moito menos de restos romanos.

Fóra do municipio o descoñecemento era maior, dado que os estudos de Artaza Malvárez a principios do s. XX<sup>4</sup>, Carré Aldao nos anos 30<sup>5</sup>, e Fabeiro Gómez xa nos 70<sup>6</sup>, eran demasiado concisos e nin sequera recollían todo o que os propios outenses recoñecían como bens de valor histórico ou artístico. Puntuais investigacións de diversos estudosos sacaron á luz algúns aspectos de particular interese. O primeiro foi Couselo Bouzas, que se referiu ao traballo dalgúns artistas en varios retablos outenses, fundamentalmente á obra de Ferreiro para Santo Ourense<sup>7</sup>; bastantes anos despois, Carlos Martínez ofreceu unha pouca información máis respecto ao pazo da Serra<sup>8</sup>; pouco máis tarde Cebrián Franco escribiu sobre as igrexas de Santo Ourense, o Rial e Santo Adrián, pero sen achegar moitas novidades a efectos de coñecementos do patrimonio de Outes<sup>9</sup>; pasados uns

4 R. ARTAZA MALVÁREZ. *La villa de Muros y su distrito*. 2ª edición Pontevedra, 1959.

5 E. CARRÉ ALDAO. *Provincia de La Coruña*. En "Geografía General del Reino de Galicia" de Carreras Candi. 1933.

6 M. FABEIRO GÓMEZ. *Voces Outes, Roo e Sabardes*, na Gran Enciclopedia Gallega. Vigo, 1974.

7 J. COUSELO BOUZAS. *Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX*. Santiago, 1933.

8 C. MARTÍNEZ BARBEITO. *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña*. A Coruña, 1978.

9 J. J. CEBRIÁN FRANCO. *Santuarios de Galicia*. Santiago, 1982.



anos Gerardo Pereira daba a coñecer dúas estelas romanas de Outes<sup>10</sup> e, pouco despois, Lito García publicaba o seu descubrimento dos petróglifos do Freixo<sup>11</sup> (ver foto 2). Maior significación tiveron os traballos de Xepe Torres, que realizou un inventario moi completo dos cruceiros deste termo<sup>12</sup>, e Xerardo Agrafoxo, que puxo ao descuberto un bo número de xacementos castrexos na súa tese doutoral, presentada en 1989<sup>13</sup>. Pero, sen dúbida, o groso das achegas para o coñecemento dos xacementos arqueolóxicos debémollos a M<sup>a</sup> Dolores Gil, en 1996<sup>14</sup>, e un

estudo bastante completo da arquitectura civil e relixiosa de Outes dirixírono José R. Soraluce e Xosé Fernández, con alumnos da Escola de Arquitectura Técnica da Coruña pola mesma época<sup>15</sup>.

Todo o anterior constitúe a base da que se partiu para a elaboración da Catalogación do Patrimonio de Outes, que se levou a cabo por encargo do concello, entre 1996 e 2002.

## A CATALOGACIÓN

En 1996 o entón recentemente elixido alcalde Carlos López Crespo propuxo ao autor do presente traballo levar a cabo a catalogación de todo o conxunto do patrimonio histórico deste concello, e enseguida se chegou a un acordo: esta tarefa acometeríase en dúas fases, na primeira recolleríanse todos aqueles elementos de valor histórico ou artístico, e, na segunda, realizárase o inventario da arquitectura popular; o concello, pola súa parte, facíase cargo dos gastos de fotografía. En segundo lugar, poñería á disposición do autor membros da brigada de obras cada vez que fose necesario abrir camiños entre a maleza para achegarse a calquera construción perdida entre toxos e silvas, despexar ruínas ou, simplemente, trasladar unha escada alí onde fose preciso fotografar unha peza a gran altura, ou medila, labor moi frecuente para os voluntarios operarios municipais aos que é obrigado reiterar as palabras de agradecemento xa expresadas no seu momento

Foto 2. Petróglifo do Freixo



10 GERARDO PEREIRA MENAUT. *Corpus de inscricións romanas de Galicia*. Santiago, 1991.

11 L. GARCÍA LAGO. *Petroglifos do Freixo*. Esteiro, 1993.

12 X. TORRES REINO-X. X. MARIÑO. *Breve estudio de cruceiros e esculturas de Ferreiro no municipio de Outes*. Outes, 1984.

13 X. AGRAFOXO PÉREZ. *O poboamento castrexo na rexión occidental da provincia da Coruña*. Unha copia desta tese doutoral pódese consultar na biblioteca municipal de Noia. Os castros de Outes apareceron publicados en *A cultura castrexa nos concellos de Outes, Muros e Carnota*. Noia, 1991.

14 M<sup>a</sup> D. GIL AGRA. *Catalogación e delimitación planimétrica dos xacementos arqueolóxicos do concello de Outes*. (inédito).

15 J. R. SORALUCE BLOND E X. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ. *Arquitecturas da provincia da Coruña*. Ed. Deputación provincial da Coruña. 1998. O referido a Outes aparece no vol. III.





e lugar. E, por último, aceptou tamén a máxima autoridade da corporación a condición de que dita catalogación fose publicada, cando menos as partes máis significativas, pois se algún sentido tiña abordar un traballo que se adiviñaba tan sumamente arduo era que fose divulgado, co obxecto de conseguir a protección de todo ese patrimonio, toda vez que a súa salvagarda non era factible en tanto ficase no descoñecemento.

Como se sabe, non é posible lograr respecto para o que non se valora, e non se pode valorar o que non se coñece; o obxectivo último que se perseguía era precisamente que os propios habitantes de Outes respectaran o seu patrimonio e non se volveran producir episodios tan tristes como o da máquina escavadora achandando o castro de Coiradas durante o proceso de concentración parcelaria en Entíns, ou o do veciño de Siavo que escachou un cruceiro que lle molestaba para meter o coche no seu garaxe. E por suposto para que, se por desgraza tiña lugar o roubo dalgún elemento patrimonial, polo menos houbera unha foto e unha descrición que facilitasen a súa inmediata recuperación.

### A PRIMEIRA FASE (1996-98)

Comezou, entón, o proceso de localización, fotografado, e a elaboración dunha ficha individualizada de cada peza ou construción que con valor histórico ou artístico fose coñecida no concello. Cómpre engadir que durante o desenvolvemento da catalogación foron saíndo á luz diversos elementos patrimoniais, ata entón ignorados, como foron os petrógli-

fos da Carballa, a bandexa e a calzada quizais romanas da Seara e Carleo respectivamente, as mámoas de Entíns e algunhas de Banzas, non recollidas por M<sup>re</sup> Dolores Gil, as mámoas e machados neolíticos de Mastontán, e a gran medoña de Cando, xunto con varios cruceiros non rexistrados por Xepe Torres, todo o cal foi posto en coñecemento do autor por parte de diversos veciños, unha vez se fixo público, ben a través da prensa, ben ao correrse a voz de que se estaba levando a cabo este traballo.

Cada ficha recollía unha denominación, clave identificativa, localización, datación o máis aproximada posible, e a medición de cada obxecto a inventariar, seguido dunha descrición pormenorizada, acompañada dunha ou varias fotografías, dependendo da súa magnitude, así como un informe sobre o seu estado de conservación, breve se este era bo, pero máis detallado nos casos de deficiente preservación, incluída algunha medida que fose preciso adoptar para a súa mellor conservación. Cómpre aclarar que dito informe de conservación proviña da simple observación visual, sen intervención de ningún laboratorio nin realización de análises químicas, espectrográficas, etc, que terán que ser pertinentes no momento en que propietarios, depositarios ou responsables decidan realizar algunha actuación de conservación, restauración ou rehabilitación.

Con respecto aos edificios, estimouse conveniente engadir un plano dos mesmos e, nas ocasións máis relevantes (igrexas parroquiais, capelas e Pazo da Serra) tamén un ou dous alzados. Os castros, á súa vez, van acompañados de



planos que representan a reconstrución da súa primitiva planta, e seccións lonxitudinais e transversais. Pola súa parte, todos os xacementos arqueolóxicos, ao igual cós cruceiros e algunhas outras manifestacións da arte popular, ían tamén localizados en planos topográficos detallados (ver foto 3) e planos parroquiais sinalizados con lugares de poboación e vías de comunicación.



Desta forma, foron inventariados tres exemplos de industria lítica prehistórica, dous conxuntos de petróglifos, máis de 30 túmulos funerarios do Neolítico e da Idade de Bronce, unha ducia de castros, catro restos romanos, (ver foto 4) e doce medievais (dúas pontes, tres residuos de fortificacións e outros tantos de igrexas, así como dúas pías bautismais, un relevo e unha escultura) e, principalmente, por constituír o groso do patrimonio artístico outense, toda a Arte Moderna e Contemporánea, conxunto constituído polas dez igrexas parroquiais e outras tantas capelas existentes no noso concello, algunhas casas reitorais —aquelas que merecen unha intervención urxente—, varias edificacións urbanas modernas de A Serra, os

dous pazos que hai, a Casa Consistorial, unha construción de singular interese como é a Ponte do Ruso, e incluso un caso de arquitectura funeraria. Tamén se rexistraron unha ducia de exemplos de pintura, nun capítulo exiguo, en contraste co das artes decorativas, que ten abundantes mostras de moblaxe, téxtiles e, sobre todo, de ourivaría, cun extenso repertorio de cruces procesionais, expositores, cálices, copóns, incensarios e navetas, cuxo número total se aproxima á cincuenta.

Foto 3. Mirás. Plano



Foto 4. Estela de Cando. Museo da Catedral de Santiago



Foto 6. Ferreiro.  
Virxe Dolorosa.  
Igrexa de Santo  
Ourente

O apartado da escultura e o relevo é moito máis voluminoso, con algunhas pezas non relixiosas, entre elas o Monumento de Añón e varios escudos nobiliarios, pero o groso deste epígrafe constitúe o conxunto de 45 altares e retablos de carácter relixioso –17 deles do século XVIII–, algúns de grandes dimensións, como os de Sabardes, Roo, Outeiro, Entíns e Cando, e 22 neoclásicos, uns e outros repletos de relevos –máis de 60– e gran cantidade de tallas, moitas delas de excepcional calidade, a maioría dezaoitescas (ver foto 5), e un número significativo de obras do escultor

Ferreiro, feitas entre 1796 e 1801, case todas para a igrexa de Santo Ourente (ver foto 6). O conxunto de todas estas tallas, diseminadas por igrexas e capelas, acada a considerable cifra de 285 pezas,



Foto 5. Santiago peregrino. Igrexa de San Cosme de Outeiro



desde as máis diminutas, que apenas miden 20 cm de alto, ata as que acadan os dous metros, como o Santo Ourente que preside o altar maior da súa igrexa parroquial, saída tamén das mans do insigne escultor noiés. Pechaban esta relación 65 cruces e cruceiros, entre eles dous do tipo denominado “de loreto”, cuxa presenza fóra dos concellos da península do Barbanza era descoñecida, e unha decena de mostras de arte popular (un peto de ánimas, unha “angustia” co seu altar de pedra, unhas poucas “santiñas”, un reloxo de sol, e dúas pontellas de considerables dimensións).



Pero posto que o traballo non era un simple inventario, senón unha catalogación que nacía coa pretensión de servir de base de estudo para futuros investigadores, débéuselle dar un ordenamento razoado. O principal criterio de clasificación foi o cronolóxico, combinado cun agrupamento formal (arquitectura, escultura, relevo, pintura, artes decorativas) e, no caso das mámoas e dos cruceiros, xeográfico, seguindo o método de M<sup>re</sup> dolores Gil e Xepe Torres, respectivamente, agrupando unhas e outros por parroquias, e estas dispostas alfabeticamente. No caso da escultura relixiosa, dado o seu inxente volume, houbo que acudir, ademais, a unha clasificación temática, como a proposta por Gloria Gende na súa tese doutoral sobre a Arte no Val da Maía<sup>16</sup>. Así, as imaxes e relevos relixiosos agrúpanse primeiro estilisticamente (tallas barrocas, logo neoclásicas e eclécticas), e en segundo lugar, polo seu contido, respectando a xerarquía do catolicismo: comezando polas representacións da Divindade (Deus, Fillo e Espírito Santo), a continuación as marianas, seguido das anxelicais, das patriarcais, dos profetas, os apóstolos, e santas e santos. Todas elas, á súa vez ordenadas historicamente, do seguinte xeito: as representacións de Cristo iníciáanse coas de Xesús neno, seguido das da Paixón: Ecce Homo, Nazareno, Crucifixión e Cristos xacentes; as representacións marianas comezan coas Inmaculadas, seguidas das Dolorosas, Asuncións e Virxes aparecidas; e o repertorio de santas e santos arranca dos primeiros mártires ata chegar aos personaxes canonizados máis recentemente. E cando aparecían varias imaxes

do mesmo tipo (Cristos crucificados, por exemplo) ou do mesmo santo (San Pedro ou San Bieito), estas secuenciábanse estritamente por orde cronolóxica, das máis antigas ás máis modernas. Caso particular foi o do gran número de anxiños pousados nas cornixas do mesmo retablo ou empoleirados no seu ático (ver foto 7), que obrigou a numeralos, de arriba abaixo. Pero ademais, o seu gran número (60 en total) esixiu un esforzo importante de redacción, para non repetir unha e outra vez trazos comúns, posturas semellantes, expresións calcadas e características estilísticas idénticas, que resultasen pesadas para os aos futuros lectores.



Foto 7. Anxo do retablo da Dolorosa de Cando

## AS DIFICULTADES SOBREVIDAS

Queda por aclarar que esta catalogación do patrimonio histórico-artístico non resultou totalmente completa, nin pode

<sup>16</sup> G. GENDE FRANQUEIRA. *El arte religioso en A Maía*. 1981.



nun futuro próximo rematarse por completo. A catalogación ficou inconclusa en tres aspectos:

- O primeiro foi a repentina negativa do párroco a cargo das freguesías de Santo Ourense, Entís e Tarás a seguir poñendo á disposición do autor libros parroquiais e algúns obxectos litúrxicos, que el mesmo conserva (cruces procesionais, virís, incensarios, navetas e probablemente algúns cálices, copóns, casulas capas e dalmáticas). Oposición que veu provocada por un abrupto enfrontamento entre ese cura e o alcalde de Outes, derivado da expropiación por parte do concello duns terreos daquel para anchar a estrada a Valadares. A solicitude de mediación do entón Delegado Episcopal para o Patrimonio Artístico da Igrexa, D. Salvador Ares Espada, foi rexeitada despectivamente polo citado sacerdote, e ademais este influíu nalgúns dos outros párrocos para que cesasen toda colaboración co investigador, atrapado en medio do conflito de intereses. Afortunadamente, o labor de fotografado e medición dos bens artísticos custodiados polos restantes curas estaba xa practicamente rematado, pero ficaron algúns libros de fábrica (Santo Ourense, Entíns-Tarás, San Pedro de Outes e O Freixo) sen poder acabar de consultar para conseguir determinar a autoría dalgunhas obras e a súa datación precisa. Este cometido deberano afrontar futuros investigadores.

- O segundo foi a imposibilidade de localizar algúns xacementos arqueolóxicos prehistóricos e medievais dos que se tiña noticia: a cámara funeraria de Boel, na que segundo Murguía se acharan dous puñais de bronce<sup>17</sup>, os restos dunha edificación medieval que, segundo Carré Aldao, se achaban preto da igrexa do Rial<sup>18</sup>, e un probable monumento megalítico denominado *Arca aberta*, no alto do monte de Rates, así como unha lauda figurada que os máis vellos do lugar recordaban ver entre as ruínas do antigo convento de monxas no lugar de Mosteiro, por ser todo el unha inmensa e mesta matogueira. O mesmo sucedeu cun par de escudos nobiliarios: un estaba na antiga capela de Santiago, na Serra, e cando esta se demoleu (nos anos 70) para facer a actual, o escudo que presidía a súa entrada desapareceu, sen que ata o momento se teñan noticias del; o outro estaba no portón dunha casona, no lugar de A Poza, que no momento da catalogación constituía un cúmulo de escombros e non puido ser atopado ata uns anos máis tarde, cando se restaurou todo o conxunto, pero o elemento heráldico quedou lamentablemente fóra do material fichado que se presentou ao concello en 1998.

Tampouco se atoparon algúns túmulos funerarios incluídos na catalogación de M<sup>a</sup> Dolores Agra (as denominadas Mámoa do Picouto, no alto de Banzas, a Mámoa de Pedra Vella, preto do pico montañoso do

17 M. MURGUÍA. *Historia de Galicia*. Vol. I. Ed. La Gran Enciclopedia Vasca. 1980. Páx. 95.

18 E. CARRÉ ALDAO Obra citada, páx.429.



mesmo nome, e a mámoa do Chan das Eiras, nas abas do monte Albelo), así como os restos do cruceiro de Baño, roto polo veciño ao que estorbaba na entrada do garaxe, que Xepe Torres aínda puido catalogar en 1983, pero que 15 anos despois *desapareceran* por completo. Nin tampouco un sartego medieval atopado durante a construción do novo campanario de Sta. María de Entíns, en 1972, e *que segundo o testemuño dunha veciña foi vendido a unha familia* noíesa que na actualidade teno depositado nunha finca da súa propiedade en Boa.

- Ficaron tamén fóra da catalogación un petróglifo recentemente descuberto en Arestíño<sup>19</sup>, e un cruceiro do s. XVIII, no lugar de Cerzón, que xa Xepe Torres non incluíra no seu inventario, do que nos chegaron noticias tempo despois de ter rematado o noso traballo, ao igual que sucedeu con algúns outros erixidos con posterioridade aos labores de catalogación: o do cemiterio novo de Santo Ourense, o do restaurante Agarimo, e un máis de propiedade particular no Freixo.

Finalmente, cómpre engadir que tampouco se puideron incluír aquí obxectos artísticos de propiedade particular (pinturas, esculturas, pezas antigas...) que seguramente existen en moitos domicilios privados, pero cuxa existencia ignoramos, e, por suposto, todo o material arqueolóxico que poida aparecer casualmente durante os traballos de construción de estradas, cimentación de edificios, ampliación de cemiterios, ou incluso

labores agrícolas. Á parte, claro está, dos futuros traballos de escavación de xacementos coñecidos, pero nos que ata agora non se levou a cabo ningún traballo de prospección.

## A SEGUNDA FASE (2000-2003)

En 1999 a entón directora do recentemente creado IES *Poeta Añón*, Pilar Sampedro, propúxolle ao autor deste traballo contar coa colaboración dos seus alumnos e alumnas para proceder á catalogación da arquitectura popular, e con esta axuda que, finalmente, resultaría inestimable, presentóuselle ao concello o proxecto para a 2ª fase da catalogación, que prevía a participación de máis persoas nos labores, cando menos, de campo, posto que se estimaba que a envergadura do traballo debía ser enorme: unha estimación inicial calculaba que máis de un centenar de muíños se debían repartir ao longo dos numerosos ríos que atravesan o concello; quizais medio milleiro de hórreos se erguesen nos cincuenta lugares nos que se distribúe a poboación outense (unha media de dez hórreos por aldea, pensábase); máis ou menos unha fonte por cada lugar; 10 ou doce pombais en total e, quizais, outros tantos reloxos de pedra. As edificacións domésticas, as demais construcións adxectivas (alpendres, adegas, fornos, cortes...) e de equipamento (regas, valados, pontellas, camiños...) ficaban excluídas do proxecto, por desbordar a capacidade do pequeno equipo recrutado.

As condicións acordadas co concello eran máis ou menos as mesmas que para a primeira fase, pero a elas había

<sup>19</sup> Publicado na revista *Terra de Outes* nº 12, en outubro de 2010.





Foto 8. Ficha  
para os alumnos

que engadir a achega dun voluminoso número de fichas, mapas e carpetas clasificatorias para entregárllelas aos estudantes que ían levar adiante o traballo inicial de localización. A directora do instituto reuniu uns 60 voluntarios e voluntariosos estudantes dos catro niveis que se impartían entón no centro, que foron convocados previamente para informalos sobre o traballo que ían levar a cabo, e instruílos minimamente sobre a utilización das fichas que se lles proporcionou para recoller unha información básica do patrimonio polo que ían pescudar por todas as parroquias.

Logo, organizados en dez grupos (un por parroquia), escollendo cada un deles cadanseu coordinador, entregóuselles unha carpeta por compoñente, con varias fichas de hórreos, muíños, pombais, fontes e reloxo, que debían cubrir individualmente, de todos os elementos anteriores que fosen atopando, xunto cun mapa de cada lugar que debían visitar, e sinalar sobre el todos os elementos da arquitectura popular atopados, así como outro plano de maior tamaño da parroquia, para indicar nel os muíños situados fóra das aldeas. En cada ficha (ver foto 8) debían cubrir unha información elemental: darlle unha denominación (Hórreo de Pepe do Rego, Muíño do Prado, Fonte de Albeida, Pombal do Serralleiro, Reloxo de María Tomé, etc); asignarlle un número, o mesmo que logo se situará no mapa da aldea ou da parroquia; indicar en que lugar se atopa (Buíste, Filgueiro, Mirás, Brión...); o nome da parroquia (Valadares, Roo, Matasueiro...), e precisar a localización (á entrada do lugar, á esquerda do camiño que o atravesa, preto da fonte, etc). E despois poñer unha cruz simplemente

no tipo de construción que é: de pedra, madeira ou mixto, para os hórreos; de río, de maré ou de vento, para os muíños; cuadrangular, circular/semicircular, antropomórfico, para os reloxo; redondo ou cadrado para os pombais; tratándose de fontes había que indicar os elementos dos que constaba: parede, número de canos, pío, lavadouro e/ou tellado. Por último, o estado de conservación: bo, regular, ruinoso, e se aínda se utilizaba.

|                           |                    |
|---------------------------|--------------------|
| HÓRREO DE _____ N.º _____ |                    |
| LUGAR _____               | PARROQUIA _____    |
| SITUACIÓN _____           |                    |
| TIPO:                     |                    |
| <input type="checkbox"/>  | Cabazo             |
| <input type="checkbox"/>  | De madeira         |
| <input type="checkbox"/>  | De pedra           |
| <input type="checkbox"/>  | Cemento e ladrillo |
| <input type="checkbox"/>  | Misto              |
| ESTADO DE CONSERVACIÓN:   |                    |
| <input type="checkbox"/>  | Bo                 |
| <input type="checkbox"/>  | Regular            |
| <input type="checkbox"/>  | Moi deteriorado    |
| <input type="checkbox"/>  | En ruínas          |
| UTILÍZASE:                |                    |
| <input type="checkbox"/>  | Si                 |
| <input type="checkbox"/>  | Non                |

Nun tempo récord de dúas semanas fixeron entrega de todo o material atopado, clasificado por lugares, e estes por parroquias. Hai que dicir que o resultado foi extraordinario, pois era de esperar que fose moi fragmentario e, sobre todo, confuso, e con todo, superou todas as expectativas: veu sendo moi completo, a maioría dos lugares estaban ao cen por cen catalogados, e moi poucos incomple-



tos. Botando contas ao final, o labor de campo dos rapaces e rapazas cubriu preto do 80% do realmente existente. E en moi poucas ocasións resultou equívoco. Só nun lugar, os hórreos fichados non se correspondían en ningún caso co posteriormente inventariado sobre o terreo. Pero o mellor era que case todos os hórreos viñan perfectamente situados nos mapas. Só os grupos formados por estudantes máis novos (1º e 2º de ESO) manifestaron un incorrecto manexo dos mapas, pero isto sucedeu en moi poucos casos (media ducia de lugares, ao sumo). Non sucedeu así cos muíños, pola lóxica imposibilidade de acceder a eles, algúns a grandes distancias das aldeas máis próximas e cos camiños definitivamente mergullados baixo a maleza. Pero o importante era termos unha relación nominal deles e en que río se achaban.

Todos os participantes foron recompensados cun par de puntos máis na nota final de Ciencias Socias, grazas á xenerosidade dos profesores e profesoras desta área, e coa promesa de que o nome de cada un deles figuraría na primeira páxina da publicación que se fixese da catalogación.

Durante o período no que os estudantes axuntaban a información solicitada, foise conformando un grupo de persoas que ían levar a cabo o labor fotografado, medición e descrición de todo canto fose atopado por rapazas e rapaces.

Este equipo repartírase en catro grupos, cada un dos cales se faría cargo do traballo de catalogación de dúas ou tres parroquias, dependendo do tamaño

das mesmas; e, ademais, estableceuse o prazo de un ano para finalizar dito labor.

Porén, o equipo non chegou a funcionar. Por diversos motivos (laborais uns, familiares outros, ou por cambio de residencia) a maioría dos integrantes foron abandonando pronto o compromiso adquirido, un par deles incluso antes de empezar. Algúns acompañaron ocasionalmente este investigador: Xacinto Cambeiro en Valadares, Carme Martelo en San Lourenzo de Matasueiro, Pili Sampedro en parte de Cando, e Xan García nalgúns muíños do río de Roo e uns poucos hórreos dun par de lugares de San Pedro de Outes. Algúns amigos botaron tamén unha man: Xoán Domingo Caamaño prestou unha axuda inestimable para localizar gran parte dos muíños de Santo Ourente e o resto dos do río de Roo; Manolo Lema axudou en Cabanamoura e Oroña; Manolo González en Rates e Viro; Juan Rodríguez *Xallas* en Banzas; Soledad Agra na Poza e Galteiros, e Manolo Martínez en case todo San Cosme. Moitos foron tamén os veciños e veciñas, bastantes delas anciás, que abandonando momentaneamente os seus labores, e incluso sacrificando o seu tempo de descanso, se ofreceron a sinalar o enclave de numerosos muíños, situados en lugares recónditos ou ocultos baixo un espeso manto de maleza; non poucas veces as súas dificultades para camiñar nos causaron dolor nas entrañas, pero sen a súa preciosa información, numerosos muíños ficarían para sempre no esquecemento. Unicamente Xosé Manuel Vázquez Luhía, *Xastre* para os amigos, ficou sen desfalecer a carón do autor ao longo dos tres anos nos que se debeu prolongar o traballo (foto 9), axudando





Foto 9. Xastre, co autor, a carón do muíño da Pontevella, o derradeiro día da catalogación



coas medicións, e facéndose cargo das descricións, mentres quen subscribe realizaba as fotografías.

as dimensións a ollo. Habitualmente accedíamos á parte da propiedade na que estaba o hórreo ou o pombal, sacabamos

Foto 10. Ficha para traballo de campo

Durante tres veráns consecutivos, algunhas tardes de primavera e as semanas do outono nas que non chovía, ambos percorremos lugar por lugar, comezando nun extremo e rematando no oposto, petando en cada casa para que nos permitisen acceder ao seu hórreo, pombal ou reloxo, sempre atendidos amablemente polos donos. En ocasións, nas que os propietarios non estaban na casa, debemos rodeala e, case furtivamente, continuar co proceso, salvo que a vivenda estivese encerrada dentro de altos muros, o cal obrigaba a volver outro día que estivesen os seus moradores. Só nunha circunstancia o regreso era inútil por estar eles residindo no estranxeiro, e nese momento houbo que fotografalo e describilo desde a distancia, e establecer

|                                                                                                                   |                 |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|
| HÓRREO DE _____ N.º _____                                                                                         |                 |
| LUGAR _____                                                                                                       | PARROQUIA _____ |
| SITUACIÓN _____                                                                                                   |                 |
| TIPO :                                                                                                            |                 |
| <input type="checkbox"/> De madeira                                                                               |                 |
| <input type="checkbox"/> De pedra                                                                                 |                 |
| <input type="checkbox"/> Construído<br><input type="checkbox"/> Propiedade<br><input type="checkbox"/> Construído |                 |
| <input type="checkbox"/> Muro                                                                                     |                 |
| MEDIDAS:                                                                                                          |                 |
| LARGO _____                                                                                                       | _____           |
| ANCHO _____                                                                                                       | _____           |
| ALTO _____                                                                                                        | _____           |
| DESCRIPCIÓN:                                                                                                      |                 |
| 1. PER _____                                                                                                      |                 |
| 2. CÁMARA _____                                                                                                   |                 |
| 3. TELLADO _____                                                                                                  |                 |
| ESTADO DE CONSERVACIÓN _____                                                                                      |                 |
| _____                                                                                                             |                 |
| _____                                                                                                             |                 |
| _____                                                                                                             |                 |



a ficha correspondente que elaboraran os rapaces, e nós elaborabamos outra máis completa (ver foto 10), respectando, polo xeral, a denominación que aqueles lle deran –salvo que esta desgustase o dono–, e o número, aínda que este non deixaba de ser provisional, ata que na catalogación final se lle dese unha clave definitiva. Tomábanselle as medidas ao longo, ancho e alto, fotografábase polos catro costados, e logo procedíase a realizar a descrición (ver foto 11): número de pés e forma –cilíndrica, cilíndrica, cadrada, oitavada ou irregular–, así como a dos tornarratos –hemisféricos, discoidais ou cuadrangulares–, cando non se erguían sobre un celeiro ou sobre cepas transversais. Logo a da cámara –de madeira, de pedra, ou mixto–, e mesmo entre os de pedra, se de cachotería ou cantería, e, neste caso, como se distribuían as regandixas de ventilación, onde se situaba a porta ou portas, e o número de tramos; canto á descrición do tellado, basicamente se a cuberta era de tella plana, curva ou, casos moi contados, tamén de pedra; logo, os remates, se de cruz, se piramidais ou con outras formas; e por último, rexistrábase o seu estado de conservación e as ocasionais reformas que se lles fixeran. Cos pombais, a descrición era menos prolixa: planta cadrada, circular ou doutra forma, tipo de cuberta (unha auga ou cónica), número de pisos de celas para as pombas, e se tiñan unha pía no medio ou non. A dos reloxos de sol era máis sinxela, pois practicamente todos eran rectangulares cunha rella (tamén chamada estilo, punteiro ou gnomon) triangular no medio, e escasos adornos.

As fontes eran máis doadas de localizar, por estaren case sempre no medio

do lugar, e doadas de describir, pois na meirande parte das ocasións constaban unicamente dunha parede de pedra, ás veces cun pousadoiro, un cano de ferro ou, máis frecuentemente de pedra, aberto pola parte superior e unha pía máis ou menos grande. En contadas ocasións levaban tamén lavadoiro e tellado.



Foto 11. O autor, catalogando un hórreo en Cando

Pero se ben o inventario de hórreos e fontes se chegou a converter nunha pesada e lenta rutina, polo contrario a dos muíños non deixou nunca de ser sorprendente e, a miúdo, perigosa aventura. A maior parte deles atópanse en lugares afastados aos que xa non é posible chegar polos antigos camiños, agora engulidos pola espesura dunha vexetación en expansión descontrolada, polo que con moita frecuencia foi preciso meterse na auga para avanzar polo curso do río. Pero se nestas circunstancias o esvarón e molladura de roupas eran inevitables, cando o curso fluvial adquiría pendente, os rápidos e as fervezas convertían o avance en deporte de risco. En certos ríos as barranqueiras polas que baixa a auga con atronadora furia logo de prolongadas



épocas de chuva, daban sentido a determinados nomes como o chamado *Muíño da Morte*, nos meandros do Río de Roo, preto do lugar de Cures. No río Donas resultou abraiante o silencio repentino da natureza toda, instantes antes de bater de fronte coa fantasmagórica presenza do *Muíño Vello*, en pleno canón da Farrapa e O Formigueiro, a quilómetros de distancia da aldea máis próxima. En algúns muíños abandonados, nos que a escuridade interior se tornaba lúgubre noite pola imposibilidade de que a luz solar, xa débil no atardecer, atravesase o pechado manto vexetal do mesto arboredo, entón resultaba inquietante a presenza non só de grosas e pegadizas arañeiras á altura dos ollos, senón, sobre todo, de estrañas e ameazantes formas penduradas das trabes ou arrepiantes pólipos como saídos da película de *Alien*, nas empozadas augas que rodeaban a algunhas destas edificacións no Río dos Setemuíños, na súa alucinante baixada desde Mastontán ao encontro do Río Tins, do que é afluente. Ao relato só lle falta o episodio dun secuestro por parte dalgunha guerrilla xurdida do enmarañado bosque semitropical, temor que nunca nos deixou de embargar, para converterse por completo en novelesco.

Por fin, cando se producía o achado, case sempre era necesario un fouciño para despexar de silvas a entrada ou as paredes para poder fotografalo por fóra e por dentro; despois, tomábenselle as medidas do ancho, o longo e o alto ata o cume do tellado, se é que quedaba algo del. A continuación describíase, empezando pola planta, case sempre rectangular, –pero tamén as hai trapezoidais e absidais– (así denominamos nós

a aquelas que teñen o fondo curvo, ao xeito das ábsidas románicas), sinalando o lugar da porta e o da entrada da auga no inferno, así como a saída da mesma. Logo empezaba a descrición do alzado, primeiro o exterior: tipo de aparello dos muros, luces, pousadoiros, e forma do tellado (a unha auga ou a dúas, cunha vertente maior ou ambas iguais, e se é de madeira e tella, ou se é de pedra); despois o interior: novamente fixándonos no aparello (pedra miúda, cantería, combinación de ambas), caixas encravadas que poidan levar a cruz do tempero, máis pousadoiros, bancos arrimados ou muretes que separen un corredor de entrada do tremiñado; para acabar cos propios elementos da moenda, se é que se conservan: moega, quenlla, moa, e pé do muíño, rexistrando tamén as medidas destes últimos.

Así, ao cabo de tres anos de traballo de campo, foron catalogados 1.356 hórreos, uns 200 máis dos recollidos na fase de localización por parte do alumnado do instituto. Dúas terceiras partes (unha vez excluídos uns 70 por teren as paredes penais de cemento) son hórreos mixtos de pedra e madeira, pero predominando nas terras meridionais, as máis baixas, do concello; corresponden na súa totalidade ao tipo coñecido como “da Maía”, coas paredes penais de pedra, nunha das cales, polo xeral, vai a porta, e as costais de madeira, ás veces con algunhas columnas de pedra intercaladas, levantándose case sempre sobre pés cilíndricos ou oitavados, e noutros sobre cepas. Hai tamén hórreos que son variantes do anterior, ou mestura do tipo “Amaía” e “Noia”, coas paredes dos costados na metade inferior de pedra, cos respiradoiros horizontais, e



a metade superior de madeira, dos cales vimos cuantiosos casos por todo o concello. Unha pequena parte deles (41) son dun só tramo, pois a maioría son de dous e tres tramos (440 e 309, respectivamente); os de catro tramos son pouco máis de medio cento, e os de número superior xa son escasos, ata o punto de que só hai dous que cheguen aos seis, un deles, en Moledo (San Pedro de Outes), xa estartelado, co teito en parte caído, mentres que o outro, o *hórreo de Fiuza*, en Roo de Arriba, atópase en perfecto estado de conservación.

Os de pedra responden a tres tipos diferentes: o primeiro é o de cantería, coas súas aberturas de ventilación dispostas horizontalmente, coñecido como “tipo Noia”, dos que hai en total de 125, e dous máis parcialmente de cantería, estando o maior número (44) nas terras altas de Sabardes, aínda que o máis fermoso exemplar, de máis de dez m de longo, o *hórreo do Torcido*, está en Mirás (San Pedro de Outes), mentres que non demos atopado en todo o termo municipal ningún do modelo coñecido como “Pontevedrés”, coas fendas verticais. Do segundo tipo, denominado “perpiaño”, de pedras regulares pero sen rematar, hai menos de un cento, con maior presenza en Valadares e nas partes altas de Santo Ourente, sendo os casos máis destacados un exemplar con celeiro, de máis de 10 m de longo e uns 6 ou 7 de alto na parte da escaleira, na *casa do Faio*, en Banzas (Santo Ourente). E un caso singular, do que soamente se coñece outro caso en Galicia, coa súa planta en forma de L, e tres fachadas, é o *hórreo da Roqueira*, tamén en Banzas. O último tipo é o de cachotería, construído con pedras irregulares e de diferentes

tamaños, denominado xeralmente “Coris-tanco”, do que hai 175 exemplares, case todos nas mesmas parroquias anteriores, cun exemplar de grandes dimensións en Xende (Santo Ourente), con sete pés de cada lado e uns 10 m de longo.

Os de cámara integramente de madeira son moi escasos, pois en total hai 29, case todos dun só tramo, e poucos en bo estado; os de dous tramos cóntanse cos dedos dunha man, e de tres tramos só hai un. Os *cabazos*, de planta circular e feitos con vimbios, sobre unha estrutura de paus, antes moi numerosos, hoxe en día xa desapareceron por completo.

Muíños catalogáronse 266 en total, todos eles de río; ningún de maré, e un só de vento, o *muíño do Chouto*, en Loios (Valadares), na actualidade reconvertido a hidráulico, pero que conserva a súa planta circular, aínda que, en lugar de ter cuberta cónica, como sucede co resto dos conservados en Galicia, tena plana e de pedra, por ser de reducidas dimensións. Excepto un, o *muíño de Rego da Egua*, en Lestaio (Valadares), que tiña a roda vertical, como as aceas, pero no interior do edificio, o resto son de rodicio horizontal, e a práctica totalidade dunha soa moa, pois son contados os casos de dúas moas e só hai dous que teñan tres: o de *Eugenio*, en Roo de Abaixo, e o de *Vistalegre*, no lugar do mesmo nome, da parroquia de San Pedro. A maior parte deles distribúense ao longo dos ríos Tins (21), Donas (30) e Roo (50); por parroquias, a que máis ten é a de Outes, con 49. Séguenlle a de Santo Ourente, onde hai 46, e Valadares, con 37; Roo e Sabardes teñen 31 e 29 respectivamente; San Lourenzo e Cando teñen 22 e 21; 11 hai



en San Cosme, 10 en Entíns, e só 3 en Tarás. Distribución que non responde nin a criterios poboacionais nin de extensión das parroquias; e nin sequera á presenza de máis ou menos cursos de auga no territorio, senón seguramente á dedicación agraria dos seus propietarios, pois nas zonas nas que hai maior actividade nos sectores secundario e terciario, ou tamén mariñeira e mariscadora, o seu número descende drasticamente. Entre os que puidemos datar, hai moitos do s. XVIII, bastantes do XIX, e poucos do s. XX, aínda que algún en época tan tardía como 1965, cando xa comezaran a aparecer os muíños eléctricos, que pola súa comodidade, abocaron a abandonar os tradicionais, ao que seguiu a súa lenta pero inexorable ruína. De todos eles, apenas unha ducia continúan hoxe en funcionamento, pero tamén en permanente perigo de extinción polo progresivo cese das actividades agrarias a eles vinculadas.

As fontes catalogadas foron 145; algunhas son sinxelos mananciais case sen parede nin pía que se poida chamar así; a maioría están formadas por parede de pedra ben ensamblada, cano, pía ou pío de cantería. Só 23 delas van acompañadas dun lavadoiro, en moitos casos protexidos por un tellado sobre columnas tamén de pedra. Lamentablemente, na maioría das ocasións aínda non foron quen de se salvaren de brutais reformas, levadas a cabo polo propio concello, que substituíron tellas por fibrocemento, e pedra por formigón, en cantidades non só enormes, senón tamén criminais, por canto comportaron graves atentados contra o patrimonio cultural.

Os pombais contabilizados foron 33, que dá una media de pouco máis de tres por parroquia, polo que non deixa de resultar sorprendente a concentración que hai deles no lugar de Boel, onde atopamos oito deles. Non obstante, en todo o concello só fica un deles que siga desempeñando a súa función de acubillar pombas nos cubículos que se dispoñen polas súas paredes interiores. En Outes, os exemplares existentes son todos cilíndricos, agás o situado no pazo do Enxido, que é de planta cadrada, e dun estilo semellante ao utilizado polo arquitecto Antonio Palacios na sala de máquinas da central hidroeléctrica do Tambre, que se encontra nas proximidades.

Por último, os reloxos de sol encontrados foron 25, a metade deles formando parte dun remate de hórreo, resultando en máis dun caso a súa presenza unha sorpresa para os propietarios. Os restantes están case todos nas paredes das igrexas ou das casas parroquiais. Moi poucos levan decoración: tres presentan rostros humanos, outros tres unha roseta, e outro unhas incisións difíciles de definir polo desgastado da súa superficie.

Á hora de redactar a catalogación de todos estes elementos da arquitectura popular, é dicir, acometer unha cabal organización de toda a información recolleita, procedeuse da seguinte forma: en primeiro lugar separáronse hórreos, muíños, fontes, reloxos e pombais. Seguidamente agrupáronse uns e outros por parroquias. Respecto dos hórreos, en cada freguesía dispuxéronse, primeiro, os de pedra, logo os de madeira, e por último os mixtos. Despois, os hórreos de pedra organizáronse por tipos (cantería,



Foto 12. Mapa de Piñeiro. Santo Ourente

perpiaño e cachotería), e os outros dous por número de tramos. Todos eles fóronse colocando por lugares, e estes organizados alfabeticamente; cando había máis de un hórreo da mesma categoría nun lugar, circunstancia moi frecuente, (por exemplo, en Santo Ourente hai 68 hórreos de cachotería, 12 dos cales están no lugar de Banzas, e 14 no de Cabanamura), entón íanse dispoñendo pola súa situación no mapa: de norte a sur, e de leste a oeste.

As fontes foron máis doadas de organizar, pois apenas hai unha por aldea, e cando sucede que existen máis de unha, nese caso tamén se dispoñen na catalogación de norte a sur, como acontece en Mosteiro (Sabardes), onde teñen catro fontes distintas.

Igual se fixo con reloxos de pedra e cos pombais. Pero os muíños, logo de separalos por parroquias, organizáronse por ríos, e estes polo número de muíños que posúen, de maior a menor, e finalmente fóronse aliñando por orde

desde o nacemento do curso ata a súa desembocadura.

E, por suposto, tamén se elaboraron planos de todos os lugares, sinalando nelles cada un dos compoñentes do conxunto patrimonial existentes no mesmo (foto 12) con diferentes cores para os distintos elementos: vermello para hórreos de pedra, laranxa para os mixtos, crema para os de madeira, azul para fontes (máis escuro) e lavadoiros (claro), verde os pombais, violeta os muíños, e marrón os reloxos; casas de cor castaño; vías de comunicación de amarelo, cun borde continuo as estradas e descontinuo os camiños; por último, azul cun trazo negro no medio os ríos e regatos; sempre acompañados dunha clave identificativa que remite á catalogación.

## AS PUBLICACIÓNS

Tal como estaba acordado no contrato asinado entre o concello e o autor da catalogación, o material había ser publicado






ao seu remate, non necesariamente de forma íntegra, pero polo menos as súas partes máis significativas ou, en función dos recursos económicos, dun resume e valoración do patrimonio recollido.


A publicación foi só parcial, pois só se realizou a referida ao patrimonio histórico artístico, estando pendente aínda a publicación da 2ª fase. Mais polo que se refire ao editado, hai que recoñecer que o resultado superou todas as expectativas, pois o concello non só publicou o contido daquela primeira fase integramente, senón que, ademais, fíxoo nunha edición en tres volumes de 30 cm que se pode considerar de auténtico luxo, xa que, por riba de incluír centos de fotos a toda cor cada un do libros, tamén levaba moitísimas ilustracións a toda páxina, e todos os mapas, planos e alzados elaborados, sen escatimar medios.

A edición do primeiro dos tres volumes correu a cargo da editorial santiaguesa Tórculo, que o publicou en 1998. A súa portada está dominada por unha imaxe parcial dunha das xoias arquitectónicas, non só de Outes, senón de toda Galicia, a Pontenafonso (ver foto 13), e a contraportada reflicte a ara romana de Banzas, depositada no Museo do Pobo Galego. Por motivos económicos (unha importante subvención da Consellería de Educación) debeu levar de subtítulo *Apoio ó ensino do Coñecemento do Medio*. Nas súas 200 páxinas de extensión, ademais de prólogo, índices, bibliografía e agradecementos, incluíase todo o material prehistórico, antigo e medieval catalogado; pero dado que o anterior ocupaba relativamente pouco en comparación con todo o material moderno e contemporáneo, por razóns de equilibrio na extensión dos libros, decidiuse meter tamén neste primeiro os cruceiros entón coñecidos e as mostras de arte popular. As 165 fotos do interior son todas do autor, agás a da estela de Cando, tirada do libro de Pereira Menaut citado, e unha foto do estado orixinal da Ponte da Serra, tomada a principios do s. XX.

O segundo volume saíu á luz o ano seguinte, publicado tamén pola editorial Tórculo (ver foto 14). Debería recoller todo o patrimonio histórico-artístico moderno e contemporáneo, pero dado que o seu conxunto se aproximaba ás 500 páxinas, e o convertían nun tomo pouco manexable, decidiuse publicar unha parte, a referida á escultura relixiosa, pola súa entidade, tanto cuantitativa como cualitativa, nun volume separado, que saíra tres anos máis tarde. A portada ía ilustrada coa foto da fachada de San Xoán de Roo,

Foto 13.  
Catalogación  
do Patrimonio  
Histórico-  
Artístico de  
Outes. Volume I





unha das igrexas barrocas máis importantes, non só de Outes, senón de toda a área que vai de A Coruña a Compostela, incluíndo toda a comarca do Barbanza; a contraportada levaba unha fotografía do retablo maior de San Tirso de Cando (ver foto 1), outro dos máis impresionantes conxuntos escultóricos do s. XVIII de toda a área antes citada. Por idéntico motivo ao antes mencionado, debeu levar o mesmo subtítulo. A súa extensión era bastante maior, polas súas 286 páxinas nas que se recollen:

- Igrexas parroquiais cunha información inicial referida á súa historia, seguido dunha minuciosa descrición da planta, o exterior, o interior e o estado de conservación, con diversas fotos da fachada, cabeceira, interior, cubertas e algúns outros detalles de interese (bóvedas da sancristía, campanarios, adros, escalinatas...) ademais de

planos, con información detallada de todas as medidas, e alzados.

- As capelas, co mesmo tratamento.
- Algunhas casas de notorio interese arquitectónico ou urbanístico.
- Os pazos, tamén con planos e fotos do exterior, do interior, e dalgunhas construcións anexas de interese (pombal, cortes...)
- Casas reitorais.
- Construcións públicas de importancia dos séculos VXI a XX.
- Un exemplo de arquitectura funeraria de certo relevo.
- A escultura relixiosa só no referido aos retablos e aos relevos, pois as imaxes reserváronse, como xa se indicou, para o seguinte volume a publicar.
- A escultura civil
- A pintura, tanto relixiosa como civil.
- As artes decorativas: ourivería, mo-blaxe e téxtil de singular importancia.

O terceiro volume da serie (foto 15) xa foi publicado pola Deputación da Coruña, e del fixéronse dúas tiradas: unha con cubertas rústicas, dirixida aos veciños de Outes, a quen llela levaron aos domicilios gratuitamente, e outra con tapas duras destinada á venda. O título principal foi *Patrimonio histórico-artístico de Outes. Vol III*, e como subtítulo *Escultura relixiosa*. En ambos casos, a ilustración da portada foi a Virxe do Rosario do escultor Ferreiro, e o contido era o mesmo: nas súas 178 páxinas recollíanse as 285 tallas catalogadas no conxunto das igrexas,



Foto 14.  
Catalogación  
do Patrimonio  
Histórico-  
Artístico de  
Outes. Volume II





Foto 15.  
Catalogación  
do Patrimonio  
Histórico-  
Artístico de  
Outes. Volume III





Foto 16. Libro:  
*Os Muíños de Outes*

organismo acometa o labor, indubidablemente custoso.

Entrementres, o autor, por iniciativa da Asociación Terra de Outes, publicou o folleto de *Os Muíños de Outes*, de 52 páxinas, con 10 fotografías e 5 ilustracións, cun resumo da catalogación dos mesmos, xunto cun estudo das súas funcións, orixes, funcionamento, propiedade, folclore e unha análise da súa morfoloxía e distribución polo territorio.



e algunhas particulares, cunha foto, descrición, máis ou menos extensa, en función da calidade da imaxe, e estado de conservación, pero incluíndo tamén un capítulo dedicada aos retablos nos que están instaladas, para os lectores que non tivesen á súa disposición os volumes anteriores, que non se puxeran á venda pública, así como uns apéndices nos que todas as esculturas se agrupaban, xa non por temas, tal como se organizaran na catalogación –do xeito que se explicou máis arriba–, senón por parroquias.

Polo que respecta ao material catalogado na 2ª fase, a arquitectura popular, esta segue agardando a publicación. O conxunto correspondente a muíños e fontes está xa redactado para a súa edición, pero fica á espera de mellores tempos para que o concello ou outro

Agardando que todo o anterior sirva de modelo a outras catalogacións que cómpre levar adiante no resto dos concellos, antes de que o abandono converta todo nun cúmulo de cascallos, foi a razón pola que este traballo se presentou primeiro no seo do III Congreso de *As comunidades costeiras dependentes da pesca en tempos de*



*cambio*, organizado polo Concello de Muros e a Universidade de Santiago, celebrado en Muros, entre o 18 e o 20 de outubro de 2007, e despois nas *VI Semana da Historia de Noia*, celebrada no presente ano 2011, pero con maior profusión de imaxes que a limitación de espazo impide repetir aquí, pero na confianza de que resulten suficientemente explicativas. Como epílogo, non é desexo do autor que por causa do seu laborioso cometido, resulte desalentador para os futuros investigadores, senón que a intención é a de presentar un reto a superar. Outros máis completos e pormenorizados xa se levaron a cabo, e o auténtico amante da cultura e o progreso non debe desfalecer.

Grazas a todos cantos axudaron nalgún momento, pero moi especialmente, a *Xastre*.



# A pesca da lamprea no río Tambre

*Clodio González Pérez*

*Manuel Ces Canle*

*Deseños:*

*Plácido P. Palacios*

*Xoán R. Marín*





O río Tambre foi ata non hai moitas décadas moi rico en pesca: ao longo do ano entraban lampreas, salmóns, reos, troitas, anguías... De todos estes peixes, o que máis sona acadou, sobre todo no último treito, de Ponte Maceira ata a foz, foi a lamprea, pola súa saborosa carne e tamén porque se podía conservar curada moito tempo, case todo o ano. A súa captura non só era unha axuda económica para os pescadores-labradores durante a época de pesca, senón que tamén o era logo ao vender as curadas cando xa non as había frescas.

Así foi durante séculos, dende que o home descubriu a súa exquisita carne, ata que desaparece do Tambre por mor do encoro "Barrié de la Maza", co gallo de entrar en funcionamento a segunda central, en 1973. Dende que a empresa foi obrigada a deixar libre nos últimos anos, cando menos, o caudal ecolóxico (4.000 litros/segundo), non como antano pero xa empezan a remontar algunhas a corrente, que logo de cumprir a súa misión reprodutora, aparecen mortas nas orelas do río. Esta obriga non supuxo ningunha perda para a empresa hidroeléctrica pois, de par do muro da presa, construíu unha pequena central ("Tambre III"), que aproveita a forza do devandito caudal antes de que este chegue de novo ao río.

As primeiras lampreas entran no Tambre en xaneiro e seguen ata xuño, pero perdendo a carne calidade segundo avanzan os días, consonte co dito propio

da comarca, referido exclusivamente a este raro peixe agnato (é dicir, sen mandíbula) e anádromo (mariño e fluvial):

*En febreiro, para o cabaleiro; en marzo, para o amo; en abril, para o señorín; en maio, para o criado, e en San Xoán, para o can.*

As máis apreciadas son as primeiras e as menos as últimas, polo que eran estas as que se adoitaba curar, xunto coas que se pescaban con obxectos punzantes que, ou se vendían baratas, ou había que comelas na casa.

## AS PRIMEIRAS NOVAS DA PESCA


A mención documental máis antiga verbo da pesca no último treito do río Tambre, que foi sempre o máis lampreeiro, data do século X: o 21 de febreiro do ano 934, o rei Ramiro II e a súa muller confirman as doazóns outorgadas polos antecesores á Igrexa de Santiago, engadíndolle tamén o condado de Posmarcos, que abranguía o territorio situado entre as desembocaduras dos ríos Ulla e Tambre, correspondente agora aos concellos de Boiro, Lousame, Noia, A Pobra do Carmona, Porto do Son, Rianxo e Ribeira.

Na doazón non se menciona a pesca, pero será esta a que dea lugar poucos anos despois a un litixio entre San Rosendo e o bispo Sisnando II, por mor do primeiro considerar propiedade da súa





O treito máis  
lampreiroiro do  
Tambre



familia, en particular por parte da nai, a cuarta parte de varias pesqueiras situadas unhas no mar e outras no Tambre, no segundo as denominadas *Suberaria* e *Terenca*, que, en particular a primeira, podería corresponder á que aparece séculos despois nas escrituras co nome de *Sobornal*. O preito conclúe o 27 de febreiro do 961 a favor da Igrexa compostelá. Non constan os peixes que se capturaban nestas pesqueiras, pero, de

seguro, un deles, senón o principal, debía ser a lamprea.

## PRINCIPAIS ZONAS DE PESCA

Malia que en tempos pasados remontaba moito máis, na última época, antes da construción do encoro, o límite case se pode considerar a Ponte Maceira, ata onde chegaban algunhas, logo de



sortear as artes, as redes, os “rodeiros”, as pesqueiras, e as presas dos muíños. O treito lampreeiro máis importante quizais sempre foi o que abrangue dende a foz ata o regato de Furadelos, na parroquia de Lueiro, concello de Negreira, e fronte, na outra orella, a de Cornanda (Brión), onde están os “rodeiros” tradicionais, que son os seixos grandes e penedos do leito do río, entre os que poñían as trampas aproveitando o paso da corrente máis forte entre eles, por onde tiñan que pasar as lampreas para continuar o remonte do río. Había tres zonas:


A primeira (A), dende o regato de Furadelos ata o do Fiúncho. Aquí están, entre outros, os “rodeiros” dos Frunchos, o Novo, o Vello, o Caneirón, e os Fiúnchos.

A segunda (B), dende o devandito rego do Fiúncho ata o do Souto ou Rio-seco, que era onde se concentraba o maior número, co gallo dos moitos seixos grandes e penedos que hai no río, e máis antes de haber o encoro pois o caudal era varios metros máis alto. De aí que

os “rodeiros” se clasificasen, segundo se podía pescar ao ir devalando a auga, en “temperáns” (os situados máis altos, nos primeiros que se podía poñer a “trampa”), “do medio” e “de dentro ou tardíos” (os fondos, que quedaban descubertos máis tarde, xa na primavera). Entre outros, están: o Cabreiro, Perxurado, María Oanes, Gorgues (ou Gorgues), Sobornal, Furadelo, Liñaio, Malcaso, as Mareas –ata onde chega o influxo do mar- e os do pozo do Lago (fronte á central “Tambre I” ou do arquitecto Palacios).

A última zona corresponde á parte navegable do río, polo que xa case só se practicaba a pesca con rede (vituróns, trasmallos, etc.). Vai dende o pozo do Lago ata Ponte Nafonso, con tres puntos importantes, un deles arredor da illa Meán, na desembocadura do río Laxoso.

Do regueiro de Furadelos para arriba, é dicir, seguindo o curso contra a corrente, tamén se practicaba a pesca, pero o leito do río é chan, sen seixos nin penedos, polo que se construíron pesqueiras que



Pesqueiras e presas para os muíños, entre os concellos de Negreira, Brión e Ames





algunhas ao tempo facían de presas para desviar a auga para muíños. Os veciños clasifican estas pesqueiras segundo a forma: “dunha perna”, cando non é máis que un muro que cruza todo ou parte do leito, da que a máis impresionante é a da Pedreira ou de Armesto (por pertencer a este pazo situado na aldea de Salaño, Ons-Brión); e “de dúas pernas”, cando teñen forma de ángulo (>) co vértice contra a corrente, de xeito que podía haber dous muíños, un en cada orela. Estas construcións actualmente fican asolagadas, non sendo visibles algunhas máis que cando está o encoro moi baixo, en particular, nos meses de setembro e outubro.

## MOSTEIROS E PAZOS

A Igrexa compostelá, como queda visto, xa no século X posuía o dominio señorial sobre as pesqueiras do Tambre situadas na orela esquerda, segundo a dirección da auga, pertencentes moitas delas ao mosteiro de San Martiño de Corenza<sup>1</sup>, non se sabe dende cando xa que se descoñece a data de fundación deste pequeno cenobio que rematou sendo primeiro priorado do compostelán de San Paio de Antealtares e por último do de San Martiño Pinario. O señorío da outra orela do río, a dereita, a partir de 1167, por doazón do rei Fernando II, vai ser do mosteiro de San Xusto de Toxosoutos que, coma o anterior, remata tamén como priorado, pero neste caso do de Sobrado.

Non se pode trabucar a propiedade, que podía ou non ser aforada ou alugada, e o dereito señorial que, en xeral, nesta zona consistía en toda a pesca capturada unha noite calquera e sen aviso previo. O mosteiro ou a igrexa de Santiago podía posuír os dous ou só un. Por exemplo, varios dos “rodeiros” situados no Pozo do Lago (fronte á actual central “Tambre I”), como afirma unha das testemuñas do litixio de 1681 entre Manuela Cid, no nome do seu home foreiro do priorado de San Martiño de Corenza, e o mosteiro de Toxosoutos:

*... como tal vecino cercano suele asistir desde su niñez en el tiempo de la caza y pesca de lampreas por tener en el su parte en siete o ocho cañales en los cuales como en los demas se paga a dicho priorato de ssan Justo en cada año dos noches de caza de lampreas a su escoger por raçon del dominio y propiedad de dicho rrio...<sup>2</sup>*

En casos, o dereito señorial podía consistir en froitos ou animais, pero se tamén entraba a pesca non adoitaba faltar algún peixe, como os veciños do Muíño (Santa María de Roo) que, segundo consta no *Tombo Vermello* de Don Lope de Mendoza, redactado antes de 1398, o mordomo de Noia nomeado polo arcebispo compostelán recibía varias galiñas e *la primera lanprea que los onbres del Moyno mataren en el rio de Tamare...*<sup>3</sup>

Algunhas casas nobres tiveron tamén dereitos, pero, en xeral, agás os condes de Altamira (Brión), os demais deberon

<sup>1</sup> Parroquia do mesmo nome, actualmente desaparecida e unida á noiesa de Roo, aínda que polo relixioso as aldeas de Vilardante e Vilafabeiro agora dependen da de San Xusto de Toxosoutos.

<sup>2</sup> Arquivo do Reino de Galicia (ARG): “Preito entre Manuela Cid e o mosteiro de Toxosoutos, 1681” (seg. 45382), doc. 51.

<sup>3</sup> O *tombo vermello* de Don Lope de Mendoza... pág. 52



ser case todos como foreiros dos mosteiros ou da igrexa de Santiago, que logo alugaban aos pescadores; de aí que fosen máis escasos os foreiros “de primeiro grao”, que eran os intermediarios, que os “de segundo grao”, que pagaban as rendas dos propietarios e tamén dos verdadeiros foreiros. Esta situación desaparece a partir da desamortización e exclaustación relixiosas, ao pasar os bens dos mosteiros a poder de particulares.

O maior propietario rematou sendo San Xusto de Toxosoutos, primeiro mosteiro bieito e logo cisterciense, que dende a fundación en 1127, xa tratou de estender os seus dominios ás ribeiras do Tambre, para así dispoñer de peixe fresco case todo o ano, e, principalmente, nos días de vixilia, que os monxes non podían comer carne. Por exemplo, no ano 1167, merca por dez soldos a cuarta parte da pesqueira ou “rodeiro” de Gortex ou Gorgues: *uno nassario in fluuiu Tamar ubi dicemus Gorgae...* En 1174 recibe de Afonso Anaiaz a metade do que este posuía no Tambre, e en 1198, Urraca Afonso, entre as herdades que lle doa, hai varias en San Pedro do Castro (a actual aldea do Castro Lampreeiro), *cum suis piscariis et cum insula de Juncaria et cum omnibus suis directuris*.<sup>4</sup> Nos anos seguintes faise con máis propiedades, sen ter en conta o dereito señorial sobre a orella dereita do río, polo que recibía toda a pesca de calquera noite de todas as pesqueiras ou “rodeiros”, súas ou doutra persoa.

## RODEIROS E PESQUEIRAS

Os primeiros son as pesqueiras máis antigas, para as que unicamente se aproveitaba o paso da corrente entre dous seixos grandes ou penedos situados no leito do río, aos que se suxeitaba a “trampa” ou rede. Estas construcións, como se pode ver nas que non sufriron cambios nin engadidos posteriores, son as máis primitivas e elementais que se coñecen, sendo mínima a obra do home, non máis que uns rebaixes ou ocos nas pedras para encaixar a “trabe”, é dicir, o pau que terma de toda a “trampa”.

A primeira vez que atopamos esta verba é nun apeo dos bens do priorado de San Martiño de Corenza, levado a termo en agosto de 1437 por orde do mosteiro compostelán de San Paio de Antealtares, do que dependía, ante a vida disoluta do prior, Xil Alonso. Declaran as testemuñas:


*... que vira levar a fra. Gil Alonso prior que fora de Corenza as lampreas dos Rodeiros de señorío da Insoa así de unha parte como da outra e que despois que fra. Juan Rigueiro fora Prior de Corenza que lle vira levar as lampreas dos ditos Rodeiros... oira decir que o prior Fr. Gil Alonso que levava a renda das lampreeiras dos Rodeiros ... quel vira ter e usar e pesuir a o dito fray Gil Afonso en quanto el tobera o mosteiro de Corenza, as lampreeiras y rodeiros, y nasas que e na Ribeira do Tamaro pertescian ao Mosteiro de san Paio...*<sup>5</sup>

<sup>4</sup> Os documentos do Tombo de Toxos Outos, docs. 571, 543 e 572.

<sup>5</sup> ARG: Clero, “Preito entre Manuela Cid e Toxosoutos, 1681”, doc. 7, (seg. 45382).



Dous “rodeiros”:  
o primeiro  
entre dúas  
rochas naturais  
e o segundo  
cun engadido  
artificial para  
facer o paso  
máis estreito



O problema xorde ao tempo que se xeneraliza a documentación en castelán: ao comezo traducen “rodeiro” por “rodero”, convivindo durante anos as dúas denominacións, como se comproba –podemos por caso– nun preito de 1574:

*... Corença su anejo de dicho monasterio de ssan Martin nunca jamas an tenido ni poseydo en el dicho Río mas de solamente un rrodero que se llama el rrodero Perjurado e si saven que el dicho monasterio de ssan Justo e de Sobrado... desde dicho tiempo ynmemorial aca an estado y estan en posesion ... e llevar en cada año una noche la que quieren hescoxer de pescar e pescan e llevan todo el pescado que en el dicho Rodeiro e Canal de Perjurado se toma ...*<sup>6</sup>

Outro documento posterior, de 1682, testemuña que aínda coexistían os dous nomes, pero debido a que “rodero” carece de significado en castelán referido en particular á pesca, os escribáns empezan a substituílo por outra palabra semellante que si o ten, tanto en galego como en castelán, “redeiro” e “redero”:

*... aposeedores de ocho rredeiros que confinan con los del dicho Monasterio que son los siguientes segun el lo dixo e confeso... Volvio a decir que traya diez y siete Canales en la Rivera que tiene de fuero del dicho Monasterio con lo que el possey a y tenia arrendados que se dicen y nombran quatro dellos los Redeyros de Tempereyro ...y del Redeiro de Gorgues dice el dicho testigo ... del rredeiro de Sobornal ... y de los otros dos Canales Da Marea... tiene los canales e rredeiros siguientes...?*<sup>7</sup>

Para rematar, malia que aínda se poden procurar máis documentos onde figure esta palabra, tamén empregan esta denominación os peritos que taxan as propiedades do mosteiro de Toxosoutos en 1839:

*... Casa Priorato extinguido de San Justo de Tojos Outos situada á orilla del Río Tambre la que y mas vienes raices y rodeyros de pesca de Lamprea... La pesquera ó rodeyro de Lamprea que se nombra das Forcas... Cuyos siete rodeyros son enteros de la pertenencia del citado*

<sup>6</sup> Ídem, doc. 45.

<sup>7</sup> Ídem, doc. 33.



A Pedreira:  
pesqueira "dunha  
perna"



*Monasterio extinguido, y actualmente la  
Nación...*<sup>8</sup>

A pesqueira é sinónimo de “rodeiro” e “canal”, entre outros, pero por norma xeral sempre se lle adoita dar esta denominación —en particular nesta zona— ás grandes, que esixen unha custosa obra de construción á que, daquela, unicamente podían facer fronte os mosteiros e as casas moi ricas.

As máis espectaculares son as que se atopaban máis arriba da presa do encoro “Barrié de la Maza”, o primeiro aprobado en 1907 e concluído 1927, e o actual autorizado en 1949, debido a que na canle do río non hai seixos grandes nin tampouco rochas, polo que son imprescindibles estas construcións para poñer as trampas.

Ao mesmo tempo, ademais de pesqueiras, tamén facían case todas de presas para muíños, situados nas oreas.

Estas construcións, que tamén reciben a denominación de “cañal” e “canal” na documentación, polo que non se sabe de certo cando se refiren a unhas ou a outras, situadas entre as parroquias de Gonte e Logrosa (Negreira) e Ons (Brión) e Agrón (Ames), son máis modernas, aínda que puidera haber algunhas xa medievais, pois en 1681 consta que, pola parte de arriba do Pozo de San Gregorio, onde non hai pedras axeitadas para montar as trampas, tiña o conde de Altamira unha pesqueira que atravesaba toda a canle do río, como as que chegaron ata os nosos días, e que a construción doutra situada máis abaixo, no Caneirón, impediría que

*... suba la pesca como sube y passa las  
mas pesqueiras que ay en dicho Rio por-  
que los suyos estan mas debajo de dicho*

<sup>8</sup> ARG: Desamortización: Expediente de poxa dunha pesqueira, casa e horta sobre o río Tambre, en Santa María de Roo (Noia) que percibía o priorado de San Xusto de Toxosoutos, (leg. 230-10).



A Dorna:  
pesqueira de  
"dúas pernas"



*canal = Lo otro en dicho río ay otro cañal que atraviesa el río que esta mas arriba de el sobre que es el pleito que es del conde de Altamira.<sup>9</sup>*

Estas pesqueiras, denominadas así polos veciños, actualmente fican asolagadas pola auga do encoro case todo o ano, sendo unicamente visibles en parte só nos meses de setembro e outubro, cando baixa moito o caudal do río. As máis importantes eran as seguintes, empezando entre os concellos de Negreira (Logrosa) e Ames (Agrón), seguindo a corrente cara á desembocadura: As Areas, Chainle, Pozo Cardo, A Praguieira, A Pedra da Mula, Bouza do Río (Paraquente ou Logrosa), Ponte Ínsua, A Dorna, A Pedreira, O Pouso, O Latedo e O Cornedo. Houbo algunhas máis cara á presa do encoro, pero agora botan todo o ano ocultas pola auga.

## ARTES DE PESCA


A lamprea non se pode pescar con cebo, polo que a única forma é capturala cando remonta o río ou está suxeita a unha pedra descansando ou agardando o intre máis idóneo para subir. Por iso cómpre distinguir entre collela ferida ou viva, de xeito que se poida manter varios días e tamén aproveitar o sangue, que é un dos principais ingredientes para cociñala.

Cando se colle ferida e non se consume axiña, ademais de ter moito menos valor comercial, ata que empezan os primeiros frigoríficos só se podía conservar salgándoa e afumándoa, para comer na casa ou vendela no verán cando non a había fresca.

Os trebellos que máis se usaban para este labor eran: o garfo ou francallo, a francada e as tenaces<sup>10</sup>.

<sup>9</sup> ARG: "Preito entre Manuela Cid e Toxosoutos, 1681 (seg. 45382).

<sup>10</sup> Actualmente están prohibidas; unicamente se permite usar a francada no río Tea, afluente do Miño, entre a desembocadura en Salvaterra e Pontearreas.



O garfo ou francallo

A francada

As tenaces

As verdadeiras artes de pesca son aquelas en que a lamprea se captura sen sufrir dano ou o menos posible, de xeito que ata pode botar empozada dentro dun recipiente ou nun sitio do mesmo río onde non poida fuxir durante varios días, ata que suba de prezo. Neste treito do Tambre usábanse varias destas artes, algunhas semellantes ou iguais ás que se utilizan nas rías (o viturón, o trasmallo e a xávega), pero de todas, a máis importante, e tamén por ser exclusiva para a lamprea, era a “trampa”, desaparecida dende que se abandonou a súa pesca na década dos anos setenta do século pasado, ao entrar en funcionamento a central “Tambre II” (1973).

A “trampa” é unha arte moi antiga, que se pon coa boca do copo ou da rede aberta contra a corrente, polo que a lamprea entre nela só empurrada pola auga, ao non ser capaz de superar a súa



forza; de aí que se sitúe sempre en pasos estreitos, entre penedos ou “rodeiros”. Consta de dúas partes: unha fixa e outra móbil. A primeira, como o seu nome indica, está suxeita entre as pedras, de xeito que se poida poñer a móbil cando se queira pescar. Para sacar os peixes non se retira do río, senón que se baixa a “travesa” coas “cangallas” e xa o copo sobe de forma que se poden retirar pola boca ou desatando o cu do copo.

As lampreas vendíanse ás revendedoras (en particular en Cando, na orela dereita, xa había un sitio para poxalas) ou levábanas as mulleres da casa a Noia, e por toda a contorna. Chegaban ata Santiago de Compostela e mesmo, segundo din as persoas maiores, algunha vez ata a Coruña.



A "trampa" montada: a corrente empurra as lampreas para o copo

A "trampa" en posición para retirar as lampreas



## GASTRONOMÍA

Non se sabe como se condimentaría na Idade Media, pero quizais dependese dos medios económicos de quen a consumise, pois non dispoñía dos mesmos para mercar custosas especias un pazo ou un mosteiro que un labrego ou os propios mariñeiros, cando pillaban moitas e había que consumilas ou curalas, e, particularmente, as capturadas co garfo, a francada e as tenaces.

Actualmente existe unha receita propia da comarca, coñecida por "lamprea ao estilo de Noia", diferente ás doutras partes onde tamén se consume, e, sobre todo, á agora máis popular de "á bordelesa", quizais, tendo en conta a denominación, de orixe francesa, da cidade de Bordeos. En resumo, é como segue: límpase ben a lamprea, faise un rustrido con aceite de oliva, moita cebola, dentes de allo e perexil, mellor nunha cazola de barro. Dánselle varios cortes ou, se é para a

casa, córtase en toros, ao tempo que se aproveita o sangue. Sálgase ao gusto e engádeselle viño branco. Por último, ponse a cocer, primeiro a lume forte e logo a lento durante uns 15 minutos; como remate, bótanselle as patacas e os chícharos e déixase cocer outro tanto tempo.

Malia que hoxe en día sexa a tradicional, algúns dos ingredientes tiveron que cambiar, xa que o cultivo da pataca non se difunde ata finais do século XVIII ou, en casos, comezos do XIX; e polo que atinxe aos chícharos, ata o XVII non se consumían verdes, senón curados como se fai cos garavanzos e as fabas. Quizais un dos ingredientes agora perdido fose a castaña, abundante na zona en tempos pasados.

Hai máis receitas para cociñala: en empanada, escabechada, e en conserva. Antes, a última non só se facía na casa (meténdoa, logo de cociñada, dentro dun recipiente hermético), senón tamén en





Lamprea ao  
estilo de Noia,  
guisada con  
patacas e  
chicharos

fábricas, como por exemplo a de Carreño, de Noia, fundada en 1856, verbo da que consta nun documento do arquivo do pazo da Pena de Ouro, de 1920: *En un solo día las [pesqueiras de] Cando [pescaron] 800 lampreas, las pagó la conserva de Carreño a 5 reales, el par tiene valido hasta 5 pesetas.*

No *Diario de a bordo* da “I xeira do mar” dos Ulteiras que, capitaneados polo profesor de Xeografía e Historia do Instituto de Noia, Álvaro das Casas, percorreron as Rías Baixas, de Muros a Vigo, entre os días 1 e 13 de xullo de 1932, ambos inclusive, cóntase que un dos agasallos que recibiron en Noia foi precisamente o de varias latas de lamprea en conserva:

*O entusiasta galeguista e secretario deste Concello, José María Vázquez Ulloa, enviounos un garrafón de viño do Ribeiro;*

*o camarada Generoso Souto, unhas latas de lamprea...*<sup>11</sup>

Sábese que durante a Guerra Civil de 1936-39, algunhas familias mandaron aos fillos e familiares que estaban na fronte latas de conserva de lamprea e, xa como remate, que se fixeron algunhas conservas caseiras ata non hai moitos anos: metíana preparada na lata, soldaba a tapa un latoeiro ou alguén da casa e, por último, “cocíana” en auga fervendo durante uns minutos. Actualmente non é doado atopar persoas que saiban con seguranza como se preparaba, supoñendo que fose de igual forma ou moi semellante a como di *Picadillo*:

<sup>11</sup> GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Mar Adiante. As Xeiras dos Ulteiras*, A. Álvaro das Casas – Fundación Premios Crítica Galicia – Xunta de Galicia, Vigo, 2008, p. 155.








Mesa para  
desviscerar

Lamprea lañada

Baño ou  
salgadoiro



*Se abren y limpian las lampreas como para guisar; se ponen en una cacerola con aceite, cebolla, perejil y un poco de ajo, todo crudo, añadiéndole medio cuartillo de vino blanco, y se hacen cocer, y, una vez en punto, se retiran, dejándolas enfriar en la misma cazuela; se suelda en recipientes de hojalata, haciendo cocer éstos al baño-maría durante una hora, dejándolos enfriar dentro del agua en que hirvieron y guardándolos en sitio fresco y libres de humedad.<sup>12</sup>*

Outro método de consumila moi popular nesta comarca era curada ou seca. Preparábase cando había moitas e ían baratas, se estaban mazadas por non poder retirar a trampa do río durante varios días, as que se pescaban con aparellos punzantes, e as últimas en remontar, cando a carne é menos saborosa. O primeiro que se facía era abrílas da boca á cola e tirarlles as vísceras, para o que había nas casas unha especie de táboa que facía de mesa suxeita a unha parede. Logo lavábanse e lañábanse, dándolles un corte a cada lado da cartilaxe ao tempo

que lles poñían uns paus para que quedasen planas. De seguido, pasaban ao baño ou salgadoiro e, cando estaban ben de sal, pendurábanas do caíño para que secasen do mesmo xeito que os chourizos, atendendo ao seguinte refrán: *Moito fume, moita calor e pouco lume.*

A última operación consistía en enrolalas e colgalas do teito da cociña, onde podían botar varios meses pois, por exemplo, en outubro aínda o pazo da Pena de Ouro (Noia) recibía en concepto de renda, 17 lampreas curadas. Segundo unha relación dos foros e rendas que recibía o mosteiro de San Xusto de Toxosoutos, en 1830 xuntaron 1.883 lampreas, repartidas do seguinte xeito:

|                              |                   |
|------------------------------|-------------------|
| frescas.....                 | 142               |
| curadas.....                 | 671               |
| non se aclara.....           | 434               |
| a escoller polos monxes..... | 636 <sup>13</sup> |

<sup>12</sup> PUGA PARGA, M. M<sup>a</sup>. ("Picadillo"): *La cocina práctica*, 15 ed., Santiago de Compostela, 1972, páx. 140.

<sup>13</sup> Arquivo Histórico Universitario, Santiago de Compostela: "Memorial cobrador que sirve para los años 1827, 28, 29 y 30" (atado 988).



Os relixiosos preferían as curadas porque podían consumilas ao longo de todo o ano, en particular nas tempadas en que escaseaba o peixe. Segundo parece, a forma máis corrente de condimentalas era cocéndoas con verzas e botándolles por enriba un refrito de unto, allo e pemento.

A mediados do século XIX di o erudito pontevedrés Eugenio Reguera Pardiñas ao falar de Noia, que os romanos utilizaron

*... este puerto para la extracción de la pesca marítima, de los salmones y lampreas esquisitas del Tambre, de los ganados y productos agrícolas de la región hidrográfica de este río...*<sup>14</sup>

O interese culinario pola lamprea foi a máis ao longo dos séculos; a mágoa é que a do Tambre -polo de agora- xa non é máis que historia.

## BIBLIOGRAFÍA

### Fontes documentais

Archivo Histórico Nacional, Madrid:

- Tumbo de Toxosoutos.
- Outra documentación pertencente a este mosteiro.

Arquivo do Reino de Galicia:

- Real Audiencia de Galicia: segs. 1393/100, 566/11, 883/73, 565/51, 565/51, 16/52, 291/145, 39/81, 15107/13, 124/72, 135/8, 29/37 e 99/7.
- Clero: segs. 45685 e 45382.

- Catastro de Ensenada: parroquias de Roo, Cando, Ons, Corenza...

- Desamortización: seg. 230/10.

Arquivo Histórico Universitario, Santiago de Compostela:

- Clero: atados 620, 621, 967 a 985, 988 a 994 e 1154.

Arquivo do Pazo da Pena de Ouro.

- Documentación varia.

### Fontes publicadas

*Apuntamentos históricos sobre a vila de Noia: Juan Henríquez Ossorio, Eugenio Reguera Pardiñas, Alberto Campero. Edición de Clodio González Pérez, Ed. Toxosoutos, Noia, 2000.*

CAAMAÑO SUÁREZ, M.: *As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia*, Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, A Coruña, 2003.

CORNIDE, J.: *Ensayo de una historia de los peces y otras producciones marinas de la costa de Galicia, arreglado al sistema del caballero Carlos Linneo. Con un tratado de las diversas pescas, y de las redes y aparejos con que se practican...* Madrid, 1788 (ed. fac., Ed. do Castro, 1983).

FABEIRO GÓMEZ, M.: *Páxinas Históricas de Noia*, Ed. Sementeira, Noia, 1990.

GONZÁLEZ PÉREZ, C.: "San Xusto de Toxosoutos. Pasado e presente", *Día das Letras Galegas. Mostra Filatélica*, Noia, 2009.

GONZÁLEZ PÉREZ, C. / CES CANLE, M.: *A pesca da lamprea no río Tambre. Historia, artes e gastronomía*, Ed. Toxosoutos, Noia, 2010.

LUCAS ÁLVAREZ, M.: *El archivo del monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela*, Seminario de Estudos Galegos, Ed. do Castro, 1999.

- - - : *San Paio de Antealtares, Soandres y Toques. Tres monasterios*

<sup>14</sup> *Apuntamentos históricos sobre a vila de Noia: Juan Henríquez Ossorio, Eugenio Reguera Pardiñas, Alberto Campero. Edición de Clodio González Pérez, Ed. Toxosoutos, Noia, 2000, páx. 30.*



*medievales gallegos*, Seminario de Estudos Galegos, Ed. do Castro, 2001.

*O tumbo vermello de Don Lope de Mendoza*, Edición de Ángel Rodríguez González, Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago de Compostela, 1995.

*Os documentos do Tombo de Toxos Outos*, ed. de Francisco J. Pérez Rodríguez, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2004.

PÉREZ MORALES, A.: *Un absurdo legislativo: La pesca de la lamprea en el río Tambre*, Tip. Paredes (Santiago de Compostela), 1930.

PIÑEIRO, M.: *Lampreas e pesqueiras: historia, artes de pesca e receita*, Galaxia, Vigo, 2008.

YORDI DE CARRICARTE, L.: "Presa del Tambre", *Revista de Obras Públicas*, 99, Madrid, 1951.

# *Os* gremios e os clérigos da morte

*Xoán Manuel Neira Pérez*





A realidade actual do espazo da vila de Noia está configurada polo seu momento medieval. As pegadas da historia na actualidade son evidentes en cada recuncho de Noia e nos substratos da propia identidade, que aínda se fan presentes en certos elementos de valor que inciden na convivencia das persoas.

O presente artigo é froito dunha conferencia pronunciada o 24 de maio de 2011 no marco da VI Semana da Historia de Noia, e pretende afondar en dous elementos concretos que configuran a historia da vila noíesa: Os gremios profesionais de Noia, e a Confraría dos Clérigos da Concepción. Toda a maraña complexa que resulta da mestura de cultura, relixión e sociedade da que emerxe a Vila de Noia, como entidade de realización humana ao longo do tempo, está sustentada no binomio formado por gremios + clérigos da Concepción.

O conxunto de valores ou contravalores que Noia foi desenvolvendo desde o século XIV ata hoxe, son resultado dunha presenza ou ausencia de principios asumidos e identificados co movemento gremial en Noia ou nos Clérigos da Concepción. Esfuerzo, traballo, emprendemento, culto á morte, caridade, solidariedade colectiva... son prácticas desenvolvidas por estes dous organismos ao longo dos séculos.

Na actualidade apenas existen restos dunha dinámica colectiva que desapareceu hai un século. Por iso mesmo é necesario coñecer o resultado dun proceso para reformulalo, cambialo ou recrealo. Este coñecemento ten que ser obxectivo, tal e como nos permite o acceso ás fontes

documentais. Sen documentos a Historia corre o risco de se artellar en pinceladas interesadas e manipuladas.

Sen a mirada e o coñecemento da historia, un pobo perde a súa identidade orixinaria e queda exposto a converterse nun conglomerado de manipuladores e manipulados. Diante deste risco, este artigo pretende ser unha pequena achega que nos alerte e descubra o sentido da nosa historia.

Tanto o artigo como a conferencia están baseados en dúas publicacións que constan de 5 volumes sobre Noia. A primeira: Barroso Castro / Neira Pérez, *Memorias da Morte I, II, III*, Editorial Mendauro (2009), onde se recolle documentación inédita, estudo, ilustración e ensaio sobre Noia, Santa María a Nova, e a Confraría dos Clérigos da Concepción. A segunda: Barroso Castro / Neira Pérez, *Derradeiras Vontades I, II*, Editorial Mendauro (2011), onde se recolle a modo de ensaio toda a realidade do feito mortuorio en Galicia e en Europa, tendo como base os documentos e realidade de Santa María a Nova de Noia. Todo o reflectido neste artigo, e pronunciado na conferencia, atópase ampliado nestas dúas publicacións.

## 1. INTRODUCCIÓN: O ORDENAMENTO DA VIDA HUMANA A TRAVÉS DO ESPAZO E DO TEMPO

A persoa humana constitúese nun todo perfectamente articulado que se atopa en camiño cara a unha meta que pasa pola morte.



Nesta breve aproximación á realidade Gremios-Confraría tratamos de reflectir os momentos finais da vida a través dos textos, os documentos da Confraría da Concepción, entre os que se atopa unha boa parte de testamentos. Os testamentos e outros documentos similares, convertíanse en auténticos “mestres” da vida, isto é, en compases perfectos da historia que sinalan continuamente o rumbo da existencia do testador en cuestión.

Nesta introdución ao estudo dos gremios e clérigos tratamos de analizar os aspectos concretos que configuran esa experiencia vital e que resultan determinantes na experiencia funerario-mortuoria que experimenta a persoa humana concreta. Para esta análise temos como base os textos históricos que se converten nas fontes de primeira man que describen a realidade da morte ao longo dos séculos. Estes documentos atópanse en boa parte en *Memorias da Morte I-III*.

Unha aproximación superficial aos devanditos textos ponnos de manifesto a importancia fundamental das claves espazo-temporais nas que discorre a existencia humana. Esa vida desenvólvese nun sistema de contacto e relación cos demais a través da ordenación da convivencia. Finalmente, esta convivencia atopa como lugar clave de realización o espazo e tempo laboral. A experiencia laboral, necesaria e primaria no home para a súa propia subsistencia, pode aparecer por unha dobre circunstancia: por unha banda, polo feito de presentarse como algo obrigado ao home para a súa necesaria subsistencia, que logo pasa por unha asunción desa realidade, que conduce a unha implicación no seu

desenvolvemento laboral (da obrigación á profesionalización); Doutra banda, atopámonos en casos nos que o home pode optar pola súa auténtica vocación, e completa a súa chamada á realización da súa existencia.

O espazo e o tempo son as dúas coordenadas fundamentais polas que discorre a existencia humana. O espazo materialízase ante o home a través do territorio que se presenta como o lugar no que o home se move e remove as estruturas en función dunha orde que regule as necesidades vitais da persoa. O tempo, pola súa banda, faise visible por medio dos medidores convencionais que se utilizan para iso: Horas, días, meses, anos, séculos, etc., espazos que parcelan o desenvolvemento do tempo. Esas parcelas temporais conteñen a existencia humana nas súas dimensións de subsistencia, de formación, ou da propia historia.

## **2. O MOVEMENTO GREMIAL: A ORDENACION DO SISTEMA LABORAL**

Un gremio é un elemento configurador que se desenvolve nas claves espazo temporais sinaladas. Podemos definir o “Gremio” como unha agrupación de distintos individuos, de “Oficios” comúns, en corporacións ou corpos profesionais que van nacemento á sombra dos concellos nos séculos XII e XIII. Os gremios configuran o espazo laboral que se desenvolve nun territorio determinado, neste caso en Noia. Este espazo responde a necesidades concretas das persoas e regúlase por un ordenamento determinado.



A vida do individuo está primordialmente condicionada polo feito de satisfacer as necesidades básicas para a subsistencia, e que denominabamos “necesidades vitais”. Dentro destas necesidades adquiren un protagonismo decisivo as necesidades vitais de índole espacial, e que se configuran en torno ao espazo físico do fogar, isto é, a casa.

Esta breve introdución pretende inserirnos no mundo laboral en canto medio que permite ao ser humano acadar as necesidades vitais completas, isto é, non só a casa senón tamén o sustento e demais necesidades habituais. A sociedade necesita producir todo aquilo que consume, entre o que destacan, por ser imprescindibles, os produtos necesarios para a subsistencia, é dicir, a produción alimenticia.

Ao longo da historia, as sociedades desenvolveron os sistemas de produción en función das necesidades de consumo. Este desenvolvemento trouxo consigo a regulación das cadeas de traballo e a especialización das mesmas. Sendo o consumo o grande motor de toda sociedade e o dinamizador da produción industrial, tivo lugar a aparición de movementos profesionais que cambiaron e condicionaron os sistemas de relación social, os modos de vida urbana, a configuración do modelo poboacional, e a opción vocacional do mundo do traballo. Na Idade Media esta revolución profesional condicionou o mercado laboral nos séculos posteriores ata hoxe.

Os documentos están centrados na Vila de Noia, poboación costeira onde a materia prima consumida é principalmen-

te a que procede do mar. Así, os oficios profesionais centrados nos produtos do mar teñen unha relevancia especial no sistema relacional.

### a) O sistema de produción

A produción tal e como indicamos vai destinada a satisfacer as necesidades da comunidade, neste caso a comunidade de Noia. Un documento de 1402 fálanos da materia prima e da produción da mesma<sup>1</sup>. A materia prima que se transforma e aparece indicada neste texto fai referencia a tres necesidades propias de todo membro da comunidade: a casa, o alimento, e a conservación do sustento.

En primeiro lugar, o texto fálanos da casa, indirectamente, ao poñernos diante un dos oficios que constitúen a materia prima da mesma, isto é, o oficio de pedreiro. A pedra representa a materia prima da casa xunto coa madeira. Na casa é onde se reúne a pequena familia natural, que forma parte da gran familia local que compón o Concello e a freguesía.

En segundo lugar, sinálase o instrumento de transformación da materia prima fundamental da alimentación: o pan e o gran que se moe no muíño. Todo o texto fai referencia á venda dos dereitos duns muíños para a obtención de fariña. Na transformación da materia prima entran en xogo dous elementos: por un lado o gran e a súa procedencia, e polo outro a súa transformación nos muíños.

- *A recolección e o gran.* A produción e a recolección son os dous momentos

<sup>1</sup> Memorias I, 324-330.





fundamentais do traballo agrícola. Dentro da recolección existe un momento final que é o da malla do cereal, tarefa pola cal se separa o gran da palla. Este labor realizábase nos meses de agosto e setembro, xusto despois da recolección. Existen diversas formas de mallar o cereal. O proceso consistía en bater sobre a palla para separar o gran que se debía recoller ben limpo, fóra do po que lle deixaba a palla. Así o especifica o texto que ademais sinala a medida de Noia como o rexistro válido para a medición na entrega do pago. O cereal do que nos fala o texto é o centeo, que era o produto máis abundante na Galicia da Idade Media. O motivo desta abundancia está no feito de que este cereal ten unha gran resistencia e adaptabilidade a todo tipo de terreos, sobre todo en zonas de choiva e montañosas. Este feito fai que o centeo supere a produción de trigo en Galicia, e vaise converter na materia prima principal da base alimenticia ao ser o produto co que se elaboraba o pan. Para medir o cereal existían unhas medidas propias, tales como o celamín, que era unha medida agraria antigamente moi utilizada en Castela e que equivalía a algo máis de 500 metros cadrados, en concreto 537. Para evitar conflitos e enganar na medida do cereal, en certas poboacións, como é o caso de Noia, existían medidores públicos para o control das medidas na vila. O documento 14 bloque 2 recolle toda esta cuestión.

- *Os muíños.* O documento fálanos dos muíños de Noia. Estes muíños

atópanse na vila de Noia ao pé do río Traba, á altura do contorno de Santa María a Nova, e preto da rúa dos Pelamios, e encravados á beira do río aproveitando as correntes de auga dos mesmos. O muíño en Galicia tivo unha importancia decisiva por ser o instrumento de transformación do gran, que constituía o pilar básico da economía tradicional. Os muíños aos que se refire o documento estaban destinados exclusivamente a moer o gran para a obtención da fariña (quédanos a dúbida de se nalgún momento estes muíños se tiñan destinados para moer a cortiza das árbores para curtir as peles, tendo en conta a puxanza que o gremio dos peleiteiros tiña na vila de Noia). A fariña do muíño ía fundamentalmente destinada á elaboración do pan, que era o elemento clave da alimentación tradicional. O muíño do que se fala no texto é un muíño chairro, formado por dúas pedras, unha delas grande coa cara superior lisa e a outra pequena que se move de arriba a abaixo sobre a primeira. O funcionamento é sinxelo: a peza superior móvese sobre a inferior que está fixa, movemento que se consegue por un pau cravado na pedra superior e que se move pola acción da auga.

En terceiro lugar, o texto preséntanos, indirectamente, o oficio dedicado á elaboración de produtos destinados á conservación dos alimentos: os toneleiros. Este oficio está vinculado directamente co dos pedreiros e co dos carpinteiros. Os toneis conservaban os alimentos procedentes do campo, como o viño, a augardente e o aceite, pero tamén conservaban os ali-



mentos procedentes do mar, tales como peixe salgado ou o aceite de saín. O documento constitúe un paso importante na visión panorámica da comunidade de Noia na que se desenvolven estes documentos pois ponnos de manifesto a realidade produtiva da vila, as prioridades alimenticias, e os recursos para a construción.

## b) O movemento profesional: Os gremios

As necesidades de consumo crean sistemas de produción que acabarán regulándose e dando lugar a movementos profesionais que reciben o nome de gremios. Un gremio é a agrupación de distintos individuos de “oficios” comúns en corporacións ou corpos profesionais que van nacendo á sombra dos concellos nos séculos XII e XIII.

A vila de Noia é unha comunidade fundamentalmente gremial onde se dan cita persoas de numerosos oficios, agrupados en movementos comúns para defender os seus intereses. O nacemento oficial da vila produciu un forte empuxe mercantil que se desenvolveu en Noia en pleno século XIII e que levou ao lanzamento das grandes asociacións profesionais en torno a un oficio concreto. O asociacionismo é necesario para poder desenvolver e defender o movemento profesional, para marcar as pautas de mercado, e cooperar entre os membros dun mesmo oficio. Todo isto fixo xurdir en Noia diversos movementos gremiais perfectamente estruturados e organizados entre os que se encontran: Mercadores, Mestres da Nao, Mariñeiros, Pescadores, Teceláns, Peleteiros, Ferreiros, Carpinteiros e Caniteiros, Mareantes, Xastres, Carniceiros,

Pedreiros, Toneleiros, etc. Toda esta estrutura gremial influíu directamente na vila de Noia, deixando fonda pegada no rueiro da vila, nas laudas gremiais, e nos propios nomes e apelidos dos habitantes de Noia, tal e como podemos comprobar nun documento de 1435<sup>2</sup>. Algúns dos gremios máis importantes consignados nos documentos son:

- *Mercadores*. Este oficio era considerado o máis importante dentro das actividades marítimo-pesqueiras. Representaba o nivel máis alto dentro dos oficios do mar; por iso, o gremio que os acollía era decisivo nos asuntos de goberno na vila. A súa actividade estaba centrada no comercio marítimo e con materias propias do mar, especialmente a sardiña. Este gremio constituía unha das clases económicas máis fortes de Noia que, co tempo, se consolidaría como unha das clases dirixentes da vila. Atopamos referencias a este gremio nos documentos 3, 16, 20, 28, 29, 32<sup>3</sup>.
- *Mariños*. Pertence a un dos moitos oficios propios do mar. O posto que este oficio ocupa é difícil de precisar. De xeito xeral podemos dicir que na Idade Media en Galicia este oficio correspondíase co grupo de navegantes de altura (Neira, 99-100). Por todo isto podemos dicir que esta profesión correspóndese cun oficio do mar que estaba agrupado nunha estrutura gremial, que representaba a clase alta dos oficiais cualificados e dedicados ao comercio marítimo. Atopamos re-

<sup>2</sup> Memorias I, 434-442.

<sup>3</sup> Memorias I, 239, 379, 421; Memorias II, 115, 125, 147.



ferencias a este gremio no documento 20, 28, 29<sup>4</sup>.

- *Mareantes*. Este era un dos gremios máis destacados dentro das profesións do mar. Os mareantes eran traballadores do mar a grande escala, o que esixía unhas condicións de asociacionismo e protección especiais entre os membros. Os mareantes representan unha clase alta que xorde dos mariñeiros e que os sitúa nunha clase social elevada dentro dos oficios do mar<sup>5</sup>. Na vila de Noia estaban agrupados os mareantes no gremio de San Nicolás, e gobernábase por medio de dous Vigairos que exercían o cargo polos estatutos do gremio, aprobados polo Arcebispo de Santiago. En función da pouca documentación que posuímos podemos asegurar que non figurou este gremio dentro dos oficios de goberno da vila. Atopamos referencias a el nos documentos 27, 30, 32, 33, 34, 46<sup>6</sup>.
- *Pescadores*. Este oficio é un dos moitos que compoñían todo o sistema de produción e comercialización dos produtos do mar. Entre os moitos oficios ou especializacións da xente do mar, o oficio de pescador era o que ocupaba o último posto, o que significaba unha situación extrema de necesidade económica. Este oficio era un dos máis baixos na escala gremial. Dentro dos oficios do gremio do mar, o de Pescador era o menos considerado e, polo tanto, a pertenza a el era sinónimo de

pobreza. Atopamos referencias a este gremio nos documentos 7, 9, 21<sup>7</sup>.

- *Zapateiro*. Este oficio dou lugar a un dos gremios máis importantes na Vila, o dos zapateiros. Era un gremio moi vinculado cos oficios de peles, e consolidouse como un dos mais importantes de Noia. Este oficio normalmente pasaba de pais a fillos e comezábbase a iniciar os fillos no oficio sobre os 8 ou 9 anos. Este gremio era protexido polas ordenanzas municipais, co fin de evitar unha competencia dos que non eran veciños da vila (Ordenanzas municipais da Coruña de 1434). Este oficio foi un dos máis importantes na vila, e por iso constituíu un dos gremios máis fortes de Noia. A súa presenza na vila deixou fonda pegada en monumentos como as laudas gremiais. Así, o seu peso estrutural quedou vivo no padroado do seu movemento asociativo, que recaía no mesmo Patrón que o da vila, isto é, San Martiño. E o seu calado quedou patente no rueiro da vila: temos constancia dunha rúa co nome deste mesmo gremio no documento 27<sup>8</sup>. Pola súa cadea de produción este gremio dos zapateiros estaba fortemente vinculado co oficio dos peleiteiros, que estaban agrupados baixo o padroado de San Bartolomeu, copatrón de Noia. Atopamos referencias ao gremio dos zapateiros nos documentos 20, 24, 27, 32<sup>9</sup>.
- *Carniceiro*. Este gremio debeu de gozar dun peso considerable na vila.

4 Memorias I, páxs. 421; Memorias II, 115, 125.

5 Ferreira Priegue, *Galicia en el Comercio marítimo medieval*, Coruña (1988) 339-44, Neira 99-100.

6 Memorias II, 95, 131, 147, 161, 173, 267.

7 Memorias I, 291, 311, 431.

8 Memorias II, 95.

9 Memorias I, 421, 465; Memorias II, 95, 147.



A importancia do gremio achámola en que unha rúa leva o nome deste oficio, pero tamén se manifesta esta importancia no feito de que foi un apelido moi común en Noia. Unha rama familiar deste apelido chegou a consolidarse como un dos Cobrados de Noia, que representaban as familias de maior influencia na vila. Atopamos referencias a este gremio no documento 24<sup>10</sup>.

- *Pelamios*. O gremio dos pelamios foi un dos principais da vila. A súa importancia reside en que son o gremio que proporcionan materia prima a oficios e gremios tan importantes como o dos zapateiros ou o dos xastres. Este oficio para a súa realización demanda gran cantidade de auga. Para isto necesítase estar cerca do río, ou mellor, no mesmo río para poder utilizar as toneladas de auga que require o lavado minucioso das peles e o seu tratamento. O mesmo río será o que reciba as augas sucias que saen dos lavados. O documento 24 confirma este dato. Este barrio dos pelamios encóntrase por baixo da contorna de Santa María a Nova, lindando cos Muíños de Pedra Cha, e preto da ponte en pleno río Traba. Este gremio estaba asociado baixo o padroado de San Bartolomeu, e a importancia do gremio, avalada pola documentación conservada, chegou a ser tanta que este patrón pasou a ser o copatrón da vila xunto con San Martiño, o que asumen como patrón os zapateiros<sup>11</sup>.
- *Toneleiros* e gremio de *Sancti Spiritus*. Como vimos indicando ao longo deste

estudo, a vila de Noia é fundamentalmente poboación gremial. Nesta localidade danse cita innumerables oficios propulsados pola prosperidade económica da vila. Os gremios de maior peso específico sitúanse ao redor da produción de materias primas relacionadas cos elementos da vida diaria. Deste xeito, adquiren especial relevancia os oficios relacionados co mundo do mar, do campo e da vivenda. Os oficios da vivenda están intimamente relacionados cos pedreiros e cos madeiros, e igualmente cos toneleiros. Os tres oficios representaban os produtores das materias primas para a construción das casas (pedra e madeira) e, por outra banda, os fabricantes dos utensilios para gardar e conservar o sustento diario do campo e do mar: os toneis, nos que se gardaba o viño e a augardente, pero tamén produtos de conserva, como o peixe salgado. Esta relación traducíuse nunha corporación común para defender os seus intereses, dando lugar ao nacemento do gremio de *Sancti Spiritus*. Este gremio de *Sancti Spiritus* tivo un importante pulo na vila na segunda metade do século XV, e dese momento de esplendor conservamos unha copia da revisión que fan das súas ordenanzas<sup>12</sup>. Atopamos referencias a este gremio nos documentos 10, 26<sup>13</sup>.

10 Memorias I, 465.

11 Id.

12 López Ferreiro, *Fueros Municipales de Santiago y su Tierra*, Madrid (1975) 524-7.

13 Memorias I, 323; Memorias II, 85.



### c) O Rueiro da vila

Toda esta rica variedade dos gremios condúcenos á análise do rueiro da vila, que pode ser considerado como unha das pegadas máis fondas desde movemento profesional na vila de Noia.

Ao longo de toda a Idade Media, Noia configúrase como unha vila eminentemente gremial. Os gremios son movementos asociativos en torno a unha profesión ou actividade común de tipo comercial. Tal e como veremos neste estudo, os nomes dos gremios quedarán perpetuados en infinidade de elementos e lugares en Noia: dende as laudas gremiais ata os nomes das rúas. A presenza abundante de profesionais da mesma actividade nunha mesma rúa acabará denominando a esa rúa co nome da profesión correspondente. Temos un caso exemplificador no documento 3, no que comprobamos como a forte actividade dos carniceros nesta rúa en cuestión, condicionou o nome da mesma rúa na que ademais se atopaba a casa de Domingos Afonso<sup>14</sup>. Por outra banda, a forte actividade dun gremio podía levalo a acadar postos de relevancia social na Vila, tanto polo seu poder económico, como pola influencia social que ese capital podía exercer. A relevancia social estaba unida ao control do goberno e da administración local. Na vila de Noia, estes postos relevantes e de representación social recibían o nome de “Cobrados”. Estes Cobrados, elixidos democraticamente polo pobo, axudábanlle ao Rexedor ou Mordomo no goberno da vila (correspóndense na actualidade cos concelleiros locais). Un dos varios Cobra-

dos instituídos en Noia recibía o nome de “Cobrado dos Carniceiros”, o que pon de manifesto a influencia deste gremio na Vila<sup>15</sup>. Posiblemente, a rúa da Carnicería, onde ten a casa Domingos Afonso, estivese cerca das rúas principais da Vila, dentro do perímetro amurallado, preto da rúa dos Lagares, Cuncheiros ou Pelamios<sup>16</sup>. O gremio dos Carniceiros aparece recollido nos Foros Romanceados da Vila, nos que se consignan usos e costumes que proveñen da mesma fundación de Noia. Este gremio aparece ao lado dos mercadores, ferreiros, carpinteiros, alfaíates, tendeiros, regateiras e misquiteiras<sup>17</sup>. Nos catálogos de inventarios feitos polos clérigos arquivados da Confraría a partir do século XVII, na rúa da Carnicería ten dúas casas a Confraría, que rendan por fundacións de Gonzalo López e de Nadal Felipe.

A fundación da vila de Noia no século XII proporcionou un despegue mercantil definido polos oficios que se desenvolvían na vila. Estes oficios estruturábanse en movementos asociativos que se situaban nun lugar determinado da vila no que desenvolvían o seu oficio. Esta localización deu nome aos diferentes lugares, rúas ou prazas da vila. Estes movementos gremiais estaban situados fundamentalmente fóra das murallas da vila, nos arredores da mesma<sup>18</sup>. O documento 7 está situado na rúa gremial de Mazacanabos onde se atopa a casa que avalará a Fundación

14 Memorias I, 239.

15 Fabeiro Gómez, *Páxinas históricas de Noia*, Noia (1990) 117-24.

16 Id., 202-3.

17 Ferreiro, *Fueros* 520.

18 Memorias I, 193-7.



de misas que se expresa no devandito documento<sup>19</sup>.

A zona extramuros da vila ou arrabalde da mesma é o lugar onde se encontra a maior parte das rúas que vimos sinalando nos documentos deste estudo: nos barrios localizados fóra das murallas da vila. Xa indicamos que estes barrios de fóra da vila estaban ocupados polos asentamentos gremiais, e entre eses asentamentos estaba a necrópole de Santa María a Nova, na que tiña a súa sede a Confraría dos clérigos da Concepción. O documento 32 indícanos que Santa María a Nova se atopaba no “arrabalde” de Noia, igual que os gremios<sup>20</sup>.

Polo tanto, podemos dicir que o rueiro forma parte da realidade estrutural tanto social como urbana da vila de Noia na Idade Media, como froito do crecemento poboacional que se gradúan en dous momentos inmediatamente despois da carta de cidadanía poboacional. O primeiro momento coincide coas orixes, e concrétese arredor da cidadela inicial en torno a un lugar de culto no que posteriormente se construíra o templo de San Martiño. Un primeiro momento de crecemento e ampliación da cidadela inicial aparece co auxe do comercio e do movemento gremial, que conducirá no século XIV a un segundo momento de crecemento que quedará limitado pola muralla levantada en 1322, a cal vai delimitar os espazos da vila e a súa estrutura social.

A evolución da estrutura urbana ten na muralla da vila un elemento

configurador e definitivo de Noia. Esta configuración está sustentada na división que a muralla provoca entre os espazos urbanos intramuros e os espazos urbanos extramuros. A muralla delimita en xeral dúas clases sociais distintas: A sociedade noíesa de clase alta, media ou baixa, preferentemente asentada intramuros, e a sociedade profesional dedicada a un oficio concreto, preferentemente asentada extramuros. Así, por un lado, temos a nobreza eclesiástica e civil vivindo en torno ao centro de culto que significa San Martiño de Noia, e os movementos gremiais da vila vivindo en torno á muralla e preto do conxunto funerario mortuorio de Santa María a Nova. Esta diferenza non vén marcada polo poder adquisitivo das persoas, senón máis ben por outros factores sociais, produtivos e gremiais que se dan cita na localización dos movementos asociativos profesionais. Esta división influíu directamente na designación das rúas e dos barrios. A presenza significativa de profesionais dun mesmo oficio nunha zona determinada, acaba por designar ese sitio co oficio dos seus habitantes. O espazo extramuros da vila e preto da Igrexa de Santa María a Nova foi un lugar importante de asentamento gremial. Un repaso polos documentos deste estudo preséntanos o seguinte balance do rueiro gremial:

- *Rúa da Tripería*. Atopábase en pleno rueiro gremial, isto é, fora das murallas da vila que era onde tiñan establecidos os seus negocios os movementos gremiais da vila. Achamos esta referencia no documento 25<sup>21</sup>.
- *Rúa de Mazacanabos*. Aparece recoillido o nome desta rúa no documento

19 Memorias I, 291.

20 Memorias II, 147.

21 Memorias II, 33.



30, en pleno centro gremial<sup>22</sup>. É unha das rúas máis emblemáticas do movemento gremial.

- *Rúa de Toma Carro*. Rúa da vila de Noia citada moi frecuentemente nos documentos dos Clérigos da Concepción da vila ao longo do século XV. Pola contra, os estudos publicados sobre Noia e o seu rueiro non citan nunca esta rúa<sup>23</sup>. O nome da rúa, “Toma Carro” indica un lugar de frecuente movemento de “carros”, probablemente dedicados ao comercio de mercadorías. Esta rúa aparece constantemente citada nos documentos dos Clérigos que presentamos neste estudo, o que nos dá unha certa relación con este movemento clerical. Estes dous datos poden indicarnos a súa antiga localización na vila: fóra das murallas, por ser este o lugar onde tiñan a súa actividade os clérigos, e nun lugar de tráfico comercial vinculado cos gremios que se atopaban fóra do recinto amurallado<sup>24</sup>. Estes datos parecen indicarnos que esta rúa é a mesma que posteriormente se denominará “Corredeira de fóra”, e que se atopa na vía de entrada e saída a Santiago<sup>25</sup>. Esta rúa desembocaba na porta principal da muralla denominada “Porta da Vila”, que estaba moi preto de Santa María a Nova<sup>26</sup>. Entre os documentos que recollen o nome

desta rúa salientamos os documentos 20, 21, 22, 23, 34<sup>27</sup>.

- *Rúa da Laxe e rúa de Cabaliños*. O caso concreto destas dúas rúas encontrámolo no documento 16, que a presenta como unha soa rúa, que se desdobrará no século XVI, e que agora se denomina “Rúa da Lage dos Cabaliños”<sup>28</sup>. No século XVI queda dividida nos rexistros cos nomes de Rúa da Laxe por un lado, e Rúa de Cabaliños por outro lado. Atopamos citadas entas rúas no documento 32, 33<sup>29</sup>.
- *Rúa de Pero Sardiña*. Aparece no documento 17 unha tipoloxía do nome das rúas moi singular: o nome de Pero Sardiña, que engloba o nome de persoa e a vinculación ao oficio<sup>30</sup>. O nome desta rúa está claramente vinculada cos oficios do mar ou do comercio marítimo. No século XVI comezan a nomearse diferentes rúas da vila con nomes de persoas, cambiando así a tónica dominante dos oficios. Consérvanse os nomes antigos pero inclúense nomes propios como, por exemplo, Rúa de Afonso González, ou Rúa de Antonio Pérez Xerpe. Estas rúas entran en diálogo cos nomes xa existentes de Rúa da Ponte, Rúa da Laxe, Rúa de Cabaliños, Rúas de Plaza e Lagares, Corredoira de Fóra, Rúas de Chans e Cuncheiros, Rúas de Hospital e Pelamios, Rúa da Carnicería, Rúa da Triparía, Rúa de Mazacanabos, Rúa Cega. Atopamos

<sup>22</sup> Memorias II, 131.

<sup>23</sup> Cf. Pedro Vidal, *A Noia da Memoria*, Noia (1991) 55-60; Fabeiro 203.

<sup>24</sup> Neira Pérez, *As Confrarías dos clérigos da Concepción*, Noia (1998) 105-6.

<sup>25</sup> Pedro Vidal, *A Noia* 59.

<sup>26</sup> Fabeiro, 148.

<sup>27</sup> Memorias I, 421, 431, 443, 453; Memorias II, 173.

<sup>28</sup> Memorias I, 379.

<sup>29</sup> Memorias II, 147, 161.

<sup>30</sup> Memorias I, 389.



o nome desta rúa no documento 27, 28<sup>31</sup>.

- *Rúa de Afonso lanes de Cabras*. No documento 33; é a primeira vez que aparece o nome desta rúa na documentación<sup>32</sup>. Descoñecemos a que lugar da vila se refire con este nome. Posiblemente fose Afonso lanes un personaxe especial na rúa en que vivía, e por iso pasou oralmente o nome da súa rúa co seu propio nome. Nin antes nin despois deste documento temos constancia deste nome como propio dunha rúa de Noia.

#### d) Os oficios do mar

Ao longo deste estudo vimos chamando a atención da importancia de Noia como vila gremial artellada por medio de movementos asociativos que tratan de crear un corporativismo que potencie e defenda os seus oficios. Dentro da gran variedade de profesións que había na Idade Media na vila de Noia sobresaen os oficios dedicados ao mar, tanto pola súa variedade como pola súa afiliación no gremio. De xeito xeral, podemos diferenciar ata cinco grandes grupos distintos de oficios vinculados directamente co mar: Os Mercadores, Mestres da Nao, Mariños, Mareantes e Pescadores. Os *Mercadores* centran a súa actividade na comercialización do peixe e nos seus derivados entre os que sobresaen a sardiña. O seu peso económico é moi alto, polo que pronto ocupan postos de importancia na vila<sup>33</sup>. Os *Mestres da Nao* son os

propietarios das naves e dos buques, e temos constancia de ata catro Mestres da Nao a finais do século XV<sup>34</sup>. Os *Mariños* soen ser oficiais cualificados dedicados principalmente ao comercio e raramente á actividade pesqueira<sup>35</sup>. Os *Mareantes* son traballadores do mar a gran escala, e son unha clase alta de mariñeiros que os sitúa nun status económico e social elevado<sup>36</sup>. Finalmente, os *Pescadores* representan a escala baixa dentro da actividade dos oficios do mar, e sitúanse nun nivel de penuria económica<sup>37</sup>. En Noia, este gremio dos Pescadores dedícase fundamentalmente ao comercio da sardiña. Nos apartados anteriores anotamos os documentos de referencia que nos citan estes movementos profesionais do mar.

### 3. A CONFRARÍA DOS CLÉRIGOS DA CONCEPCIÓN

O ser humano defínese pola súa capacidade para a transcendencia. Esta religación consolídase no home a través da fe. Esa fe vívese en comunidade e compártese con todos. Está asentada no Evanxeo, que significa “boa Noticia”. As noticias anúncianse a todos, transmítense ao que non as coñece, difúndense entre os que as ignoran. O cristián pode encontrar e sentir a súa liberdade desde a profundidade interior da súa vida. Os grandes seguidores de Xesús experimentaron esa liberdade por medio da realización do profundo camiño interior.

31 Memorias II, 95, 115.

32 Memorias II, 161.

33 Ferreira Priegue 324-32

34 Id., 334-5.

35 Neira 100

36 Ferreira Priegue 339-44

37 Neira 100





Alí atópase o cristián consigo mesmo, e coñecéndose a si mesmo pode optar por sentir a Deus que camiña ao seu lado. Estamos ante a proximidade da mística: Esperanza na fe froito da experiencia no interior. Ese sentimento místico leva o cristián á contemplación de Deus. Pero esa fe vívese fundamentalmente en comunidade, e iso significa que a experiencia relixiosa condiciona o espazo e o tempo das comunidades locais. O ser humano examina a súa traxectoria de vida por medio de moitos condicionantes, pero sobre todo por medio do elemento relixioso. E neste elemento condicionador ocupa un posto relevante o momento da morte.

#### a) A vida relixiosa na comarca

O oficio de atender na morte, no momento derradeiro da vida, estaba ocupado por persoas consagradas á vida relixiosa. Na comarca de Muros-Noia foi moi prolífico o desenvolvemento de estruturas de vida relixiosa. Cronoloxicamente destaca a presenza da vida monástica a través de mosteiros ou priorados, pero na práctica a presenza relixiosa máis importante vén da man do mundo clerical secular. No mundo clerical sobresaía a organización dos clérigos da morte, ou clérigos da Concepción de Noia. Centos de persoas pasaron por esta institución ao longo dos séculos, desempeñando unha función pastoral moi centrada no culto funerario-mortuorio, pero acompañada dunha práctica de vida común entre os clérigos, e un acompañamento espiritual das almas necesitadas. Toda esta realidade pastoral levou a considerar a estes clérigos como os mediadores perfectos ante a morte.

A vida relixiosa estivo presente nas comarcas de Muros-Noia e Barbanza dende moi cedo. Na Idade Media vemos nacer e florecer centros importantes de espiritualidade e vida relixiosa. Aínda que a estrutura relixiosa principal era a parroquia, paralelamente crece unha estrutura clerical que, tendo como referencia unha vida comunitaria ou unha actividade comunitaria, desenvolven a súa vida relixiosa desde a vivencia da que son protagonistas e animadores do pobo.

As dúas principais formas de vida relixiosa que toman corpo na comarca son o Monacato e os movementos clericais en torno a confrarías.

- Os primeiros, monacato, desenvolven unha actividade de vida comunitaria propia e particular nun espazo relixioso construído para tal fin. O monacato representa unha expresión da dimensión relixiosa-espiritual da comarca que está dirixida polo ritmo da oración constante e o traballo continuado (*Ora et Labora*). Independentemente da vida dos templos parroquiais, que actuaban como célula espiritual das vilas, nas comunidades locais existía un grupo de persoas que decidían intensificar a súa dimensión relixiosa, chegando a implicar a totalidade da súa persoa nun proxecto definitivo de vida religada a Deus. Esta realidade é a vida monástica que, na nosa comarca, fáisenos presente por unha variante formal do monacato chamada o Priorado. Os Priorados son casas habitadas por monxes bieitos, e que pertencían ou dependían dun mosteiro principal. Na nosa comarca de Entíns e limítrofes, temos noticia de dous Priorados: Priorado de San



Martiño de Corenzae e San Xoán de Sabardes<sup>38</sup>. Detrás destes dous Priorados imponse a presenza do monacato por medio de Toxosoutos preto de Noia<sup>39</sup>. A vida disciplinada dos monxes, no material e espiritual, debeu influír no contorno do Priorado e, polo tanto, nos valores que rexían os comportamentos sociais e relixiosos das persoas da comarca

- Os segundos, aínda desenvolven-  
do algún tipo de vida comunitaria,  
céntranse nunha unión pastoral que  
repercute directamente nos fieis, e  
que parte do espazo parroquial para  
dirixirse a algún espazo comunitario  
non construído para ese fin comuni-  
tario, como pode ser o cemiterio de  
Noia. Ao igual que en Noia existía  
unha regulación do goberno material,  
tamén existía unha regulación do  
ordenamento espiritual. Este ordena-  
mento estaba encabezado en Noia  
polo Reitor de San Martiño e polos  
clérigos da Concepción. As confrarías  
relixioso-benéficas non tiveron un  
desenvolvemento moi importante nos  
séculos XIV e XV, posto que a esencia  
das mesmas xa se atopaba na teoría  
e na práctica na realidade das parro-  
quias. Pero hai un elemento parroquial  
que podía coidarse con maior esmero:  
o culto á morte. Os párrocos ou rei-  
tores atendían toda cuestión relativa  
aos defuntos, pero non podían asumir  
cargas maiores que hipotecasen nun  
futuro a vida da comunidade, tales  
como as fundacións de misas polos  
defuntos. Por este motivo, desenvol-  
véronse confrarías con carácter fune-

rario que foron alentadas por Afonso X na súa regulación lexislativa. Estas confrarías atópanse representadas en Noia na Confraría da Concepción e os seus clérigos. Por todo o exposto podemos dicir que a realidade espiritual da vila, na súa dimensión celebrativa-sacramental, estaba nas mans do Reitor de Noia, mentres que a realidade cültico-funerario repousaba nas mans dos clérigos da Concepción. Esta delimitación tan clara na teoría non o era na práctica pois, tanto uns coma outros axentes relixiosos, podían cruzar a fina liña que separaba a realidade dos “vivos presentes” e a dos “vivos ausentes”. Por iso déronse enfrontamentos importantes entre os reitores de San Martiño e os clérigos da Concepción. Todos estes choques desaparecen coa aprobación das constitucións da Confraría, a principios do século XVII, nas que se regulou a presenza permanente do clérigo de San Martiño como membro da Confraría. ¿Cal é a tarefa pastoral dos clérigos da Concepción? O documento 32<sup>40</sup> reflíctenos unha imaxe dos clérigos como axentes de pastoral dos fregueses das parroquias próximas a Noia. Os clérigos da Concepción formaban unha unidade pastoral en Noia, na necrópole de Santa María, vinculada a unha actividade común dirixida ao culto funerario-mortuorio. Estes clérigos debían ter unha vivencia común, non só no culto funerario ou no rezo das horas canónicas, senón tamén no acompañamento espiritual e na vida diaria, en tanto en canto algúns dos clérigos vivían en comunidade. Pero

38 Memorias II, 85.

39 Memorias I, 291, 421, ; Memorias II, 161.

40 Memorias II, 147.



este documento quere remarcarnos a actividade pastoral particular, isto é, a actividade que os clérigos realizaban nas parroquias do contorno exercendo como reitores das mesmas. O documento indícanos que en 1483 os clérigos da Concepción se encargaban de atender sacramentalmente as parroquias de San Xoán de Macenda, San Pedro de Tállara, San Xoán de Lousame, Santa María de Nebra, San Xoán de Camboño, San Pedro de Barroña, Santa Cristina de Barro, Santa Mariña do Obre, Santa María de Argalo, San Pedro de Boa, San Cosme de Outeiro, Santa Baia de Vilacoba, Santiago de Balsa e San Martiño de Duio. Pero xunto cos clérigos encargados destas parroquias sinálanse tres clérigos que non teñen cargo pastoral en ningunha parroquia. Isto pon de manifesto que a maior parte dos clérigos eran clérigos de misa ou de ordes maiores, pero existían algúns clérigos de ordes menores.

#### **b) A Confraría dos Clérigos da Concepción**

A Confraría dos clérigos da Concepción é un sistema asociativo complexo similar ao de toda organización social. A complexidade desta estrutura deriva da súa organización e do desenvolvemento de actividades que constitúen o motor da Confraría e mostran a natureza da entidade. Este movemento de clérigos, en tanto que organización humana, está composta por un número variable de membros diverxentes na súa orixe e natureza, pero converxentes nos fins e entidade da Confraría á que pertencen.

Un dos elementos máis complexos no estudo da Confraría é o da súa orixe. O nacemento da Confraría implica unha serie de condicionantes que axudan a comprender a investigación sobre a mesma así como a interpretar os documentos que deposita no seu arquivo. Un informe de 1805 será determinante para poder coñecer posteriormente a orixe e lugar no que se asenta este movemento de clérigos.

Ademais da orixe, a Confraría implica un conxunto de persoas, o goberno das mesmas e as actividades que dan sentido a esta asociación de persoas. Esta tripla realidade estrutural da Confraría necesita normativizarse, ou, o que é o mesmo, estruturarse nun conxunto de regras concretas e públicas que se impoñen a todos os membros da entidade. Estas normas son as constitucións que regulan a estrada de Confrades, o sistema de goberno e a actividade de culto da Confraría.

*Visión xeral.* A Confraría de Santa María é un movemento asociativo que trata de unir os clérigos nun mesmo fin para poder desenvolver a súa actividade, que se centra no culto funerario de Noia. Pertence aos movementos asociativos propios da época e está moi vinculada co movemento gremial desenvolvido na vila de Noia co fin de axudarse mutuamente os membros pertencentes a un mesmo oficio. Esta Confraría está baixo o padroado da Virxe María, na súa advocación da Concepción, e as orixes da Confraría remóntanse ao século XIII, sempre vinculadas co culto funerario e co movemento gremial. O nome que recibe a Confraría ao longo dos séculos pode variar, aínda que o normal é o nome de *Confraría dos*



*clérigos da Concepción*. Está composta por un número variables de clérigos que quedan fixados en 12, máis o reitor de San Martiño a partir do século XVII.

**b.1. Orixe, lugar e fundación. Hipótese e datos.**

A Confraría da Concepción, tal e como indicamos, é un movemento asociativo de clérigos que se unen no seu oficio de pastores de almas baixo o padroado da Virxe María. As súas orixes remóntanse a antes de 1321, data en que D<sup>a</sup> Leonor Gómez entrega a este movemento corporativo unha doazón concreta<sup>41</sup>. Todos os datos indican que a Fundación desta Confraría tivo lugar no século XIII, impulsada polo forte crecemento económico, e polo tanto poboacional, de Noia. Este movemento, na súa orixe e posterior desenvolvemento, estará condicionado polo asociacionismo gremial da Vila e polas persecucións da coroa de Castela sobre os gremios<sup>42</sup>. As prescricións reformistas do IV Concilio de Letrán, dirixidas ao rezo das persoas con oficio relixioso en Comunidade, puideron influír nesta agrupación de clérigos e no desenvolvemento posterior da Confraría.

*Fundación de D<sup>a</sup> Leonor Gómez.*

O documento 32<sup>43</sup> pon de manifesto a fundación da Confraría ou os inicios da mesma posto que se cita no presente texto de 1321 a Dona Leonor Gómez e os bens que ela destinou para a Confraría co fin de soste-la súa fundación de misas. Esta muller, D<sup>a</sup> Leonor, foi a primeira

donante da que temos constancia na Confraría. A súa doazón converteuse en fundación e sobreviviu ao longo dos séculos. Esta fundación de Dona Leonor foi cumprida puntualmente cada ano mentres existiu a Confraría dos clérigos. Cada ano recibíanse as rendas deste lugar, que variaban nos recursos de pago, pero que costeaban fielmente esta doazón. Os documentos dos séculos posteriores ao século XV e anteriores ao século XIX recollen esta fundación de Dona Leonor e garanten a súa veracidade histórica. Destaca nesta doazón que se mencione a entrada como confrade de Dona Leonor no momento da súa morte, o que pon de manifesto que os confrades desta Confraría eran, por un lado os vivos, é dicir, os clérigos que desempeñaban o seu oficio, e por outra banda os xa falecidos, é dicir, persoas fundadores como Dona Leonor. Téñase tamén en conta que Dona Leonor solicita un responso pola súa ánima, o que indica a variedade de actos de culto polos defuntos diferentes da Eucaristía.

*Santa María a Nova.*

A Confraría da Concepción ten por sede a Igrexa de Santa María a Nova, que está situada en plena necrópole da vila. O movemento gremial atopou un aliado fiel no movemento clerical da Concepción. A partir do reinado de Afonso X os movementos gremiais existentes no reino de Castela sufriron duras persecucións e controis posto que dominaban o sistema económico das vilas. As reunións dos movementos gremiais poñían de manifesto a existencia dos mesmos movementos e, por iso, os clérigos axudaron as asociacións profesionais, posiblemente cedendo o espazo de Santa María a Nova,

<sup>41</sup> Neira 102-3.

<sup>42</sup> Neira 104-7.

<sup>43</sup> Memorias II, 147.



para deste xeito poder seguir os gremios desenvolvendo o seu sistema corporativo. Isto vinculará os movementos gremiais cos clérigos da vila, entre outras cousas porque ambos compartían espazos próximos: as zonas marxinais no extraradio da vila ou “extramuros de Noia” tal e como se denomina nos documentos. A presenza dos clérigos na vila está marcada pola actividade funeraria-mortuoria. Os gremios mantiñan a súa condición profesional no mesmo momento da morte, e por iso necesitaban que os “asistentes da morte”, tivesen en consideración este carácter comunitario-laboral na hora da morte, a pesar das repetidas prohibicións da coroa de Castela. Os clérigos da Concepción escoitan este reclamo mortuorio e atenden os gremios, conservando no seu lugar de enterramento o signo gremial propio de cada movemento laboral. Os propios gremios axudarían os clérigos nas necesidades que tivesen, entre as que estaría a axuda económica e material para a construción da Igrexa de Santa María. Por outra parte, hai un elemento que non se debe quedar desapercibido: as implicacións do que significa ter a sede da Confraría situada nos arrabaldes da vila. Este dato apunta a unha atención coa xente que vive nestas zonas, que son os pobres e marxinados. Isto indícanos que a estrutura organizativa de Santa María a Nova está directamente vinculada cos seguintes tres grupos: os necesitados que hai na vila, propios ou foráneos, os que xa non están na vida terrea, e os que están a punto de dar o paso transitorio da vida á morte. Os necesitados da vila están representados nos pobres, e de xeito especial nos moribundos; os que xa non están na vida terrea son os que deixaron fundacións de obrigado cumprimento e

que por elas se fan presentes na atención dos clérigos; os do paso transitorio son as persoas agonizantes e enfermas que se atopan irremediabilmente ás portas da morte. Este panorama sitúanos a actividade dos clérigos encaixada perfectamente no Evanxeo e ben delimitada polo sermón das benaventuranzas. Parece coma se cada unha das benaventuranzas tomase parte activa nos movementos ou accións que moven aos clérigos na súa actividade diaria: tanto na atención pastoral das zonas marxinadas, tanto na habitación sinxela onde se agarda a chegada da morte, tanto no cemiterio despedindo a persoa que inicia o seu novo camiño, ou tanto nas freguesías concretas onde hai que guiar as persoas para achegalas a Deus.

## **b.2. Composición da Confraría: Confrades e bolsas de estudo.**

Por norma xeral, podemos afirmar que, desde a orixe deste movemento asociativo ata a súa total desaparición, a Confraría dos clérigos da Concepción da vila de Noia era un organismo formado por un número variable de clérigos de ordes maiores ou menores que pedían a súa entrada nunha das capelanías da Confraría ou ordenábanse a título dunha delas (Constitución 3). O número de confrades limitábase en moitas ocasións ao número de clérigos, e a partir das constitucións de 1608 quedou fixado nun máximo de 12, que nalgúns casos se ve incrementado a trece por inclusión do reitor de Noia<sup>44</sup>. Pero a lectura pormenorizada das constitucións da Confraría, (apoiada pola información doutros documentos da mes-

44 Álvaro de las Casas, *O cemiterio de Santa María a Nova*, Noia (1991) 35.



ma), deixa entrever que a cantidade de confrades que pertencían ou que podían pertencer a esta irmandade era moito máis variada que a unicidade funcional de clérigos.

#### *Diversa tipoloxía de Confrades.*

Existe pois unha posibilidade de diversos tipos de confrades. As constituicións poñen de relevo a posibilidade de pertenza á Confraría doutras persoas non eclesiásticas. En xeral podemos observar nas constituicións unha dobre consideración de confrades: os vivos e os finados (Constitución 9). Este último grupo estaba formado por aqueles clérigos que pertencían á Confraría e, unha vez falecidos, recibían ademais da súa sepultura digna (Constitución 16), misas e sufraxios pola súa ánima (Constitución 17). Pero tamén pertencían a este grupo aqueles laicos que unha vez falecidos eran introducidos como confrades polos seus herdeiros cumpridores, en mandato do testamento do falecido, que acostumaba deixar rendas para certos actos pola súa ánima (Constitución 13). Este segundo grupo, en xeral, non presenta problema, pois os documentos ao respecto son evidentes. Maior dificultade presenta o primeiro grupo de confrades, os vivos. Neste primeiro grupo podemos distinguir tres tipos de confrades: os clérigos (Constituicións 3 e 7), os leigos, e os de cámara.

#### *Os doce clérigos e a súa organización.*

Dende as súas orixes a Confraría estaba formada por un número de clérigos que gobernaban e administraban dita entidade. As constituicións que recollen os costumes anteriores da entidade, así

como a súa normativa futura, están case todas elas dirixidas a prescribir as normas de goberno da asociación e as normas de vida que debían de cumprir os clérigos confrades. Os clérigos, de número variable, entraban na Confraría e tomaban posesión dunha das doce capelanías que esta asociación tiña fundadas, que lles proporcionaban beneficios económicos a cambio do cumprimento propio de cada unha delas. A designación das capelanías facíase no cabido e, no caso de existiren varios pretendentes á mesma, tiñan preferencia sempre os naturais da vila. No documento 17 enumérasenos unha longa lista de clérigos pertencentes á Confraría, que dan un total de 16<sup>45</sup>. No documento 7 cítanse tan só dous clérigos por ser os Vigairos da Confraría<sup>46</sup>, e no documento 9<sup>47</sup> cítase a 14. As constituicións da Confraría deixaron fixado o número de clérigos en 12, ao que hai que sumar a inclusión do Reitor de San Martiño. Deste xeito ponse fin ás oscilacións no número de clérigos, e regúlanse definitivamente as entradas ao servizo da Confraría e á repartición de rendas.

A teor das constituicións, tres eran os fins da Confraría que os clérigos tiñan que realizar:

- Ter presente a antigüidade da institución e facela sobrevivir, sabéndose adecuar aos tempos novos sen perder a súa identidade primixenia (Constituicións, Prólogo).
- Gobernar a entidade e aumentar os seus bens e rendas (Ibid.).

<sup>45</sup> Memorias I, 389.

<sup>46</sup> Memorias I, 291.

<sup>47</sup> Memorias I, 311.



- Levar os clérigos unha vida ...*al servicio de Dios y aumento de nuestra sacra fe católica y religión cristiana, ha honor y alabanza de la Concepción de nuestra Señora la Virgen santa María...* que leve á salvación das súas ánimas (Ibid.).

Estes fins, encargados aos clérigos confrades da asociación, obrigábanos a todos, en xeral, a realizaren na Confraría tres funcións: aumentar a renda e os bens da asociación, reparar as casas que a mesma posuía e seguir os preitos que a entidade tiña postos (Constitución 6). Tres funcións en xeral que se vían complementadas pola carga particular que cada capelanía supuña, e pola posible obrigación de ocupar os cargos de goberno da entidade.

Todos os clérigos tiñan en común ser do Reino de Castela, pois a clérigos de reino estraño estáballes prohibida a entrada nesta Confraría (Ibid.) e, ademais, a maior parte dos mesmos eran naturais da vila de Noia (Constitución 8). A entrada na Confraría realizábase previo pago de 20 libras de cera (Constitución 3) e, á parte da capelanía que ocupaban, todos tiñan por obriga asistir aos cabidos, aos oficios realizados todos os anos pola solemnidade da Inmaculada Concepción e a tres misas semanais que se celebraban os luns, mércores e sábados (Constitución 9). Os clérigos, á parte das atribucións gobernativas que tivesen obrigación de desempeñar e, excluindo o reitor de San Martiño, posuían diferentes categorías na Confraría, dependendo do seu estado eclesiástico. Dous tipos de clérigos atopamos no seo da entidade:

- *Clérigos de ordens maiores.* Son os sacerdotes que solicitan a súa entrada na Confraría e toman posesión dunha das súas capelanías, adquirindo a condición de confrade e as obrigas e dereitos que o dito implicaba. Ademais da obtención do beneficio eclesiástico, acostumaban estes clérigos ser cregos párrocos desta vila de Noia ou reitores das parroquias das inmediacións da vila. Xunto cos sacerdotes e dentro desta orde maior, están os diáconos e subdiáconos, dos que temos constancia na documentación da Confraría. O concilio de Trento trata o tema do subdiaconado dentro das outras catro ordens menores, influenciado sen dúbida pola historia de épocas anteriores<sup>48</sup>. Non obstante, no facer teolóxico de mediados do século XVI, a opinión común entre os doutores sobre esta cuestión inclínase por situar o diaconado dentro das ordens maiores<sup>49</sup>.
- *Clérigos de ordens menores ou tonsurados.* Persoas que pola primeira tonsura ingresaron na orde clerical e por este ingreso realizan a preparación para as demais ordens ata chegar á primeira e máis sublime das mesmas: o sacerdocio<sup>50</sup>. Estas persoas entraban na Confraría como clérigos, con intención de ordenarse a título dunha das capelanías da Confraría máis adiante, cando estivesen preparados e as condicións o permitisen. Estes clérigos, unha vez

48 Enrique Denzinger, *El magisterio de la Iglesia*, Barcelona (1993) 272.

49 Carranza de Miranda, *Comentarios sobre el Catechismo Cristiano* 1, Madrid (1972)300.

50 Carranza de Miranda, *Speculum Pastorum*, Salamanca (1992)179.





admitidos na Confraría polo cabido da mesma, gozaban dos privilexios que a entidade comportaba para o cargo de capelán, que no seu caso debía de reducirse a tres obrigas: pago da pensión de subsidio, obriga diaria do rezo, asistencia co traxe eclesiástico ás misas e máis funcións que realizaba a Confraría. Este grupo de clérigos menores ou tonsurados tiña como primeira meta ascender a ordes maiores, e nel podemos distinguir en función das constitucións dous tipos de clérigos:

- Mozos estudantes da vila, escasos de bens, aos que se lles permite a entrada na Confraría e entran a gozar dos beneficios da mesma para que realicen os seus estudos e poidan ser ordenados a título dunha das capelanías da Confraría (Constitución 8).
- Clérigos tonsurados que entran ao servizo da Confraría para ascender a ordes maiores e gozan dos beneficios dunha das súas capelanías (Ibid.).

Todos os clérigos da Confraría debían obediencia e respecto aos vigairos e aos seus mandatos (Constitución 10). Todo o conxunto de clérigos asociados arredor da advocación da Concepción, tiñan por orde de goberno primario as constitucións da Confraría e os mandatos dos arcebispos, dados nas súas visitas pastorais. Estas normas eran executadas polo cabido e polos seus Procuradores.

### *Bolsas de estudo na Confraría.*

Os clérigos propiciaron un sistema de bolsas de estudo desde a Confraría. A necesidade de formación é unha constante na historia da Confraría a partir do século XVI. Os Procuradores lembrarán a necesidade de formación para atender a orde e a claridade no arquivo da Confraría como sinal de futuro da asociación de clérigos. Por todo isto os clérigos permitirán que os mozos vocacionados da vila poidan estudar con rendas de capelanías vacantes da Confraría, e logo se poidan ordenar a título desa mesma capelanía e servir a Confraría.

### *Personaxes destacados na Confraría.*

Tal e como vimos indicando, aínda que dous personaxes que a continuación enumeramos non poden ser recollidos como confrades da Confraría, si podemos afirmar que desenvolveron un papel fundamental no seo da entidade:

- *Xoán da Estivada*. Foi un personaxe importante da vila de Noia sobre todo polo poder adquisitivo que posuía, do que nos quedou un exemplo no sartego no que se soterrou na vila e que se conserva hoxe na Igrexa de Santa María a Nova. Este personaxe realizou actividades importantes na vila entre 1395 e 1403. O documento E fálanos de Xoán das Estivadas<sup>51</sup>.
- *Cardeal Martín López Confrade*. Estamos no momento en que o texto nos indica a entrada de Martín López como Confrade e nos indica a súa categoría ou dignidade no Cabido Composte-

<sup>51</sup> Memorias I, 200.





lán. O cargo de Cardeal era un dos oficios ou dignidades que compoñían o cabido catedralicio de Compostela. A ascendencia de Martín López de clase nobre da Igrexa, unida á necesidade de formación entre o clero para afrontar as dificultades do momento, apuntan a unha importante traxectoria formativa na persoa de Martín López. Ademais podemos supoñer que esa formación debeuse recibir no estranxeiro, concretamente en Italia. Este dato vén avalado pola amizade ou coñecemento que tiveron Martín López e San Bernardino de Siena. A través dos datos que coñecemos, comprobamos que existe unha fonda pegada deixada por Martín López no arcebispo Don Lope. Interesantísimo o documento 25, que fala sobre este personaxe<sup>52</sup>.

### **b.3. Goberno da Confraría: Cabidos, admisión e administración.**

O documento 27 ponnos de manifesto o sistema de goberno e a relación entre os membros desta Confraría<sup>53</sup>. Ao longo de todo o estudo facemos referencia ao sistema de relacións humanas que afectan directamente a comunidade. Entran en diálogo os sistemas sociais, políticos, estruturais e relixiosos. No presente caso analizamos o sistema dos Cabidos, que son o órgano reitor da Confraría, e dirixen o goberno da mesma por medio de asembleas nas que se poñían en común os asuntos directos que afectaban a Confraría, pero tamén se trataban os asuntos indirectos que acontecían no

medio da comunidade da vila de Noia. Os Cabidos estaban compostos polos clérigos confrades, e podían ser ordinarios e extraordinarios. Os Cabidos ordinarios eran de obrigado cumprimento, en función da regulamentación estatutaria da Confraría, e podían ser especiais (o que se celebraba o día da Inmaculada co fin de elixir Procurador e Vigairos) e ordinarios (Cabidos quincenais nos que se facía un seguimento do desenvolvemento do goberno da Confraría). Os Cabidos extraordinarios eran convocados polo Procurador sempre que o estimase conveniente para solucionar algún asunto de urxencia. En todos os Cabidos a *Palabra* era o eixo que unificaba o sentido da reunión. A convocatoria dirixíase precisamente á escoita de todos para poder acordar unha palabra unánime que solucione os posibles problemas de convivencia.

Vexamos con detemento cal era o organigrama de goberno da Confraría. Como xa indicamos o máximo órgano de goberno da Confraría era o cabido, que tiña a función de ser o brazo executor das normas e os seus principios directores. O cabido designaba os oficiais da asociación, que eran o Procurador e os Vigairos, os cales, para mellor dirección e administración da Confraría, designaban Mordomo e clérigos visitadores e contadores.

#### *O cabido e a súa estruturación.*

O cabido é o máximo órgano de dirección da Confraría e o encargado de facer cumprir os mandatos e prescricións polos que se rexe a asociación. Está formado pola reunión de todos os clérigos confrades (Constitución 13) e, a teor do

<sup>52</sup> Memorias II, 33.

<sup>53</sup> Memorias II, 95.



que prescriben as constitucións, podemos distinguir dous tipos de reunións do cabido:

- *Cabidos ordinarios*. Prescritos nas constitucións e que obrigatoriamente se teñen que celebrar nas datas sinaladas. Estes cabidos clasifícanse en dous tipos:

- Cabido ordinario especial. Ten lugar todos os anos o día da Inmaculada Concepción e nel elíxense os oficiais (Procurador e Vigairos), que levarán as rendas da Confraría durante un ano (Constitución 4). Denominámolo especial, pois celébrase no día do ano máis importante para a Confraría, o día da Inmaculada Concepción. A preparación para este cabido difire dos demais dada a súa importancia e, por iso, á reunión do mesmo precede ... *una misa cantada con conmemoracion del espiritu sancto para que nuestro señor tenga por bien de alumbrar a los cofrades que elixan oficiales que sirban y gobiernen la direccion de la confradía...* (Constitución 2).

- Cabidos ordinarios normais. Teñen obrigación de convocar os oficiais cada quince días para que non se descoide o goberno e boa marcha da Confraría (Constitución 11). Xunto a estes cabidos quincenais, existe a obriga de convocar tres no mes de agosto, sempre e cando se tivese coñecemento de que certas posesións de bens pertencentes á Confraría quedaran vacantes. Neste caso convocaríanse estes tres cabi-

dos para arrendar dita posesión (Constitución 18).

- *Cabidos extraordinarios*. Realízanse cando o Procurador da Confraría considera necesario para resolver certos asuntos de urxencia.

Todos os cabidos, dende antigo e segundo estas normas, convocábanse a son de campá tanguida e tiñan lugar na igrexa ou arredores de Santa María a Nova.

#### *Eleccións e cargos directivos da Confraría.*

O cabido ordinario especial tiña por función exclusiva elixir os oficiais encargados de dirixir a Confraría. As constitucións da Confraría indican que estes oficiais son un Procurador e dous Vigairos que, unha vez elixidos, gobernan a Confraría durante un ano. As súas funcións son as seguintes:

- Procurador. É o máximo cargo da Confraría, e ten como función convocar o cabido e coidar e dirixir a facenda da Confraría. Ten en custodia unha das chaves da arca onde se garda a documentación oficial da Confraría (Constitucións 4 e 11).
- Os dous vigairos son os encargados de que se cumpran as vontades dos testamentos doados á Confraría, e vixían que os clérigos da Confraría digan as misas que lles corresponden pola súa capelanía. Custodian a outra chave da arca onde se garda a documentación da Confraría (Constitucións 4 e 5).



Os oficiais deben render as contas da Confraría ao remate do ano en cabido específico convocado para tal fin, no cal, ademais, entregarán a administración da Confraría aos novos oficiais elixidos (Constitución 19).

As constitucións preceptúan a existencia de dous cargos máis que recaen en catro clérigos confrades que axudan aos oficiais na súa tarefa. Trátase dos clérigos contadores e dos clérigos visitantes. Os primeiros son nomeados polo cabido na súa reunión especial de final de ano para que axuden os que foron oficiais o ano anterior a preparar as contas da Confraría. Os segundos son nomeados polos oficiais para que visiten os lugares nos que ten beneficios a Confraría, e facer memoria de dita visita co fin de regular os bens da entidade e o seu bo goberno (Constitución 21).

As constitucións non nos prescriben máis nada sobre a dirección da Confraría. Unha visita, realizada oito anos despois da promulgación destas constitucións, recolle a existencia dun cargo directa ou indirectamente relacionado coa Confraría: o Mordomo. Este cargo, segundo a visita, non está ocupado por ningún dos clérigos confrades. A súa función consiste en ter ... *a su cargo la cobranza de la hacienda y pagar a cada cappellan lo que ganare conforme la oja que le dan los contadores que se nombran cada año para tomar las quantas.* Este Mordomo parece corresponderse co Mordomo da vila, que era nomeado polo arcebispo e encargábase de distribuír o propio a cada un dos cobrados da vila.

### *O reitor de San Martiño e os seus privilexios na Confraría.*

A antiga documentación conservada presenta o reitor de San Martiño como clérigo da Confraría da Concepción. As constitucións prescribenlle un posto privilexiado no seo da Confraría. Os privilexios de que goza segundo as constitucións son cinco:

- Non necesita pedir a entrada no cabido para ser admitido na Confraría (Constitución 3).
- É o primeiro en dar o seu voto para a elección de Vigairos e ten o dereito a non aceptar o cargo de Vigairo sen incorrer por isto nos castigos preceptuados para tal fin (Constitución 4).
- É o segundo en votar nos cabidos ordinarios quincenais despois do Procurador e antes dos Vigairos (Constitución 11).
- Debe terse en conta sempre nas ganancias da Confraría aínda que non asista aos aniversarios que proporcionan ditos beneficios (Ibid.).
- Queda exento da expulsión perpetua que se preceptúa para todos aqueles que poñan preito e gasto á Confraría (Constitución 12).

O motivo destes privilexios reside sen dúbida na utilización que os clérigos fan da Igrexa de San Martiño durante o ano, pola cal non pagan dereito ningún e, a cambio, concédennlle ao reitor a súa inclusión na Confraría, participando dunha das súas capelanías e dos presentes privilexios. A utilización que os clérigos facían da Igrexa de San Martiño aparece reflectida xa nas mesmas constitucións:



comezando pola festa solemne da Inmaculada Concepción (Constitución 2) e seguindo por outra orde de celebracións, como as tres misas semanais que tiña obriga de celebrar perpetuamente a Confraría (Constitución 9). Xunto con isto, hai que indicar que moitos dos aniversarios que a Confraría tiña a obriga de celebrar anualmente oficianse en San Martiño.

#### *Culto na Confraría.*

A proba máis clara desta presenza de Deus na vida do home achámola en todo o desenvolvemento de culto que se realizaba na Confraría da Concepción. Todas estas actividades de culto eran momentos propicios para encontrarse directamente o home con Deus nos momentos íntimos que dan sentido á súa vida.

A gran cantidade de doazóns de misas levará os clérigos a pedir da Sé pontificia a dispensa de moitas delas. Nos anos seguintes á concesión da bula de Pío IV as doazóns continuaron de tal xeito que, a principios do século XVII, Jerónimo del Hoyo infórmanos de que as misas obrigatorias para os clérigos da Concepción eran 1914 ao ano, das cales 852 eran cantadas e 1062 rezadas. Moitas destas doazóns para misas procedían dos propios clérigos da Confraría, que as deixaban á hora da súa morte unidas aos bens que eles posuían en vida. De entre estas doazóns de clérigos cabe destacar a realizada polo cóengo Vasco Prego, quen deixou á Confraría misas en todas as festas importantes do ano litúrxico e celebracións de vésperas naquelas solemnidades que el consideraba importantes. O total da doazón realizada

por Vasco Prego ascende a 32 vésperas e 100 misas anuais perpetuamente.

Todas as doazóns de misas das que fala Jerónimo del Hoyo son doazóns de particulares cunhas rendas propias. Xunto con estas doazóns, a Confraría tiña tres misas perpetuas todas as semanas e a celebración de certas solemnidades todos os anos.

Unha ollada á relación de misas de particulares, que tiñan obrigación de celebrar os clérigos da Confraría, preséntanos a devoción especial do pobo de Noia a certas advocacións concretas.

## **4. VINCULACIÓN CLÉRIGOS E GREMIOS**

Ao analizar a realidade de Noia, o primeiro elemento sobresaínte da vila dende a realidade estrutural social é o tema do asociacionismo. Na idade Media o asociacionismo imponse como condición necesaria para a supervivencia das actividades comúns, entre as que sobresaen as corporacións profesionais. Na época medieval o illamento é un risco tanto pola inseguridade como pola escasa protección da que gozaban os individuos. Os riscos que afogan a vida urbana medieval son, entre outros, os abusos de poder, os asaltos, as estafas e as enfermidades. Todo este conxunto de males só podían ser contrarrestados por medio do asociacionismo activo. Por todo isto, os membros pertencentes a un mesmo oficio deciden organizar a súa profesión mediante uns estatutos ou regulamentos, creando así unha institución con autoridade común que se denomina Gremio. A tendencia



á unión levou a membros dun mesmo oficio a unirse, asociarse ou irmandarse, non só nos aspectos profesionais que fundamentan o gremio, senón tamén no aspecto relixioso e benéfico. No estado de inseguridade e risco que vive o home nesta época necesita buscar refuxio e protección en Deus. Nacen deste xeito as confrarías gremiais ou de oficio, as cales, baixo un mesmo oficio e postas baixo a protección dun santo patrón, alíanse mutuamente para facer fronte aos riscos da vida. Este asociacionismo, como vimos indicando ao longo deste estudo, non foi ben visto pola coroa de Castela, pois significaba unha mingua do poder e control da Coroa en asuntos económicos, políticos e sociais. Os gremios tiñan como obxectivo reservar o monopolio do oficio para os membros da confraría, prohibir a competencia libre de mercado, e establecer os prezos. Por todo isto, os monarcas de Castela, especialmente Fernando III, e posteriormente Afonso X, prohiben este tipo de movementos que escapan ao mando e control da Coroa. Afonso X regula toda esta cuestión no código entregado á Terra de Santiago en 1252, polo que prohibe todo movemento gremial, exceptuando aquelas asociación de carácter benéfico e relixioso de corte funerario. Iso produce unha vinculación entre os gremios e as confrarías relixioso-asistenciais.

#### *Vinculación da Confraría cos gremios.*

A historia da Confraría no século XIV pon de manifesto unha importante relación entre a Confraría dos clérigos e os oficios desenvolvidos na vila. As lápidas do cemiterio, algunhas fundacións conservadas, e a mesma edificación do templo, son proba máis que suficiente

dunha vinculación directa ou indirecta da Confraría cos gremios. O motivo: as persecucións dos monarcas casteláns aos gremios, e a protección das Confrarías relixiosas dedicadas a “soterrar mortos”.

Ata finais do século XV non existe na vila de Noia ningunha outra confraría nin asociación documentada á parte da dos clérigos, pero si existen mostras dunha continuidade dos oficios máis ou menos regularizados en movementos gremiais. Isto condúcenos a pensar que unha vez decretada a desaparición dos gremios, estes seguen funcionando de xeito clandestino, ligados directa ou indirectamente a unha confraría. Ao non existir en Noia máis confraría que a dos clérigos, e sendo esta unha das amparadas polos reis, sería lóxico pensar que os gremios se arrimasen a esta Confraría para tratar de axudarse mutuamente. É difícil poder falar deste “achegamento” en termos de Confraría gremial ou de Confraría-Gremio por dous motivos: en primeiro lugar, a Confraría dos clérigos está formada e delimitada por un grupo concreto, os clérigos. Estes dificilmente aceptarían perder a súa referencia fundacional para transformárense en Confraría gremial ou Confraría-Gremio, ao albergar no seu seo os movementos gremiais de Noia. En segundo lugar, os datos da historia da Confraría no século XIV non permiten falar dunha completa integración dos gremios na Confraría senón máis ben dunha relación entre ambos os organismos.

O “achegamento” entre clérigos e gremios está marcado pola actividade mortuoria. Este vínculo de unión permitiríalles aos gremios seguir celebrando as súas xuntas e non perderen o norte da súa corporación profesional.

# emoria histórica na montaña

## A recuperación dos corpos e as homenaxes aos asasinados no Acevo

Na memoria de Maximino Martínez Fernández

*Carmen García-Rodeja Arribí*

*ARMH (A Coruña)*





*“A liberdade nunca perdeu ningunha loita”*

*Ramón Cabanillas*

*(Epitafio da sepultura de Maximino  
e os seus compañeiros)*

## INTRODUCCIÓN

Neste 2011 cúmprense 80 anos da proclamación da Segunda República, o primeiro goberno democrático en España. O truncamento deste proceso polo golpe de estado do ano 1936 e o triunfo da ditadura fixo que se perdesen as liberdades que tanto custara conseguir. Durante a guerra e a posguerra, o franquismo eliminou sistematicamente os contrarios; foi unha eliminación física e unha eliminación mental. Mortos, presos, exiliados ou calados para sempre tiveron que estar os republicanos e os seus familiares.

A pesar de morrer o ditador Franco e ter vivido xa trinta e cinco anos de democracia en España, o deber moral e legal de rehabilitación das vítimas do franquismo aínda non se cumpriu.

Este traballo de reparación non foi posible pola falta de estudos sobre o noso pasado máis recente; esta ausencia permitiu que seguise en pé, durante tanto tempo, a interpretación histórica proposta polo sistema franquista<sup>1</sup>. A creación da

*“Causa General”*<sup>2</sup> serviu para concretar as responsabilidades dos derrotados, e non as responsabilidades dos vencedores<sup>3</sup>.

Os arquivos en España para o estudo da guerra civil non teñen aínda a accesibilidade debida. Xa en marzo de 2006 foi denunciada esta situación por Amnistía Internacional<sup>4</sup>. Hoxe en día segue habendo dificultades para o acceso á documentación, polos atrancos impostos, ou porque directamente se fixo desaparecer<sup>5</sup>.

As vítimas reais existen: algunhas son superviventes dos cárceres. Hai que salientar que no ano 1940 había máis de dúascentas mil persoas en prisión e máis de setecentas mil en campos de concentración<sup>6</sup>. Outras vítimas son os miles de persoas republicanas fusiladas

2 A *Causa General* foi instruída polo Decreto do 26 de abril de 1940, co obxecto de –segundo o preámbulo– instruír «los hechos delictivos cometidos en todo el territorio nacional durante la dominación roja».

3 “En 1976 Martín Villa ordena a todos os cuarteis da Garda civil enviar a Madrid os arquivos relacionados coa guerra civil e a represión durante o franquismo. Miles de documentos chegaron ás mans dunha “Comisión histórica” que, como principal obxectivo, debía construír a versión da Garda civil que podía soportar a democracia. Moreas de documentos foron destruídos, dos anos 1976 ao 1978, entre os que había numerosas informacións sobre as persoas desaparecidas durante a guerra e a posguerra”, en Emilio Silva e Santiago Macías: *Las fosas de Franco*. Ed. Temas de hoy. Madrid, 2003 (páx. 121).

4 Informe AI “*Víctimas de la Guerra civil y el régimen franquista: el desastre de los archivos, la privatización de la verdad*”, do 30 de marzo de 2006. Denúncianse as inadecuadas condicións de almacenamento, falta de persoal e as dificultades de acceso á documentación.

5 Interesante o artigo de Francisco Espinosa: “La investigación del pasado reciente: un combate por la historia”. Guadalajara, 2003, no que explica as vicisitudes polas que ten pasado no seu proceso investigador.

6 Velasco Souto, Carlos F.: *Represión e alzamento militar en Galicia*. Ed. A Nosa Terra, Vigo, 2006.

1 Lourenzo Fernández Prieto en “Máis memoria ca historia”, en GRIAL nº 70, explica como foron fabricados mitos como “el oro de Moscú” ou “a idea da inevitabilidade da guerra”. Así -explica- a República sería un caos, cunha gran conflitividade, violencia, persecución do catolicismo... Isto xustificaría o golpe de estado e a inevitabilidade da Guerra Civil.





ou “paseadas”<sup>7</sup> que, segundo os últimos datos, son cento catorce mil en toda España, e preto de cinco mil delas en Galicia.

Non foi posible, en todos estes anos de democracia, realizar a exhumación das vítimas republicananas, pero si se exhumaron as vítimas franquistas a cargo do Estado<sup>8</sup>.

Así mesmo, os delitos dos carcereiros e asasinos están prescritos pola Lei de Amnistía de 1977<sup>9</sup>.

Nos primeiros anos da Transición empezáronse timidamente algunhas exhumacións, pero parouse o proceso a partir do golpe de estado do tenente coronel Tejero, no 1981. Durante os anos posteriores, e a pesar de haber gobernos socialistas, non se fixo nada para a recuperación dos corpos. A instancias

7 Santos Juliá, no seu libro, *Víctimas de la guerra civil*, Ed. Temas de Hoy, Madrid 2004, contabiliza unha foxa por pobo durante o ano 1936. En Mérida calcúlase de 2.000 a 4.000 vítimas, en Oviedo 1316, en Viznar/Orgiva en Granada 6000, Badajoz 2.000 mortos na praza de toros, 1.000 en Los pozos de Caudé en Teruel, 2.000 en Madrid no cemiterio d'A Almudena...

8 Os mortos *por Dios y por España* foron exhumados sen aboar “derechos sanitarios de ninguna clase”. “Toda persona que desee exhumar el cadáver de alguno de sus deudos que fueron asesinados por la *horda roja*, para inhumarlos de nuevo en el cementerio, puede solicitarlo del Gobernador civil de la provincia correspondiente...”. Decreto do 6 de Maio de 1939.

9 Artigo primeiro. 1. “Quedan amnistiados: Todos los actos de intencionalidad política, cualquiera que fuese su resultado, tipificados como delitos y faltas realizados con anterioridad al día quince de diciembre de mil novecientos setenta y seis”.

Artigo segundo. “En todo caso están comprendidas en la amnistía: a) Los delitos de rebeldía y sedición, así como los delitos y faltas cometidos con ocasión o motivo de ellos, tipificados en el Código de Justicia Militar... f) Los delitos cometidos por los funcionarios y agentes del orden público contra el ejercicio de los derechos de la personas”.

de organismos internacionais<sup>10</sup>, de asociacións de memoria, e de numerosos familiares, conséguese incluír a necesidade de localización de foxas na Lei da Memoria Histórica do 2007<sup>11</sup>. Estanse, polo tanto, a facer censos en toda España; en Cataluña, a Generalitat ten inventariado 9.000 mortos en 157 foxas, en Andalucía calcúlanse 40.000 persoas. E agora, tamén o ministerio de Xustiza está a colaborar na realización do mapa das foxas en todo o territorio español, aínda que contén numerosos erros<sup>12</sup>.

Ante a Lei de la Memoria Histórica, do 26 de Decembro de 2007, son moitos os que a desacreditan antes da aplicación<sup>13</sup>. Consideramos que é unha lei con boas intencións, pero non parece contentar

10 Amnistía Internacional recomendaba o Goberno español que “dictara legislación y las normas reglamentarias necesarias para las actuaciones en materia de localización de fosas, exhumaciones, identificación de restos y restitución a sus familias para su inhumación de acuerdo a la voluntad presunta de la persona fallecida o en su defecto de acuerdo a lo que la familia disponga. Además instaba al Gobierno a establecer una Fiscalía especializada a través de la cuál se pueda asegurar la colaboración activa de todas las instituciones públicas para impulsar la investigación de los casos de desapariciones forzadas y ejecuciones extrajudiciales durante la Guerra Civil española y el régimen franquista, localizar las fosas comunes y llevar a cabo las actuaciones de su competencia para esclarecer la suerte de las personas desaparecidas”. Tamén o Parlamento Europeo se pronunciou neste sentido.

11 Ley 52/2007, de 26 de diciembre, “Por la que se reconocen y amplían derechos y se establecen medidas en favor de quienes padecieron persecución o violencia durante la guerra civil y la dictadura.”

12 [http://mapadefosas.mjusticia.es/exovi\\_externo/CargarInformacion.htm](http://mapadefosas.mjusticia.es/exovi_externo/CargarInformacion.htm)

13 “Quieren imponernos de nuevo la guerra civil. Y quienes fuimos niños en ella, sin ninguna responsabilidad en la locura que envolvió a nuestros mayores, debemos alzar nuestra voz, por débil que de sea, contra semejante monstruosidad. Recuperar la memoria histórica no puede equivaler a resucitar cadáveres que creíamos bien enterrados de uno u otro lado de las trincheras”. Robles Piquer, Carlos, “La Nueva guerra civil”, en ABC (27, VII, 2006).



de todo a ninguén. Podemos destacar algúns aspectos: outórganse certas axudas económicas, recoñécese o tempo pasado na cadea e nos batallóns disciplinarios a efectos de indemnizacións, e tamén se tipifican como vítimas os mortos durante a transición política a mans de policía ou de grupos *ultras*.

Non obstante, a “rehabilitación” das vítimas da guerra civil e da ditadura non ten efectos nin xurídicos nin económicos<sup>14</sup>, non serán anulados os xuizos sumarísimos, non se indemnizará as vítimas nin se citará os verdugos<sup>15</sup> e non se fará unha efectiva organización da exhumación dos cadáveres das foxas comúns<sup>16</sup>.

Ante esta situación, máis de vinte asociacións da memoria instan a xudicatura para que se recoñezan os delitos de desaparición, tortura e asasinato, realizados a partir do 17 de Xullo de 1936. Tamén demandan que se anule a prescripción destes delitos pola Lei de Amnistía de 15 de outubro de 1977, xa que se pide a cualificación de “crimes de lesa humanidade”<sup>17</sup>. O xuíz do xulgado núme-

ro cinco da Audiencia Nacional, Baltasar Garzón, o 16 de Outubro de 2008, admite a trámite as denuncias, e argumenta no auto que a responsabilidade dos crimes é do Estado, e debe ser, polo tanto, o Estado quen debe facerse cargo da reparación e da xustiza coas vítimas.

Pero non só non foi posible seguir adiante co auto senón que, o propio xuíz Garzón foi relevado do seu cargo e procesado.

Os organismos internacionais seguen reclamando do Estado español a busca dos desaparecidos<sup>18</sup>.

Con estas vítimas non houbo *nin paz, nin perdón, nin piedade*. Moitos foron asasinados ou represaliados, pero tamén moitos superviventes e familiares morreron sen poderen ver que ninguén recoñecía os crimes cometidos, sen a reparación das inxustizas, e sen que os culpables pedisen, simplemente, perdón.

## A PARTICIPACIÓN DA SOCIEDADE CIVIL

É polo tanto, a sociedade civil quen está a organizarse para realizar o traballo de rehabilitación da honra dos represaliados pola ditadura, e para reclamar ao Estado que sexa quen de facer o necesario

14 No artigo 2 exprésase “el derecho de todos los ciudadanos a la reparación de su memoria familiar y personal y se reconoce y declara el carácter injusto de las condenas, sanciones y cualquier forma de violencia personal producidas por razones políticas o ideológicas durante la Guerra Civil, cualquiera que fuese el bando o la zona en la que se encontraran quienes la padecieron, así como las sufridas durante la dictadura”.

15 O artigo 8 di: “El reconocimiento personal tendrá como único objeto la *constatación* de que las ejecuciones, condenas o sanciones sufridas son manifestamente injustas”, y *no se indemnizará ni se hará referencia a* “la identidad de cuantas personas hubiesen intervenido en los hechos”.

16 A lei fala de “facilitar la tarea”.

17 Os crimes de lesa humanidade non prescriben, e lexítiman a comunidade internacional para a intervención e xulgar ditos crimes.

18 O 29 de agosto de 2011, e coa celebración do día internacional do desaparecido, o presidente do Grupo de Traballo da ONU sobre Desaparicións Forzadas e Involuntarias, Jeremy Sarkin, reclamou ao Estado Español que ten a obriga de aclarar a situación das persoas desaparecidas a consecuencia da Guerra Civil e a represión franquista, e definir onde están as foxas, e quen xace nelas. E establece a necesidade de que as familias “coñezan a verdade”, a pesar de que pasasen setenta anos. EFE.



recoñecemento dos crimes e desmandes cometidos a fin de homenaxear e reparar as vítimas.

Ser membro dunha asociación de memoria implica estar en permanente contacto coa Historia, pero tamén coa realidade. Ser membro da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica<sup>19</sup> obriga a traballar en dúas disciplinas de xeito práctico: a Historia, que emprega libros e documentos, e a Arqueoloxía, que extrae do chan datos e restos, neste caso recentes.

Cando se está a facer o traballo na foxa, acoden familiares e veciños con recordos do sucedido, que nos proporcionarán as fontes fundamentais para reconstruír a nosa historia máis recente. Todos os datos que se van recollendo aportan información interesante, ao longo do proceso e nos actos posteriores; tamén os antropólogos son capaces de completar a investigación e recompilan moito material de estudo.

A intervención da Asociación (ARMH) iníciase a partir da solicitude, por parte de familiares ou veciños, para a investigación dun feito acontecido durante a guerra ou a represión posterior, coa consecuencia, na maior parte dos casos, dunha execución. Recóllese a información, tanto da persoa que se busca e dos seus familiares, como dos datos que hai do “suceso” e, de seguido, procédese á investigación dos feitos a través de rexistros civís, arquivos, e información oral. Posteriormente faise un dossier informativo para os solicitantes, e

a partir de aí acórdase -se é posible- exhumar a foxa<sup>20</sup>. Solicítanse os permisos pertinentes e fíxase a data para realizar o traballo de exhumación<sup>21</sup>.

Posteriormente á apertura da foxa envíanse os restos ao laboratorio, e os antropólogos forenses realizan o informe; logo, procédese á devolución dos restos aos familiares, e colabórase na celebración do enterro e nos actos complementarios<sup>22</sup>.

É importante salientar que toda a información recollida non se garda simplemente. A investigación expónse, ofrécese e dóase á comunidade, é dicir, permanece a disposición doutras investigacións, e para que as familias, os achegados, ou os veciños coñezan o que pasou, descubran a verdade, e recompoñan os baleiros e as mentiras ditas durante tantos anos.

Debemos dicir tamén que cada vez que se abre unha foxa, evidénciase o que pasou, ábrese á luz a verdade, límpase o ambiente, e recupérase a honra das vítimas. Quen alí está enténdeo..

As familias non puideron vivir tranquilas, desapareceron os seus, e nunca se lles informou do sucedido, polo que viviron anos de anguria e de silencio. Nunca, ningún organismo oficial os in-

20 Cando non é posible realizar a exhumación é costume a colocación dunha placa de recordo, un monumento ou a creación dun parque de memoria.

21 Debemos destacar a realización por parte da ARMH de cento cincuenta exhumacións e máis de mil corpos recuperados.

22 Son numerosos os actos de homenaxe e de desagravio realizados pola ARMH, e tamén as interpelacións parlamentarias, a admisión a trámite no 2008 por Baltasar Garzón sobre as desaparicións forzadas, ou a presentación da querela en Arxentina contra o goberno español.

19 A ARMH (*Asociación para la Recuperación de la Memoria Histórica*) é unha asociación fundada no ano 2000 a raíz da primeira exhumación con métodos científicos de represaliados en España. <http://www.memoriahistorica.org>.



formou do sucedido, e menos aínda se lles pediu desculpas. Ante o abandono das institucións, lembralos e regresalos, é devolverlles a súa dignidade. Para nós, a sociedade civil, é unha débeda con eles e coas familias, pero tamén con nós mesmos, porque precisamos recuperar os a verdade da nosa Historia.

## A INVESTIGACIÓN DA FOXA DO ACEVO

Os veciños da Fonsagrada levaban tempo reclamando a investigación e exhumación da foxa do Acevo. Eles necesitaban que se fixese, e no outono do 2006, desde a ARMH, comezamos coa investigación.

Nas montañas entre Galicia e Asturias tivo lugar a morte e tortura dun grupo de persoas descoñecidas. Ata hoxe perduraba unha canción, que a xente da montaña de Lugo e de Asturias sempre cantaba: *“En el alto del Acevo, pueblo de pocos amigos / donde matan a los hombres / después de muchos martirios”*.

E recordaba con horror: *“Los vecinos del Acevo / fingiéndose de izquierdistas / marcharon a Fonsagrada / dar cuenta a los falangistas”*.

*Estos pronto han llegado / aunque venían de lejos / ahí los asesinaron / como si fueran conejos”*.

Este romance é o punto de partida do traballo de investigación<sup>23</sup> que parte

da información oral, continúa coa investigación documental, e complétase cos datos que proporciona a exhumación e as probas antropolóxicas.

Empezamos o proceso co traballo de recollida de información oral. Demos cos enterradores, atopamos as persoas que viron a explanada chea de sangue e de morte, falamos tamén con aqueles que recordaban telos visto pasar aínda vivos e cos que coñecían as torturas ao comandante Moreno, feitos que nos relataba o romance: *“Unos le dan bofetadas y otros puntapiés / otros le hacen preguntas / al derecho y al revés. Pasándose largo tiempo / sin darle ningún sustento / una paliza de palos / le daban por alimento”*.

Este romance é a constatación dun feito que non quere ser esquecido, aínda que tivesen pasado tantos anos. A Fonsagrada, a pesar de ser o pobo dos verdugos, foi quen demandou a investigación e a exhumación. Non coñecían as identidades, pero sempre tiveron compaixón polas vítimas.

E neste romance non só se relata o que pasou senón que tamén significa unha denuncia anónima dos asasinados: *“¿Dónde está el reloj de oro / del comandante Moreno? / Seguramente se gasta / en el pueblo del Acevo / ¿Dónde está la cazadora / del comandante Moreno? / Seguramente se gasta / muy cerquita de San Pedro”*.

Durante a recollida de información oral soubemos que viñan fuxindo de Asturias. Eran moitos os fuxidos que pasaban pola montaña coma eles, intentando chegar á casa: *“Meu pai daba posada a*

<sup>23</sup> Xía Arias ten escrito un interesante artigo sobre os pormenores da investigación “Quen lle canta a Moreno?”, en ANIMAL, nº 19.



*todos. Viñan pedindo. Non se sabía quen eran nin quen non eran. Viñan rebaños e rebaños deles. Acolliámoslos, claro. Era noite e viñan á noite e viñan molladiños, con pés sangrando... Eran todos novos. Acolliámoslos e comían do que había... Se había algo.*" (Sara Álvarez).

E investigamos de onde viña o grupo, por onde pasaran, en que casas foran atendidos e as circunstancias da súa morte. E reconstruímos case todo o itinerario realizado desde Asturias, xa que foron acompañados por Abelardo Álvarez, a persoa que os guiou ata o río Navia. Unha vez alí, díxolles: "*Aí tedes a vosa terra*".

O 29 de outubro de 1937 entraron en Galicia polo río Navia, en Santalla de Mourís, e pasaron por Bustarvelle, onde estiveron tres días no souto comendo castañas. "*Non pararon en casa ningunha. Ían ben contentos, probes, non sabían que ían prá morte*" (Valentina Murias).

Esa noite, parte do grupo foi durmir á palleira da cantina do Acevo, e os outros, entre eles, Moreno e o seu axudante, foron á outra fonda, hoxe derruída. Os falanxistas souberon onde se aloxaban, e foron a por eles. Sobre as 23.30 horas do día 29 de Outubro de 1937, varios homes da falanxe e da Garda Civil irromperon na palleira, sacaron os soldados, e matáronos.

Quedaron tirados na estrada ata o día seguinte. Das aldeas do redor fixeron vir un home de cada casa para facérense cargo dos corpos, cargalos no carro, e enterralos.

Mentres, Moreno escapa. Na fuxida mata un dos asaltantes, e el e outros fuxiron por unha das xanelas da parte traseira da cantina. Na aldea de Bustelo do Camín axudáronlles a secar a roupa e guiáronos por sitio seguro; encamiñáronos a Monteserín Pequeno, onde lles deron de comer. Alí mesmo foron apresados polos falanxistas.

Moreno é levado de volta á casa onde se aloxara e é prendido cunha cadea do gando. Espírono e torturárono durante horas. O horror destas torturas fixo que se espallase a lenda por toda a montaña, ata hoxe en día.

*"A Moreno levárono para a Casa da Carolina e atárono cunha cadea de prende-las vacas. Os torturadores chamaban a xente que pasaba por alí e dicíanlles: Vide vello boi que temos aquí dentro"* (Ron de Vilarín).

Despois foi enterrado:

*"A miña tía María contoume moitas veces, na Arxentina, que ela viu o comandante cando o enterraron. Ela era adolescente, e estaba coas ovellas pola zona do Acevo. Viu o comandante que estaba moi inchado. Conta que o enterraron nunha foxa posto no sentido contrario ós outros compañeiros"* (Ángel López Oubiaña).

A partir dos feitos do Acevo, o grupo de falanxistas e gardas civís apostáronse no lugar da cantina, e quedou permanentemente un grupo na zona.

Esta información e outras, como que os veciños rogaban que tapasen os cadáveres, ou que se lles deixase algunha



pertenza para seren identificados, tamén o coidado con que foron colocados na terra, non só nos axuda a reconstruímos os feitos, senón que nos mostra tamén a humanidade da xente desta zona.

Paralelamente, contactamos con dous expertos: Eliseo Fernández, que, con Dionisio Pereira, son os especialistas en anarquismo en Galicia, e o historiador asturiano, Luís Miguel Cuervo, máximo investigador do Batallón Galicia, e que continuou a investigación documental no Arquivo militar de Ferrol, *Archivo General de la GCE de Salamanca*, *Archivo General Militar de Ávila*, *Archivo Intermedio de la Región Militar Noroeste de Ferrol...* revistas e diarios da época.

A partir desa investigación deducimos que este grupo masacrado no Acevo pertencía ao Batallón Galicia<sup>24</sup>. Este batallón estaba formado por milicianos galegos que saíran de Galicia para incorporárense á fronte e loitar pola República. Chegaron a ser máis de mil.

Era necesario investigar a identidade dos asasinados. Sabiamos de varias causas, dalgún que escapara e fora apresado despois, pero non se citaba a todos. Deducimos que eran o grupo da plana maior que non puideran fuxir por mar e tiveron que meterse polas montañas. E tiñamos un número: *“Como ya están enterrados en ese pueblo del Acevo, / mataron a dieciseis / y al comandante Moreno”*.

Agora chegaba o traballo de buscar os familiares: listas telefónicas, amigos, localizando familiares, chamadas...Fomos descartando os que sobreviviran, e cada chamada e cada visita produciu en todos nós fortes sentimentos. Conseguiamos coñecer os nomes da metade dos asasinados, e localizamos con gran emoción os familiares.

Coñecemos as súas vidas e fomos sabendo e poñendo tamén imaxe ós que estabamos buscando; soubemos como eran, como era a familia, o que sufriran os familiares coas despedidas e a súa desaparición.

Localizamos os familiares de:

- José Moreno Torres: comandante, nacido en 1904 en Coruña, panadeiro, e cun fillo.
- Jaime Machicado Llorente: capitán, de Ribadesella, nacido en 1909, pasateiro, cun fillo.
- Manuel Ramos Escarís: capitán, nacido en Santiago Compostela en 1912, veciño de Cariño (Coruña), mariñeiro, e con dous fillos.
- Odilo Massip Massip: capitán, ourensán de San Lorenzo de Pinor, Barbadás, nacido en 1905, solteiro, campesiño.
- Luís Rafael Villar, sarxento, nacido en Vigo en 1910.
- Jesús Martínez, miliciano, veciño de A Coruña, solteiro e ebanista, que foi levado ao cárcere e asasinado xunto co outro preso: Manuel Bugallo Lois,

<sup>24</sup> Está realizado un dossier informativo sobre estes homes do batallón Galicia en:

[www.xente.mundo-r.com/eliseo/index.html](http://www.xente.mundo-r.com/eliseo/index.html)



miliciano da UXT, canteiro, nacido en 1913 en Millerada, Forcarei, da provincia de Pontevedra.

Con este grupo viña Maximino Martínez Fernández, nacido en Outes (Coruña) en 1909, mariñeiro e afiliado á CNT; tiña un fillo.

A súa peripecia vital foi unha das moitas sucedidas en Galicia. Maximino Martínez era presidente do Sindicato de Campesiños e oficios varios en Pontenafonso, e militaba na CNT. Cando estoupou o golpe militar, todos os sindicalistas e a xente de esquerdas intentan resistir e impedir que triúnfen as forzas sublevadas, pero en Galicia foi un proceso moi rápido. Centos de esquerdistas foxen. Desde Noia saen camións o 25 de xullo de 1936 para coller os barcos: “Santa Rosa” e “Santa Eulalia”. Maximino colleu un deles en Ceilán (Outes) logrando así fuxir. Ían todos a Asturias, a loitar pola República.

En outubro de 1936 alistouse no Batallón Galicia nº 219, e participou nas reunións entre os delegados desa unidade e os membros do Comité da Agrupación Confederal Galaica, celebradas en Asturias en febreiro de 1937. Ascendeu a tenente en xaneiro de 1937, fíxose cargo do mando da 1ª Sección de la 2ª Compañía, pasando no mes de abril a formar parte da plana maior desa mesma unidade.

Cando cae o “Frente Norte” en Asturias, iníciase a retirada. Un dos grupos que viña de volta era o grupo da plana maior do Batallón. Entre eles, Maximino Martínez. Tiña 28 anos cando morreu asasinado no Acevo.

## EXHUMACIÓN E ACTOS POSTERIORES

Tiñamos os feitos, os nomes e, sobre todo, o lugar da foxa. E decidimos en Agosto de 2007 comezar a exhumación. O pobo d'A Fonsagrada acudiu en masa a colaborar, a desenterrar, a levar auga, a levar palas, e a acompañar todo o proceso. E dimos coa primeira foxa e oito corpos. Dous días despois exhumamos os catro corpos da segunda foxa. Durante todo ese tempo tivemos o apoio permanente de todos os veciños. Grazas á grande cobertura mediática,<sup>25</sup> foi posible ir contactando tamén cos familiares.

O día quince dese mes de agosto fixemos unha reunión pública con todos os veciños do contorno. O salón de actos da Casa da Cultura d'A Fonsagrada encheuse de xente que viña escoitar as palabras dos investigadores Luís Miguel Cuervo, Santiago Macías, Carmen Rodeja e Eli-seo Fernández, amais de dous voluntarios, entre os que se atopaba o xaponés, finado no dous mil dez, Toru Arakawa, e o escritor Manuel Rivas, que tamén decidiu vir acompañarnos. Quixemos explicar todo o proceso de traballo e a investigación, ademais de informar sobre as identidades daqueles homes que viñeran co comandante, que se mencionaban naquel romance que tanto se cantaba; o acto permitiunos tamén agradecer tanta axuda que se nos prestou.

<sup>25</sup> A foxa do Acevo, tanto a exhumación coma os actos posteriores, produciu unha grande cantidade de información en publicacións non só españolas senón tamén estranxeiras.





O salón de actos ateigado de xente na homenaxe ás vítimas e familiares

Pero quedaba unha foxa por aparecer, a do comandante Moreno. Polo tanto, tiñamos que continuar buscando.

En Novembro de 2007, e no 70 aniversario das mortes, o pobo necesitaba poñer tamén cara aos familiares, polo que, tamén eles, acudiron a coñecer o sucedido. Fíxoselles unha homenaxe ós asasinados, con actos no lugar da foxa e no cemiterio, e logo foron os familiares os que recibiron a solidariedade e o apoio dos veciños, nun acto no que participaron

todos eles contando o sucedido. Toda a xente acudiu, os familiares estaban emocionados, e o pobo tamén.

Pero aínda faltaba a terceira foxa, a de Moreno. *Una vez hecho cadáver / el comandante Moreno / lo llevaron a la fosa con los demás compañeros.*

A familia do comandante estaba contenta, xa se conseguira que, polo menos, os demais compañeiros fosen recuperados. Dicían que se daban por satisfeitos.



O traballo do xeoradar foi unha valiosa axuda

A exhumación no Acevo tivo unha gran repercusión mediática





O traballo de exhumación é rigoroso, pouco a pouco e con minuciosidade van aparecendo os restos



Pero nós non. Os veciños sabían que fora enterrado a continuación e “mirando para eles”. Seguimos buscando, preguntando e cavando. Chegou o outono e volvemos intentalo. Os veciños seguían insistindo. Nevaba, pero continuamos coa busca.

A familia desde México daba ánimos. Seguíamos.

Despois de sete meses, en Marzo de 2008, cando levabamos tres días esgotados, apareceu un cranio, o corpo colocado en posición transversal, e os dentes de ouro. Xa tiñamos o comandante Moreno. Por fin estábamos satisfeitos por termos cumprido definitivamente co noso obxectivo.

Unha vez recuperados, os restos dos milicianos foron levados ao departamento de antropoloxía forense do Instituto Aranzadi, do País Vasco, para a súa identificación e análise.

Os corpos foron entregados ás familias en Outubro de 2009. Todas decidiran que permanecesen xuntos no cemiterio d'A Fonsagrada. A véspera de defuntos foi posible facer a cerimonia do enterro.

Testemuñas e familiares





O Concello d'A Fonsagrada foi o escenario da entrega dos restos por parte das autoridades

Alí estivemos todos, as familias, os veciños, e as persoas que traballamos para recuperar os corpos, o que resultou emocionante e gratificante.

E as familia souberon que o lugar onde estaban enterrados os familiares sempre fora recordado, que o sucedido sempre quedou na lembranza, e que na memoria do pobo sempre estivo presente o horror. Que nunca os deixaran sós.



Familiares, veciños e autoridades no cemiterio



O día 5 de Decembro de 2009 fíxose a entrega oficial das pertenzas do comandante Moreno á familia. E seguimos traballando: a exhumación do Acevo atraeu moita xente de moitos lugares, e grazas á importancia mediática que acadou, unha autora francesa, Manon Mo-

reau, que coñeceu os sucesos, fixo unha interesante obra de teatro inspirada no acontecido no Acevo: *Où vas-tu, Pedro?* (*Onde vas, Pedro?*), que foi estreada en París en xaneiro do 2009, e representada en numerosos teatros de Francia.





Foi realizado tamén un documental, *"Memorias rotas. A balada do comandante"*<sup>26</sup>, que foi producido por Xamalú filmes e estreado na Coruña, en xaneiro de 2010.

Todo este traballo produce unha gran satisfacción porque aínda que non podemos traer as vítimas de volta á vida, si queremos devolverlles a dignidade e a honra, e facermos posible que se coñeza a súa historia para que nunca máis se volva repetir, para que nunca máis as familias se volvan sentir desamparadas.

Neste ano, que se cumpre o 80 aniversario da proclamación da República, queremos manifestar o noso agradecemento a todas as persoas que loitaron por un mundo novo e mellor para todos, Maximino Martínez entre eles.

Coa recuperación dos corpos e os actos posteriores péchase, por fin, un proceso. Dician n'A Fonsagrada: *"parece que se respira mellor"*. E, na foxa, volve florecer o Acevo.



<sup>26</sup> O documental foi producido por Xamalú filmes. O tráiler pode verse neste enderezo: <http://www.youtube.com/watch?v=TDK02HJR1OU>



## BIBLIOGRAFÍA

- AGRAFOXO, XERARDO. 1937: *A Guerra Civil en Lousame e Noia: O fusilamento de David Mariño Ramos (Presidente da C.N.T. de Portosín)*. Noia, Concello de Lousame, 1997.
- AGRAFOXO, XERARDO. 1936: *A Guerra Civil en Lousame e Noia: Testemuñas dunha represión*. Noia, Concello de Lousame, 1995.
- ÁLVAREZ PALOMO, RAMÓN. *Rebelión militar y revolución en Asturias*. Gijón: Ediciones Trea. SL, 1995.
- ARIAS, X.: "Quen lle canta a Moreno?" en *ANIMAL*, nº 19.
- CUERVO, LUIS MIGUEL. "Historia del Batallón Galicia número 219 en la guerra civil española", en *A II República e a Guerra Civil: actas do II Congreso da Memoria*. Culleredo, decembro de 2005. Ferrol: Asociación Cultural "Memoria Histórica Democrática", 2006.
- DURÁN, JOSÉ ANTONIO. *Entre el anarquismo agrario y el librepensamiento*. Ed. Akal. Madrid, 1977.
- ESPINOSA, F.: "La investigación del pasado reciente: un combate por la historia" en *La transición a la democracia en España, Actas de las VI Jornadas de Castilla-La Mancha de Investigación en Archivos*, Guadalajara, 2005.
- FERNÁNDEZ, E e PEREIRA, D.: *O Anarquismo na Galiza (1870-1970): apuntes para unha enciclopedia*. Edicións Positivas. Santiago de Compostela, 2004.
- FERNÁNDEZ, E. e PEREIRA, DIONISIO: *O Movemento libertario en Galiza: (1936-1976)*. A Nosa Terra. Vigo, 2006.
- JULIÁ, S.: *Víctimas de la guerra civil*. Ed. Temas de Hoy. Madrid, 2004.
- MARTÍNEZ BANDE, J.M. *El final del frente norte*. Editorial San Martín. Madrid, 1972.
- PEREIRA, D.: *A CNT na Galicia: 1922-1936*. Edicións Laiovento. Santiago de Compostela, 1994.
- PEREIRA, D.: *Sindicalistas e rebeldes: anacos da historia do movemento obreiro na Galiza*. Ed. A Nosa Terra. Vigo, 1998.
- SILVA FERREIRO, M.: *Galicia y el Movimiento Nacional: páginas históricas*, 1938.
- SOLANO PALACIO, F.: *Asturias Mártir, la tragedia del Norte*, Ediciones Tierra y Libertad, 1938.
- VELASCO SOUTO, C.: *Represión e alzamento militar en Galicia*. Ed. A Nosa Terra. Vigo, 2006.

**AIRES DE FÓRA**



*Q*voar da bolboreta azul. Un intento de  
tradución de Richard Berengarten

*Loreto Riveiro e F. R. Lavandeira*







## PRELUDIO BIOGRÁFICO

**R**ichard Berengarten (antes coñecido como Richard Burns) é un poeta anglo-serbio-grego-mediterráneo-universal. Non se trata, evidentemente, dunha referencia xenealóxica, senón dos mundos que informan a súa poesía, os territorios da alma, os nomes sobre os que mapea, con acentuada sensibilidade, o seu *dicere* máis fondo.

A estas ancoraxes xeográficas hai que engadir outras raizames no cerne do seu ser e da súa historia persoal -cal, senón, sería o combustible do poeta?-, nas que se mesturan a tradición hebraica e oriental, a sensibilidade social, a solidariedade cos magoados e oprimidos, e a paixón pola beleza e a cadencia da palabra. De aí que as súas temáticas sexan tanto históricas como políticas, mundos interiores e experiencias propias da vida cotiá. Supoñemos que será esta a razón pola que prefire definirse como poeta universal, xa que o seu interese pola poesía é total e totalizador, excedendo patrias, tradicións, voces e linguas. E de aí tamén o seu interese en situacións multiculturais e multilingües, nas que desenvolve pro-

postas docentes de creación poética. De feito, non hai máis que velo en plena acción dinamizadora –outros dos seus quefaceres máis sorprendentes e valiosos- en íntima conexión con, por exemplo, nenos italianos ou serbios ou público xaponés ou letraferidos galegos, para darse conta de que fai confluír na súa vocación lírica todos os momentos e todas as paixóns e todas as dimensións que mellor serven e






apurán e comunican a forza poética da lingua, sexa esta cal sexa.

Se houbese que dar noticia biográfica do autor -que hai, como é natural- sería preciso dicir que Richard Berengarten cumpriu co casual cometido do nacemento no Oxford do 1943, no seo dunha familia de músicos, e que viviu en Grecia, Italia, na antiga Iugoslavia, en EE.UU. e no Reino Unido, ademais de ter viaxado -actividade que ocupa boa parte do seu tempo- polo outro medio mundo. Reside actualmente en Cambridge, onde exerce como docente na súa afamada universidade, cidade na que tamén fundou, alá polos anos setenta, o lendario *International Cambridge Poetry Festival*, antecedente de moitos dos festivais e feiras poéticas que abundan -menos do desexable, sen dúbida- na Europa occidental, nalgúns orientes e por América (latina e anglo). E ademais da actividade creadora e ensaística, mantén un importante labor como tradutor, sobre todo do grego e do serbio, e como dinamizador da causa poética, participando en obradoiros de creación literaria e de aproximación á poesía, dirixidos tanto a nenos como a adultos, onde -xa foi dito- o seu virtuosismo no exercicio da palabra lírica, cativa, motiva e asombra, con independencia da linguas usadas como vehículo.

A súa produción pasa das dúas dúas de obras, traducidas algunhas delas a máis de vinte idiomas. E se fose preciso facer referencia en extenso -que o é-, non queda máis remedio que mencionar, no ámbito da creación poética, *The Easter Rising* (1967), *The Return of Lazarus* (1971), *Avebury* (1972), *Double Flute* (1972), *Inhabitable Space* (1976), *Some*

*poems* (1976, con ilustracións de Frances Richards en 1977), *Angels* (1977), *Learning to talk* (1980), *Tree*, (1980, edición española en 1986, *Árbol*, tradución de Clara Janes, *Papeles de inverno*, Madrid), *Black Light* (1983), *Half of Nowhere, poems (riddles and spells) for children* (1988), *Croft Woods* (1999), *Against Perfection* (1999), *The Manager* (2001), *Book With No Back Cover* (2003), *For the Living, Selected Longer Poems* (2004), *In a time of Drought* (2006), *The Blue Butterfly* (2006), ou a máis recente e ampla recopilatoria *Under Balkan Light* (2008). Pola súa banda, no ámbito ensaístico, cabe mencionar *With Peter Russell in Venice* (1996), *Anthony Dorrell: a Memoir* (1989), *Anthony Rudolf & The Menard Press* (1985) e *Ceri Richards & Dylan Thomas: Keys to Transformation* (1981). E, como editor literario, *An Octave for Octavio Paz* (1972), *Ceri Richards: Drawings to*





*Poems by Dylan Thomas* (1980), *Rivers of Life* (1980), *Roberto Sanesi, In Visible Ink: Selected Poems* (1983), *Homage to Mandelstam* (1981), *Out of Yugoslavia* (1994).


Estas obras, maiores e menores, complétanse coa gran cantidade de *plaquettes* e outras publicacións de modesto formato nas que vai parindo poemas que logo pasarán a formar parte de futuros libros máis cumpridos –ou non– e nas que actualiza –e nos actualiza– no seu quefacer creativo os lectores que temos a sorte de chegar a elas. É o caso, por exemplo, dos caderniños da serie *Manual*, entre os que destacan *Holding the darkness: Manual, the second 20* (2007) e *Holding the sea: Manual, de third 20* (2008), ou *Manual, the fourth 20* (2009), de exquisita edición, encabezados algúns deles por excelentes fotografías da súa propia filla, Arijana, tamén poeta –ben que en serbio– e que se veñen publicando nese cumprido experimento neocelandés que é o *Earl of Seacliff Art Workshop (ESAW)*, no que Berengarten pretende, a través desta serie, rematar unha colección de cen poemas caracterizados formalmente por dúas estrofas de cinco versos (as dúas mans cos seus correspondentes dedos).

Como é natural, tan ampla produción literaria viuse recompensada con múltiples e importantes premios, entre os que cabe mencionar, tamén en extenso, o *Eric Gregory Award* (1972), o *Keats Memorial Prize for Poetry* (1972), o *Arts Council Writers' Award* (1973), o *Keats Memorial Prize for Poetry The Rose of Sharon* (1974), o *Duncan Lawrie Prize*, *Arvon International Poetry Competition* (1982), a súa condición de finalista no *Yeats Club*

*Prize for poem and translation* (no 1989 e 1990), o *Jewish Quarterly-Wingate Prize for Poetry* (1982), o *Morava International Poetry Prize*, Serbia (2005) e o *Veliki školski čas award*, Serbia, por *The Blue Butterfly* (2007).

### SOBRE A TRADUCIÓN

Velaquí, pois, como nos atopamos ante un dos poetas europeos –a referencia xeográfica non sería do seu especial agrado, pero os tópicos son os tópicos– máis salientables e importantes da actualidade e practicamente descoñecido en España e totalmente en Galiza. O noso achegamento á súa obra foi inducido por Antonio Domínguez Rey, director do *Seminario Internacional de Tradución e Poética* que, organizado por Auliga, co patrocinio e colaboración da UNED e do





Concello de Rianxo, celebrábase anualmente nesta senlleira vila do Barbanza. Propúxonos, con non pouca temeridade, que fixeramos un intento de tradución dalgúns poemas de Berengarten, para ser logo expostos e debatidos no propio Seminario coa presenza do autor, de tradutores e de estudosos varios e reputados. Facilitounos algunha obra –agás dúas pequenas *plaquettes*<sup>1</sup>, nada hai editado de Berengarten en ningunha das linguas da península- e, o que era aínda máis importante, intermediou no contacto co poeta, ao que coñeceríamos persoalmente só despois de estar o traballo feito (é difícil non temer o encontro –feliz encontro ao cabo– cando non hai demasiado remedio sobre o labor feito).

O certo é que, con independencia da calidade acadada (o que nestas traducións haxa de meritório é atribuíble a Loreto Riveiro, excelente filóloga, o que de erróneo e inexacto á teimosía ignorante do seu *partenaire*), o traballo descubriuse dende o seu inicio excitante e atractivo grazas á condición do autor e á sensibilidade e fascinación que apreciábamos na súa poesía. Se a tradución vén ser un fenómeno esquivo sobre o que, é certo, existen teorizacións competentes e brillantes, e toda unha praxe milenaria máis que sobresaínte, na tradución de poesía

hai tamén unha dimensión de descubrimento e mesmo de reflexión autopoética que, sen dúbida, é un dos comburentes da lírica máis atractivos para quen xoga coas linguas –como é o noso caso– e ademais escribe versos.

Pero non é un labor sinxelo o traducir, mesmo para aqueles especialistas moito máis preparados e lexitimados ca nós. Velaí por que, sobre a fascinación e o reto, camparon tamén dúbidas e inseguridades, toma de decisións –cos riscos inherentes– e longas horas de paso e repaso que aínda así, estamos seguros, deixaron abondosos cabos soltos (se é que non picados por nós mesmos, seguindo a terminoloxía mariñeira). Por outra banda, a tradución conxunta, en equipo, implica sempre unha negociación que non é allea –e non o foi no noso caso– á eterna cuestión da primacía da fidelidade textual ou da creatividade no traducir. Ás veces, nin nós mesmos eramos capaces de saber moi ben por onde transitábamos e non en poucas ocasións deixamos que fora o texto o que, unha vez rematado, decidira se prefería quedar como estaba ou nos esixía outra orientación. O resultado pareceunos satisfactorio... case sempre.

Velaí, pois, os primeiros poemas de Richard Berengarten vertidos á nosa lingua. Unha honra, sen dúbida, da que nos sentimos satisfeitos e agradecidos. Se o contubernio liberal-político-mercantil que nos abafa o permite –ou escapa ás súas recortadoras ansias–, é posible que en breve se publique unha antoloxía bilingüe (tamén por nós modestamente preparada) na que se dará conta da traxectoria poética, dos seus principios líricos e, en definitiva, da teimosía vital deste poeta

<sup>1</sup> Unha delas, que seguimos atentamente para o noso traballo, é "*Las manos y la luz de Richard Burns*", de Miguel Teruel e Paul S. Derrick, editada pola Aula de Poesía da Facultade de Filoloxía da Universitat de València no ano 2008. Somos grandes tributarios destas traducións e así o recoñecemos.. A outra *plaquette*, que tivo un inesperado e angustioso protagonismo na sesión prevista dentro do Seminario, é "*Árbol / Tree*", tradución a cargo de Clara Janés, encargada tamén de materializar o seu deseño, publicada na colección *Papeles de Invierno*, Madrid, 1986 (de feito, foi edición inaugural en homenaxe a Paloma Palao, alma mater dos *Papeles*, que morrería antes de ver o seu proxecto iniciado).



para quen a palabra escrita e a palabra  
dita son a esperanza e a forza do mundo.  
Traballamos nesa encomenda.

**Loreto Riveiro e F.R. Lavandeira**



***POEMS / POEMAS***





## FRAGMENT: ON THE SEPHARAD

BY RICHARD BERENGARTEN

*... And as Obadiah had foretold, the Jews who had been exiled from the Holy City of Jerusalem would find refuge in the **Sepharad**... And it came to pass that in the golden peninsula of Iberia, to the far west of the Great Middle Sea, which later came to be known as Spain and Portugal, they received due and fitting welcome. And there they settled and prospered for hundreds of years, dwelling in peace with their neighbours and excelling not only in all branches of learning, scholarship and healing, but also in the civil arts of counselling, negotiation and diplomacy, the higher metaphysical arts of mathematics, astronomy and music, and those hidden arts enshrined in the **Zohar**, where of it behoves not to speak in this account... And there they built Temples to the Lord of a splendour matched only by the ancient Temple of Solomon, and became proficient in strange tongues, of a beauty unparalleled by any other than the language of Hebrew itself. And some, alas, forgot the divinely ordained language of their origins among those alien melodies... Yet, in generation after generation, the lot of this people is Exile, and there came a day when the rulers of the golden land, as in Egypt of old, sought lambs to appease the wrath of the Almighty, and issued new decrees against the Jews, forcing them either outwardly to embrace the official faith and doctrines of that land, or to be expelled.*

~

*And thus, from the **Sepharad** itself, once more they set out on their wanderings, to the east and the north and the northeast, back along the shores of the Great Middle Sea, and deep into the dark heart of the continent of Europe, even as far as the Northern ocean, and beyond... And with them they took as a comfort and an inheritance the sweet and melodic language which their centuries of prosperity, peace and fortune in the **Sepharad** had engrafted so firmly upon their spirits, and its sap flowed through their very souls and ripened on their tongues in speech and in songs. And in their new exile, whether among adherents of Jesus or Mohammed, they became known to the world as the **Sephardim**, and the name of that language was Ladino..."*

**From Under Balkan Light (2008)**



## FRAGMENTO: SOBRE SEPHARAD

BY RICHARD BERENGARTEN

... E como fora predito por Abadías<sup>1</sup>, os xudeus que se exiliaron da Santa Cidade de Xerusalén atoparían refuxio no *Sepharad*... E aconteceu que na dourada península de Iberia, no afastado occidente do Gran Mar Medio, que máis tarde chegou a ser coñecida como España e Portugal, recibiron a súa debida e correspondente benvinda. E alí establecéronse e prosperaron durante centos de anos, vivindo en paz cos seus veciños e sendo excelentes non só en todas as ramas do saber, a erudición e a curación, senón tamén nas artes civís do consello, a negociación e a diplomacia, as metafísicas artes superiores das matemáticas, a astronomía e a música, e aquelas artes ocultas consagradas no *Zohar*<sup>2</sup>, do que non corresponde falar neste relato... E alí construíron templos ao Señor dun esplendor unicamente igualado polo antigo Templo de Salomón, e aprenderon a falar con fluidez idiomas estranxeiros, dunha beleza non igualada por ningún outro idioma á parte do hebreo. E algúns, ¡ai!, esqueceron o idioma das súas orixes concedido pola orde divina entre aquelas melodías estrañas...

~

Pero, xeración tras xeración, o conxunto desta xente está no exilio e chegou un día en que os gobernantes da terra dourada, coma en Exipto antano, buscaron anos para mitigar a ira do Todopoderoso, e emitiron novos decretos contra os xudeus, obrigándoo a abrazar en aparencia a fe oficial e as doutrinas da terra, ou a ser expulsados. // E así, dende o mesmo Sepharad, unha vez máis partiron na súa peregrinación, cara ao Leste e o Norte e o Nordeste, polas costas do Gran Mar Medio, e internáronse no escuro corazón do continente europeo, chegando ata o Mar do Norte e máis aló... E con eles levaron como consolo e como herdanza o doce e melódico idioma que nos seus anos de prosperidade, paz e fortuna no Sepharad lles enxertaran con tanta firmeza no seu espírito, e o seu zume fluía polas súas almas e maduraba nas súas linguas e idiomas e nos seus cánticos. E no seu novo exilio, xa fose entre seguidores de Xesús ou de Mahoma, foron coñecidos no mundo como os Sefardís, e o nome dese idioma era o Ladino... ?

### De Under Balkan Light (2008)

<sup>1</sup> **Abdías.** O nome Abdías derivase do hebreo Obhádhyah, que significa "servinte, servidor, ou adorador de Yahvé". Abdías vén sendo o cuarto profeta menor e a quen se lle adxudica o máis breve dos libros proféticos do Antigo Testamento. Idumeo, converso fielmente ó xudaísmo (conversión pola que lle deu Yahvé o don da clarividencia), profetizou o sometemento de Edom, a súa nación de orixe, por Israel. No seu libro menciónase por primeira vez Sepharad, («... e os cativos de Xerusalem que están en Sefarad» Abdías: 1-20) terra situada no extremo occidental do mundo coñecido (que en tempos de Abadías, e para un xudeu, era posiblemente unha rexión de Asia Menor coñecida como Sardes) e que a tradición xudía baixomedieval situou na Península Ibérica, particularmente no Al-Andalus ou zona arabizada da vella Hispania.

<sup>2</sup> **Zohar.** "Esplendor" en hebreo. Libro escrito por Mosé ben Sen Tob no século XIII, é un dos libros centrais do misticismo cabalístico.



## WINTER SOLSTICE

*It is the year's  
Sabbath. Rest,  
Take in quietness*

*From the dammed  
Valleys, walled  
Canyons, like a bare*

*Tree's taproots  
In darkness. Let  
It swell through you*

*As water gathered  
On underground granite  
Pools resources*

*To well upwards  
Its meniscus clawing  
Slowly at light.*

*Currents are rising  
Beneath earth. Drink  
Deep that good water.*

**From Book With No Back Cover (2003)**

## VOLTA

**... now that dusk falls...**

*King Sun, rosy cheeked, day's sovereign coin,  
you touch me and my skin becomes a cornea,  
my spine an optic nerve, and my body trembles  
half dazzled by the pool of gold you pour  
over this sea and city, and I'm blinded.  
Here once stood rows -and still I know they stand--  
of houses and streets, belonging to another city,  
not this one you have utterly transformed.*



## SOLSTICIO DE INVERNO

É o Sabbath  
Do ano. Descansa,  
Percibe a tranquilidade

Dos encorados  
Vales, verticais  
Cavorcos, como unha espida

Raíz arbórea  
Na escuridade. Deixa  
Que medre atravesándote

Como auga recollida  
No granito subterráneo  
Materiais dos lagos

Para brotar  
A súa lúa nova rabuñando  
De vagar cara á luz.

As correntes álzanse  
Baixo terra. Apura  
Ata o fondo esa auga saborosa.

**De *Book With No Back Cover* (2003)**

## VOLTA

*... agora que deita o solpor...*

Rei sol, fazulas de roibén, moeda do soberano día  
tócasme e a miña pel convértese en córnea  
o meu espiñazo en nervio óptico e o meu corpo treme  
case cegado polo crisol de ouro que deitas  
neste mar e nesta cidade e fascíname.  
Aquí erguéronse hai tempo –e aínda están—  
ringleiras de casas e rúas que pertencen a outra cidade  
non a esta que ti transformaches por completo.



*We walk along the waterfront. The night  
fishermen's boats are ready to set out,  
motors chugging, paraffin lamps in the bows,  
and the whole town's out for the promenade,  
lovers arm in arm, and young men swaggering,  
mothers and fathers, children eating ice-cream,  
old men watching from tables at pavement cafés,  
and the darkening hills move closer, like friendly animals.*

*Sweet evening skyglow, spread on hills and bay,  
your arm grazes mine now, as if by accident,  
like the touch of this young woman who walks beside me  
with heavy hips, small steps and swinging gait,  
jet hair swept back, delicate throat and shoulders  
deep summer bronzed, and her olive brown laughing.  
I drink you, shimmering light, like wine, like music,  
as her ancestors have drunk you thousands of years.*

*Porous city, her name is Eleftheria,  
and though your scars are grey flecks in her eyes,  
still, at this hour when light and light's inflections  
play subtly in her face as speech or song,  
hers is the ancient right to walk this quayside  
as instrument and guardian of your light  
collecting it in the wells of her deep pupils,  
and hers, the darling freedom, to tread you like a dancer.*

*Darling evening, light thousands of years old,  
clear throated singer, lovely as this woman,  
how can I not adore the grace you cast  
this city and its people in, a mould  
that sculptures all it touches, the whole world?  
I have become your slave, if not your citizen.  
And thirsting to drink you wholly, I would fill  
every pore with your radiance, her freedom.*

**From For the living (2008)**



Camiñamos pola beiramar. Os barcos  
dos pescadores da anoitecida alistados para saír.  
Motores ranqueando, lámpadas de parafina nas pontes  
e a cidade enteira sae ao paseo marítimo,  
os amantes do brazo e os mozos fachendosos,  
nais e pais, nenos comendo xeados,  
vellos mirando dende as terrazas dos cafés,  
e os outeiros escurecidos achéganse mansos como animais.

Doce resplandor á tardiña, sobre a badía e os outeiros  
o teu brazo tócame case sen querer  
como o roce desta moza que pasea á miña beira  
de grosas cadeiras, paso curto e porte compasado,  
cabelo cara atrás, delicado pescoco, bronceados  
ombreiros de verán e sorriso cor oliva.  
Bébote, luz escintilante, como o viño, como a música,  
como os seus devanceiros te beberon durante milenios.

Cidade de poroso nome, *Elephtería*<sup>3</sup>  
e aínda que as túas cicatrices son as meniñas agrisadas dos seus ollos  
aínda así, nesta hora en que a luz e as súas modulacións  
xogan sutís no seu rostro querendo ser canción ou palabra,  
a ela pertence o antigo dereito de transitar este peirao  
como instrumento e gardiá da túa luz  
recolléndoa no abismo das súas fondas pupilas  
e a ela corresponde a venerada liberdade de recorrerte coa súa danza.

Querida tarde, luz milenaria  
cantante de clara voz fermosa como esta muller,  
de que modo non adorar a bendición que proxectas  
nesta cidade e nas súas xentes, coma un molde  
que transforma en escultura todo canto abarca, o mundo enteiro?  
Convertinme no teu escravo, se é que non no teu cidadán.  
E devecendo por beberte enteira –podería encher  
cada poro co teu esplendor– coa súa liberdade.

**De For the living (2008)**

<sup>3</sup> *Elephtería*.- Palabra grega que significa "liberdade"; tamén é un dos nomes de muller máis estendidos en Grecia.



## ONLY THE COMMON MIRACLE

... between your face and your face...

*It isn't much to ask, only the common miracle, in the silent speech of lovers, the way I want to talk to you, and you to me, is only a small sight away from angelic voices pouring out of blue skies without a single cloud*

*when you turn round and wonder who spoke to you but nobody's there except on your left the same dusty track and the dry grass with the single fig tree in the field and beyond its stone walls the mountain, and on your right, the sea;*

*or when you stand astonished, in a street in some foreign city,, thinking you heard a friend greet you in your own language, someone very familiar once, you haven't seen for years with the same old voice, laughing, playful, perhaps even slightly ironic, and everything you had forgotten suddenly clears before you in the naked morning light, as the cloud rushes to your head and you forget your errand, the traffic stops, and the buildings start whirling about you;*

*or when, at passion's crest you open your eyes a moment to keep resurrection at bay and between the face of the person you love and the face of the person you love another face appears on the wave you've never seen before but always have known and will know and a gap opens for a voice, which isn't yours or mine, but we both hear quite clearly, and recognize, and understand, and adore, because you know as well as I do, my love, that it's your voice, not mine;*

*it's not much to ask, only the common miracle, but people like you and me have been travelling like this for years, along the same dirt track through the same city streets the same weary beds foreign in our country, no longer recognizing the speech of men or women we know, of our own flesh,*

*so how then can we be expected to converse with angels or even with old friends, long dead, let alone speak the language of love, let alone the language of love?*

**From For the living (2008)**

## IN MEMORY OF GEORGE SEFERIS (I)

Angelic and black, light...

Angelic and black, day...

*Black is the light behind the blaze of day,  
your summons comes, clear from the angel's throat.  
The sun's black horses call your heart away.*



## SÓ O MILAGRE COMÚN

*... entre a túa cara e a túa cara...*

Non é pedir moito, tan só o milagre común no calado dicir dos amantes, o xeito no que quero  
falarche  
e ti a min, só unha pequena ollada das anxélicas voces vertidas polos ceos azuis sen case  
unha nube

cando te volves e preguntas quen che falou se non hai ninguén alí  
agás o mesmo camiño cheo de po á túa esquerda e a herba seca e a solitaria figueira no campo  
e máis alá dos seus muros de pedra a montaña e, á túa dereita, o mar;

ou cando te detés perplexo nunha rúa dalgunha cidade estraña crendo ter oído a voz dun amigo  
que te saúda no teu idioma, alguén ben coñecido que non ves dende hai anos  
coa mesma voz de sempre, riseira, rebuldeira, se cadra algo irónica  
e todo o esquecido de súpeto aflora ante ti na luz espida da mañá, mentres anubra a túa cabeza  
e esqueces os teus compromisos, o tráfico esvaécese e os edificios comezan a dar voltas ao  
teu redor;

ou cando, no cumio da paixón, abres os ollos un intre para frear a resurrección  
e entre o rostro da persoa que amas e o rostro da persoa que amas  
outro rostro xorde na onda que nunca viras pero que coñeciches e coñecerás por sempre  
e ábrese un oco para unha voz que non é túa nin miña, pero que ambos escoitamos diáfana e  
recoñecemos,  
e comprendemos e adoramos, porque sabes tan ben coma min, meu amor, que é a túa voz e  
non a miña;

non é pedir moito, tan só o milagre común, pero a xente coma nós leva viaxando  
deste modo hai anos, polo mesmo camiño cheo de po, polas mesmas rúas da cidade, deitán-  
dose nos mesmos leitos fatigados  
estranxeiros na nosa propia terra, sen recoñecer a fala dos homes ou das mulleres que coñe-  
cemos, do noso propio sangue,  
daquela, como se pode agardar que conversemos cos anxos ou mesmo cos vellos amigos  
mortos hai tempo,  
e menos aínda que falemos o idioma do amor, menos aínda o idioma do amor?

**De *For the living* (2008)**

## EN MEMORIA DE GIORGIOS SEFERIS (I)

*Anxélica e negra, luz... / Anxélico e negro, día...*

Negra é a luz que segue ao resplandor do día,  
convócate o anxo coa súa nidia voz.  
Os negros cabalos do sol levan ao teu corazón.





*Though bright the stain of dawn upon the bay  
which in celestial ink its author wrote,  
black is the light behind the blaze of day.*

*Though morning's cloudy mares are dappled grey  
with rainbow mane and many coloured coat,  
the sun's dark horses call your heart away.*

*Their riders gallop by. Too swiftly they  
will trample down the shades noon kept afloat.  
Black is the light behind the blaze of day.*

*Night's chariot approaches. Don't delay.  
Haul evenings golden gate up. Cross the moat.  
The sun's dark horses call your heart away.*

*You scent that whinnying wind? The horses neigh.  
You see it now? You hear that perfect note?  
Black is the light behind the blaze of day.  
The sun's dark horses call your heart away.*

**From For the living (2008)**

## **THE BLUE BUTTERFLY**

*On my Jew's hand, born out of ghettos and shtetls  
raised from unmarked graves of my obliterated people  
in Germany, Latvia, Lithuania, Poland, Russia,*

*on my hand mothered by a refugee's daughter,  
first opened in blitzed London, grown big  
through post-war years safe in suburban England,*

*on my pink, educated, ironical left hand  
of a parvenu not quite British pseudo gentleman  
which first learned to scrawl its untutored messages*

*among Latin-reading rugby-playing militarists  
in an élite boarding school on Sussex's green downs  
and against the cloister walls of puritan Cambridge,*

*on my hand weakened by anomie, on my  
writing hand, now of a sudden willingly  
stretched before me in Serbian spring sunlight,*



Aínda que escintile a mancha do amencer sobre a badía  
que en tinta celestial trazou o seu autor.  
Negra é a luz que segue ao resplandor do día.

Aínda que sexan tordas as nevoentas eguas da mañá  
coas crinas do arco da vella e abrigo de moitas cores,  
Os negros cabalos do sol levan ao teu corazón.

Os xinetes pasan ao galope e demasiado lixeiros  
esmagarán as sombras que o mediodía rescatou.  
Negra é a luz que segue ao resplandor do día.

Achégase a carruaxe da noite. Non te demores.  
Ergue o portón dourado do crepúsculo. Cruza o foxo.  
Os negros cabalos do sol levan ao teu corazón.

Non intúes os lenes xemidos do vento? Rinchan os cabalos.  
Decátaste agora? Escoitas a nota perfecta?  
Negra é a luz que segue ao resplandor do día.  
Os negros cabalos do sol levan ao teu corazón.

**De *For the living* (2008)**

## A BOLBORETA AZUL

Na miña hebraica man, nada fóra dos guetos e das aldeas<sup>4</sup>  
agromada das sepulturas sen nome da miña esquecida xente  
en Alemaña, Letonia, Lituania, Polonia, Rusia

na miña man aloumiñada pola filla dun refuxiado  
aberta por primeira vez no Londres dos bombardeos, que medrou  
a salvo nos suburbios ingleses durante a posguerra

na miña rosada, instruída, irónica man esquerda  
de falso cabaleiro intruso non de todo inglés  
que aprendeu a esborranchar estas mensaxes sen mestre

entre militaristas que lían latín e xogaban ao rugby  
nun exclusivo internado dos verdes Downs de Sussex  
e contra os muros claustrais do puritano Cambridge

na miña man debilitada pola anomia, na miña  
man escritora, de súpeto agora  
estirada ante min baixo o sol primaveral de Serbia

<sup>4</sup> **Shtetls**. - Diminutivo yiddish de *shtot* (cidade). Esencialmente tratábase de pequenas comunidades hebreas, na maioría dos casos moi pobres, que se estenderon pola denominada "Zona de Residencia", área situada na fronteira occidental do Imperio Ruso (as actuais Polonia, Bielorrusia, Ucraína, Moldavia, Lituania e algunhas zonas do occidente de Rusia), creada por Catarina a Grande no 1791 para apartar a poboación xudía. A finais do século XVIII a "Zona de Residencia" chegou a ter a concentración de poboación xudía máis alta do mundo, estimada en 5 millóns de persoas. Os *Shtetls* rexíanse segundo a interpretación hasídica da Torá.



*on my unique living hand, trembling and troubled  
by this May visitation, like a virginal  
leaf new sprung on the oldest oak in Europe,*

*on my proud firm hand, miraculously blessed  
by the two thousand eight hundred martyred  
men, women and children fallen at Kragujevac,*

a blue butterfly simply fell out of the sky  
and settled on the forefinger  
of my international bloody human hand.

**From *The blue butterfly* (2006)**

## STAGNATION

*Skies slept, or looked  
The other way.  
Exonerate nobody.*

*The eye of  
Heaven detached.  
Justice cataracted.*

*On earth, men  
Slaughtered, fell  
And rotted*

*And the dead  
And living dead  
Sank deeper in decay.*

*Darkness flowered  
In cruelty. Gracelessness  
Numbed hope.*

*Heaven there, world  
Here, and their only  
Meeting place, death.*

**From *The Blue Butterfly* (2006)**



na miña única man viva, tremente e adoecida  
por esta aparición de maio, coma unha virxinal  
folia acabada de agromar no vello carballo de Europa

na miña firme e orgullosa man, milagrosamente bendita  
polos dous mil oitocentos martirizados  
homes, mulleres e nenos caídos en Kragujevac<sup>5</sup>

unha simple bolboreta azul que descendeu do ceo  
e pousou no dedo índice  
da miña man internacional, sanguenta e humana.

**De *The Blue Butterfly* (2006)**

## ESTANCAMENTO

Ceos durmidos ou mirando  
Cara a outra parte.  
Exonerar a ninguén.

O ollo do  
Edén distante.  
A Xustiza cataratada.

Na terra, homes  
Degolados, caídos  
E putrefactos.

E os mortos  
E os mortos viventes  
Afundíanse máis na podremia.

Escuridade florecida  
Na crueldade. Desgraciada  
Esperanza entalada

Ceo alí, terra  
Aquí e a morte:  
O seu único punto de encontro.

**De *The Blue Butterfly* (2006)**

---

<sup>5</sup> **Kragujevac.**- Cidade serbia na que o martes 21 de outubro de 1941 o exército alemán executou varios milleiros de civís de entre 15 e 65 anos como represalia polas accións dos partisanos. Hitler deu a orde de asasinar a 100 serbios e xudeus por cada soldado alemán morto, e a 50 por cada ferido. Boa parte do libro *The Blue Butterfly*, está inspirado nesta matanza.



## **WHEN NIGHT COVERED EUROPE**

### **Second Song of the Dead**

*You who pass this way  
in European day  
know who walked among  
these hills and valleys  
a man and a boy  
with nothing to say  
but half-remembered poems  
carrying a machine gun  
when night covered Europe*

*In a mountain village  
a woman gave them porridge  
and space by her fire  
cornmeal and milk  
crumbs rich as knowledge  
kindness to mend courage  
of a man and a boy  
carrying a machine gun  
when night covered Europe*

*From a hovel hidden  
among rocks and boulders  
a girl with smouldering eyes  
ran after, calling  
take me with you, soldiers  
I can man a machine gun  
I have two dead brothers  
Now I have three others  
when night covered Europe*

*Sleepless in bombed barns  
they starved in the gloaming  
but kicked over their embers  
and left with no traces  
to clamber higher spaces  
where no armies trundle  
and no dead comrades' faces  
moan through broken dreaming  
when night covered Europe.*

**From *The Blue Butterfly* (2006)**



## CANDO A NOITE CUBRIU EUROPA

*Segunda Canción da Morte*

Vós que pasades por aquí  
no día de Europa  
sabede quen deambulou entre  
estes vales e outeiros  
un home e un neno  
con nada que dicir  
excepto poemas medio esquecidos  
cargando unha metralladora  
*cando a noite cubriu Europa*

Nun pobo da montaña  
unha muller deulles papas de avea  
e un oco no seu lume  
un pouco de fariña milla e leite  
frangullas moi feitas como a sabedoría  
e bondade para amañar a coraxe  
dun home e un neno  
cargando unha metralladora  
*cando a noite cubriu Europa*

Dunha choupana agochada  
entre rochas e penedos  
unha rapaza de ollos acesos  
perseguiunos dicindo  
levádeme con vós, soldados,  
podo manexar unha metralladora  
teño mortos dous irmáns.  
Agora tres máis teño  
*cando a noite cubriu Europa*

Insomnes nos celeiros bombardeados  
estaban famentos ao anoitecer  
pero só esmagaron as brasas  
e abandonaron o lugar sen deixar rastro  
para subir aínda máis arriba na montaña  
onde ningún blindado pode rodar  
e os rostros dos camaradas vivos  
non se laian polo soñar crebado  
*cando a noite cubriu Europa*

**De *The Blue Butterfly* (2006)**



## **I DREAMED**

From a note by Ivo Andrić

*I dreamed I slept, and in that sleep I dreamed,  
and from that double dream interior woke  
and walked in a closed courtyard. Someone spoke  
behind me, and I turned. A dark girl beamed  
brown eyes at me. I gazed. 'Just as you seemed  
in dream to dream, so by the double stroke  
of waking into waking, from this yoke  
you've shouldered, may you be redeemed.'*

*So when I enter my last mortal sleep,  
after all dreams have gone, and I am dead,  
will then I wake and, doubly waking, keep  
some mirror of that garden in my head  
and, back inside it, rising from the deep  
distress of death, sleepwalk, or wake instead?*

**From *Under Balkan Light* (2008)**

## **OUTSIDE THE CAFÉ UNDERNEATH THE PLANE TREE**

*Outside the café underneath the plane tree  
the old sailors play backgammon.  
Little they know or care about pasts or futures  
who once chugged out past overhanging islands  
and caught shoalfuls of fish in their long nets.*

*Islands reached stony fingers out to grab them.  
Hidden rocks and reefs sharpened their nails.  
Waves grew claws to slash at them and snatch them.  
Darkness itself unleashed invisible talons  
and now they sit outside the café like ordinary men.*

**From *Holding the sea: Manual, the third* 20 (2008)**



## SOÑEI

*A partir dunha nota de Ivo Andrić*<sup>6</sup>

Soñei que durmía e nese durmir soñei,  
e espertei dese dobre e íntimo soño  
e penetrei nun patio pechado. Ás miñas costas  
alguén falou e vireime. Unha moza morena escintilou  
os seus ollos castaños. Fiteina. "Igal que parecez  
soñar no soño, así polo dobre golpe  
do espertar no espertar, deste xugo  
que nos teus ombreiros cargaches, haste redimir."

Así que ao entrar no meu derradeiro humano durmir,  
logo de morrer e de que todos os soños marcharan,  
espertarei e, dobremente espertando, gardarei  
na miña memoria algún reflexo dese xardín  
e, de regreso nel, abrollando da fonda  
angustia da morte, serei un somnámbulo ou se cadra acordarei?

**De *Under Balkan Light* (2008)**

## Á ENTRADA DO CAFÉ, BAIXO O PLÁTANO

Fóra do café, baixo o plátano  
os vellos mariñeiros xogan ao backgammon.  
Pouco saben, nin queren saber, de pasados e futuros  
os que unha vez rodearon as altas illas ranqueando os seus barcos  
e coas longas redes atraparon cardumes enteiros.

As illas estenderon pétreos dedos para prendelos.  
Ocultas rochas e arrecifes afiaron os seus gumes.  
Medraron as gadoupas acoiteladas das ondas para arrebatelos.  
A mesma escuridade encirroulles aceiradas e invisibles poutas  
e agora están aí, homes correntes, ás portas do café sentados.

**De *Holding the sea: Manual, the third* 20 (2008)**

<sup>6</sup> **Ivo Andrić** (1892-1975). Escritor iugoslavo nado en Bosnia. Obtivo o Premio Nobel de literatura en 1961. Parte fundamental da súa obra, escrita toda ela en serbo-croata, céntrase nas experiencias vitais, xentes e historia de Bosnia. Entre as súas obras fundamentais destaca a novela *Unha ponte sobre o Drina* (1945) e *Ex-ponto*, prosa poética publicada en 1919.





## **AND MY GUIDE TOOK ME**

*And my guide took me by the hand and led me  
into a darkness that was not a darkness and  
into a silence that was not a silence and stopped  
and said in a voice as quiet as running water  
You have come from a country in which poetry*

*is so trammelled up with elegant stupidity  
that only opacity is praised and prized  
but if you will listen and open up your hands  
I shall teach you a poetry transparent and pure  
as the wind and as impossible to pin down as light.*

**From *Holding the Darkness Manual*, the second 20 (2007)**

## **THE AFTERNOON WAS HANGING FROM A THREAD**

*The afternoon was hanging on a thread  
of silvered light and everything was perfect  
at and inside that moment in an intense  
brilliance. She took the key out of her bag  
and opened her own door and went inside*

*and walked through her own house opening blinds  
to let the curious light permeate in  
and threw open windows and the French windows  
onto the garden where still the afternoon  
hung on its silvered thread as she went out and through.*

**From *Manual*, the fourth 20 (2009)**



## E O MEU GUÍA LEVOUME

E o meu guía levoume da man  
cara a unha escuridade que non era escuridade  
e cara a un silencio que non era silencio e detívose  
e falou cunha voz queda coma a auga que flúe  
Viñeches dun país no que a poesía

tan ensarillada está na elegante estupidez  
que só a opacidade é premiada e enaltecida  
pero se queres escoitar e abrir as túas mans  
ensinareiche unha poesía tan pura e transparente  
coma o vento e tan imposible de definir como a luz.

**De *Holding the Darkness Manual, the second 20* (2007)**

## A TARDE COLGABA DUN FÍO

A tarde colgaba dun fío  
de prateada luz e todo era perfecto  
en e dentro daquel intre de intensa  
claridade. Sacou a chave do seu bolso,  
abriu a porta e desapareceu tras ela

e percorreu a súa casa erguendo as persianas  
para que a luz inquisitiva a embebera  
e abriu as fiestras e as portas cristaleiras  
que daban ao xardín onde a tarde, cando ela  
o cruzou, aínda pendía da súa febra prateada.

**De *Manual, the fourth 20* (2009)**



## NOTICIA DOS AUTORES

**Loreto Riveiro A.** (Caracas, 1971).

Na súa traxectoria profesional ten desempeñado labores de docente, tradutora e intérprete nas linguas inglés-castelán-galego. En



colaboración con F.R. Lavandeira publica o artigo *The Chair in which Antique Women Gave Birth*. Catro Voces na Poesía Nor-

teamericana Actual (*Anuario Barbantia* n° 4, 2008), primeira tradución ao galego de poemas de Wanda Phipps, Terry Carrión, Denise Duhamell e Beth Ann Fennel. Participou no IX Seminario Internacional de Tradución (Auliga-UNED), presentando un relatorio sobre aspectos prácticos da tradución de poesía, centrado nunha selección de poemas de Richard Berengarten. Na súa actividade profesional leva a cabo traducións de textos de diversa índole -dende artigos ata textos técnicos, pasando por páxinas web-. Na actualidade, ademais de subtítulos para distintas producións audiovisuais, atópase preparando, xunto con F.R. Lavandeira, unha antoloxía bilingüe do poeta Richard Berengarten.

**F. R. Lavandeira** (Taragoña-Rianxo

1966). Como poeta ten publicado *Mar que evita o meu regreso* (2000), o opúsculo *Tempo é de que saiban* (2006), *Poemas* (2007, edición trilingüe produto dunha estancia académica invitado polo Departamento de Linguas Modernas da DePaul University, Chicago, Illinois) e participou



nos libros colectivos *Voces na materia* (2006.), 37 poemas por man propia (2006), *Poetas con Rosalía IV* (2009) e *En defensa do Poleiro*. A

voz dos escritores galegos en *Celanova* (2010). Como narrador ten publicado nos libros colectivos *Voces na Guerra* (2006) e *A cor dos sonhos* (2007), entre outros. No ámbito da tradución encargouse da versión en galego da banda deseñada *Trasmallo: o tesouro de Carraxe Sieiro* (2005) e, en colaboración con Loreto Riveiro, da tradución ao galego dalgunhas poetas norteamericanas actuais. Ten colaborado coas revistas *Leña Verde*, *Interea Visual*, *63 Channels*, *Bigbridge* e *International Literary Quarterly*, así como co periódico *La Voz de Galicia*. É membro da Fundación Castelao e da Asociación Cultural Barbantia. Así mesmo, é colaborador do *Seminario Internacional de Traducción y Poética* (Auliga-UNED), no que ten participado con diversos recitais. Na actualidade atópase preparando, con Loreto Riveiro, unha antoloxía bilingüe do poeta Richard Berengarten.

*Unha tirada de dados xamais abolirá o azar*

*Stéphane Mallarmé*

*Tradución: Eme Cartea*





## LIMIAR

### ARREDOR DE STÉPHANE MALLARMÉ

Román Arén

Cando aparece, en maio de 1897, na revista *Cosmopolis* de París ***Un coup de dés jamais n'abolira le hasard***, de Stéphane Mallarmé, o destino da poesía occidental estaba a sufrir un xiro copernicano, unha revolución brutal que poucos puideron entender, agás a lúcida mente de Paul Valéry, o primeiro coñecedor do texto, e que non poucos rexeitarían. Unha revolución que ía máis alá do Simbolismo, a escola da que era líder Mallarmé, o que



Retrato de Stéphane Mallarmé. Por Édouard Manet (1876)

se faría aínda máis evidente coa edición definitiva en 1914 do poema<sup>1</sup>, coa revolución tipográfica que supuxo, que era algo máis que tipografía, mesmo algo máis que unha sinxela loita entre o branco dos silencios e o negro das letras. Era un camiño novo, da suxestión simbolista á plasmación do Absoluto, ou, polo menos, ao intento de logralo. Un camiño novo, radical, quizais cara á Nada, un vieiro que xa non permitía ir máis lonxe. Un carreiro que fará berrar a críticos, aínda nos nosos días, afirmacións coma as de Faguet, lectura para os que len para non entender, ou as de Mauriac cando afirma que no templo da poesía Mallarmé mandou escribir: prohibida a entrada. Furado negro da poesía, que para uns como Clouard é a ruína dun edificio abandonado antes de rematar os alicerces, que só interesa polo enigma mesmo, pero poema que críticos como Valverde consideran como os buratos negros da física cuántica: neles a materia é tan densa que impide que fuxa deles ningunha luz, nin producida nin reflectida. Un proceso que leva á Nada e á impotencia, e que ten un tema único: a Beleza Absoluta, a Obra Total, aínda que esta sexa máis un desexo ca unha realidade, porque é imposible, e o poema é só un intento, un intento autónomo, un artefacto de palabras que suprime a referencia, a realidade. Pura sinestesia máis que metáfora. Disolución do real e disolución do poeta de dar *“un senso máis puro ás palabras da tribo”*, aínda que ao comezo, na cita, Mallarmé escribira *“trop pur”*, (*“demasiado puro”*). O poema xa como imposibilidade de escribir, de ir máis alá. Por iso, e malia o forte influxo en Valéry, en Claudel, en Gide, Mallarmé non ten discípulos en sentido estrito, esgótase en si mesmo. Ten razón Luis Antonio de Villena<sup>2</sup> cando escribe que o autor afirmaba que *“a destrución foi a miña Beatriz”*: Mallarmé *“está comprometido coa destrución crítica da poesía mesma”*, é el o principio e o final dunha poética, un poeta para poetas, pero un

<sup>1</sup> París, Éditions de la Nouvelle Revue Française, 1914.

<sup>2</sup> *Poesía simbolista francesa. Antología*, Madrid, Gredos, 2005.



poeta que quere “*tourner l'épaule à la vie*”. Poesía na busca, na procura obsesiva de si mesma.

Pero se a edición definitiva do poema é de 1914, a súa xénese é máis antiga, pois a súa semente está xa en *Igitur*, redactado entre 1867 e 1870, e que constaba de catro partes; a terceira era “*A tirada de dados*”. A absoluta toma de conciencia que o Espírito fai de si mesmo, eliminando o azar, o continxente, pero sen chegar a subsistir como Absoluto, nunha dialéctica idealista que parte de Hegel, na que Schopenhauer está tamén presente no concepto da música, o poema, como vontade e que busca a *Grande*

*Obra*, a síntese total, cunha música que pasará do ritmo simbolista do Mallarmé anterior, a estrutura musical profunda, unha síntese que tamén tentou Wagner, como xa sinalou entre nós, con grande intuición, Risco. Pero o poema non logra subsistir como Absoluto e esta dialéctica idealista e hegeliana leva á Nada, á tumba; con todo, o poeta tira os dados, á busca do absoluto: pero todo pensamento é azaroso.

Borrador dunha  
páxina de *Unha*  
*tirada de dados*



Se o Mallarmé simbolista cre que aprehender a realidade obxectiva é imposible, e que o símbolo do poema é a mellor ferramenta para que o universo sensible dos sentidos, imaxe imperfecta do suprasensible, dá un paso máis para facer da Poesía un puro acto de Pensamento e Linguaxe. As palabras por si mesmas, non polo que representan. O visual, o negro e o branco, a estrutura musical profunda máis alá da rima e do ritmo. Xa Camille Mauclair<sup>3</sup>, o crítico simbolista, se deu conta de que en Mallarmé os únicos seres reais e virtuais eran as Ideas Puras. Da evocación, do ritmo musical, á destrución total do continxente. René Ghil con total acerto sinala o papel central da música en Mallarmé, que primeiro é imaxe de instrumentación verbal para logo pasar, no derradeiro Mallarmé, a síntese estrutural.

Paul Valéry, amigo e seguidor de Mallarmé, coa súa característica lucidez intelectual, sinalará que no poema o espazo fala, pensa, cre no tempo. A dúbida faise visible, o poema son tamén os silencios, e Mallarmé chega a un punto de “*inefable ruptura*”, onde o baleiro coexiste coa palabra”: é a creación da linguaxe mesma. A poesía como poética, como instrumento espiritual, pero non transcendente, a páxina como unidade visual, un novo modo de concepción.


Cambia, pois, este poema, o futuro da poesía moderna, que comeza en Baudelaire, segue en Verlaine e chega aquí ao experimento radical, no que o poema é un lugar, un espazo onde as palabras se liberan do real. É o uso poético da linguaxe, a linguaxe xa non é mime. Non se amosa o real, anúlase o mundo. A poesía como relixión, relixión

<sup>3</sup> *L'art en Silence*, Paris, 1901. É importante tamén o seu volume *Mallarmé chez lui*, Paris, Grasset, 1935.



do Universo sen Deus. Os intentos de Gardner Davies<sup>4</sup>, de Michel Murat, de Albert Thibaudet<sup>5</sup> ou Rosemary Lloyd<sup>6</sup>, de Guy Delfel<sup>7</sup> ou Jean-Paul Sartre<sup>8</sup> poderán axudar a ser comprensivos co poema, pero polas súas propias características nunca o farán claro, sinxelo, transparente. O enigma é a substancia mesma do texto.

**Quen era Mallarmé?** Stéphane (en realidade Étienne) Mallarmé nacera en París en 1842 e falecerá en Valvins en 1898. Comezou como parnasiano, para ser logo o intelectual fundamental do Simbolismo, papel que exerceu non só como teórico, senón tamén de palabra nos seus famosos “*martes*”, as reunións que se celebraban ese día no seu piso da rúa Roma, ao que acudiron Valéry, Maclair, Redon, Debussy, Gide, Claudel, Pierre Louÿs, Verlaine, Mendès, Huysmans, Dujardin, Pierre Renoir, Whistler, Gauguin, todo o París que “contaba” nas artes entre 1874 e a súa morte. Tivera mesmo Mallarmé unha prehistoria como *félibre* provenzal e seguidor de Mistral, o mesmo que Charles Maurras, que o admiraba, o notable escritor e líder da extrema dereita francesa.



Sinatura de  
Stéphane  
Mallarmé

Profesor de inglés, rematou a súa carreira docente no prestixioso Liceo Condorcet, e foi tradutor de Poe e outros autores anglosaxóns, redactor en 1875 da revista *La Dernière Mode*. A súa obra poética apareceu dende 1866, cun fito como *L'Après-midi d'un faune* (1876), as *Poésies Complètes* de 1888, que volverán editarse en Bruxelas en 1899, ademais de varios volumes de prosa e misceláneas como *Vers et prose* (1893), *Divagations* (1897), sen esquecer algún estudo como o dedicado a Villiers de l'Isle-Adam en 1890.

Herdeiro de Baudelaire, abalando entre o Parnaso e o Simbolismo, rematará por ser o poeta cerebral que busca o Absoluto, a esencia, a grande obra en *Unha tirada de dados xamais abolirá o azar* (1897, 1914). De Baudelaire tomará o intento de destruír os moldes retóricos tradicionais para ir á pureza das palabras, pasando pola suxestión simbolista.

**Foi moi lido Mallarmé en Galicia?** Non dispoñemos dun repertorio da prensa do século XIX nin de estudos de literatura comparada no noso país, agás para os casos de Goethe, Schiller, Rilke e pouco máis. Aínda así temos constancia de presenza importantes de Mallarmé en significados intelectuais galegos. A maioría da elite cultural galega coñecería a Mallarmé directamente en francés, a lingua da alta cultura ata o

<sup>4</sup> *Vers une explication rationnelle du “Coup de dés”*, Paris, 1953.

<sup>5</sup> *La Poésie de Stéphane Mallarmé*, Paris, Gallimard, 1930.

<sup>6</sup> *Mallarmé: the Poet and his circle*, Ithaca, Cornell University Press, 1999.

<sup>7</sup> *L'Esthétique de Stéphane Mallarmé*, Paris, Flammarion, 1951.

<sup>8</sup> *Introducción a Poésies de Mallarmé*, Paris, Gallimard, 1966.





século XX, ou a través de escolmas como a *Antologie des poètes français contemporains. Le Parnasse et les écoles postérieures au Parnasse (1866-1914)*, editada en varios tomos en París entre 1909 e 1920. Sabemos que Otero Pedrayo posuía na súa biblioteca un exemplar de *Vers et prose* de Mallarmé, editado por Perrin en 1922. Na Biblioteca de Penzol consérvase un exemplar das prosas do poeta francés en tradución castelá de 1942<sup>9</sup>.

É moi posible tamén que os autores galegos lesen as antoloxías de poesía francesa traducida ao castelán, entre as que as máis coñecidas eran a de 1913 de Enrique Díez-Canedo e Fernando Fortún *La poesía francesa moderna*<sup>10</sup>, editada por Renacimiento en Madrid, con traducións de poemas e prosas de Mallarmé a cargo de Eduardo Marquina, Guillermo Valencia, Enrique Díez-Canedo e Gregorio Martínez Sierra; a outra antoloxía famosa na época apareceu en Valencia en 1919, *Las cien mejores poesías líricas de la lengua francesa*<sup>11</sup>, da man de Fernando Maristany, que traduce “As ventás” de Mallarmé.

Canto ás traducións de Mallarmé ao galego, a primeira que citaremos é o poema “*Renouveau*”, que José Landeira Irago verte como “*Renovazón*”, publicado no xornal *La Noche* o 17 de agosto de 1946<sup>12</sup>:

*Rexeitou con tristura a doente primaveira  
no lúcido inverno, estazón do sereo arte,  
e no meu ser a quen a sangue triste mole,  
cal un longo boceixo estrícase a impodencia.*

*Mornos baixo o meu cráneo sinto albeiros crepúsculos  
que unha preta ferraxe cingue como unha campá,  
i-en vaguexante e triste despois d'un soño belo  
ando pol-a campía onde a inmensa séiva s'arreguiza.*

*Despois caio estanguido por arbóreos perfumes,  
cavando cōo meu rostro unha foca no chan  
mordo a terra qencida onde medran as lilas*

*i-aspero ansí, abisado, que ruba o meu fastío  
- Embargante, o azul rí encol da sebe,  
e despertos, no sol, arrechouchan paxaros en fror.*

<sup>9</sup> *Las prosas de Stéphane Mallarmé*, Barcelona, Aymá, 1942. Tradución de Agustín Esclasans.

<sup>10</sup> Hai reedición: Gijón, Libros del Pexe, 1994.

<sup>11</sup> Hai reedición: Valencia, Maxtor, 2010.

<sup>12</sup> Pode lerse no volume *Plumas e letras en La Noche (1946-1949)*, Santiago, Xunta, 1996. Neste volume está tamén o artigo de Castroviejo.



En 1949 aparece na editorial Alborada de Bos Aires o volume *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, da man de Plácido Castro, Luís Tobío e Florencio Delgado Gurriarán, un fito na historia da tradución en galego e no intento de normalización da cultura galega que o exilio quere salvar malia os atrancos do franquismo. Delgado Gurriarán traduce “*Brise marine*” de Mallarmé co título “*Vento mareiro*”, que reproduzo pola reedición de 2005, retocada pola editorial Galaxia<sup>13</sup>:

*A carne é triste, ¡pobre! Xa lin os libros todos.  
¡Fuxir!, ¡fuxir moi lonxe! Cal paxariño tolo  
De voar ante nebras, do ceo espuma branca  
Xa nin os xardíns doutroa os meus ollos engadan.  
Meu corazón latexa de mares arelante.  
¡Nada determe pode!: nin a lene claridade  
Que alumea o papel aínda virxe de escrito:  
Nin a moza naiçiña que dá leite ao seu neno.  
¡Levarei, cal navío que as augas arrandean,  
Miña áncora en procura dunha exótica terra!  
¡Aínda que por feras esperanzas magoado  
Teño fe no supremo adeus dos brancos panos!  
Cecais a arboradura, chamando á tempestade,  
Ao meu pobre navío o faga naufragare,  
E ficarei perdido, do mar apouvigado...  
¡Mais ti, meu corazón, oes do mar o canto!*

Sabemos tamén que Cunqueiro se propoñía publicar poemas de Mallarmé no número dous de *Frol de Diversos*, pero non chegou a saír do prelo<sup>14</sup>.

Se as traducións son poucas, tampouco abundan as reflexións sobre a obra de Mallarmé. Pioneira é a nota “*Stéfano Mallarmé*” aparecida en *La Centuria* en 1917<sup>15</sup>, sen sinatura, pero con moita probabilidade de Risco, na sección “*Letras Contemporáneas*”. Volverá sobre o poeta francés en 1943 no artigo “*Las prosas de Mallarmé*”<sup>16</sup>. Con grande intuición sinalará a súa busca da arte como gran arte, como síntese, coas raiceiras na pretensión da arte total que xa tivera Wagner: “*La estética de Mallarmé es en el fondo la estética wagneriana*”.

No arquivo manuelantoniano que, despois de 54 anos en poder de García-Sabell, e hoxe propiedade da Fundación Barrié, acaba de ver a luz, coñecemos que o noso gran

<sup>13</sup> Vigo, Galaxia, 2005, cunha nota de Carlos Lema.

<sup>14</sup> Luís Alonso Girgado, introdución á reedición de *Galiza, Papel de Color e Frol de Diversos*, Santiago, Xunta, 1999.

<sup>15</sup> N° 3, (1917), páxs. 2-5.

<sup>16</sup> *La Región*, Ourense, 25-02-1943, pág. 3.



poeta rianxeiro, Manuel Antonio, realizou numerosas traducións de poesía e prosa de poetas en lingua francesa e inglesa, como Arthur Rimbaud, Guillaume Apollinaire, Tristan Tzara, Paul Éluard, Lebesque, Philéas, Soupault, Philippe, Edgar Allan Poe, entre moitos outros. E tamén traduce o ensaio de crítica literaria escrito por Henri Rambaud, “Poétique de Mallarmé”, que fora publicado no nº 158 de *La Nouvelle Revue Française* (1909-1943), número dedicado a homenaxear a figura de Stéphane Mallarmé. Mentres esperamos a publicación de todo este material “secuestrado” ata o de agora, a súa mención xa é para nosoutros un feito feliz, que nos achega as ideas do gran poeta francés a terras barbancesas.

Así mesmo, Otero Pedrayo fará referencias a Mallarmé en 1934, no artigo “Occitania y Atlántida: Motivos”, aparecido na revista *Nós*<sup>17</sup>. Mallarmé é hermético para o oursán, dono dunha metódica heroica, que “conqueriu o latexar do símbolo cruel e fermoso”.

O xornal *La Noche* publicará un par de artigos sobre Mallarmé na década dos corenta: “Glosario de Mallarmé”, de Couceiro Freijomil, en 1946<sup>18</sup>, e “De nuevo Mallarmé”, de José M<sup>a</sup> Castroviejo, en 1947<sup>19</sup>. Castroviejo asegura que foi, como Boileau, un lexislador dunha nova arte, converténdose nun gran artífice da frase, para captar o fuxidío, con “suprema elegancia”, e con igual preocupación polo método e pola exposición. Todo o valor sobre a palabra, buscando só o esencial. Gaba “A sexta dun fauno” e “Herodías”, sinalando o influxo de Baudelaire e Poe, para chegar á “matemática do verbo”. Importancia da forma, da páxina, que o converten nun “gigante de la iniciativa poética para el siglo XX, uno de los faros que alumbran nuestros caminos”. Outro membro da Xeración de 1936, Francisco Fernández del Riego, fará unha síntese do labor do poeta no artigo “Mallarmé, jefe intelectual del Simbolismo”<sup>20</sup>. Xenaro García Suárez acercase a Mallarmé a través de Heisenberg, Gödel e Mandelbrot, e a vaguesa Sonsoles Hernández Barbosa estudará a poesía de Mallarmé e a súa relación con Odilon Redon e Claude Debussy en *Un martes en casa de Mallarmé* (2010)<sup>21</sup>, unha boa síntese para entender a relación da poética do francés en relación coa música e coa pintura.

Dende hoxe imos contar cun dos poemas fundamentais que abriron a modernidade, grazas ao bo facer de Manuel Cartea, quen, cun bo coñecemento quer da lingua de partida quer da lingua de chegada, pon hoxe a Mallarmé outra vez entre nós, converténdoo xa de alleo en propio. É unha boa noticia para a cultura galega que así corrixe unha eiva de máis de cen anos.

17 *Nós*, nº 128-129 (1934). Para Risco e Otero en relación á cultura galega empreguei a obra de N. Dulin-Bondue: *El granito y las luces*, Vigo, Xerais, 1987.

18 *La Noche*, 17-08-1946.

19 *La Noche*, 05-04-1947.

20 *La Voz de Galicia*, Culturas 178, 16-09-2006, pág. 11.

21 Madrid, Universidad Complutense, 2010.



## OBSERVATION RELATIVE AU POÈME

### *Un Coup de Dés jamais n'abolira le Hasard*

par

STÉPHANE MALLARMÉ

J'AIMERAIS qu'on ne lût pas cette Note ou que parcourue, même on l'oublîât ; elle apprend, au Lecteur habile, peu de chose situé outre sa pénétration : mais, peut troubler l'ingénu devant appliquer un regard aux premiers mots du Poème pour que de suivants, disposés comme ils sont, l'amènent aux derniers, le tout sans nouveauté qu'un espacement de la lecture. Les "blancs," en effet, assument l'importance, frappent d'abord ; la versification en exigea, comme silence alentour, ordinairement, au point qu'un morceau, lyrique ou de peu de pieds, occupe, au milieu, le tiers environ du feuillet : je ne transgresse cette mesure, seulement la disperse. Le papier intervient chaque fois qu'une image, d'elle-même, cesse ou rentre, acceptant la succession d'autres et, comme il ne s'agit pas, ainsi que toujours, de traits sonores réguliers ou vers — plutôt, de subdivisions prismatiques de l'Idée, l'instant de paraître et que dure leur concours, dans quelque mise en scène spirituelle exacte, c'est à des places variables, près ou loin du fil conducteur latent, en raison de la vraisemblance, que s'impose le texte. L'avantage, si j'ai droit à le dire, littéraire, de cette distance copiée qui mentalement sépare des groupes de mots ou les mots entre eux, semble d'accélérer tantôt et de ralentir le mouvement, le scandant, l'intimant même selon une vision simultanée de la Page : celle-ci prise pour unité comme l'est autrepars le Vers ou ligne parfaite. La fiction affleura et se dissipera, vite, d'après la mobilité de l'écrit, autour des arrêts fragmentaires d'une phrase capitale dès le titre introduite et continuée. Tout se passe, par raccourci, en hypothèse ; on évite le récit. Ajouter que de cet emploi à nu de la pensée avec retraits, prolongements, fuites, ou son dessin même, résulte, pour qui veut lire à haute voix, une partition. La différence des caractères d'imprimerie entre le motif prépondérant, un secondaire et d'adjacents, dicte son importance à l'émission orale et la portée, moyenne, en haut, en bas de page, notera que monte ou descend l'intonation. Seules certaines directions très hardies, des empiètements, etc., formant le contre-point de cette prosodie, demeurent dans une œuvre, qui manque de précédents, à l'état élémentaire : non que j'estime l'opportunité d'essais timides ; mais il ne m'appartient pas, hormis une pagination spéciale ou de volume à moi, dans un Périodique, même valeureux, gracieux et invitant qu'il se montre aux belles libertés, d'agir par trop contrairement à l'usage. J'aurai, toutefois, indiqué du Poème ci-joint, mieux que l'esquisse, un "état" qui ne rompt pas de tous points avec la tradition ; poussé sa présentation en maint sens aussi avant qu'elle n'offusque personne : suffisamment, pour ouvrir des yeux. Aujourd'hui ou sans présumer de l'avenir qui sortira d'ici, rien ou presque un art, reconnaissons aisément que la tentative participe, avec imprévu, de poursuites particulières et chères à notre temps, le vers libre et le poème en prose. Leur réunion s'accomplit sous une influence, je sais, étrangère, celle de la Musique entendue au concert ; on en retrouve plusieurs moyens m'ayant



semblé appartenir aux Lettres, je les reprends. Le genre, que c'en devienne un comme la symphonie, peu à peu, à côté du chant personnel, laisse intact l'antique vers, au quel je garde un culte et attribue l'empire de la passion et des rêveries ; tandis que ce serait le cas de traiter, de préférence (ainsi qu'il suit) tels sujets d'imagination pure et complexe ou intellect : que ne reste aucune raison d'exclure de la Poésie — unique source.

[Désireuse d'être aussi éclectique en littérature qu'en politique et de se justifier contre le reproche qu'on lui a fait de méconnaître la nouvelle école poétique française, la rédaction de COSMOPOLIS offre à ses lecteurs un poème inédit de Stéphane Mallarmé, le maître incontesté de la poésie symboliste en France. Dans cette œuvre d'un caractère entièrement nouveau, le poète s'est efforcé de faire de la musique avec des mots. Une espèce de *leit-motif* général qui se déroule constitue l'unité du poème : des motifs accessoires viennent se grouper autour de lui. La nature des caractères employés et la position des blancs suppléent aux notes et aux intervalles musicaux. Cet essai peut trouver des contradicteurs : nul ne méconnaîtra le singulier effort d'art de l'auteur et ne manquera de s'y intéresser. — NOTE DE LA RÉDACTION.]

# UN COUP DE DÉS



# JAMAIS

QUAND BIEN MÊME LANCÉ DANS DES CIRCONSTANCES  
ETERNELLES

DU FOND D'UN NAUFRAGE



SOIT

que

l'Abîme

blanchi

étale

furieux

sous une inclinaison

plane désespérément

d'aile

la sienne

par

avance retombée d'un mal à dresser le vol  
et couvrant les jaillissements  
coupant au ras les bonds

très à l'intérieur résume

l'ombre enfouie dans la profondeur par cette voile alternative

jusqu'adapter  
à l'envergure

sa béante profondeur en tant que la coque

d'un bâtiment

penché de l'un ou l'autre bord

## LE MAÎTRE

surgi  
inférant

de cette conflagration

que se

comme on menace

l'unique Nombre qui ne peut pas

hésite  
cadavre par le bras

plutôt

que de jouer

en maniaque chenu

la partie  
au nom des flots

un

nauffrage cela

hors d'anciens calculs  
où la manoeuvre avec l'âge oubliée

jadis il empoignait la barre

à ses pieds  
de l'horizon unanime

prépare  
s'agite et mêle  
au poing qui l'étreindrait  
un destin et les vents

être un autre

Esprit  
pour le jeter  
dans la tempête  
en reposer la division et passer fier

écarté du secret qu'il détient

envahit le chef  
coule en barbe soumise

direct de l'homme

sans nef  
n'importe  
où vaine



N'ABOLIRA

*COMME SI*

*Une insinuation*

*au silence*

*dans quelque proche*

*voltige*

*simple*

*enroulée avec ironie*

*ou*

*le mystère*

*précipité*

*hurlé*

*tourbillon d'hilarité et d'horreur*

*autour du gouffre*

*sans le joncher*

*ni fuir*

*et en berce la vierge indice*

*COMME SI*



*plume solitaire éperdue*

*sauf*

*que la rencontre ou l'effleure une toque de minuit  
et immobilise  
au velours chiffonné par un esclaffement sombre*

*cette blancheur rigide*

*dérisoire*

*en opposition au ciel*

*trop*

*pour ne pas marquer*

*exigiment*

*quiconque*

*prince amer de l'écueil*

*s'en coiffe comme de l'héroïque*

*irrésistible mais contenu*

*par sa petite raison virile*

*en foudre*

*soucieux*

*expiatoire et pubère*

*muet*

*La lucide et seigneuriale aigrette*

*au front invisible*

*scintille*

*puis ombrage*

*une stature mignonne ténébreuse*

*en sa torsion de sirène*

*par d'impatientes squames ultimes*

*rire*

*que*

*SI*

*de vertige*

*debout*

*le temps  
de souffleter  
bifurquées*

*un roc*

*faux manoir  
tout de suite  
éaporé en brumes*

*qui imposa  
une borne à l'infini*

*C'ÉTAIT*

*issu stellaire*

*CE SERAIT*

*pire*

*non*

*davantage ni moins*

*indifféremment mais autant*

## LE NOMBRE

EXISTÂT-IL

autrement qu'hallucination épars d'agonie

COMMENÇÂT-IL ET CESSÂT-IL

sourdant que nié et clos quand apparu

en fin

par quelque profusion répandue en rareté

SE CHIFFRÂT-IL

évidence de la somme, pour peu qu'une

ILLUMINÂT-IL

# LE HASARD

*Choit*

*la plume*

*rythmique syspens du sinistre*

*s'ensevelir*

*aux écumes originelles*

*naguères d'où sursauta son délire jusqu'à une cime*

*flétrie*

*par la neutralité identique du gouffre*

RIEN

de la mémorable crise  
ou se fût  
l'évènement

accompli en vue de tout résultat nul  
humain

N'AURA EU LIEU  
une élévation ordinaire verse l'absence

QUE LE LIEU  
inférieur clapotis quelconque comme pour disperser l'acte vide  
abruptement qui sinon  
par son mensonge  
eût fondé  
la perdition

dans ces parages  
du vague  
en quoi toute réalité se dissout



EXCEPTÉ

à l'altitude

PEUT-ÊTRE

aussi loin qu'un endroit

fusionne avec au-delà

hors l'intérêt  
quant à lui signalé  
en général  
selon telle obliquité par telle déclivité  
de feux

vers  
ce doit être  
le Septentrion aussi Nord

## UNE CONSTELLATION

froide d'oubli et de désuétude  
pas tant  
qu'elle n'énumère  
sur quelque surface vacante et supérieure  
le heurt successif  
sidéralement  
d'un compte total en formation

veillant  
doutant  
roulant  
brillant et médiant

avant de s'arrêter  
à quelque point dernier qui le sacre

Toute Pensée émet un Coup de Dés





## OBSERVACIÓN RELATIVA AO POEMA

*Unha tirada de dados xamais abolirá  
o Azar*

por

STÉPHANE MALLARMÉ

Gustaríame que non se lese esta Nota ou que, unha vez lida, mesmo se esquecese; apréndelle, ao lector hábil, moi pouco fóra da súa penetración: mais pode perturbar o inxenuo obrigado a botar unha ollada ás primeiras palabras do Poema para que as seguintes, tal como están colocadas, o leven ás derradeiras, todo sen outra novidade que un espazamento da lectura. Os “brancos”, por certo, asumen a importancia, chocan de entrada; a versificación requiriunos, como silencio ao redor, de xeito habitual, ata o punto de que un anaco, lírico ou de poucos pés, ocupa, no medio, un terzo aproximado da folla: non transgrido esta medida, soamente a disperso. O papel intervén cada vez que unha imaxe, por si mesma, cesa ou regresa, aceptando a sucesión doutras e, como non se trata, tal coma sempre, de trazos sonoros regulares ou versos —máis ben, de subdivisións prismáticas da Idea, o intre en que aparece e que prolonga a súa presenza, nalgunha posta en escena espiritual exacta, é en sitios variables, preto ou lonxe do fío condutor latente, en virtude da verosimilitude, que se impón o texto. A vantaxe, se teño dereito a dicilo, literaria desta distancia copiada que mentalmente separa grupos de palabras ou as palabras entre si, semella acelerar despois e ralentizar o movemento, escandíndoo, incluso intimidándoo segundo unha visión simultánea da Páxina: tomada esta como unidade tal que o é noutra parte o Verso ou liña perfecta. A ficción aflorará e esvaerase, axiña, segundo a mobilidade do escrito, derredor das paradas fragmentarias dunha frase capital introducida e continuada desde o título. Todo sucede, sinteticamente, a xeito de hipótese; evitando o relato. A engadir que deste emprego en directo do pensamento con contraccións, prolongamentos, fugas, ou o seu propio debuxo, resulta, para quen queira ler en voz alta, unha partitura. A diferenza dos caracteres de imprenta entre o motivo preponderante, un secundario e outros adxacentes, dita a súa importancia á emisión oral, e o pentagrama, no medio, enriba, a pé de páxina, indicará que sobe ou baixa a entoación. Só certas direccións moi ousadas, intrusionas, etc., ao formaren o contrapunto desta prosodia, permanecen nunha obra, que carece de precedentes, en estado elemental: non é que eu estime a oportunidade de tímidos experimentos, senón que non me concirne a min, agás unha paxinación especial ou de volume, nun Periódico, todo o valoroso, gratuíto e apetecible que se mostre ás fermosas liberdades, actuar demasiado en contra do acostumado. Con todo, deixarei indicado do Poema aquí presente, máis que o bosquejo, un “estado” que non rompa enteiramente coa tradición; impulsado a súa presentación, en moitos sentidos tan profundamente que non ofenda a ninguén: dabondo, para abrir algúns ollos. Hoxe ou sen presupor o porvir que saia de aquí, ren ou apenas unha arte, recoñezamos doadamente que a tentativa participa, imprevisamente, de buscas particulares e prezadas para o noso tempo, o verso libre e o poema en prosa. O seu encontro acontece baixo



unha influencia, seino, estraña, a da Música oída en concerto; encontrando nela varios modos que me pareceu pertenceren ás Letras, retómoos. O xénero, que se converta en só un como a sinfonía, ben amodo, a carón do canto persoal, deixa intacto o antigo verso, ao que profeso un culto e atribúo o imperio da paixón e dos soños; mentres que esta sería a ocasión de tratar, preferentemente (como acontece) semellantes temas de imaxinación pura e complexa ou intelecto: que non queda razón ningunha para excluír da Poesía –única fonte.

[Co desexo de ser tan ecléctica en literatura como en política e de xustificarse fronte ao reproche que se lle fixo, de descoñecer a nova escola poética francesa, a redacción de *Cosmopolis* ofrece aos seus lectores un poema inédito de Stéphane Mallarmé, o mestre incontestado da poesía simbolista en Francia. Nesta obra dun carácter enteiramente novo, o poeta esforzouse en facer música con palabras. Unha especie de leitmotiv xeral que se desenvolve constitúe a unidade do poema: outros motivos accesorios veñen agruparse ao redor del. A natureza dos caracteres empregados e a posición dos brancos substitúen as notas e os intervalos musicais. Esta obra pode toparse con contraditores: ningún ha descoñecer o singular esforzo artístico do autor e non deixará de se interesar nela. – NOTA DA REDACCIÓN.]

# UNHA TIRADA DE DADOS



# XAMMAIS

MESMO QUE LANZADA EN CIRCUNSTANCIAS  
ETERNAIS

DENDE O FONDO DUN NAUFRAXIO



OU BEN

que

o Abismo

branqueado

calmo

axitado

so unha inclinación

plana desesperadamente

de ala

a súa

de

novo antes de tempo caída eivada para alzar o voo  
e cubrindo os pulos  
chapodando a ras os choutos

moi no interior resume

a sombra soterrada na fondura por esa vela alternativa

ata adaptar  
á envergadura

a súa abraiante fondura tal que o casco

dun navío

escorado cara a unha ou outra banda

## O PATRÓN

xurdido  
inferindo

desta conflagración

que se

como se ameaza

o único Número que non pode

vacila  
cadáver polo brazo

no canto de

xogar  
coma maníaco cano  
a partida  
no nome das ondas

unha

naufraga iso

afastado de antigos cálculos  
nos que a manobra coa idade esquecida

noutroira empuñaba o temón

aos seus pés  
do horizonte unánime

prepara  
se axita e mestura  
no puño que o apertaría  
un destino e os ventos

ser outro

Espírito  
para guindalo  
na tempestade  
repregar a súa división e pasar fachendoso

separado do segredo que garda

invade a testa  
flúe como barba submisa

directo do home

sen nave  
dá igual  
onde va

ancestralmente para non abrir a man  
                                crispada  
                    máis alá da inútil cabeza

a alguien  
ambiguo

unha vez que  
     de bisbarras nulas  
                     induciu  
 o ancián cara a esa conxunción suprema coa probabilidade

acariñada e puída e devolta e lavada  
adozada pola onda e subtraída  
aos duros ósos perdidos entre as táboas

o mar polo avó tentando ou o avó contra o mar  
unha ocasión ociosa

veo de ilusión rexurdido a súa teima  
así como a pantasma dun xesto

tolemia

ABOLIRÁ

*COMA SE*

*Unha insinuación*

*ao silencio*

*nalgun achegado*

*revoa*

*simple*

*enrolada con ironía*

*ou*

*o misterio*

*precipitado*

*ouveado*

*remuíño de hilaridade e de horror*

*derredor do rodopío*

*sen alfombralo*

*nin fuxir*

*e arrólao o virxe índice*

*COMA SE*



*pluma solitaria trastornada*

*agás*

*que a atope ou a roce unha touca de medianoite  
e inmobilece  
no veludo engurrado por unha gargallada sombría*

*esa brancura rixida*

*irrisoria*

*en oposición ao ceo  
demasiado  
para non marcar  
exiguamente  
calquera*

*príncipe amargo do escollo*

*encasquétaa como algo heroico  
irresistible mais contido  
pola súa escasa razón viril*

*lostregante*

*preocupado*

*expiatorio e púbere*

*mudo*

*O lúcido e señorial penacho  
na fronte invisible  
escintila  
logo ensombrece  
unha estatura amable tenebrosa  
na súa torsión de serea*

*con impacientes escamas últimas*

*riso*

*que*

*SE*

*de vertixe*

*de pé*

*o tempo  
de losquear  
bifurcadas*

*unha rocha*

*falso pazo  
decontado  
evaporado en brumas*

*que impuxo  
un marco ao infinito*

*FOSE*  
*produto estelar*

*SERÍA*  
*peor*

*non*

*máis nin menos*

*indiferentemente pero igual*

## O NÚMERO

EXISTISE

outro xeito que alucinación ciscada de agonía

COMEZASE E CESASE

abrollando inda que negado e choído cando aparecido

por fin

por algunha profusión espallada cal rareza

SE CIFRASE

evidencia da suma por pouco que unha

ILUMINASE

## O AZAR

*Cae*

*a pluma*

*rítmico suspense do sinistro*

*soterrarse*

*nas escumas orixinais*

*pouco hai desde onde sobresaltou o seu delirio ata unha cima*

*murcia*

*pola neutralidade idéntica do rodopío*

NADA

da memorable crise  
ou había de ser  
o acontecemento

executado con miras a todo resultado nulo  
humano

ÍA TER LUGAR  
unha elevación ordinaria verte a ausencia

AGÁS O LUGAR  
inferior batuxada calquera como para dispersar o acto baleiro  
abruptamente que se non  
pola súa mentira  
inda fundara  
a perdición

neses lugares  
do incerto  
en que toda realidade se dissolve



EXCEPTO

na altitude

TALVEZ

tan lonxe como un sitio

se fusiona co alén

exento do interese  
verbo del sinalado  
en xeral  
segundo tal oblicuidade por tal declividade  
de fogos

cara a  
debe ser  
o Setentrión tamén Norte

## UNHA CONSTELACIÓN

fría de esquezo e de desuetude  
non tanto  
que non enumere  
sobre algunha superficie vacante e superior  
o choque sucesivo  
sideralmente  
dun cómputo total en formación

velando  
dubidando  
rodando  
brillando e meditando

antes de se deter  
nalgún punto derradeiro que o consagre

Todo Pensamento emite unha Tirada de Dados





## NOTAS EXPLICATIVAS SOBRE O TEXTO DE MALLARMÉ

### -PREÁMBULO DO POEMA

Completamos con estas notas o excelente traballo plasmado xa no Limiar desta tradución polo erudito e amigo Román Arén, dicindo que a **Observación relativa ao poema** foi incluída polo autor, Stéphane Mallarmé, a modo de prefacio, na edición pre-originais de *Unha tirada de dados xamais abolirá o azar*, publicada na revista *Cosmopolis*, en maio de 1897 (T6, N17, páxs. 417-427). Revista literaria internacional, editada en inglés, francés, alemán e logo ruso, de carácter mensual, que acadou unha tirada total de 20 000 exemplares, impresos en Londres, Berlín, San Petersburgo e París. E nesta cidade é onde sae publicado o poema de Mallarmé, nas Edicións Armand Colin. A vida desta cosmopolita revista vai de xaneiro de 1896 a novembro de 1898, con 35 números saídos do prelo, e que representaron un auténtico foro para a cultura europea e mundial.

Xunto con este Prefacio, ademais, aparecía ao final a “NOTA DA REDACCIÓN”, que sabemos foi escrita polo propio Mallarmé, nun intento da Redacción da revista de acallar as posibles críticas á recepción dun texto demasiado innovador para un público, nomeadamente ilustrado, pero refén dos valores e gustos da época. E a reprodución de ambos os dous textos parécenos acaída polas pistas que ofrecen para a comprensión dun poema –achacado de “escuro” polo propio Marcel Proust–, sobre todo cando as orientacións proceden do mesmo autor, a sabendas de que el mesmo non estaba de acordo coa súa inclusión na edición, logo póstuma, da *Nouvelle revue française*, en 1914.

Certo que en *Cosmopolis*, por razóns técnicas e polo temor a unha excesiva innovación formal, o poema non aparecía despregado en dobre páxina –como logo acaeceu en 1814–, amén doutros mínimos cambios posteriores introducidos no texto, na segmentación dos versos e nas fontes tipográficas. Con todo, as vantaxes para o lector son innegables. E por iso o mantemos.

### -INNOVACIÓN FORMAL

*Unha tirada de dados*, poema construído “hors d’anciens calculs”, sen parangón na historia da Literatura, preséntasenos como “unha visión total”. Así, o verso regular aparece neutralizado polo contexto e polo significado: deconstruído, segmentado e diseminado, onde a “palabra” cobra todo o seu significado. A única métrica sería a das páxinas, simetría axial de pregues e cesuras, que equilibran / desequilibran o conxunto.



O poema pode aparecer altamente segmentado en enunciados que serían como versos libres dun novo xénero. Pero tamén ofrece períodos agrupados nos que o segmento aparece como unha “palabra total”. E ao lado de fortes articulacións sintácticas estruturantes, xorden elipses, saltos de concordancia, hipérbatos imposibles, encabalgamentos inesperados, aposicións, parénteses, inversións, alusións,... que van debuxando unha sorte de pentagrama de secretas e misteriosas sonoridades. Todo o poema se estrutura sobre a frase - eixe “Unha tirada de dados xamais abolirá o azar”, e todo o demais son hipóteses que a adornan. Logo, ao final, aparece a outra gran frase autónoma que resume a grande Idea: “Todo Pensamento emite unha Tirada de Dados” que, paradoxalmente, nos devolve ao inicio, reabrindo o poema. E reiniciando a sincopada singradura da gran Poesía.

## -ASPECTO VISUAL

A nova forma de *Unha tirada de dados* repousa no aspecto simultáneo e visual da Páxina (simple ou dobre), recurso ausente, como sabemos, na edición de *Cosmopolis*.

En célebre carta a André Gide, Mallarmé fala de que todo o efecto do poema recae na paxinación. Unha palabra que ocupa toda unha páxina; a constelación que reflectirá, case exactamente, a figura da Osa maior (páx. XI), desde EXCEPTO a CONSTELACIÓN; o barco que cae a unha banda coa cima da vela en “branqueado” e “NADA” das páxinas da esquerda, e, en diagonal descendente o casco rematando ao final da dereita, coa quilla en “outra banda” e “se dissolve” (páxs. III, X). Este carácter mimético do texto continúa na páxina VI debuxando a figura dunha pluma, cos dous extremos en COMA SE. Ou na páxina VIII, onde percibimos como ese “riso” cae en gargallada ou fervenza, ao nesgo. Igual que a páxina IX, que nos anticipa a constelación do Carro, formada polas maiúsculas da oración condicional.

Mallarmé, fiel ao espírito de *Igitur*, chega a dicir que “o ritmo dunha frase, ao falar dunha acción ou mesmo dun obxecto, non ten sentido se non os imita”. Cratilismo plástico? Anticipación do caligrama? Sen dúbida, semente viva para os xogos poético - plásticos de DADA, do Surrealismo, do Cubismo, do Futurismo, e máis precisamente da posterior poesía tipográfica.

Todo isto fai que o resultado sexa dunha grande harmonía visual, nada das “subdivisións prismáticas da Idea”, que van crear unha “visión simultánea da Páxina”. Como un enorme quiasmo ou palíndromo (UN COUP DE DÉS – COMME SI – COMME SI – UN COUP DE DÉS) entre o inicio e a fin do poema, que amosa unha evidente simetría estilística.



## -DIVERSIDADE DE CARACTERES

Emparellado co anterior, estaría a diversidade de fontes e caracteres de escritura, destinados, segundo o autor, a facilitar a distinción entre “o motivo preponderante, un secundario e adxacentes”. Temos a frase principal –tese– en maiúsculas UNHA TIRADA DE DADOS XAMAIS ABOLIRÁ O AZAR, en grandes letras romanas, atravesando o poema. Logo, as oracións subordinadas, que aparecen en maiúsculas e minúsculas de distinto tamaño, en caracteres romanos e cursiva. Os efectos serían de acelerar ou ralentizar o ritmo de lectura, de elevar ou rebaixar o tono de voz, e, claro está, de marcar máis ou menos a importancia da pasaxe. A cursiva, que coincide no poema co pasado e condicional, en si, frea, singulariza e personaliza a lectura, creando certa convivencia co lector.

Todo isto, e respectando o principio usual da lectura (de esquerda a dereita e de arriba a baixo), supón unha grande innovación, xunto co desigual tamaño das liñas (versos) e a preponderancia dos “brancos” entre elas. E estes brancos, que substitúen a ausencia de puntuación –e que poden ir dun fragmento de liña ás tres cuartas partes da páxina–, hai que lelos, igual que os distintos caracteres, en clave sintáctica e de marcación do ritmo de lectura e de significación; ou como anotacións, como lemos na súas “Observacións”, para “sinalar unha parada momentánea, a conclusión dunha idea, ou dunha imaxe”. Inda que, logo, o seu uso careza de lóxica discursiva e mesmo conceptual, como cando separa “n’importe / où” (dá igual / onde”) ao final da páx. IV. Está influenciada esta fragmentación verbal polas distintas audicións musicais do autor e a súa idea de reproducir mimeticamente as inflexións dunha partitura orquestral?

Sobre o fondo, moito dito e máis aínda que dicir. Pero deixemos a Françoise Morel que nolo diga (e que traducimos):

*“A Tirada de Dados é unha longa reflexión filosófica sobre o espazo e o tempo, a creación do universo, a súa orixe, a súa evolución a a do ser, reflectida á vez polo pensamento, a memoria, a linguaxe, o acontecemento único entre os seres vivos, e que permite comunicar aos demais as creacións totalmente novas como é un poema, o número, a prosodia e finalmente a beleza. Cuestións que case todas quedarán sen resposta, pois que o final do “Poema” torna ao seu inicio. Soamente a beleza atopa unha resposta...”*

Das intencións do autor, a confrontación entre o Número absoluto (aritmética) e o Azar, só un resultado é posible: un empate. Porque “se fose o Número, sería o Azar”. E para máis misterio, este resultado da tirada de dados hai que lelo sobre o tapete das estrelas, na Constelación da Osa maior ou Carro, onde os dados seguen a rodar indefinidamente. Porque o Absoluto NON é PREDESTINACIÓN; é Azar, Acaso, Quizais...

Que cada Lector emita, pois, unha tirada de dados...cara á súa propia LIBERDADE.

En Ribeira, a 12 de novembro de 2011 (Aniversario de Adrián)



**BARBANTIA, ANO VII**





*Musica notturna delle strade di Madrid*  
(Quinteto para corda en do maior, Op. 30)

*Alberto Piñeiro*





É unha mágoa que a música non se poida verter en palabras, ou que as palabras non se aderecen e impregnen de notas musicais no viero que vai do papel ao lector, ou, cando menos, que a “negra flor da tinta”, como diría o amigo Rei Ballesteros, non se transmita mediante ondas elásticas audíbles, pois nese caso só tería que colocar a partitura da obra que estou escoitando a carón do texto que escribo. Mais velaquí que a *Musica notturna delle strade di Madrid*, obra do compositor italiano Luigi Boccherini, paradigma do “estilo galante”, pioneiro do clasicismo, que viviu a parte máis frutífera da súa vida en España, onde a finais da década dos sesenta (do século XVIII) foi nomeado violoncellista e compositor da capela real do infante Luis Antonio Xaime de Borbón e Farnesio, fillo de Felipe V, harmoniza arestora o relato da última singradura de Barbantia, e non teño xeito de lograr que o receptor destas letras poida “escoitalas” co meu “pano de fondo”, que, como xa teño remarcado nalgunha outra ocasión, non é nin pode ser, cando se trata de obra inmortal, como é o caso, enfeite de diálogo ou discurso nin mera decoración de escenario, senón protagonista absoluto da escena.

O ser humano é tan fráxil, tan pouca cousa, que non deixa de ser o que el mesmo pensa (“somos o que pensamos. Todo canto somos, sómolo polos nosos pensamentos. E cos nosos pensamentos, construímos o noso mundo”: Buda). Mais que marabilloso o que consegue artellar decote un ser que tan só camiñará brevemente por un espazo insignificante do Universo, ata que a súa existencia se consuma entre a néboa do esquecemento.

*A música constitúe unha revelación máis alta que ningunha filosofía,*

dicía Ludwig van Beethoven. Medito namentres o reprodutor de CDs repite o fragmento máis coñecido da *Musica notturna delle strade di Madrid*, o *Passa Calle, allegro vivo*, que interpretan Rolf Lislevand á guitarra barroca, Stephan Goerner ao cello e Susanne Frank ao violín. Con todo, podería tratarse de calquera outra das numerosas versións que teño desta obra, con guitarra e sen guitarra, con orquestra e con grupo de cámara. Medito e lembro as verbas que vertín no *Anuario 2010*, aquelas onde mencionaba unha conta pendente de Barbantia cos músicos e compositores, e confirmo que as débedas nunca se esquecen, e se acabarán pagando:

“...nos muros do despacho no que me dispoño a comezar o resumo de actividades de Barbantia, afóganse as palabras para deixar que sexa o “fío musical” o único protagonista, filtrándose polos escasos ocos dos andeis para incendiar as páxinas de centos de libros, moitos dos cales son fontes nas que bebe esta introdución, que se centra na música, non por atoparmos no *Anuario* dous traballos que falan da historia dos coros boirenses e que recompilan partituras inéditas –que tamén–, senón porque Barbantia ten aínda pendente outro encontro ou catálogo de creadores no que non falen só poetas, pintores, fotógrafos ou investigadores, senón músicos. Coa súa música. Poetas do son. Creadores da luz sobre o lenzo do silencio.”

Encontro que, como os socios de Barbantia de certo saben, aínda non celebramos, seguramente por termos pendente o “Encontro de Creadoras no Barbanza: Nós-Outras”, coa edición do



catálogo correspondente, á espera de solucionar as dificultades técnicas xurdidas na elaboración do mesmo. Con todo, se as cousas van ben, en 2012 poderemos sacar do prelo unha nova achega da Biblioteca Barbantia: un libro que recolla brevemente os datos biográficos, cadansúa fotografía e unha mostra do traballo de máis de cincuenta mulleres creadoras e investigadoras vinculadas á comarca do Barbanza.

*A liberdade que hai que dar ao pobo é a cultura,*

leo palabras de Miguel de Unamuno, quen tamén dicía: “Só o que sabe é libre, e máis libre o que máis sabe... Só a cultura dá liberdade... Non proclamedes a liberdade de voar, senón dade ás...” Mais parece que as administracións decidiron, na parte que lles corresponde (que non se erixen en responsables únicas), facer oídos xordos da sentenza de Unamuno e cortarlle as ás á cultura, pois todo canto ole a reflexión, pensamento, debate, intelecto,... intelectual,... intelixencia... semella resultar accesorio e superfluo na sociedade do sistema imperante. E máis accesorio e irrelevante parece aínda se en Galiza esa cultura se fai en galego.

*Unha lingua é máis importante que unha obra de arte; é matriz inesgotable de obras de arte,*

rememoro a Alfonso Daniel no 125 aniversario do seu nacemento. Eis que a finais deste “Ano Castelao” tan pouco institucionalizado, se contará a historia do acaecido en 2011 no mundo, e nos xornais –tamén nos galegos– se ha falar das revoltas nos países árabes, do 15M, dos goles de Messi, da vitoria da selección

española no Eurobasket,... Pero poucos farán alusión a que vivimos un ano especialmente crítico para as editoriais galegas; a que no seu transcorrer se deixou de publicar en papel o semanario A Nosa Terra, así como os diarios Galicia Hoxe –o único redactado enteiramente en galego– e Xornal de Galicia, só uns meses despois do peche do xornal dixital Vieiros; ou a que ninguén soubo paliar a crise dun sector –o cultural– que segue sen se artellar en clave de país, lonxe de se erguer sobre o alicerce da concreción dos conceptos *estratexia, sostibilidade cultural e implicación de axentes culturais*, tal e como reflectía nalgún dos seus parágrafos unha crónica de Óscar Iglesias publicada nas páxinas do xornal El País o pasado mes de setembro, e que, por non adoeecer de falta de imparcialidade ou descontextualizar o extracto, recollo integramente:

«Sepultada en Europa a política cultural global anoada ao discurso economicista, baseada no cemento e no espectáculo, está por ver se non afunde todo o demais. En Galicia, onde o paradoxo se reproduce por entre os socacos do monte Gaiás -a fin dos macroeventos coincide coa necesidade de dotar de contidos a Cidade da Cultura, que este ano levou o 17,5% dos recursos-, case 1.500 traballadores da cultura perderon o emprego entre xaneiro de 2009 e marzo de 2010. Na primeira bagoada da crise, a caída do emprego na industria cultural dobra cumpridamente a desafiliación total á Seguridade Social.

»Co panorama diante, este xornal contrastou o impacto da crise nos orzamentos e as medidas paliativas en Euskadi, Cataluña, Andalucía e Castela e León. No debate, que atinxe ao futuro das políticas culturais públicas e a súa relación co máis ou menos feble sector privado, hai datos coñecidos de percorrido estatal. Relativos



á natureza do gasto público: na última década, segundo o *Informe Galicia 2010* que publicou a revista *Tempos Novos*, os gastos de capital da Xunta, que inclúen novas infraestruturas e equipamentos, nunca baixaron do 70% do total. Só Castela chega a eses niveis, fronte ao 16% de Euskadi ou Cataluña. Tamén no que atinxe ao adiado pacto polo territorio: o gasto cultural *per capita* nos concellos de menos de 5.000 habitantes é algo máis da metade (37,13 euros en 2006, antes dos recortes nas contas municipais) cá media estatal.

»"Investir en grandes recipientes ten unha rendibilidade política bastante inmediata", resume o presidente do Consello da Cultura, Ramón Villares. «E esa tamén foi a aposta do sector privado, o que quere dicir que na sociedade galega esa opción estaba ben vista». O feito de que en Galicia só 667 bens inmobles estean inscritos como Ben de Interese Cultural (só o 4,2% do total estatal), resultado en parte dun patrimonio eclesiástico pouco desamortizado, dá conta da ausencia de prioridades estratéxicas. «A riqueza patrimonial define Galicia e debía ser o noso alibí, tanto polo turismo como pola dignificación da sociedade», di Villares. Aínda que o turismo concentra o 40% do orzamento cultural galego, é en protección do patrimonio onde máis decidiu aforrar a consellaría en 2011: o 82% dos fondos, en concreto (a industria cultural e o audiovisual, por separado, levaron un 44% e un 54% menos ca en 2010).

»Só Andalucía, cunha redución do diñeiro público dun 40% en dous anos, se achega aos niveis de aforro cultural da Xunta de Galicia (fronte ás reducións en Euskadi, Cataluña e Castela e León, dun 5,03; 12,6 e o 13,95% dos fondos respectivamente). E non en partidas tan sensibles. A maior caída dos recursos públicos para artes escénicas dáse no sur (o 22%), mentres

as liñas máis reducidas en Euskadi son acción comunitaria (21%) e patrimonio, onde un recorte do 17% —e un 5,74% en política lingüística— capitaliza as críticas da oposición nacionalista. Canda [sic] o abandono por parte do PSE do «demasiado identitario» *Kulturaren Euskal Plana*, o plan vasco de cultura aprobado en 2000.

»No caso catalán, onde os 302 millóns de Cultura supoñen o 0,98% do orzamento da Generalitat (en Galicia é o 1,4%), as manifestacións que houbo en marzo diante do Museo de Arte Contemporánea de Barcelona (Macba) —abandeiradas co retrouso *No retalleu la cultura*— amosan a paralaxe entre Cataluña, centrada na acción exterior, e Galicia, onde os plans de internacionalización ficaron na carteira do bipartito. Nun país onde a cultura supón o 9,74% do emprego total (en Galicia é o 2,2%, lixeiramente por riba da media española), o discurso primaveral de Guillem-Jordi Graells, o presidente da Associació d'Escriptors en Llengua Catalana, non diferiu por demais das explicacións do *conseller* de Cultura de Mas, o socialista Ferrán Mascarell: «A dependencia da Administración é grande. A optimización dos recursos pode ser positiva se non repercute na creación e na produtividade das industrias culturais». Mentres, coa esperanza andaluza centrada en Córdoba, candidata a capital cultural europea de 2016, o Goberno do PP en Castela e León anunciou un plan de industrias culturais para xerar 15.000 empregos. As críticas do sector, que fala de "propaganda", teñen que ver coa falta de dotacións e debate público. O plan inclúe deporte e touradas, e un Día del Donante Cultural. En Galicia, no entanto, aínda non se coñece o plan director que Industrias Culturais anunciara para comezos de ano. Segundo o xerente, Juan Carlos Fasero, a idea era darlle á cultura "valor de sector estratéxico".



»Son estas expresións –estratexia, sostibilidade cultural ou implicación dos axentes culturais– as que conviría encher agora de contido político, separadas da ladaíña neoliberal, dos centros de recrutamento político e dos proxectos que só duran unha lexislatura. «No concreto», sintetiza Héctor Pose, coordinador entre 2001 e 2008, con José Antonio Caride, do Proxecto Interea, punto de encontro para a formación e o debate sobre traballo sociocultural. O único proxecto que puido unir daquela as sete cidades galegas foi unha exposición sobre Curros Enríquez. «E iso que a maioría tiñan goberno bipartito», chacotea. «Conviría aproveitar a crise para darlle unha maior centralidade á cultura como cerne das políticas públicas», di Pose.

»Contra a «perversión» dos equipamentos de proximidade sen valor de uso, «pensar a cidade ou o concello inflúe no deseño urbanístico, na sinalética, nas políticas de vivenda ou nas ofertas de lecer activo e pasivo», defende. O feito de que en Galicia non se estimulen os centros de creación –á parte de Cataluña, tamén Extremadura ensaiou fórmulas ao respecto– ao estilo europeo ten que ver coa falta de experiencia en xestión cultural, pero tamén coa falta de iniciativa. «Máis importante cós recursos económicos son a vontade e a sensibilidade na acción política».

»Máis no plano institucional, Villares refresca a idea limiar do documento que presentou en xuño o Consello da Cultura, *Reflexión estratéxica sobre a cultura galega*: «A cultura necesita en gran parte o apoio público, e iso debe plasmarse con criterios obxectivos». Sobre eses criterios, aplicados á situación das 200 fundacións culturais do país, tratará o próximo informe do Consello. O que urxe agora, segundo Villares, é «poñerse dacordo no básico». «A crise é tan profunda que nal-

gúns sectores incluso teremos que deixar de falar de recortes económicos».

*A función da arte na sociedade é edificar, reconstruírnos cando esteamos en perigo de derrube,*

dicía Sigmund Freud. É por iso que debemos pensar e pensamos que nunca choveu que non escampase; pero namentres agardamos a arribada de tempos mellores, dende Barbantia seguimos a nosa viaxe na nave da cultura, onde todos, os que escribimos e os que non, os artistas e os que gozamos das obras de arte, os músicos e os que escoitamos a súa música, somos fraternais compañeiros, ao xeito da tripulación da *Surprise*, a fragata que persegue o buque *Acheron* en *Master and Commander: The Far Side of the World*, filme dirixido por Peter Weir e estreado en cines en novembro de 2003, que, inspirado nas novelas de Patrick O'Brian, narra a persecución que decide emprender Jack Aubrey (Russell Crowe) á fronte da fragata inglesa *Surprise* tras do buque de guerra francés *Acheron*, durante as Guerras Napoleónicas<sup>1</sup>. Pero ao contrario do que sucede no filme, o noso inimigo non é ningún buque de guerra, senón a estulticia, a ignorancia dos que descoñecen o valor da cultura e a importancia de traballar a prol de manter viva unha lingua que semella ter o inimigo na casa.

<sup>1</sup> Na novela orixinal, a acción desenvólvese durante a guerra anglo-estadounidense de 1812, e o *Acheron* non é un buque de guerra francés, senón unha fragata norteamericana (a USS Norfolk), que os responsables do filme decidiron converter nunha nave francesa porque no ano en que se estreou o filme (2003) Francia lideraba a oposición no Consello de Seguridade da ONU á invasión de Iraq por parte dos EE.UU. e Gran Bretaña. O *Passa Calle da Musica notturna delle strade di Madrid* de Boccherini forma parte da banda sonora desta película.



*Non penso nunca no futuro porque  
chega axiña de máis,*

dicía Albert Einstein... Como corren os días... Xa vai para nove anos des que Antón Riveiro, a comezos de 2003, me falara da posibilidade da fundación dunha plataforma cultural que trouxese ao territorio compartido das comarcas de Noia e Arousa Norte as novidades editoriais galegas, os escritores en activo máis relevantes das nosas letras, e xuntábase os creadores, novos e consolidados, para que o público coñecese mellor o seu traballo e eles se recoñecesen máis entre si. Quen o diría cando comezamos... case unha década... Anos nos que foi mudando a xunta directiva, nos que cambiamos de presidente, refixemos estatutos, gañamos centos de socios, e tivemos perdas irreparables, como as de Anxo Rei Ballesteros ou Xosé Agrelo Hermo, por citar os nomes de reputados autores, pero tamén as de outros socios que, tristemente, finaron na senda percorrida. Anos dun camiño inacabado, andado por persoas que amamos a cultura galega, que a respectamos e procuramos, na limitada medida dunha asociación cultural, protexela e darlle pulo. Facer dela o aderezo das nosas vidas na prosperidade e o noso refuxio agora, na adversidade dunha época en crise, parafraseando a Dióxenes Laercio. Porque quizais sexa verdade que só na cultura, só na arte, poidamos atopar o xeito de refacer o noso mundo e de refacérmonos nós mesmos.

## PRIMEIRO PEIRAO

**Auditorio de Rianxo.**

**Venres 29 de outubro de 2010**

Que mellor porto para partir na nosa singradura anual que a terra de Castelao, Manuel Antonio, os irmáns Dieste, Brea Segade, Faustino Rei Romero, Paio Gómez Chariño,... e tantos outros escritores, músicos, compositores, pintores,... que me van permitir non citar neste caderno de bitácora. A vila da luz infinita que reborda do mar cando un baixa á ría dende a Praza de Castelao, e á que había aludir Manuel Lourenzo meses despois, no acto de presentación do libro que narra a historia do grupo teatral "Airiños", coa súa voz categórica, irrefragable, de actor radiofónico: "Afortunados os rianxeiros por terdes esta luz". "Abofé que somos afortunados –contestei–, mudándome o berce e a residencia". Despois, autoconsolleime... "A fin de contas, Bealo ten fronteira con Rianxo... Case non mentín..."

Camiñando encol do mar, primeiro polo Paseo da Ribeira e despois polo de Manuel Antonio, a carón do cumio das grúas dos barcos atracados, chegamos tamén aquela noite de outono ao Auditorio, edificio de porte voluminoso e arquitectura plenamente integrada na contorna que, con tan só 3 anos de vida útil, xa se erixiu nun dos faros da cultura barbanceira. Alí nos agardaban varias dúcias de amigos de Barbantia e os protagonistas da función: José Luís do Pico Orjais, un dos coordinadores da publicación que se ía presentar: *Ayes de mi país. O cancionero de Marcial Valladares*; Javier Jurado, director da editorial Dos Acordes; Xosé Ricardo Losada, por aquel entón





De esquerda a dereita ocupan a escena José Luís do Pico, Mari Carme Figueira, Javier Jurado e Xosé Ricardo Losada. Foto: La Voz de Galicia



secretario de Barbantia; e Mari Carme Figueira, concelleira de cultura. Entre os protagonistas, unha ausencia destacable, a da outra coordinadora, Isabel Rei Sanmartín, que encargou a José Luís do Pico a desculpa da súa non presenza. Unha muller encantadora da que, algúns meses antes, lera nas páxinas de La Voz de Galicia unha sinopse sobre o traballo que saía do prelo:

«Este Cancioneiro evidencia como Marcial Valladares sabía harmonía e piano, e tiña coñecementos que lle permitían mesmo compor música. Todos os temas do cancionero están pensados para seren cantados e acompañados ao piano. Hai seis muiñeiras, unha delas composta por Valladares, que tiña vontade de crear música. Podemos concluír que Marcial Valladares era un bo músico e sabía escribir música»<sup>2</sup>

Tamén na crónica daquela entrevista podíamos ler que “algúns temas de *Ayes de mi país* foron versionados ou serviron de base para prestixiosos músicos profesionais e especialistas, como Marcial del Adalid, Felipe Pedrell, Casto Sampedro,

José Inzenga, Fernández Espinosa, Daniel González ou Martínez Torner, pois nas melodías que inclúen nos seus cancioneros hai pegadas deste de 1865 de Marcial Valladares, polas composicións do mesmo que coñeceron na *Historia de Galicia* de Murguía. Incluso Antonio Machado tivo coñecemento do labor de Valladares.” Así como a mención de que Isabel e José Luís atoparon nos arquivos da casa do autor de *Maxina ou a filla espúrea*, en Vilancosta, A Estrada, “unhas 600 partituras con interese para un estudo”, verbas que encabezan o parágrafo que deseguida transcribimos:

«Isabel Rei resalta que unhas 80 partituras son de guitarra, e entre elas destaca especialmente unha, de Avelina Valladares, titulada “La soledad”, que inclúen como “Apéndice” neste libro. “Nos meus concertos teño interpretado esa obra, no Brasil e no noso país, e resulta do agrado do público”, sostén. É, ademais, das contadas composicións para guitarra dunha muller galega do século XIX.»

Mágoa que non estivese esa noite sobre o escenario Isabel, porque de seguro nos había deleitar coa interpretación dalgunha das partituras que conforman o

<sup>2</sup> La Voz de Galicia, 24-8-2010.



cancioneiro. Porén, malia que non xurdiu música da súa guitarra, o seu compañeiro na investigación, José Luís do Pico, foi quen de amenizar o acto con verbas atinadas, xenerosas, musicables e cheas de amor á terra e de respecto ao froito de cultura que ela dá, cun discurso no que peneirou algunhas das ideas debulladas na “Apresentación” que ambos os dous asinan ao inicio da obra, e que lin sentado nunha das butacas, entre o público, namentres se desenvolvía un acto que había rematar cuns petiscos en amizade nun restaurante da rúa de Abaixo:

«Segundo o método de Karl Lachmann (1793-1851) haveria três operações fundamentais na reconstrução dum texto. A *recensio* (a), ou fase de recolhida de todos os testemunhos da tradição, atrás a qual, e mediante o método comparativo, é possível chegar a saber que relação se deu entre eles e mesmo reconstruir o modo em que entraram em contacto. A *emendatio* (b) tentaría chegar a uma conclusão sobre os erros e as diferentes variantes, para lograr assim um arquetipo que nos levaría directamente ao provável original, a *constitutio textus* (c). O trabalho com um cancionero, é sempre uma labor de comparação e limpeza, já que cada leitura se converte numa atualização do registro.

»O investigador tem de saber que na cadeia de custódia que vai desde o informante até o neo-utente do objeto folclórico, há sempre uma perda de informação difícil de recuperar. Aquele velho axioma de que toda transcrição é uma traição, segue a ter sentido, por mais que se aperfeiçoaram os métodos de escritura musical. A primeira pergunta seria se o que se reproduz num cancionero tem a ver com o que o informante estava a cantar. A personalidade do coletor converte-se

num primeiro filtro. A sua formação musical, a sua capacidade, na era antefonográfica, de tomar melodias ao ditado, os seus prejuízos tanto musicais quanto morais, as condições medioambientais das recolhas e tantas e tantas outras circunstâncias. Logo estaria a perícia dos copistas ou dos impressores para editar todo o que o coletor foi acumulando. Por último, os investigadores acedemos a um material cujo estado de conservação não sempre é o ótimo, está mutilado, descontextualizado, fragmentado, etc.

»Desde o ponto de vista do bibliófilo, no caso de *Ayes de mi país* estamos ante o melhor dos cenários possíveis. O autor é uma personalidade no mundo da cultura da Galiza e da sua obra literaria e filológica há uma considerável bibliografia posto que se lhe tem rendido tributo com a celebração no seu nome do Dia das Letras Galegas de 1970. Do texto em questão, *Ayes de mi país*, contamos com um manuscrito autógrafa e dois apócrifos, varios fragmentos autógrafos mais, e uma considerável tradição indireta.

»Dado que posuímos um manuscrito autógrafa que consideramos como o *original*, a dúbida está em que criterio seguir para a edição do mesmo.

»A sua parte literaria foi já publicada pelos biógrafos de Marcial Valladares pelo que optamos por uma edição diplomática. Transcrevemos as quadras tal como aparecen no original, coerentes na sua grafia com a ideologia linguística que o autor possuía na altura e que posteriormente abandonaria.

»Com as partituras consideramos imprescindível a edición do fac-simile, toda vez que como álbum fica a dia de hoje inédito, e porque se trata duma obra original duma grande singularidade temporal, pois foi escrita, como



Portada d'As  
deusas do  
Calvario, de  
Francisco  
Antonio Vidal,  
libro editado  
por Toxosoutos.  
Foto: La Voz de  
Galicia

comprovaremos no transcurso do nosso estudo, em 1865 de punho e letra do seu autor, o que a situa na pré-história da bibliografia etnomusical galega ao tempo que a converte num autêntico tesouro, património histórico-artístico do nosso país.

»Mas, como em todo manuscrito, há espaço para a interpretação. Mediante a análise das peças, em si próprias e comparando-as com o resto dos testemunhos diretos e indiretos do Ayes... pode-se chegar a um *bont manuscrit*. A nossa edição crítica, quer achegar ao leitor uma partitura atualizada, depurada de erros, asseada antes de ser apresentada em público.

»Para atrever-nos a pôr em papel esta edição crítica coletamos não só as diferentes variantes de cada número do Ayes..., senão que além disso, pusemos de baixo do microscópio cada uma das criações musicais de Marcial Valladares, escassas, mais igualmente pertinentes. Tratou-se de chegar a compreender todo o que tem a ver com o processo criativo, *nível poético*, que leva a um autor a utilizar um modo determinado de expressar-se. Existe um estilo, um *usus escribendi*, uma linguagem que tem a ver com a época, os gostos estéticos, a função ou os recetores a quem se destina o produto.

»Para esta reconstrução faz falta uma múltipla perspetiva que aúne história, musicologia, linguística, estética e um grande etcétera difícil de abranger. O que nós estamos a oferecer é simplesmente uma proposta interdisciplinar elaborada desde a honestidade e o trabalho constante e desinteressado de muitos anos.»<sup>3</sup>

3 Texto da Introducción de *Ayes de mi País. O cancionero de Marcial Valladares*, Dos Acordes, 2010.



## SEGUNDO PEIRAO

**Casa do Mar de Palmeira.**

**Venres 26 de novembro de 2010**

Era finais de novembro, a fin de semana que antecedía á da presentación do *Anuario*, cando arribamos ao porto de Palmeira, logo de ter deixado o de Rianxo un mes antes, pero non sen o ben editado e mellor documentado *Ayes de mi país* debaixo dos nosos brazos.

Nun serán que se esvaecía tranquilo e frío, de máis inverno que outono, guiounos a intuición e decidimos aparcar á beira do mar, descoñecendo que a Casa do Mar de Palmeira estaba un chisco arredada deste, polo que tivemos que subir andando aínda un bo treito ata dar co punto de encontro. Alí atopamos un auditorio ategado de palmeirenses, algúns ribeirenses doutras parroquias e os barbantios máis fieis. Non había cadeiras abondo para



Veciños, amigos do escritor e socios de Barbantia ateigamos as butacas do salón de actos da Casa do Mar de Palmeira. Foto: La Voz de Galicia

que sentasen todos os asistentes. Así dá gusto —pensei, namentres ocupaba o meu pequeno espazo, apoiado nunha das columnas do salón de actos—. *As deusas do Calvario* era o libro; Francisco Antonio Vidal, o autor. Estabamos na súa terra, polo que nos sentiamos máis convidados que anfitrións, a pesar de que a organización do acto corría a cargo de Barbantia, en coordinación co Ateneo “Valle-Inclán”, e mais co Concello de Ribeira. Por iso se achaban no centro do escenario, acompañando o autor, Rosa García e Vicente García: a primeira, presidenta do Ateneo; o segundo, Tenente de Alcalde e concelleiro de Xuventude e Turismo. A carón deles tamén figuraban Xesús Laiño e Plácido Betanzos, ambos os dous socios fundadores da Asociación. Porén, a presenza de Plácido como presentador e condutor da escena debíase, sobre todo, á súa dobre condición de palmeirense, e amigo do escritor. El foi o primeiro en falar, e da súa boca fluiron as verbas máis agarimosas cara a Fran, que así o chaman os que o queren: “Fran é unha persoa tan boa que cre que todo o mundo

é coma el”, dixo, despois de presentar os demais protagonistas da escena. Axiña meteu Plácido a Francisco Antonio Vidal e o público no peto, cousa que consegue a miúdo; só ten que aproximarse alumeando cos ollos e apertarte cun dos seus fraternais abrazos para gañar para sempre a túa confianza. Telo coñecido foi outra das moitas beizóns que me trouxo Barbantia.

Se cadra non adobiadas de tanto entusiasmo, pero tamén cheas de afecto e sinceridade foron as verbas de Suso, Rosa e Vicente. Unha delicia, coma sempre, escoitar a Laiño, que nos convidou a gozar das pasaxes que compoñen o libro, “por seren de lectura moi fácil e non daren pé á escusa de que non temos tempo, xa que a obra está estruturada en historias curtas”. Pequenas historias que son como os retallos dos que a vida está feita, parafraseando as verbas da señora Antonia, unha das heroínas da novela da que tamén se lembra Pilar Ponte na crítica que publicara da obra no suplemento



*Faro da Cultura de Faro de Vigo*, o 23 de setembro de 2010:

«*As deusas do Calvario* é o fermosísimo título da oitava novela de Francisco A. Vidal, prolífico narrador, xornalista e ensaísta que nesta ocasión nos ofrece un texto que se move entre a novela social e a novela de protagonista heroica a través de textos fragmentarios que a xeito de crebacabezas debemos de ir compoñendo ao longo da lectura.

»Xa ao comezo da obra nos situamos xeograficamente no polígono de Sabón e na costa de Oseiro, pertencentes ao concello de Arteixo nos arrabaldes da Coruña, desde ese momento inicial convertida na CIDADE con maiúsculas. E así, como o autor non aspira só a contar unha historia, senón tamén a nos explicar a configuración da cidade e a súa forma de existir, intercala unha serie de oito textos denominada Teoría da cidade onde desprega abertamente a súa condición de etnógrafo. A urbe aparece convertida nunha forza destrutiva capaz de acabar en poucas horas cos fortes e mañosos brazos dos homes e de transformar as tensas peles de doncela en doncelas deslucidas. Unha estrutura de círculos concéntricos de forza atraente de carácter centrípeto serve para explicar como desde os máis afastados arrabaldes os integrantes de cada círculo aspiran a formar parte do círculo seguinte ata formaren parte do “centro centrísimo” que se corresponde co centro xeográfico e económico identificado coa felicidade.

»Vidal converte o arrabalde en barrio e realiza un retrato fiel das forzas que nel interactúan pola altura dos anos setenta. Trátase dunha narración crúa, sen eufemismos, na que dá conta da complexa engrenaxe que fai funcionar ese microcosmos-barrio. Un lugar habitado por esas deusas do Calvario que lle dan título

á obra, mulleres sufridoras, incomprendidas, vítimas de diferentes circunstancias que as condenan a traxedias onde se impón o silencio.

»Como di a señora Antonia, unha das heroínas da novela, “a vida está feita de retallos [...] dependendo da costureira, con eles pódese facer un farrapo ou o vestido dunha noiva”, estas palabras actúan como máxima e cada un é quen de trazar o seu camiño. Así uns no barrio conseguen salvar o chanzo da marxinalidade e ascender socialmente mentres que outros esmorecen por vieiros errados que só conducen á dor. Alí atopamos a Inés e a Sabela, e acompañámolas no seu camiño, a unha desde a “princesa de la boca de fresa” de Sabina ata un cadáver de trinta e tantos no encoro e a outra ata os salóns etiqueteiros das donas de obras de beneficencia, e a Antonia maltratada e a Moncha nai sufridora. Vidal xuntou os retallos e confeccionou un fermoso mantelo feito de abelorios de negro loito para o noso goce lector.»

Foi o da celebración da saída do prelo d’*As deusas do Calvario* un acto que remataría co convite, por parte do Concello, a uns petiscos alí mesmo, na Casa do Mar de Palmeira. En tanto os compartimos, as conversas xiraban arredor do escrutinio dos votos dos Premios Barbantia 2010, que fixeramos no salón de actos onde se desenvolveu a presentación. A votación resultara axustada, mais, ende ben, non houbo empate, polo que, decontado, collín o teléfono e dispúxenme a comunicarlles a nova aos tres galardoados: o teólogo Andrés Torres Queiruga, o músico Pepe Romero, e a Coordinadora dos Equipos de Normalización Lingüística do Barbanza. Xusto unha semana máis tarde, o venres 3 de decembro, baixo a eterna cúpula do Atlante de Baroña, cita-



riámonos con eles, para entregarlles os ben gañados sereos de bronce.

## TERCEIRO PEIRAO

**Casa da Cultura de Porto do Son.**

**Venres 3 de decembro de 2010**

Só tres puideron ser os elixidos, só tres os gabados e aplaudidos aquela noite a carón do mar encrespado de Porto do Son, pero calquera dos demais candidatos sería un digno herdeiro dun recoñecemento —o sereo de Barbantia— que xa figura nos andeis, no currículo e na intrahistoria de Isaac Díaz Pardo, Xesús Santos, a Asociación Artesá e Etnográfica “O Faiado”, Alfonso Costa, Manuel Dourado Deira, O Museo Etnográfico de Artes, Xosé Luís Axeitos, Xosé Ramón España e o Grupo de Teatro “Airiños”. Ou quen que coñeza un chisco da cultura barbancesa non convén comigo no labor inmenso que tamén realizan colectivos como a Casa da Gramática, o Liceo de Noia e o Ateneo “Valle-Inclán” de Ribeira; ou persoas como Xoán Mariño, Manuel Mariño, Paola García, Xosé Ramón Barreiro, Eva Veiga e Soledad Penalta. Mágoa non contar cunha ducia de sereos para podermos agradecer con eles a traxectoria de todos os nominados.

Non son acólito das mentiras, así que debo afirmar que non lembro o que dixeron no monólogo do inicio da velada da entrega dos sereos, ao socairo da presenza numerosa dos socios de Barbantia, pero aínda que a memoria non me traizoase, non tería a pouca humildade de verter aquí o propio discurso. Pola contra, prefiro traer as verbas que escribiu Xosé

Ricardo Losada no limiar do *Anuario de Estudos do Barbanza 2010*, volume que, como é habitual, presentamos o mesmo día da entrega dos sereos, e no cal, á parte dun entretido e filosófico cotexo da nosa asociación con outra célebre, xa histórica, institución cultural da Ría da Arousa, o Ateneo do Ullán, podemos ler, nos parágrafos finais, os títulos de todos os traballos que compoñen o libro:

### **Barbantios e atenienses**

«O Ateneo do Ullán nace en Catoira en 1961 con dous presidentes, o crego e poeta de Isorna Faustino Rey Romero e o procurador e poeta de Catoira, con residencia en Madrid, Baldomero Isorna. A sede social é a cantina da estación da Renfe. O pintor Carlos Bóveda deseña o emblema. Como ten dificultades para conseguir papel de calidade, pinta nun papel de saco de cemento tras limpalo e pasarlle o ferro. Mide oitenta por corenta centímetros. As Torres do Oeste, baixo o nome da asociación, é o motivo principal. Póñenlle como marco unhas follas de loureiro e colócano na cantina da Estación de Catoira, onde estivo moitos anos. Un dos membros fundadores reflicte ben o espírito do Ateneo: É unha creación eutrapélica dos poetas do Ullán. (*Eutrapélico* significa, e non casualmente, *virtude de quen modera o exceso de diversións e entretemento*). Faustino Rey Romero define o obxectivo do Ateneo dun xeito máis formal: *Pretende ser unha entidade literaria, un vínculo coordinador de cantas inquietudes xurdan nunha comarca de ilustres resonancias poéticas*. As charlas de ingreso son en Casa Emilio. Sardiñadas, albariño e versos.

»Nunhas condicións moi precarias, percorren toda a comarca buscando restos de cultura material e inmaterial; recollen refráns, alcumes, coplas, ditos,



De dereita a  
esquerda, Xesús  
Laíño, X. Pastor  
Rodríguez,  
Ramón Quintáns  
e Manuel Cartea.  
Foto: La Voz de  
Galicia



lendas; organizan ciclos de conferencias de temática moi ampla (*A saudade*; *A crise actual dos nosos balnearios*; *O deporte literario*) nun salón cedido polo taberneiro Emilio Rodríguez; crean unha biblioteca dirixida por Varela Jácome, cun consello de redacción (virtual) no que están, entre outros, Carballo Calero, Rafael Dieste, Alonso Montero e Camilo José Cela. Teñen en capela varias obras pero só publican unha, *Poema das materias sagras*, de Faustino Rey Romero. Que ninguén pense mal. A pesar de ser o presidente, ten que pagala do seu peto.

»O Ateneo ten unha curta existencia pero aínda hoxe persiste un resto importante do seu labor. A Romaría Viquinga de Catoira, auténtico éxito internacional na actualidade, a nivel turístico e económico. Máis de dez mil romeiros acoden ás ribeiras do Ulla. A idea xorde no Ateneo do Ullán co obxectivo de reivindicar a historia e a tradición propias de Galicia, neste caso as invasións viquingas e normandas da Idade Media, e fomentar celebracións laicas que devolvan a dimensión social que as festas tiñan na súa orixe.

»Esa é a historia do Ateneo. A moitos estudosos parécelles irrelevante. Un

grupo de amigos que disimulan as ansias de esmorga cun disfraz intelectual e galeguista. Tiveron o seu aquel, si, pero ningunha transcendencia. Nin destacaron pola oposición ao franquismo, nin polo seu rigor intelectual. Mediocridade, esa é a palabra que mellor os define. O grupo Galaxia. Brais Pinto. Eses si merecen unha tese doutoral. O único substancioso do Ateneo son as anécdotas.

»Non estou de acordo. Esas críticas non parecen decatarse de que as anécdotas do Ateneo son substanciosas porque poden converterse en categoría. En categoría humana, non intelectual ou política. Acepto que grupos como Galaxia ou Brais Pinto tiveron maior transcendencia para a historia de Galicia que o Ateneo. Acepto tamén que os seus membros tiveron maior mérito intelectual e político. Pero non acepto que aqueles que vivimos a pé de obra da Cultura despachemos con condescendencia paternalista unha asociación cuxo espírito, mutatis mutandis, está máis próximo ao noso que o de Galaxia ou Brais Pinto. Galaxia e Brais Pinto nacen nunhas condicións excepcionais e responden dunha forma excepcional (elitista: non había outra alternativa) a esas circunstancias. Galaxia



convertendo a cultura nun proxecto interclasista de reforma. Brais Pinto, nun proxecto político de ruptura. Non poden ser, por conseguinte, o referente dunha asociación como Barbantia. Barbantia nace, como o Ateneo, por xeración espontánea, da máis pura vida cotiá. Non é filla dun Momento Histórico. É moi fácil identificarse agora con Galaxia ou Brais Pinto, e imaxinar que se estivéssemos naquelas circunstancias tamén nos xogaríamos a reputación (caso de Galaxia), ou a liberdade persoal (caso de Brais Pinto). Craso erro, só rendible para quen quere construírse un currículo á súa medida. Eu non sei como reaccionaría se vivise naqueles anos de ditadura. Se me limitaría a ser un cidadán anónimo ou se pertencería a algún dos tres grupos culturais que estou mencionando. E como non o sei, obrígame a pensar que actuaría como actuou a maioría. Homenaxeos os heroes da resistencia cultural ou política pero véxome reflectido no común dos mortais. A falta de mellores argumentos, invoco a estatística.

»O ano que vén o Ateneo do Ullán cumprirá cincuenta anos. Barbantia cumprirá sete. Así como a anatomía comparada foi clave para coñecer a evolución da vida no planeta, quizais tamén o sexa para coñecer a evolución da cultura na bisbarra (e para decatarnos do que temos, e da necesidade de apuntalar o que temos) comparar dúas asociacións culturais que se moven nun ámbito xeográfico similar, pero nun medio social, político e económico moi diferente:

»O Ateneo é creado por un crego e un procurador; Barbantia, por un funcionario. O Ateneo, que só traballa no verán, ten a sede nunha cantina privada; Barbantia, que só descansa no verán, nun Centro Social público. O obxectivo do Ateneo é literario; o de Barbantia, multidisciplinar. O emblema do Ateneo (as Torres do Oeste)

baséase, nunha época de escaseza, nun feito histórico; o de Barbantia (un *sireno*), nunha época de fartura, nun feito mitolóxico. O símbolo do Ateneo obxectívase nun papel de saco de cemento; o de Barbantia, en bronce. O escudo do Ateneo preside partidas de brisca e tute dominadas por persoas marxinais, como o Tiru Liru e Pedro o Montañés; o de Barbantia, solemnes cerimoniais presididas por alcaldes, conselleiros e presidentes de Deputación, nas que se premian persoas relevantes. As actividades do Ateneo celébranse nun salón de vodas, pero non teñen seguimento mediático; as de Barbantia en funcionais auditorios municipais, pero incluso teñen crónica rosa. Os *atenienses* escriben privada e caoticamente na prensa de toda Galicia; os *barbantios* de forma colectiva e organizada nun suplemento cultural dunha edición comarcal do periódico máis importante da Comunidade. O Ateneo entende por comarca a ría de Arousa e as Terras de Iria e do Ulla; Barbantia, o Barbanza e as rías de Muros e Noia. Ao Ateneo apaixóalle o loureiro; a Barbantia as flores. Os premios do Ateneo decídense por decreto; os de Barbantia, democraticamente. Os *atenienses* son capaces de facer un chiste da palabra *eutrapélico*; os *barbantios* non saberíamos usar esa palabra sen darlle un aceno doutoral. Os socios do Ateneo poñen cartos do seu peto; os de Barbantia pagamos cota. Para ingresar no Ateneo hai que saber recitar uns versos ao tempo que tomas albariño e sardiñas; para ingresar en Barbantia, dar o número de conta bancaria e o correo electrónico. As conferencias do Ateneo son vivas, extensas e, nunha época de paz romana, polémicas; as de Barbantia, rituais, medidas e, nunha época de enorme polarización política, planas. Os *atenienses* crean unha biblioteca platónica cunha única obra real e centos de copias imaxinarias; Barbantia, unha biblioteca aristotélica: obra





proxectada (mesmo con música), obra publicada. A edición dos libros do Ateneo, incluso os imaxinarios, é pobre de solemnidade; os libros de Barbantia, sobre todo os imaxinarios, teñen unha alta calidade de edición e deseño. O Ateneo non consegue que ningún concello publique os costumistas poemas de Brea Segade, un autor local; Barbantia consegue axuda de concellos, Xunta, Deputación, e dunha empresa privada, para publicar a obra dun escritor foráneo e antisistema: Anxo Rei Ballesteros. O Ateneo, para romper a endogamia, crea, con lóxica coherencia, a Romaría Viquinga; Barbantia, para romper a endogamia, crea, con lóxica paradoxal, o Encontro de Creadoras. Os actos do Ateneo rematan en ceas a escote; os de Barbantia, en petiscos. Ás conferencias do Ateneo van, en barca e tren, dez persoas; ás de Barbantia, en coche particular, máis de cen. O Ateneo só ten *atenienses*; Barbantia, *barbantios* e *barbantias*. O Ateneo considera as ceas e comidas parte da actividade cultural da entidade; Barbantia, parte da actividade social. Os *atenienses* fomentan fama de bohemios; os *barbantios*, de persoas

formais. O maior logro do Ateneo, a base de improvisación e retransmisión, é a Romaría Viquinga; o maior logro de Barbantia, a base de planificación e academicismo, o Anuario. O Ateneo durou tres anos, o tempo medio que, aínda hoxe, sobrevive unha asociación cultural desas características; Barbantia xa dobrou esas expectativas de vida.

»Este é o sexto anuario. Repasemos o índice. *Guerra e represalia. O incendio de Muros no 1809; Román Martínez de Montaos: A Pobra do Deán e a vila do Caramiñal; De Padrón a Muros. A represión educativa e cultural (1936-1950); A Tenencia de Boiro; Consideracións sobre o pastoreo tradicional na Serra do Barbanza; Simboloxía dos elementos ornamentais dos hórreos da península do Barbanza; A suite rianjeira; A actividade coral en Boiro; A nova economía verde; Anxo Rei Ballesteros na Pobra; Os sonhos e as razóns. Reflexións en base aos libros de Novoneyra para a infancia; O avogado enfeitizado; Unha estada no inferno; Publicacións no Barbanza e Achegádevos a esta praia!* Canto gozarían os membros

Os galardoados:

Miguel Louzao, en representación da Coordinadora dos Equipos de Normalización Lingüística; Pepe Romero e Andrés Torres Queiruga.  
Foto: La Voz de Galicia





do Ateneo cun libro así. Podo imaxinar o orgullo de Faustino Rey Romero comprobando nun libro como este as similitudes entre a súa asociación e a nosa. Defensa do idioma e a cultura galega. Pluralismo. Interclasismo. Transversalidade profesional. Reivindicación do próximo. Compromiso co progreso da bisbarra. Coordinación de inquietudes culturais. Visión do global desde o local. Busca do que une máis que do que separa. Potenciación do traballo creativo. Galaxia e Brais Pinto.

»Superadas as circunstancias excepcionais, os heroes non deben converterse en deuses senón en simples mortais.»

Así comeza o *VI Anuario de Estudos do Barbanza*: unha obra de 425 páxinas que, prologada polas verbas do entón aínda secretario, remata, como é costume, co colofón dos nomes de todos os que formamos parte de Barbantia, máis de 280 persoas e entidades que non pararemos de traballar e gozar coa nosa lingua e coa nosa cultura, mentres nos queden folgos, patrimonio que coidar, partituras que compor, historias que narrar, versos que escribir, lenzos que pintar e nos queden persoas e colectivos aos que render tributo, como en 2010 ocorreu con Andrés Torres Queiruga; Miguel Louzao, en representación da Coordinadora dos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística do Barbanza; e mais Pepe Romero. Tres premiados que acudiron puntuais á cita, acompañados dos seus familiares e amigos, e que ficaron sentados en primeira fila, ao acubillo do Atlante de Alfonso Costa, á espera de seren chamados para recibiren de mans do alcalde Xoán Pastor Rodríguez Santamaría cadanseu sereo, a xa emblemática estatuíña creada por Manuel Teira sobre o deseño orixinal de Fran Blanco Alcaide.

Dos tres se debuxaba no rostro a ledicia e a gratitude polo recoñecemento ao esforzo no eido cultural e mais ao pouso que deixan. Pero tamén dos tres agromou a preocupación pola situación do idioma e a deriva da nosa cultura. “Entre os rapaces máis novos, dende hai algúns anos –comentaría Miguel Louzao durante a súa intervención–, asistimos a unha alarmante mengua de galegofalantes.” E aínda que os tres fixeron senllas alusións ao labor de Barbantia, van permitirme que, para non resultar pimpante nin falto de modestia, non reflecta neste capítulo esas palabras, e remate facendo unha efémera alusión á cea de confraternidade que varias dúcias de socios celebramos á finalización do acto nun restaurante da vila, non sen antes agradecer a atención que o daquela alcalde de Porto do Son, Xoán Pastor Rodríguez, puxo en que a grande festa barbantíá transcorrese axeitadamente, así como o traballo encomiable, eficiente e impagable de Manuel Cartea, que ao longo de xa moitos anos asume a coordinación do *Anuario de Estudos do Barbanza*.

## CUARTO PEIRAO

**Ateneo “Valle-Inclán” de Ribeira.**

**Venres 17 de decembro de 2010**

Dende que abandonamos Porto do Son, pasaron só dúas semanas ata que recalamos no seguinte peirao. Atrás deixabamos as augas abertas do Fonforrón, Baroña ou as Furnas, toponimias de fonética tan penetrante coma o urro do mar no que se mergullan, para buscar protección nas un chisco máis mainas do peirao de Ribeira. Tan pronto como



desembarcamos, refuxiámonos da choiva xeadada no Ateneo “Valle-Inclán”, situado no andar superior do *Bar Plaza*. Eu fun dos últimos en entrar, polo que non atopei acomodo en ningunha cadeira da sala onde se ía desenvolver a escena, así que decidín ficar á espreita nos chanzos finais das escaleiras. Unha posición idónea para observar os actores protagonistas: Antonio Piñeiro e Xabier López Marqués, que comezaron o acto recitando algúns versos do *Caderno de Ponza*, o libro que se ía presentar. Entre os dous, senllas copas de viño tinto. Un feixe de publicacións da Colección Bourel sobre unha mesa de pequenas dimensións ocupaban o centro do escenario. Foi entón que tomou a palabra Xabier, tradutor, profesor e poeta, xusto no intre en que sentín o vibrador do meu móbil no peto. Baixei amodo algúns chanzos, procurando non molestar, e atendín a chamada. Era urxente. Tanto, que me vin na obriga de abandonar axiña o meu sitio nas escaleiras do Ateneo e marchar. Dous días despois, o primeiro que fixen logo de me erguer e almorzar foi mercar o xornal para botarlle unha ollada á crónica dunha presentación que, ende mal, non puiden acabar de atender.

### «Barbantia e o poeta Xabier Marqués propoñen unha viaxe á idílica illa italiana de Ponza»

»O acto que o colectivo cultural Barbantia realizou no Ateneo Valle-Inclán de Ribeira o venres converteuse nunha auténtica viaxe a un destino, cando menos, idílico. Guiados polos versos que Xabier Marqués plasmou na súa obra *Caderno de Ponza*, os asistentes á presentación do libro -que incluíu un recital a cargo do propio autor e de Antonio Piñeiro, editor do volume-

percorreron as luminosas paisaxes da illa italiana de Ponza.

»Piñeiro foi o encargado de actuar como mestre de cerimonia e de facer unha breve introdución sobre o contido dunha obra que “custou sacar adiante. Hai case dous anos que iniciamos este traballo e neste tempo houbo que ir sorteando unha serie de obstáculos ata chegar aquí”.

»De seguido, comezou a lectura dos textos, que as persoas que ateigaban o Ateneo seguiron expectantes, mergullándose nun relato que os levou a paraxes descoñecidas que Marqués percorreu durante a súa estada na illa de Ponza e que, a vulgar polas palabras do poeta, semellan paradisíacos.

»*Caderno de Ponza* é, ao igual que todos os da Colección Bourel, unha pequena xoia literaria, un libro feito de xeito artesanal e con unha edición limitada a un cento de exemplares. Ademais, desta volta, quen se faga cun dos volumes levará tamén un gravado obra de Piñeiro.

»Ademais de para presentar a última obra saída da factoría Bourel, o acto apadriñado por Barbantia serviu para que Piñeiro montase unha exposición que recollía os traballos realizados no marco desta colección.

»“Hoxe presentamos un libro de viaxes, e aquí temos outra viaxe importante”, comentou en alusión ás obras espalladas enriba dunha mesa, antes de engadir: “Aquí está o traballo dunha gran cantidade de artistas dun alto nivel que me deu a oportunidade de adentrarme nun mundo tan fantástico coma difícil”. A improvisada mostra incluía tanto os volumes artesanais editados por Bourel coma gravados e ilustracións: “Non teño palabras para agradecerlle á xente que



con tanta xenerosidade me axuda a facer este traballo”.

La Voz de Galicia, edición Barbanza.  
19 de decembro de 2010.

## QUINTO PEIRAO

**Salón de Plenos do Concello de Boiro.**  
**Venres 28 de xaneiro de 2011**

Arredándose tras o ronsel de Barbantía as ondas do mar de Ribeira, puxémonos rumbo á baía de Boiro, a onde chegamos o último venres do mes de xaneiro. Por mor do frío intensísimo que traía o vento do norte, decidimos “pairar” un intre antes de *barbantizar*, primeiro n’Os Dous de Sempre, e despois no Castelaio, que ben poderían pasar por nomes de colexios, bibliotecas ou librarías en calquera outro lugar de Galiza, pero que en Boiro son bares.

Como xa nos demoramos algúns minutos no atraque, apenas tivemos tempo de quentar o corpo con dous cafés antes de acaroármolos no salón de plenos do Concello, onde íamos asistir a unha sesión plenaria de carácter extraordinario cun só punto na Orde do Día: o Pazo de Goiáns. Ausentes o alcalde e os concelleiros, unha corporación cultural composta por catro membros protagonizaba a sesión: Antón Riveiro Coello, Xesús Laiño, “Queté” Vázquez Lijó e Xulio Gutiérrez Roger. Dos catro, tres eran nomes moi familiares, tanto para a tripulación de Barbantía coma para as varias dúcias de pasaxeiros que nos acompañaban, mentres que o historiador “Queté” Vázquez Lijó actuaba por primeira vez nunha das

nosas escenas. Se cadra, dos catro, el era o mellor coñecedor da historia e das historias do Pazo. No entanto, os demais actores tamén coñecían a fondo o Pazo de Goiáns: Antón Riveiro visitáralo varias veces para inspirarse na narración d’A voz do lago, con María Mariño de protagonista; Xulio Gutiérrez estudara a riqueza botánica da finca<sup>4</sup>; e de Xesús Laiño que dicir... De todas as persoas que coñezo é a que máis libros leu.

Da mesa redonda, que se alongou non máis dunha hora, xurdiron algunhas ideas dos usos que podería ter o Pazo, recentemente adquirido polo Concello. Ideas concretas, si, que logo se incluírían nunha folla de ruta; pero, sobre todo, ideas esenciais, orientativas do camiño a seguir: “Queremos que o Pazo estea vinculado ao feito cultural, e non se limite unicamente ao eido turístico. Nós preocupámonos pola recuperación física do edificio, pero tamén polo contido que terá e o uso que se lle vai dar”, dixo Antón Riveiro Coello; palabras ás que engadiu: “A poboación non tivo acceso á Torre de Goiáns, e polo tanto non está unida a ela. É preciso crear un vínculo para que os boirenses sintan o Pazo como algo propio”, un aspecto no que cadraron os demais intervenientes. De entre os catro, o que máis dúbidas aclarou sobre a historia do edificio e da finca foi “Queté”, pois estaba traballando nun libro que aínda non saíu do prelo, e que afonda no xa relatado polo propio autor nun artigo publicado no xornal La Voz de Galicia, edición do Barbanza, o 11 de decembro

<sup>4</sup> A presenza de Xulio Gutiérrez na mesa redonda, ademais, xustificábase por ter participado na recuperación do Castelo de Santa Cruz, actual sede do CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia), no concello de Oleiros.



de 2010, e que por ser de sumo interese transcribo deseguida, adiando as ideas persoais sobre os usos que podería ter a emblemática construción, co desexo de que o novo grupo de goberno non se esqueza da importancia que ten o Pazo de Goiáns para o pobo de Boiro.

«As pedras falan, e non sempre ben, dos seus donos. Para o común da xente, as da fortaleza e casa solarenga de Goiáns non din moito. O seu mal estado actual non debe levarnos ao erro de minusvalorar o seu valor patrimonial, que é moi notable, e particularmente para Boiro, que non está sobrado de monumentos de antano. Por iso, aplaudo que este gran conxunto de inmobles recentemente teña pasado a ser propiedade municipal, e que exista vontade de rehabilitalo e abri-lo ao público. Creo que é oportuno e moi necesario recuperar a memoria deste pazo, dar voz a esas pedras. É o que me propoño nos seguintes parágrafos, recorrendo a documentación histórica, outro ben patrimonial

moi descoñecido, pois incluso estando ben atendida por mans expertas, en centros cun réxime e horario de visitas moi amplo e cómodo, moi poucos saben nin tan sequera da súa existencia.

»Valinme de papeis do antigo arquivo do pazo de Goiáns para desempeñar un pouco o seu pasado e sacar á luz retais da vida e obra (milagres non coñezo) dalgúns dos seus moradores, cuxo influxo e poder traspasou amplamente os umbrais dos cotos de Goiáns (parroquia de Lampón) e San Paio de Carreira, que señorearon durante o Antigo Réxime. Un deles, D. Juan Varela Caamaño y Sotomayor, nas décadas de 1620 e 1630, comandou as milicias do amplo distrito da chamada terra de Postmarcos, e, polo tanto, tivo alta responsabilidade na defensa das costas do Barbanza fronte ás incursións dos corsarios berberiscos, causantes, precisamente, por aqueles anos, da despoboación de Sálvora, illa vinculada por morgado de modo indisoluble ao señorío de Goiáns desde 1552. Outros fidalgos

O público ateigou o salón de plenos do Concello de Boiro na mesa redonda titulada "Pazo de Goiáns: patrimonio histórico, cultural e medio ambiental". Foto: La Voz de Galicia





nados no pazo ou criados e educados grazas ás súas rendas, acadaron relevantes postos servindo a Deus ou aos Borbóns durante o século XVIII. Para mostra as carreiras dos fillos de D. Juan Antonio Caamaño y Varela, rexedor perpetuo da cidade de Santiago, señor de Goiáns, ademais doutros morgados, e xenro dos condes de Amarante. Joaquina ascendeu en 1797 a abadesa de San Paio de Antelatares, o principal mosteiro feminino de Galicia. Moito antes, en 1758, a súa irmá María Teresa casara co nobre estranxeiro ao servizo da Coroa española, o Conde de Lacy, ministro plenipotenciario en Rusia, conselleiro de Guerra e, ao final dos seus días, Capitán Xeneral de Cataluña. En canto aos varóns, o primoxénito D. Jorge Camaño y Gayoso tivo rango de tenente xeneral dos reais exércitos, e o seu irmán Vicente, que o sucedeu en 1772 como señor de Goiáns, foi baillío da orde de San Xoan de Malta, e director do corpo de pilotos do departamento naval de Ferrol, onde obviamente fixou o seu enderezo. Mentres este fixo carreira na Armada ata chegar a brigadier, o seu irmán José, verdadeiro políglota, foi diplomático. Secretario da embaixada de Lisboa e despois ministro plenipotenciario ante os cantóns suízos, estes e outros méritos valéronlle un hábito de cabaleiro de Santiago e o grao de tenente xeneral dos exércitos de Carlos IV.

»No Barbanza daqueles séculos foron moi poucos os que souberon destes brillos e honras, inalcanzables para os que carecían de bo berce. A gran maioría das familias que vivían nesta comarca, modestos labregos e pescadores iletrados, nin tan sequera oíran falar de Rusia nin de Malta nin de tantas outras terras lonxanas representadas nos mapas que formaban parte da biblioteca da casa de Goiáns. Ademais de material cartográfico e de diferentes mazos de romances e gacetas, esta librería contaba en 1772 con máis

de 150 títulos. Xunto ás habituais haxiografías e crónicas de personaxes ilustres (*Armas y triunfos dos galegos*, glosados por Fr. Felipe de la Gándara, compartía andel cunha *Vida de los Zares*), e ás sempre presentes guías para coidado da alma (*Retiro espiritual*, os exercicios de San Vicente Ferrer, catecismos, etc.) non faltaban clásicos gregos e latinos (Esopo, Virxilio, Horacio, Cicerón,...) e casteláns (Góngora, Quevedo, Santa Teresa, o *Guzmán de Alfarache*...), obras de historia e xeografía, algún tratado de urbanidade, as ordenanzas de Cabalería e as da Armada, dicionarios e gramáticas de francés e italiano, e manuais de agricultura, de comercio e de moeda. A decoración das moitas estancias da casa, quentadas con braseiros de bronce, non desmerecía nin en cantidade nin en calidade a estas letras impresas, como se constata nos inventarios realizados á morte dos seus donos. Vestían as paredes ducias de cadros, case todos de tema relixioso, sendo a excepción unha paisaxe con ruínas. A meirande parte do mobiliario era de castiñeiro, pero había alaceas, bufetes e mesas de caoba, *granadillo* e outras madeiras das Indias, onte e hoxe moi prezadas en ebanistería, e incluso unha cama de pau de rosa con colgadura de damasco. Tamén atopamos taburetes de baqueta de Moscovia, e cadeiras e un bufete de charol inglés (a imitación das lacas orientais de moda por entón), espellos con marcos de ébano, cortinas de sarga, un biombo pintado e un mosqueiro de seda italiana. En resumo, artigos de importación, caros e luxosos. E había prata, moita en moeda, outra sobre o mantel como servizo de mesa ou sobre o altar da capela do pazo, coa advocación de San Xurxo, xa construída en 1637. Estes bens reflectían o elevado status dos señores de Goiáns, que gozaron dunha alimentación privilexiada, simbolizada nas xícaras para tomar chocolate que



existían no pazo. Da súa variada e selecta dieta formaron parte, por exemplo, as os-tras do esteiro do río Coroño e os innume-rables pichóns e coellos que se cazaron en Sálvora, non sempre coa licenza dos seus donos. Puntualizamos isto, porque para o mordomo (case sempre un vasalo do coto de Carreira) da illa, repito que sen colonos dende a década de 1630, o con-trol riguroso dos seus recursos naturais foi tarefa imposible.

»Como era propio dos da súa condición, realizaron fundacións pías que farían valer cando rendesen contas con Deus. Xa no século XV eran patróns dunha ca-pela no templo parroquial de Santa Baia de Boiro, posiblemente a reedificada en época barroca, e que acolle a imaxe da Nosa Señora da Anunciación, talla do cé-lebre Miguel de Romay. Tamén exerceron o padroado da desaparecida capela de San Amaro, en Lampón, parroquia que foi da súa presentación; é dicir, elixían ao cura que normalmente serviu a casa como mordomo-administrador. No templo parroquial da Madalena fundaron dúas misas semanarias, pagaron en especies a función litúrxica de defuntos, e en diñeiro ornamentos e obras artísticas. Para per-petuar a memoria de tales obras, fixeron esculpir escudos nos muros e no altar maior que aínda hoxe perduran.

»Eran símbolos dun poder exercido no en-tanto se trataba de señores xurisdicionais e rendistas. Nomeaban os encargados de administrar xustiza en primeira instancia nos cotos de Carreira e de Goiáns; e, neste último, cada un dos veciños, como vasalos, tiña que traballar de xeito gratuíto para o seu señor tres días ao ano. Este era propietario dun muíño con catro moas en Ponte Goiáns, cuxas maquías anuais lle reportaban en torno a media tonelada de millo. Tiña casas aforadas na vila de Noia e en San Xán de Artes, e en aluguer unha en Escarabote e catro nas proximidades

da fortaleza, ademais dunha taberna n'O Carballal, onde se despachaba viño da colleita (1.700 litros en 1776) da granxa, denominación que recibía o conxunto das terras do solar amurallado onde se ergue o pazo. Nesta gran facenda rural, collei-tábase froita e sementábase fabas, pero os principais cultivos eran, ademais da vide, o millo, o centeo e a cebada. Dunha pequena área con sobreiras obtíñanse corchos e varios carros de leña, cuxo ex-cedente se vendía, ao igual que o do toxo, moi demandado como materia prima do esterco, logo de servir de cama ao gando.

»É ben sabido que a saúde do común dos pazos, dos mosteiros e doutras institucións rendistas, dependeu en gran medida da percepción de contribucións agrarias. Goiáns cobrou rendas en diñeiro e en especie (sobre todo centeo, en torno a cen galiñas, bastantes menos carnei-ros e contados *cuartillos* de manteca), pola cesión do útil de leiras dispersas, a maioría por Boiro (en Montaña, Piñeiro, Rosadelas, Sandrenzo, Cariño e un longo etcétera...), e outras n'A Pobra do Carami-ñal, Ribeira, Muros e Vilagarcía d'Arousa. Pero a economía desta casa fidalga presentou unha dobre singularidade, xa que durante os séculos XVII e XVIII, os seus donos obtiveron ingresos por explotación gandeira e por inversións en pesca e en tráfico marítimo. Sen dúbida, o citado D. Juan Antonio Caamaño era, en torno a 1750, o principal propietario e comerciante de gando de todo o Barbanza. Posuía nada menos que 357 cabezas, distribuídas entre as seguintes clases: 139 de vacún, 129 de ovino-caprino, 83 de mular, 6 porcos e unha potra. Por mor da riqueza dos seus pastos, Sálvora resultou fundamental para a cría e, sobre todo, para o engorde destes animais, que ou ben eran vendidos (machos e mulas, particularmente, a compradores casteláns) ou ben cedidos en aparceiría (moitas vacas, ovellas e cabras dábanse



Os protagonistas do acto: Xulio Gutiérrez, Antón Riveiro, "Queté" Vázquez Lijó e Xesús Laiño. Foto: La Voz de Galicia

á ganancia, expresión que sen dúbida lles soará aos menos mozos). Cara alí embarcábase o gando, con maior frecuencia e cantidade nos meses de verán, e de alí saía para ser obxecto de negocio ou para pastar en dous grandes peches de monte propiedade da casa de Goiáns: un en Cadarnoxo e outro en Inxerto, lugares das parroquias de Cures e San Fins de Ribasieira, respectivamente.

»Ademais de utilizar o manto vexetal de Sálvora para beneficiar a súa propia cabana, os señores de Goiáns tamén cobraron (quince reais ao ano por cabeza) polo aproveitamento que diferentes particulares fixeron deste recurso natural.

»Os seus negocios no mar reportáronlles maiores rendementos que a explotación gandeira. No inventario dos bens do señor de Goiáns efectuado en 1751 figuraron tres embarcacións pequenas e nove barcos de cabotaxe (cinco deles en copropiedade). O seu valor conxunto, incluído aparellos, regulouse en 28.500

reais. Todos os de tráfico, salvo un, estaban matriculados en Palmeira e no Caramiñal. O citado D. Juan Antonio Caamaño, ademais de percibir os quiñóns que lle correspondían, investira no comercio no que se empregaban, fundamentalmente con Portugal (daquela gran mercado da sardiña salgada da ría d'Arousa), 30.000 reais, máis da metade desta cifra a un interese do 10%.

»Un neto dese señor, D. Juan José Caamaño, futuro Conde de Maceda, foi fomentador pesqueiro no litoral boirense antes de herdar a casa de Goiáns. Ao tempo que fracasaba o seu plan para a repoboación de Sálvora, baseado na pesca de atúns cunha almadraza que non chegou nin a calarse, e se litigaba cos veciños do coto de Carreira pola propiedade e o usufruto da illa, este emprendedor armaba dous cercos de sardiña, un n'O Esteiro e outro en Loureda, cuxo produto, descontados gastos, superou os sete mil reais en 1792. Por entón, o valor das rendas anuais da casa de Goiáns rondaba os





40.000 reais. Estas cifras din algo máis se se ten en conta que daquela a ganancia media en bruto estimada para un pescador galego era inferior aos catrocentos reais ao ano.

»En suma, o poder da casa de Goiáns foi multiforme e moi presente no Barbanza do Setecentos. Nese século, o das Lucas, o capitán de navío D. José Benito Caamaño, movido pola súa crenza nos beneficios de aprender a ler e contar, fundou unha escola na parroquia de Lampón para dotar dunha instrución elemental aos fillos dos vasalos de dita casa. Afortunadamente, hoxe a nosa educación non llela debemos a filántropos, nin temos que render vasalaxe a nada nin a ninguén. Por iso estamos en condicións de demandar ás administracións, servidoras e non amos, que invistan na mellora da sanidade pública, unha conquista social nunca suficientemente valorada. Tamén hai outra saúde, a do espírito, cuxo coidado é responsabilidade de todos e que depende moi moito dunha oferta cultural ampla e de calidade, cuxo consumo nos fai pensar e gozar. Dando a coñecer o que significou e simbolizou o pazo de Goiáns, confío en axudar a que, nun futuro próximo, unha vez rehabilitado o seu continente, sexa dotado de contidos, entre os que oxalá teña gran presenza a cultura para iluminarnos e divertirnos, nestes tempos de tribulacións e incertezas.»<sup>5</sup>

E foi así que tras atender a “Queté”, Xulio, Antón e Laíño, impregnados da historia de Goiáns, do olor das súas carballeiras e flores de ribeira; da memoria da madeira, do bagullo prensado e do viño no seu lagar; da ausencia do millo a secar no seu hórreo; e do seu pasado

e presente literarios, completamos cunha rolda de intervencións do público a nosa máxica e teórica estadía no Pazo, ata que volvésemos a el, desta volta na práctica, dereitiños a atracar no vello e pequeno peirao do esteiro do Coroño, alá polo mes de maio, para celebrarmos a primeira edición da “Romaría das Letras”, con *pulpeiro*, rosquilleira, gaiteiros, cantareiras, versos e xantar. Pero esa será unha crónica narrada nun capítulo vindeiro. Antes, aínda arribaríamos a outros moitos portos da cultura do Barbanza.

## SEXTO PEIRAO

**Casa da Cultura “Antón Avilés de Taramancos” de Noia.**

**Venres 25 de febreiro de 2011**

O primeiro dos desembarcos que nos quedaban por facer ata o 17 de maio tivo lugar na noíesa Casa da Cultura “Antón Avilés de Taramancos”, o derradeiro venres de febreiro. Un amigo de Barbantia, dos ilustres, dos de sempre, dos que comprenderon dende o berce os obxectivos da entidade, traía do prelo a súa última achega, *Cabalo de ouros*. Un libro magnífico, culto, prendido á memoria e á fala, habitado por personaxes trazados con mestría e precisión e vestido cun vocabulario que semella extraído das coíñas con arteza, dos sucros das leiras do arado de bois ou das covas onde xaceu o wolfram. Un léxico de chichericos, mexamorno, lambecricas, ribazos, batimboras, bebedelas, galenos, caeiras, patrucios, vagallóns, palletes,... madia leva... que un podería ir enleando de corrido para rematar artellando un texto fermoso e con sentido. Palabras que tamén chamaron

<sup>5</sup> Texto asinado por José Manuel Vázquez Lijó, “Queté”, e publicado nun especial sobre o Pazo de Goiáns na edición barbonesca de La Voz de Galicia, o 11 de decembro de 2010.



"Unha partida de cartas. Unha historia de amor. A música da memoria recuperada nos vellos cantares da tradición oral...", comeza dicindo o texto da contraportada de *Cabalo de ouros*, editado por Galaxia. Foto: La Voz de Galicia

a atención de Isabel Santos e Encarna Pego, as dúas directivas da Asociación que, xunto con Xerardo AgraFoxo e Antón Riveiro, acompañaron a Víctor Freixanes no escenario. Foi precisamente a vogal Encarna a que preguntou ao escritor e director de Galaxia que por que as personaxes femininas teñen, sobre todo ao inicio da obra, un papel residual; cuestión á que Víctor respondeu argumentando que "é certo, pero non se trata de algo casual, senón que procurei plasmar a realidade da posguerra, dominada por unha sociedade machista." Outro dos apuntamentos que se fixeron sobre a novela xurdiu da boca de Antón Riveiro, que afirmou: "Tal como di o autor nas primeiras páxinas, *Cabalo de ouros* é un canto de cego que, malia estar escrito en prosa e non en verso, narra pasaxes populares como as que contaban os cegos polas prazas." Tantos encomios recibiu a obra por parte de Xerardo, Encarna, Isabel e Antón, que me acheguei a Cipriano Pose, o xerente da librería Ler d'A Pobra, e tamén barbantío, ao fondo do salón de actos, para que me vendese durante a escena un exemplar. Abrín o libro por unha páxina ao azar e

créanme que comprobei que os parabéns ao texto non eran gratuítos nin tampouco esaxerados:

«Moitos cartos levantou o wolfram nesta estremera do mundo. Por diante e por detrás. Fontao, Lousame, San Fins, Santa Comba... Baixaban os camiños as encostas de Urdilde coas luces apagadas, a sementar gabias e camiños, veigas e comareiros, e o mineral marchaba en bolsas, en cestos, en cueiros, sacos, carros e carretas, debaixo dos refaixos das mulleres e nas caldeiretas das leiteiras. Cando había, había para todos, así eran os tempos, polo menos entre os pobres, que os outros xa se apañaban sen nós. En chegando á raia de Tui e á estación de Caldelas, xa os mesmos estaban agardando para recollelo todo e pasalo para a parte de Portugal, e entón facíase a mesma manobra, pero ao revés: os que o perdían aquí, reencontrábano alá, nunca tanta derrama andou polos camiños, e os que o apañaban alá eran os mesmos que o distraeran antes aquí, ben untados os gardas e os gardiñas, arbitrios e fielatos, altas autoridades e medianos mexericas, que así se repartía o compango cando había que repartir. E de Portugal a Francia, e de Francia a Inglaterra, que sei eu, deixando na viaxe as raspas: unha



pedra catorce pesos; un cantullo grande vinte e sete, consolo de moínantes e proveito de galopíns. Media Compostela era do wolfram: casas de cantería labrada, saraos de señorío, predios de novo asentamento, contratacións, empregos, e logo, as partidas do casino, as señoriñas de Mendaña, coches de punto en Noia, A Coruña, Carril... Tamén a Vilanova de Alba chegou a furia do mineral. As noites da Bela Romana eran memorables. Baixaban os da montaña con gabardinas novas, chapeus de feltro, camisas acabadas de cortar, encargadas á medida nas xastrerías de don Xulián e na rúa do Comercio, Corte Fino de París, as casas de máis esixente servizo; baixaba o mineral da serra, digo, e mesturábase nos saraos do lenocinio co máis requintado señorío, que ás veces viña tamén de Vigo e das outras vilas da costa. Champaña do mellorino a refrescar nos patíns, nas vellas pías de salga, ocupadas arestora polo xeo de Carro González, fornecido especialmente polo industrial maragato para tales mesteres. Celestino Serantes, alcumado Tino Fantasías, tocaba o acordeón, con tres músicos de oficio. Máis daba unha noite daquelas que cincuenta concertos na municipalidade. Tango porteño. Valsas de Montmartre. Fado de Lisboa. A Portuguesa a señorealo todo, de aquí para alá, toda composta, coma unha raíña, ocupada pola máis selecta concorrencia. Billetes de vinte pesos que mudaban en fumeiras, a prender habanos directamente traídos de Cuba nos barcos de don Floro, exhibición que moito impresionaba as pupilas. “Tranque as portas, dona Hermitas”, anunciaba o principal. “Casa farta e festa rachada”. O licenciado Lobeiras non gustaba de tales fantasías, hai que dicilo. As súas visitas eran máis discretas. O seu era a palabra consoladora, que pouco se avén co balbordo brután. Tampouco naceu a poesía para competir co arruallo dos novos ricos. Pero a fartura era moita, e as mociñas perdían a cabeza, coitadiñas. O wolfram foi un tempo de

extremísima loucura que, mesturado coa fame e coa necesidade, que abofé que era moita, pasou coma unha arrasadeira tamén polas rías. Así eran os días da historia que aquí se conta. Estando a xente de Santiago e os cartos do mineral polo medio, anunciaba o Serrano, había ser grande o envite, abofé.»

Tardou Freixanes 17 anos, desde a inesquecible *A cidade dos Césares* (Premio “Torrente Ballester” 1993), en reconfortarnos con outra novela. Pero pagou a pena a espera. Poucos relatos, poucas historias de ficción —ou, por mellor dicir,... fictivas— nas últimas décadas da literatura galega engaiolan tanto ao lector como *Cabalo de ouros*; texto que camiña a treitos por terras do Barbanza, en particular polo concello de Lousame, onde o wolfram foi no pasado recente protagonista da intrahistoria de centos, milleiros de persoas, moitas delas devanceiros nosos. E, por suposto, non teño ningún reparo en afirmar que a súa lectura me namorou. Así é que remato o capítulo presente cunha recomendación: se non o teñen aínda, mérqueno. E léano. De corrido se poden, nunha fin de semana. Non se apuren en procurar o significado dalgunhas palabras no dicionario. Apúntenas e xa o consultarán cando rematen. E despois, vólvano ler. E pasado algún tempo, outra vez máis. Non se han cansar.

## SÉTIMO PEIRAO

**Librería Ler d’A Pobra do Caramiñal.  
Venres 4 de marzo de 2011**

Rematada a nosa estadía en Noia con Víctor Freixanes, decontado puxemos rumbo á Pobra do Caramiñal. Alí agar-



dábanos o compañeiro e socio Cipriano Pose na súa librería, peirao habitual nas singraduras de Barbantia.

Ao pé dunha mesa disposta no interior, no espazo que normalmente ocupan os andeis ateigados de publicacións, riseira, sentaba Inma López Silva, que acordara compartir connosco o gozo de ler *Memoria de cidades sen luz* (Galaxia). Unha novela habitada por “librepensadoras que aman galeguistas, guerreiros polacos que queren ser Víctor Hugo, nenos que converten en Troia a praia do Orzán”, como nos anuncia a presentación da contracapa dun texto que acadara o Premio Blanco Amor no ano 2007, e que vai pola súa segunda edición. Para debullalo acompañábanme no escenario Xesús Laíño e María Xesús Blanco, ambos os dous directivos e moi bos lectores, dos que non se conforman con ler un texto, senón que o auscultan como notables hermeneutas. Foi por iso que Laíño, sen o menor titubeo, preguntou á convidada se era lícito facer ficción nunha novela coas

vidas de personaxes que existiron na vida real, como era o caso de Ánxel Casal en *Memoria de cidades sen luz*, onde xorde a figura dunha amante fictiva do editor e político galeguista. Inma soubo contestar ao desafío do xa por entón presidente de Barbantia, argumentando a creación do personaxe no coñecido da vida de Ánxel Casal. E asemade, engadiu:

«[na novela] Hai de histórico un transfondo e unha serie de personaxes coñecidos e verificables historicamente, mais a creación chega alí onde a Historia ten imposíbel chegar. Sempre pensei que os acontecementos que finalmente consideramos históricos se deben a unha serie de decisións e pareceres da orde persoal que os explican, máis alá das circunstancias e conxunturas sociopolíticas, e aí é onde a novelista pode permitirse elucubrar e imaxinar, pois son improbábeis mais, seguramente, posíbeis. Iso foi o que fixen con Casal e con María Casares; e os demais personaxes, os que son puramente ficcionais, son só figuras posíbeis que ben puideran ter existido.»



Estampa da escena na que Barbantia acompañou a Inma López Silva na presentación n'A Pobra de *Memoria de cidades sen luz*. Foto: Barbantia



Persoalmente, debo recoñecer que a novela xa me gustaba antes incluso de comezala a ler, e admitir que boa parte da culpa tívola unha crónica que Xosé Manuel Eyré publicara n'A Nosa Terra, en maio de 2009, a cal, co seu permiso, arquivarei tamén aquí:

«*Memoria de cidades sen luz*, de Inma López Silva, actual Premio 'Blanco Amor', é unha das mellores novelas publicadas o ano pasado. Despois de lela resoa na miña cabeza unha terna de títulos: *A mala vida*, peza teatral de Carlos Etxeba, porque o teatro é unha das paixóns da autora desta novela; tamén *A vida que nos mata*, de Xabier López, sería un precioso título para a novela de Silva, claro que o dela tamén é, a meu ver, moi bonito. E, sobre todo, *Fouché*, dun Stefan Zweig que a memoria literaria do século pasado aínda non soubo colocar no sitio que lle corresponde. Das tres, é esta do austríaco a que máis interesa, inclusive non tiña porque ser exactamente ese título e podería ser case calquera outro desa particular simbiose entre biografía e ficción que fai que as páxinas da súa prosa resulten inconfundíbeis. E é a que máis interesa precisamente porque a fórmula narrativa que aquí nos ofrece Inma López Silva ten moito que ver coa de Zweig. *Memoria de cidades sen luz* é unha novela, indiscutiblemente, mais sería irrecoñecíbel sen as achegas biográficas de Santiago Casares Quiroga, aínda máis a de María Casares e a de María Miramontes e Ánxel Casal, tres personaxes que deixaron pegada no século pasado. Asemade, quero salientar a María Miramontes, polo moito que a cultura galega lle debe ao calado labor desta costureira á que a vida lle arrincou os ollos: Ánxel Casal.

»A novela é unha reconstrución biográfica, epocal e de grupo, unha fabulación existencial, crúa e intensa, sen concesións. Ao escribir reconstrución biográfica penso na reconstrución da vida do pro-

tagonista. Segundo vai rematar a novela imos sabendo que o que lemos foi precisamente a reconstrución da vida daquel rapaz que Lucía rescata de debaixo da cama cando lle matan a súa familia. A súa vida na Coruña, a fuxida a París (forzada por ter que escapar do golpe de estado franquista e a posterior guerra), ou as estadías en Bos Aires, en Nova York e o regreso a Santiago. Epocal, porque fala dos anos previos á República, da Guerra Civil, da II Guerra Mundial, do Maio do 68, da decadencia do franquismo... deica hoxe. E grupal, interesa moito esta cara da pirámide, resulta fundamental ese ambiente no que vive o protagonista, que aprende a ler nos libros que fai Casal, mesmo casará cunha Armelle moi próxima á resistencia, manterá unha relación afectiva moi fonda con María Casares. Unha María Casares que sempre estivo namorada de Camus, chegarán a traballar xuntos no Teatro Nacional Francés. Non pode esquecer o ambiente soñador do cinema Savoy coruñés, o teatral tampouco, obviamente, nin o das timbas ás que acode ás veces.

»*Memoria de cidades sen luz* é, en realidade, a memoria dun tempo sen luz, en calquera das cidades sinaladas, tese máis implícita que explícita, pois, como toda novela moderna, está construída para que o lector reflexione. Por exemplo sobre a reivindicación do papel xogado polas mulleres na acción nacionalista (e cultural) histórica, tamén sobre as súas propias condicionantes como mulleres. E, non pode faltar, a reflexión sobre o ser humano como un boneco aboiando nun mar enfurecido, nunha vida atolada, na cal procura ser feliz e na que o logra só parcialmente porque non pode controlar todas as vectores e forzas que inciden nel. Pensemos no triste final de María Miramontes, da mesma Lucía, de Casares Quiroga ou Ánxel Casal.

»*Memoria de cidades sen luz* é unha novela na que a autora conxuga maxistralmente paixóns a dúo. O teatro e a



narrativa, o estudo histórico e a ficción narrativa, a esfera reivindicativa social e a propia da individualidade. *Memoria de cidades sen luz* está correctamente escrita, á autora non a asustan períodos sintácticos complexos e sabe resolvelos sen caer na simplicidade, beirea a novela biográfica comentada, entre ficcional e histórica, con moita habilidade. Tarda, se se quer, en entrar, o ritmo de decodificación resulta un tanto lento precisamente por ese recurso ao comentario, desde o cal non queda detalle sen atender. Porén, neste tamén estudo práctico da creación, desde que a autora se decata de que é na infancia, no pasado, onde están as claves de todo, prepara o discurso para un remate emocionalmente moi intenso.»

*A priori*, xa que logo, gustaba da época, gustaba dalgunhas personaxes, gustaba das cidades nas que se ambientaba e gustaba das obras ás que lle lembraba a Eyré a novela. Pero só na fin de semana na que me mergullei nos seus seis capítulos ou partes, me decatei de que tamén gustaba das súas alusións clásicas, en particular á literatura e á mitoloxía grega. Algo que o público asistente comprendeu cando escollín a seguinte pasaxe para concluír, coa súa lectura, a miña intervención na escena que desenvolvemos na nosa parada no sexto peirao da tempada:

«Samuel, na guerra de Troia, era sempre a amazona Penteseilea. Eu non pasaba por outra cousa que non fose Aquiles, así que non me quedaba máis remedio que fulminalo (fulminalo) cunha frecha todas as tardes nas que xogabamos. Podíanos máis a paixón polos heroes ca a lóxica amical, así que xogar con Samuel era, malia todo, algo triste porque, andando o tempo, eu comecei a non soportar ter que matar sempre a Penteseilea.

»Botabamos tardes de sábado enteiras deseñando as frechas e os arcos, tensando gomas, labrando puntas con arestas que imaxinabamos artísticas segundo os canons da escultura clásica. E Samuel empeñábase en pór un calcetín debaixo da camisa, facendo coma quen que no outro lado tiña (ou xa non tiña) a teta cortada das amazonas. Dáballe o seu traballo encaixar o arco na teta dereita mentres que o brazo de suxeitar lle chocaba sempre cun calcetín algo prominente de máis. E así convertíase de todo en Penteseilea, co seu arco, coa metade das tetas, cos ollos abelás mirándome de lonxe cara a un pé, cos xeonllos cheos de costras de sangue seco xusto á altura do pantalón curto e o pelo na fronte, facéndolle de mira para dar no branco. Sempre lembro así a Penteseilea.»

## OITAVO PEIRAO

**Casa da Cultura “Antón Avilés de Tararamancos” de Noia e Coliseo Noela. VI Semana da Historia. (19-26 de marzo de 2011)**

Vivimos tempos de crise, nada lles descubro. E o número de caracteres empregados no presente *Anuario* non vai ser excepción, así que neste oitavo peirao non farei crónica do acontecido nin abundarei en datos, senón que me limitarei a lembrar o programa que nos xuntou na VI Semana da Historia de Noia ao inicio da primavera, pois sería excesivo, ademais, prolongarse en resumo da referida Semana, cando nesta mesma publicación se recollen as actas da que subtitulamos “Homenaxe a Xosé Agrelo Hermo”, persoa á que nunca faremos tributo póstumo, pola simple razón de que nunca se irá.



Xerardo AgraFoxo, na segunda xornada da VI Semana da Historia, falando sobre "A execución do Cantino en Boisaca". Foto: La Voz de Galicia



Só me queda, iso si, agradecer a Xerardo AgraFoxo a coordinación da actividade, pois é xusto que cadaquén reciba, cumpridamente, os seus méritos. El foi o encargado de elaborar o programa, e foi tamén quen se encargou de avisar os intervinientes. Eu só procurei non desfacer o que o amigo Xerardo, con tanto tino como experiencia, vén artellando en Noia cada catro anos, pois ese é o período de tempo que transcorre entre cada edición da Semana da Historia.

**PROGRAMA DA  
VI SEMANA DA HISTORIA DE NOIA  
Homenaxe a Xosé Agreló Hermo**

Casa da Cultura de Noia e Coliseo Noela  
Do 19 ao 26 de marzo de 2011

**Sábado 19  
19 horas**

*Xosé Agreló Hermo: Vida e obra*  
**Xoán Pastor Rodríguez**  
Filólogo

*O Triángulo escaleno*

**Euloxio R. Ruibal**

Real Academia Galega

**Alfonso Costa**

Pintor

**Luns 21**

**20:30 horas**

*A execución do Cantino en Boisaca*

**Xerardo Agrafoxo**

Historiador

*Os sartegos dos cabaleiros en Santa*

*María a Nova*

**Xepe Torres**

Arqueólogo

**Martes 22**

**20:30 horas**

*Noia etnográfica e arqueolóxica.*

*Memorial do esforzo incesante*

**Ana Filgueira Rei**

Arqueóloga

**Mércores 23****20:30 horas***O Patrimonio Histórico Artístico de Outes***Xoán mariño**

Investigador

*A pesca da lamprea no río Tambre***Clodio González**

Museo Pobo Galego

**Manuel Ces Canle**

Investigador

**Xoves 24****20:30 horas***Os gremios e os clérigos da morte***Xoán Manuel Neira Pérez**

Teólogo

**Venres 25****20:30 horas***Un "noiés" na fosa do Acevo***Carme García Rodeja**Asociación Recuperación Memoria  
Histórica (ARMH)**MESA REDONDA**A memoria da terra. As fosas do  
franquismo

Carme García Rodeja estremeceu os asistentes coa súa exposición "Un noiés na fosa do Acevo", durante a penúltima sesión da Semana da Historia. Foto: La Voz de Galicia

**Sábado 26****21 horas**

Coliseo Noela

**DESCUBERTA DA PLACA CONME-  
MORATIVA SALA "XOSÉ AGRELO  
HERMO"**

A inauguración no Coliseo Noela da sala "Xosé Agrelo Hermo" foi o feliz colofón das xornadas de homenaxe a un referente da cultura barbaresca. Foto: La Voz de Galicia





## TEATRO

*O triángulo escaleno*, de **Xosé Agrelo**  
**Grupo de Teatro Mutis**

**Curso homologado pola Consellería de Educación.**

**Organizan: Asociación Cultural Barbantia e Concello de Noia.**

**Colaboran: Noia Histórica. Centro Comercial Aberto e Deputación da Coruña.**

## NOVENO PEIRAO

**Casa da Cultura “Ramón Martínez López”, de Boiro. Sábado 26 de marzo de 2011**

Ven o que lles dicía dos caracteres?

Non, agarden... Se comprobamos as datas do desembarco no oitavo e no noveno peirao, observarán que son coincidentes no día –non así na hora, claro–, de xeito

que a xornada de peche da VI Semana da Historia quixo cadrar co encontro intelectual que xuntou no mediodía do sábado 26 en Boiro a dous referentes da cultura galega: Xosé Luís Méndez Ferrín e Juan José Moralejo Álvarez. E ao igual que acontecía no caso do capítulo anterior, tamén no *Anuario 2011* se recollen as actas do diálogo entre estes dous mestres, sabios e intelectuais; conversa que demos en chamar “Á luz das palabras”, e que contou coa dirección doutro egregio amigo, o académico rianxeiro, Premio Barbantia da Cultura Galega 2009, Xosé Luís Axeitos. De maneira que tampouco nos imos deter neste episodio demasiado tempo. O imprescindible para agradecerlles aos tres que nos honrasen coa súa compañía e cos seus saberes, e verter o desexo de que Moralejo e Ferrín regresen no futuro ao Barbanza para falárennos das etimoloxías da Gallaecia, do “mundo clásico” na poesía de Ferrín ou do que consideren oportuno. De seguro que resultará grato e produtivo escoitalos, sexa cal sexa a temática que escollan.

Juan José Moralejo Álvarez e Xosé Luís Méndez Ferrín na Casa da Cultura “Ramón Martínez López” de Boiro. Foto: Lorena Riveiro





## DÉCIMO PEIRAO

### Casa da Cultura do Esteiro.

Venres 8 de abril de 2011

«A atracción que o mundo animal exerce sobre o ser humano desde o principio dos tempos é indubidable. Tanto é así que as representacións de animais levan poboando a arte pictórica e escultórica desde os estadios máis primitivos do despertar cultural da humanidade. ¿Por que é isto así? Para a mente prehistórica, representar plasticamente ao animal implica en certo modo a súa dominación, o control sobre unha forza externa e incomprendible. O animal real, unha vez representado, deixa de ser a criatura real do mundo físico para pasar a un estado máis elevado: convértese en símbolo; ás veces, convértese en deus.

»Dentro deste contexto, o dragón é unha das criaturas de máis complexa análise. Por unha parte, a súa presenza nos bestiarios medievais evidencia que, durante moito tempo, considerouse que se trataba dun animal real; por outra, posúe dunha enorme carga simbólica, de diferentes connotacións segundo a zona cultural na que nos atopemos. Mais, como indica Ignacio Malaxecheverría,

*Lo importante no es que el dragón sea benéfico en China y nefasto en los textos medievales, sino que culturas tan alejadas hayan centrado su atención en él, lo que demuestra que se trata de un animal arquetípico, cuya valoración es diversa; otro tanto podría decirse del unicornio, del cocodrilo o de la pantera. Lo esencial reside en el hecho de que determinadas bestias, sacralizadas en África o Asia, hayan inquietado o atraído*

*en Europa occidental. A falta de “puentes culturales” demostrables, tales vinculaciones indican al menos un común interés (Malaxecheverría, 1986, 230).*

»No noso estudo, antes de centrármonos na análise da posible relación entre o misterio fisterrán do *vákner* e a figura do dragón, deberemos determinar a que nos referimos exactamente cando falamos de dragóns, cales son as características que definen a esta criatura e se en Galicia podemos falar dunha tradición lendaria arredor del. Isto será de grande importancia para determinar ata que punto a nosa teoría sobre o *vákner*-dragón pode ter validez. Para isto, deberemos observar en que contextos aparece e que características presenta, para extraer unha serie de atributos co-



Aurora Lestón Mayo, asinando exemplares d'O *vákner* e o dragón na Casa da Cultura do Esteiro. Foto: Barbantia



mún que identifiquen sen lugar a dúbidas ao dragón, e que poidamos aplicar ás criaturas do imaxinario galego susceptibles de ser consideradas como tales, para así garantir que se trate indubidablemente de dragóns.»

Nesta ocasión van permitirme que comece *in medias res*, lendo o capítulo inicial d'*O vákner e o dragón*, de Aurora Lestón Mayo: ensaio que fai o número 48 da Serie Keltia de Toxosoutos, e que Barbantia presentou na Casa da Cultura do Esteiro, no Concello de Muros, o segundo venres de abril. Un acto que contou coa presenza de Fernando Alonso Romero, catedrático de Historia e Cultura dos países de fala inglesa, da USC; David González Couso, director da Editorial Toxosoutos; Laura Eiras, concelleira de cultura de Muros; e Milagros Torrado, a nosa secretaria e cronista da escena, pois confeso que foi este o único porto de toda a singradura que non puideron visitar.

Non o visitei, certo, pero foi como se o fixese, porque Milagros contoume con todo luxo de detalles o acontecido, dende o dato do cheo absoluto na sala, ata o matiz do embarazo da autora, que poucas semanas despois... se faría socia de Barbantia... Está ben... ademais, tivo un precioso bebé: parabéns, Aurora! E parabéns tamén por continuares polo viero da investigación etnográfica que sempre te apaixonou, malia que, ao igual que sucede con Milagros, non estudases Historia ou Arqueoloxía, senón Filoloxía Inglesa na USC. E tamén noraboa por seres profeta na túa terra, pois se ben é difícil sempre ateigar un salón da actos na presentación dun libro, máis o é para nós logralo nun peirao que non visitamos

decote, pero que, comprobado o resultado, bo será telo en conta no futuro, e con máis gañas aínda se é para celebrar contigo a saída dalgún outro traballo.

Con respecto á obra, *O vákner e o dragón*, se ben podería facer esexese do contido e aportar as miñas sensacións ao lelo, preferín que falase a autora no comezo, e agora, no remate do capítulo, decántome por achegarlles o que del di Armando Requeixo no seu *blog* Criticalia (texto que asina en marzo do ano 2011), por se animan a iren na procura do temible vákner... ou do dragón...

«Había tempo que non lía unha obra sobre etnografía galega tan suxestiva como *O vákner e o dragón*, da muradá María Aurora Lestón Mayo, que ve agora luz nunha colección de referencia dentro dos estudos celtolóxicos de noso: a Serie Keltia da Editorial Toxosoutos.

»O libro de Lestón Mayo é unha moi documentada aproximación á figura do dragón dentro do imaxinario social, cultural e, particularmente, literario de diversos territorios noroccidentais europeos, entre os que, tamén si, cómpre contarnos.

»Logo dun exhaustivo repaso á presenza do dragón nos relatos míticos da Biblia, da épica medieval, das cantigas relixiosas e da literatura de tradición oral, Lestón Mayo detalla o tratamento dado polos bestiarios do Medievo a este ser e mesmo dá conta do fascinio que os *dracos* causaron na arte, especialmente nas iluminuras de manuscritos medievais, nas esculturas exteriores de edificios e na literatura relixiosa dos salmos e homilias.

»Ora ben, a cerna deste estudo constitúe a hipótese sostida por Lestón Mayo que identifica a figura do Vákner (un ser maligno mítico que se documenta



nas lendas de tradición oral da zona de Cee e Fisterra) co Fáfner (o dragón por excelencia das culturas xermánica e escandinava). Ao longo da súa plausible argumentación, a investigadora de Muros compila a información dispoñible sobre o Vákner, analiza as anteriores interpretacións da lenda e, finalmente, establece as bases da súa interpretación, para a que científicamente revisita os contactos e contaminacións culturais habidos entre a nosa cultura e a doutros pobos atlánticos dos que esta lenda semella provir.

»Rigorosa, atraente e moi ben escrita, esta monografía sobre *O vákner e o dragón* descóbrenos non só unha realidade lendaria do noso patrimonio oral que permanecía semiesquecida, senón tamén unha estudiosa con saber da que haberá que agardar futuras achegas tan interesantes como a presente.»

## UNCÉCIMO PEIRAO

**Centro Social de Boiro.**

**Venres 28 de abril de 2011**

Que bo é ter amigos como Carlos Callón. Amigos cultos, amables, sensíbles, fortes, valentes, rebeldes... Amigos que acoden a presentar os seus libros á túa casa... Amigos que non din nada superfluo ou baleiro, nin sequera nas dedicatorias que teñen a ben facérenche, sempre xenerosas de máis... Amigos que comparten contigo as súas inquedanzas pola situación do idioma... "Todos os estudos, coas diferentes porcentaxes que se quixeren, amosan as mesmas caídas en picado para o galego tanto como lingua inicial como nos usos. Estas gráficas sinalan que é necesaria unha política de revitalización e que, se os dereitos lin-

güísticos individuais e colectivos estiveren garantizados de verdade, isto non se produciría"<sup>6</sup>... Amigos que ven na acción e non na teorética o viero a seguir... "Para mudarmos isto, todas e todos temos un papel crucial. Se cada vez que realizamos unha xestión coa Administración pedimos que se utilice o galego, avanzaremos moitísimo"<sup>7</sup>... Amigos cos que sorrís cando deixan preguntas retóricas no ar, ironizando sobre a toponimia autóctona —e lexítima— da Galiza... "É unha imposición intolerábel que existan lugares con nomes tan rebuscados como A Gaiteira, Areeiros, Carballo, Sanxenxo ou Santa Uxía de Ribeira, co eufónicos e elegantes que serían topónimos en castelán como La Gaitera, Arenales, Roble, San Ginés ou Santa Eugenia de la Ribera?"<sup>8</sup>... Amigos que cren sempre no diálogo como fórmula para avanzar, resolver dúbidas e atopar puntos de encontro, malia que ás veces *los otros* prefiran a ofuscación e o insulto antes que o debate... "O máis xeral, porén, é a idea de que houbo unha *imposición del gallego*, que funciona como lenda urbana da cal ninguén pode dar mostras, mais que se repite unha e outra vez. Fronte a iso, hai un esforzo pedagóxico moi grande dalgúns compañeiros e dalgunhas compañeiras para debater coas persoas sensíbeis pola cultura, que se interesan polo tema, mais que só tiveron información nese sentido manipulador. Claro que tamén hai quen usa iso da *imposición* como un novo mantra co cal argumentar o seu odio irracional contra a lingua de Galiza, e aí xa non hai posibilidades para o debate"... Amigos que, en

<sup>6</sup> Fragmento pertencente ao libro *En castellano no hay problema*, de Carlos Callón, Edicións Xerais, 2010.

<sup>7</sup> Ídem.

<sup>8</sup> Ídem.



definitiva e a pesar dos pesares, seguen crendo no idioma e no país, sen dúbida conscientes de que eles son, somos nós, cada un, unha parte do corpo dese país e dese idioma, e de que sen se moveren eles, sen nos movermos nós, ou sen a súa, a nosa voz, o país e o idioma ficarían ermos, calados e baleiros. E eu quero un país vivo, dialogante e pleno. Por iso é bo ter amigos como Carlos Callón, para que decote lembren a dignidade de ser, vivir e falar en galego.

«N'A vida de Brian, dos Monty Python, hai unha coñecida escena na que un grupo de resistentes se preguntan, con enfado, mentres planean o secuestro da muller de Pilatos: "Os romanos quitáronnolo todo. E que nos deron?!" Un dos reunidos intervéñ timidamente: "O acueduto". "Si, iso é certo...", asume o coordinador da xuntanza. "E os sumidoiros", apunta outra voz. A cidade disque antes cheiraba moi mal. "E as estradas!", advirte alguén. "A irrigación", "a sanidade", "o ensino", "o viño", "os baños públicos", "a orde pública"... Os reunidos xa non poden parar de enumerar dunha e doutra banda todo

o que trouxo a romanización. Por iso, o xefe dos resistentes sintetiza: "Ben, mais á parte dos sumidoiros, os acuedutos, a irrigación, a sanidade, o ensino, o viño, os baños públicos, as estradas, a orde pública... Que máis fixeron os romanos por nós?!"

»Tomándoo con humor, esta consideración de que o galego é a lingua maioritaria lémbreme esta hilarante escena. Porque o noso idioma é hoxe maioritario en Galicia se non contamos o ensino (en calquera das súas titularidades, público, concertado ou privado), a publicidade, a etiquetaxe e a rotulaxe comercial, os prospectos dos medicamentos, a sanidade pública e privada, a atención ao público en todas as administracións, a documentación, a publicidade e as sinalizacións da Administración Xeral do Estado, as notaría, os xulgados, as radios, as televisións, os xornais impresos e os electrónicos, as revistas, os servizos de hostalaría, o transporte público, as aseguradoras, os bancos, as caixas de aforros, os supermercados, os talleres, a oferta editorial, as tendas de roupa, as conserveiras, as ETTs, a garda civil, o exército, as autoescolas, a policía nacional, os xoguetes, as estreas de cinema ou DVDs, os videoxogos, os servizos telefónicos de apoio ao cliente, os grupos máis novos en idade... Nese caso, o galego é a lingua maioritaria do país e, como dirían os versos de Celso Emilio Ferreiro, talvez sexa momento de falar seriamente de batallas de flores do día do patrón. Porque aquí non pasa nada, estamos moi ben e pode seguir a festa<sup>9</sup>.»

Carlos Callón,  
no Centro Social  
de Boiro, o serán  
que presentamos  
*En castellano no  
hay problema*.  
Foto: La Voz de  
Galicia



<sup>9</sup> Texto tamén inserido no recompilatorio de artigos *En castellano no hai problema*, o libro que presentamos o venres 28 de abril no Centro Social de Boiro. Coa lectura deste fragmento, Carlos Callón pechou a súa intervención, á que seguiu un animado e enriquecedor debate co público asistente.



## DUODÉCIMO PEIRAO

**Pazo de Goiáns.**

**Martes 17 de maio de 2011**

Aínda as primeiras raiolas acababan de se filtrar polas ventás das cabinhas das sentinelas da Torre, cando puxemos pé no pequeno peirao. Aquel mesmo dende o que había poucas décadas se mergullaban no esteiro os nenos de Goiáns, e que fora noutras xeiras símbolo do poder dos señores sobre a Ría. Ninguén ousase por entón atracar nel para embarcar mazás ou uvas, cortar algunha póla de sobreira ou procurar a cea nas pesqueiras ao chegar a baixamar: abofé que o delito non había de quedar impune. Por sorte, os anos de tomar a xustiza pola man xa marcharan, así que puidemos acceder á finca sen ningún problema; é máis, o mesmo propietario –o Concello de Boiro– puxo ao noso dispor algúns dos seus mellores homes –Protección Civil– e os medios precisos –camión cisterna, carpa, tableiros, cadeiras, xerador eléctrico e son– para que puidésemos celebrar a primeira “Romaría das Letras” no Barbanza.

Máis de cen mil metros cadrados de bosques, froiteiros, leiras, canavais, xardíns e construcións centenarias ocupan este espazo de incalculable valor medioambiental e arquitectónico. Onde a capela linda co lagar, o lagar coas cortes, as cortes dan ao pombal e o pombal adormece á sombra das maceiras. Onde os aromas do bosque atlántico se mesturan co olor a argazo, as camelias se fixeron anciás e as pedras máis recentes revellecen por contacto coas antigas.

No interior do Pazo, porén, apenas hai algo que chame a atención. Todo semella terse esvaído: os mobles e as alfombras do salón central, as cortinas de liño, os cadros, os libros que leu María Mariño, a *cupertería* de prata, os pasos do mordomo e da cociñeira, as voces, a luz, Incluso o tellado marchou... ou, por mellor dicir, caeu; o caso é que tampouco el está. A madeira dos pisos podrece e só se manteñen intactos os muros da Torre, entre os que aínda se pode ascender ata unha das vistas máis fermosas de Boiro, coa finca, o esteiro e a praia aos pés e a única mancha á vista do artificial monte “Condón”, noutrora ecosistema dunar. Un claro exemplo de que a simpleza de plantar árbores non sempre é a mellor solución; depende que árbores e, tamén importante, onde.

Accedín ao Pazo de Goiáns, como digo, polo peirao. E non vaian pensar que



Beatriz Bugallo, habitual colaboradora de Barbantia, co autor desta crónica, a carón da monumental sobreira que vixía a entrada ao peirao do Pazo de Goiáns. Foto: Barbantia



estou novelando o relato. Créano ou non, accedín por alí... E tan pronto atravesesei a porta renxente do embarcadoiro, unha amiga das que non fallan cando a chamo para que me acompañe nunha lectura de textos, nun paseo por corredoiras ou polo monte, ou na presentación dalgún libro, agardábame a carón da maxestosa sobreira que vivía o acceso. Saudeina con agarimo e peneireille nun xis o programa. Agradeceinlle que unha vez máis puidese contar con ela, como tamén contei co seu pai, Francisco Bugallo, para participaren no recital de textos de Lois Pereiro, autor protagonista do Día das Letras, que previra para a tarde. Outro favor que lle debo á xenerosa Beatriz, quen non creio que de xeito casual leve o mesmo nome do amor celestial de Dante Alighieri na *Divina Commedia*. Mais, xunto con eles, Francisco e Beatriz Bugallo, decidiron axudarme tamén na lectura poética ducia e media máis de amigos, aos que

é xusto que nomee porque o fixeron por amor á lingua, á cultura e ao país: Carlos Mosteiro, Eduardo Estévez, Max Wallock, Antonio Piñeiro, Betsabé Navarro, Isabel Santos, Yaiza Vicente, Guillermo Caxaraville, Cristina Suárez, Xosé Ramón Brea, María Xesús Blanco, Manuela Pimentel, Pedro Campos, Manuel Teira, Alberto García, Antón Riveiro, Milagros Torrado e Sonia Lebedynski, que preferiu cantarnos versos musicados de María Mariño, por mor da vinculación que tivo a poeta co Pazo, onde unha tía súa foi cociñeira e ela, segundo parece, gozou coa lectura de ducias de libros.

Mais todo iso había acontecer despois dun bo feixe de actividades que comezaron a desenvolverse ás 11:30 horas, coa actuación do grupo de gaitas da Escola de Música Municipal. Veu despois a quenda das pandeireteiras tamén da Escola de Música, preámbulo da presentación d'O

Con música e danzas tradicionais comezaba en Goiáns a I Romaría das Letras no Barbanza. Foto: Barbantia





Numeroso público asistiu á presentación d'*O negro leite da aurora. Viaxe á xeografía lírica* de Lois Pereiro, editado por Toxosoutos. Foto: Barbantia

*negro leite da aurora. Viaxe á xeografía lírica* de Lois Pereiro (Editorial Toxosoutos), da man dos seus autores: José Luis Calvo e Carlos Gegúndez López. Ata Goiáns se achegaron eles, acompañados por David González Couso, director da Toxosoutos e socio de Barbantia. Ao remate da presentación do libro-homenaxe ao poeta de Monforte, á que acudiu un público numeroso e diverso como poucas veces ocorrera nun desembarco barbantían, gozamos coas danzas tradicionais de "Xilbarbeira"; para sentármonos, tras o baile, a xantar baixo a carpa dun *pulpeiro* que decontado se ateigou de comensais. Polbo á feira, carne ao caldeiro, churrasco e viño Barrantes foi o menú, rematado cun café con caña que daba gusto para memorizar os versos de Lois Pereiro:

*Somentes  
intentaba conseguir  
deixar na terra  
algo de min que me sobrevivise  
sabendo que debería ter sabido  
impedirme a min mesmo  
descubrir que só fun un interludio*

*atroz entre dous muros de silencio  
só puiden evitar vivindo á sombra  
inocularlle para sempre a quen  
amaba  
doses letais do amor que envelenaba  
a súa alma cunha dor eterna  
sustituíndo o desexo polo exilio  
inicie a viaxe sen retorno  
deixándome levar sen resistencia  
ó fondo dunha interna  
aniquilación chea de nostalxia.*

\*\*\*

*Tristemente convivo coa túa ausencia  
sobrevivo á distancia que nos nega  
mentres bordeo a fronteira entre dous  
mundos  
sen decidir cal deles pode darme  
a calma que me esixo para amarte  
sen sufrir pola túa indiferencia  
a miña retirada preventiva  
dunha batalla que xa sei perdida  
resolto a non entrar xamais en ti  
pero non á tortura de evitarte.*





Xulio Gutiérrez,  
cos instrumentos  
antigos d'Os  
Menestreis. Foto:  
Barbantia



que contou, ademais, cos traballos de bordado que elabora a Asociación de Veciños "Cruceiro do Monxo" de Bealo, os libros artesáns da Colección Bourel de Antonio Piñeiro, as tallas de Roberto Figueira, os cadros metálicos de Che Tembra, as achegas literarias da Asociación Cultural "Borobó", o torno de varas de José de Nebra, e as obras completas de Barbantia. Como broche final, o grupo de pandeireteiras "Nunca é tarde" acompañou con cancións a fuxida dos últimos raios, dando por rematado un día gozoso para centos de persoas, ledas de poderen sentir como seu algo que nunca antes lles pertencera.

E entón, ás 16:00 horas, o recital poético. E tras o recital, un paseo pola horta, os xardíns e o bosque atlántico, conducidos por dúas persoas ás que tamén debo algún favor: Xulio Gutiérrez e María Luísa López. Pois foron o profesor e membro do grupo de música antiga "Os Menestreis" e a presidenta da Asociación Artesá e Etnográfica "O Faiado" os encargados de amosaren aos "romeiros" a riqueza botánica do contorno, o pombal, os lagares, a capela, o edificio principal, as pesqueiras, o pasado señorial, e todos os segredos que se agochan tras os muros de Goiáns. Non obstante, a súa colaboración non se reduciu ao labor de excelentes informadores e guías, senón que tamén tomaron parte, con cadanseu expositor (Xulio dispoñendo os instrumentos medievais, barrocos e renacentistas d'Os Menestreis, e María Luísa algúns dos moitos obxectos que podemos atopar no seu Faiado), na mostra de cultura barbancesa que estivo aberta ata a tardiña, baixo a carpa instalada polo Concello. Un *encuentro* cultural

Dirixidos por  
Xulio Gutiérrez  
e María  
Luísa López,  
percorremos os  
camiños do Pazo  
de Goiáns. Foto:  
Barbantia





## DÉCIMO TERCEIRO PEIRAO

**Auditorio de Rianxo. Venres 27 e sábado 28 de maio de 2011**

Había xa 7 meses que a nosa singratura partira do peirao de luz de Rianxo, e a el quixemos regresar a última fin de semana de maio, embarcados no paquebote “Constantino Candeira”, para festexar a saída do prelo d’*O sol da tristeza. A figura do pai na obra de Manuel Antonio*, de Fidel Vidal, e recoñecer ao día seguinte o labor do Grupo de Teatro “Airiños” de Asados, que nos traería a súa dilatada, fértil e tan ben editada biografía: *Cadro Artístico Airiños. 75 aniversario*. Dous bos motivos para reservar butaca no salón de actos do Auditorio, vestido de gala para a ocasión.

Na primeira xornada do que na Asociación decidimos chamar “Maio Cultural

Rianxeiro”, contamos unha vez máis coa visita do poeta e director de Espiral Maior, Miguel Anxo Fernán-Vello, que acompañou ao escritor ribeirense na estrea dun libro “moi especial –como o editor definiría–, un libro distinto, pois afonda nun tema que ninguén tratara antes”. Con el, sentaron no centro do escenario Milagros Torrado, secretaria de Barbantia; Xosé Luís Axeitos, digno herdeiro dos homes da cultura de Rianxo, e prologoista da obra; e Pedro Piñeiro, alcalde da vila e tamén socio de Barbantia. Palabras como “ousadía”, “proposta arriscada” ou “teima do autor” repenicaron aquel serán no salón de actos do Auditorio, e malia que eu non descubrira ata o ler a que se referían exactamente eses cualificativos, púidenme ter feito unha idea cando, algúns meses antes, nas páxinas do xornal El Correo Gallego, descubrira unha crónica da amiga, barbantía tamén e barbancesa, Helena Villar Janeiro:



Fidel Vidal, no centro da imaxe, dirixese ao auditorio na presentación en Rianxo d’*O sol da tristeza. A figura do pai na obra de Manuel Antonio*. Foto: La Voz de Galicia



O excepcional  
plantel de  
actores na  
estrea de *Cadro  
Artístico Airiños*.  
75 aniversario:  
Xosé Luís  
Axeitos, Anxo  
Angueira, Pedro  
Piñeiro, Manuel  
Lourenzo, Xesús  
Santos e Xosé  
Ricardo Losada.  
Foto: Barbantia



«MANUEL ANTONIO (Rianxo, 1900-1930), un caso de precocidade e madurez poética e un dos grandes vangardistas europeos, ten un especial atractivo. Sábeno as poetas e os poetas que amosan admiración polo domesticador da palabra que sempre será moderno e itemporal. Quen se enfronta a esta ría de Arousa e se asoma ao gran océano de Manuel Antonio en *De catro a catro*, gardará sempre uns versos seus para evocar. E anda de actualidade porque se vai abrir o seu museo na casa da Rúa de Abaixo e porque acaba de editarse *O sol da tristeza*. A figura do pai na obra de Manuel Antonio (*Espiral Maior*, 2010) da autoría de Fidel Vidal, poeta, pintor ensaísta e psiquiatra, nado en Ribeira e traspasado, como o rianxeiro, do salitre do mar de Arousa.

»Con prólogo do académico Xosé Luís Axeitos, estudoso e editor de Manuel Antonio, e epílogo do psicoanalista Manuel Fernández Blanco, *O sol da tristeza* é unha achega interesante para interpretar a obra manuelantoniana. Di Xosé Luís Axeitos no seu texto que as extensas lagoas que circundan a biografía de Manuel Antonio, as innumerables interrogantes que suxiren as súas actitudes [...], acaban

tendo nesta obra de Fidel un intento de abordalas con coherencia e rigor.

»Para Vidal, a presenza-ausencia do pai está relacionada co vento e coas coordinadas da viaxe cara ao océano interior e é determinante na obra dun poeta que lle dá ao seu pobo, sen apartarse del nin da súa fala, unha obra feita con conciencia de estar participando nunha grande renovación europea e conquistando para si mesmo e para a lingua galega unha nova forma de expresión. «O sol da tristeza na toma de conciencia polo baleiro que a provoca tórnase liberdade. O sol da tristeza é o sol da liberdade», di Vidal na introdución. Porque a creación para Manuel Antonio tiña que ser mostra de independencia e liberdade, de atrevemento e ruptura. E cita unha carta na que o poeta lle di a Álvaro Cebreiro en 1923 verbo dunha exposición á que asistiu en Santiago que había «algún artista, poucos pintores e moitos pintadores. Non se ve un disparate nin unha audacia: tanta sensatez dá noxo».

»O poeta que lía nas estrelas, que colleu o mar como a máxima expresión da liberdade de se expresar, que foi privado do pai pola enfermidade que compartiron



e os levou á morte quedáanos ben máis cerca despois de termos lido *O sol da tristeza*.»<sup>10</sup>

Tras as palabras de Helena Villar Janeiro, cómpre engadir, regresando á escena, que dá gusto escoitar a Axeitos, Vidal e Fernán-Vello. Por sorte, tres habituais nas singraduras de Barbantia, os que un podería estar escoitando horas e máis horas e non deixaría de aprender un só intre. Contar cun trío da maneira aquel primeiro serán do “Maio Cultural” foi todo un privilexio; e malia que non nos era viable que os tres volvesen actuar ao día seguinte, si logramos roubarlle outro día na axenda a Xosé Luís Axeitos, para que no caloroso atardecer do sábado 28 de maio acompañase os seus veciños e amigos na presentación do magnífico *Cadro Artístico Airiños. 75 aniversario*, obra de edición excepcional, cun deseño xa recoñecido con dous premios de relevo, un nacional e outro internacional, que Xesús Santos, o director de “Airíños”, se encargou de debullar, acompañado por Anxo Angueira, Manuel Lourenzo, Xosé Ricardo Losada, Pedro Piñeiro, e o xa mencionado Axeitos. Un cartel de luxo para a homenaxe a un grupo de teatro afeccionado (o máis veterano do país) que foi merecedor do Premio Barbantia á Iniciativa Cultural no Barbanza no ano 2009, que soubo resistir a ditadura franquista e sobrevivir tamén en democracia, e ao que desexamos, cando menos, outros 75 anos máis de actuacións, e, a ser posible, de cando en vez, homenaxes coma a do “Maio Cultural Rianxeiro”.

## DÉCIMO CUARTO PEIRAO

**Librería Ler d'A Pobra do Caramiñal.  
Venres 24 de xuño de 2011**

Eu non coñecía a Ánxel Vázquez de la Cruz. En honra á verdade, debo admitir que non só non lera nada escrito por el, senón que non tiña nin idea de quen era. Debín agardar ata a noite do día de San Xoán (non a anterior –a das fogueiras–, senón a do 24) para saber que se trataba dun home excepcional, capaz de enmeigar co seu verbo fácil, enleando as anécdotas, as ideas e as paisaxes como poucas veces escoitei. Un tipo co que un iría de viños ata altas horas da madrugada só por oílo falar, sen necesidade de entrar en conversa. Hai xente que ten o don da palabra e unha graza especial en todo o que conta. Ánxel Vázquez de la Cruz é unha desas persoas.

A librería Ler de Cipriano Pose foi o derradeiro porto ao que arribaríamos antes do descanso estival, e a presentación de *Luz de Tebra* (Xerais), a escusa perfecta para xuntar n'A Pobra do Caramiñal a Xosé Ricardo Losada, Fidel Vidal (a quen apenas deixamos descansar tras a súa última travesía connosco) e Ánxel Vázquez de la Cruz. Tres autores unidos polo elo da amizade que nos agasallaron con algúns dos mellores momentos da historia de Barbantia. Polo narrado e polo xeito de narrar. Tanto é así, que non vou atreverme a relatar ningunha das pasaxes da intervención de Ánxel, pois fóra da súa boca perderían iso tan difícil de escribir que ten a oralidade. Limitareime a transcribir as palabras que, como prelude da escena, lle dedicou Xosé Ricardo Losada a un narrador que quixo ser primeirizo aos

<sup>10</sup> Crónica editada en El Correo Gallego o día 11 de marzo de 2011.



A presentación n'A Pobra de Luz de Tebra, de Ánxel Vázquez de la Cruz, converteuse nun dos actos máis amenos da singradura de Barbantia no ano 2011. No centro da imaxe, o autor. Foto: La Voz de Galicia



67 anos, pero do que agardamos axiña novas achegas, se é posible, tan entretidadas como *Luz de Tebra*.

«Vázquez de la Cruz xoga moi ben con dúas características que propón Castelao para os contadores de historias. Gozan con aqueles que cren o que contan e perdoan a aqueles que pensan que é mentira. Vázquez de la Cruz reivindica a verdadeira natureza dos contacontos, un tanto esquecida por toda esa recua de contacontos que vai aos institutos só a divertir os alumnos. Porque contar non é só divertir. É abrir os ollos, de forma amena e mítica, á realidade cotiá, e dar unha lección moral sen sermóns nin subliñados teóricos. O libro é autobiográfico; a través de anécdotas retrata varios mundos (a infancia en Tui, o estudante en Santiago, o médico en prácticas na Coruña, o médico titular en Vigo), desde os anos corenta ata os anos sesenta. Eu mesmo gocei do

privilexio de oír contar historias oralmente a Vázquez de la Cruz cando o entrevistei para unha biografía de Faustino que estou escribindo. Daba a sensación de ser, ao mesmo tempo, meu avó e un amigo de taberna. Esa mestura é a mesma coa que escribe as historias deste libro. Historias moralizantes pero non maniqueas, exemplarizantes pero non didácticas, ácidas pero non crueis, tipolóxicas pero non abstractas. Historias ferintes e curativas, ghodonas e entrañables, frívolas e solemnes. Ler *Luz de Tebra* é gozar dun dos praceres máis universais. Oír contar unha historia.»<sup>11</sup>

<sup>11</sup> Palabras de Xosé Ricardo Losada na presentación n'A Pobra de Luz de Tebra, de Ánxel Vázquez de la Cruz, o 24 de xuño na librería Ler d'A Pobra.



## DÉCIMO QUINTO PEIRAO

### Galería Sargadelos do Barbanza.

Venres 30 de setembro de 2011

«Abrente de xullo. Incipientes luminarias da alba nunha mañanciña preguiceira que demora abrir a súa xanela. Frescor puro e vital dunha contorna no cénit cromático da realidade ou da ficción. Combinación cubista ou renacentista. Azul manta. Avanzar liberado sobre esta colcha estelar.

»Percibir o ar transformado en suave brisa acompañando o silandeiro esmorecer ruado das ondas. Brincando ás agachadas, emerxendo e somerxéndose na fina e branca area de Canelas.

»Amencer entre as puntas de Seame e Cabicastro para abandonarse despois nos efluvios olfactivos máis próximos do afastado barrelo das illas Cíes, permanentemente bambeadas pola ría de Vigo.

»Admiración no apoupiñar e debuxar das ondas na area. Brincan coas sensacións ópticas do abrente manifestando unha extraordinaria creatividade. Forman, co seu vaivén sen repouso, mensaxes irregulares e diabólicas. Son as *rizaduras* de esplendorosa crista ondeante.

»O astro rei achega dende o nacente, luminosidade intensa. O seu magnetismo guía con arte pola dirección axeitada: dende a fina area de Canelas ata o agres-te carreiriño.»<sup>12</sup>

E foi así como despois de navegarmos por toda a costa do Barbanza, atracarmos nunha ducia de peiraos, compartirmos conversas e lecturas, coñecermos escritores, pintores, investigadores, músicos,

actores e actrices de teatro, escultores, poetas e demais seres con proído cultural, chegamos ao final da nosa viaxe anual. E quixémolo facer no espazo dunha industria cultural de forte raizame no país, Sargadelos, concretamente na galería que abriu hai poucos anos en Boiro. O motivo de que decidísemos rematar a singradura aquí é dobre: traermos ao Barbanza o *Máxico tear natural* de Xosé Manuel Lobato, e presentarmos a colaboración que xungue xa para sempre a Barbantia e Sargadelos: a nova imaxe do sereo. Un sereo de cerámica que substituirá na vindeira década (por máis que non a fará esquecer) a escultura que Manuel Teira realizara en bronce para as edicións anteriores dos Premios Barbantia da Cultura. Desta maneira, a Asociación procura solventar as adversidades que poidan sobrevivir nunha época en crise na que moi poucos consideran a cultura como un eido prioritario. Sospeito que nós somos excepción, pero iso tampouco é novidade porque tal foi precisamente o motivo de que nacesse Barbantia: tratar a cultura con dignidade e dun xeito prioritario e non marxinal.

Ademais da presentación en público da escultura do sereo, como sinalei, outra razón acaroounos na galería Sargadelos de Boiro a derradeira xornada de setembro: a presentación do *Máxico tear natural* (Alvarellos Editora) de Xosé Manuel Lobato. Quixo o autor compartir a súa obra connosco —aínda que *nós* tamén é *el*, na súa condición de socio de Barbantia—, acompañado do editor, Quique Alvarellos; do director da galería Sargadelos, Jesús Lojo; do vogal de Barbantia e amigo de escritor, Xosé Ricardo Losada; da responsable de cultura do Concello de Boiro, Helena Teixeira; e mais de quen asina esta crónica.

<sup>12</sup> Primeiros parágrafos de *Máxico tear natural*, de Xosé Manuel Lobato.



De esquerda a  
dereita, Quique  
Alvarellos, Xosé  
Manuel Lobato,  
Helena Teixeira,  
Jesús Lojo,  
Alberto Piñeiro  
e Xosé Ricardo  
Losada. Foto:  
Barbantia



Unha vez máis, como tantas outras, foi Xosé Ricardo o máis punzante, acertado e (isto é comprensible) filosófico de todos os intervenientes na análise da obra. Tanto é así que, se el mo permite, farei redacción das súas verbas para pechar con elas esta singradura polo ano VII de Barbantia, desexando a todos os socios, case 300 xa, que teñan unhas boas festas de Nadal e que nos acompañen na singradura do vindeiro ano, se cren que o merecemos. Con Xosé Ricardo vos deixo, e coa *Musica notturna delle strade di Madrid*, que continúa adobiando esta historia.

«Lobato observa a realidade con aquilo que Otero Pedrayo chama o *sentimento xeográfico*, un sentimento para o cal non só os individuos senón os pobos semellan estar mellor ou peor dispostos. Lobato é un galego que mira a paisaxe con lirismo e un fondo sentido reivindicativo. Ve a paisaxe como un quebracabezas, como

un mosaico de formas e cores, tamén sensacións. O obxectivo e o subxectivo dilúense. Como el mesmo di, escribiu o libro capturado por un halo caprichoso que quere compartir. *Foi escrito con tanto apego á terra que leva dentro o seu intenso arrecendo*, di. O libro está composto por 23 relatos que describen a experiencia do autor noutros tantos roteiros pola xeografía de Galicia. Destacan os topónimos, que Lobato parece amar ao xeito de Nietzsche: hai cousas que che obrigan a pór-lles un nome determinado. Seame, Chan de Arquíña, Punta Muxieiro, Illa da Onza, Punta Besuqueiros, Fervenza das Aciñeiras, Val de Sarandón, Camposanto da Foxa do Lobo, Cabo Roncudo, Con de Pallar, Foio das Arcas... Non poderían chamarse doutra forma.

»E para rematar, un exame. Se o suspendedes, debedes comprar este libro (eu suspenderíao). Gozaredes coa enorme riqueza paisaxística de Galicia. Se o aprobades, tamén debedes



compralo. Gozaredes compartindo co autor a vosa experiencia. Exame:

1- Onde está o carreiro de punta Cabicastro?

2- Que son as *curritas*?

3- Por que se chama *Quercus* unha empresa de Boiro?

4- Por que fixeron os romanos un túnel no Monte Furado?

5- De que estilo arquitectónico é o templo de Bande?

6- Quen escribiu estes versos que cita Manuel Rivas n' *O lapis do carpinteiro*:  
*Tanta paixón e tanta melodía / tiñas nas túas veas apreixada, / que unha paixón a outra paixón sumada, / no breve corpo teu xa non cabía?*

7- Que río está asociado á ruta dos arrieiros?

8- Desde que monte pode verse a Praia das Baleas?

9- De quen era a dorniña que unía as dúas ribeiras da ría de Arousa?

10- Onde homenaxean a Heráclito cantando: *Hoxe eiquí e mañá na feira / para min non ha de faltar / unha vida pasaxeira?*»

## NOTA

As fotografías de La Voz de Galicia foron realizadas por Simón Balvís, Marcos Creo, Carmela Queijeiro e Dani Gestoso. Con agradecemento ao xornal por cedérmolas.







ublicacións no Barbanza

*Román Arén e Xoán Pastor Rodríguez Santamaría*





O presente repertorio bibliográfico anota libros, folletos, separatas, revistas e algúns artigos, sen esquecer as reedicións e algunhas notas culturais. Todos os traballos son de autores do Barbanza ou moi vinculados á bisbarra, ou recollen publicacións relacionadas con temas e personaxes nosos. O repertorio abrangue dende outubro de 2010 a outubro de 2011, aínda que inclúe algunha publicación esquecida nos anteriores repertorios.

30 de outubro de 2011

## I. POESÍA

**AMADO DOSIL, Jéssica:** “*Tritetismos de corpo morto*”, en VV.AA.: *De paxaros e outros minerais*, Santiago, Colexio M. Peleteiro, 2011. Primeiro accésit de *Poesía Minerva 2010*, pp. 35-41. A autora é de Outes e estuda en Noia.

**BLANCO, Ramón:** “*Fancy Dancer*”, *Casa da Gramática*, nº 35, “Papel de Color”, Noia, xuño (2010).

**BRALO, Alejandro:** “*Cuerpo inerte*”, *Alameda*, nº 38, novembro (2010), p. 71.

**BRALO, Alejandro:** “*Dos sonetos prometidos*”, *Alameda*, nº 39, febreiro (2011), p. 71.

**CASTELO PÉREZ, Nuria:** “*Verbas*”, *Casa da Gramática*, nº 35, xuño (2010), p. 21.

**DÁVILA FERNÁNDEZ, Adela:** “*Sen superlativos*”, *Casa da Gramática*, nº 35, xuño (2010), pp. 4-5.

**FERNÁNDEZ NAVAL, Francisco X. (ed.):** *Tamén navegar. Escolma de poesía galega sobre carpintería de ribeira e embarcacións tradicionais*, Noia, Toxosoutsos, 2011, 211 pp., con poemas de Manuel Antonio, Avilés de Taramancos, Ana Romaní, Eva Veiga e María Mariño.

**FERNÁNDEZ OUJO, Agustín (1906):** *Homenaje poético a la comarca ribeirense de las Rías Baixas*, Ribeira, Concello, 2011, 218 pp. Algún poema está en lingua galega.

**GARCÍA, Emilio:** 1. *Luces de sueños*, 2011.

**MARQUÉS, Xabier L.:** *Caderno de Ponza*, Ribeira, Col. Bourel, 2010, 44 pp.

**RAMOS CASTELO, Ismael:** “*De cando nace unha estrela, de cando trata de nacer*”, *Casa da Gramática*, nº 35, xuño (2010), pp. 7-11.

**RAMOS CASTELO, José I.:** “*Oda á cafeína (ou anecdotario dun amor de inverno)*”, en VV.AA.: *De paxaros e outros minerais*, Santiago, Colexio M. Peleteiro, 2011, pp. 15-22. Segundo premio *Poesía Minerva 2010*. O autor é de Mazaricos e estuda en Noia.

**ROMANÍ, Ana:** *Estremas*, Vigo, Galaxia, Dombate, 2010, 72 pp.



**VEIGA, Eva:** *A frecha azul do teixo*, A Coruña, Espiral Maior, Poesía 234, 2010, 125 pp.

**CARRÉ, Héctor:** *Febre*, Vigo, Xerais de Galicia, Fóra de Xogo 137, 2011, 283 pp. A época do wolframio na bisbarra de Noia.

## II. NARRATIVA

**AGRA, Agustín:** *"Círculo lítico", Alameda*, nº 38, novembro (2010), pp. 43-50. Ils. de Alfonso Costa. Obra gañadora do VI Concurso de Contos Liceo de Noia (2010).

**AGRA, Agustín:** *"A gravadora de Descartes"*, *Xanela*, nº 8, (2011), p. 49.

**BARGE, Clara:** *"A torre da felicidade"*, *La Voz de Galicia*, *A Voz de Barbantia*, 62, "En obras", 25-02-2011, L10.

**BEJARANO ESTÉVEZ, Lois:** *El naufragio de Ícaro*, s.l., Digitec, 2008, 258 pp. Novela editada co ensaio *La mirada clandestina* e o libreto *El reino sin rostro*.

**BETANZOS, Xosé Plácido:** *"Mil homes"*, en *25 de novembro. Día contra a violencia de xénero*, Ribeira, A.C. Alto-falante, 2010, pp. 2-4.

**BETANZOS, Plácido:** *Paravea no inferno*, A Estrada, Fervenza, 2011, 73 pp. Limiar de Román Arén.

**BLANCO, Concha:** *Do A ao Z con...* CASTELAO, León, Everest, 2010, il. de Manuel Cráneo.

**BLANCO, María Xesús:** *"Naia"*, *Alameda*, nº 40, xullo 2011, pp. 27-34.

**CARREDANO COBAS, Ramón:** *Anacaona. El fin de una raza*, Palma de Mallorca, Novum, 2011, 312 p.

**CASTRO VÁZQUEZ, Manuel:** *El lago*, 2011, Santiago, Ed. 2.0.

**COEN, Guillermo:** *Brais*, Noia, Toxosoutos, 2011. A novela ten un protagonista da Pobra.

**DAVILA PENA, Laura:** *"Con carazo sobre as pálpebras"*, *Xanela*, nº 8, (2011), p. 19.

**DOMÍNGUEZ, José Vicente:** *La raíz*, Noia, Toxosoutos, 2010, 275 pp.

**FERNÁNDEZ GARCÍA, Jessica:** *"Están aquí"*, *La Voz de Galicia*, *A Voz de Barbantia*, nº 68, "En obras", 28-10-2011, p. 3.

**IGLESIAS MARTÍNEZ, Iria:** *"A man"*, *La Voz de Galicia*, *A Voz de Barbantia*, nº 67, "En obras", 30-09-2011, p. 3.

**LOBATO, Xosé Manuel:** *Máxico tear natural*, Santiago de Compostela, Alvarellos, 2010, 113 p., il.

**LÓPEZ ROMERO, Miriam:** *"Os nomes dos meus amigos"*, *La Voz de Galicia*, *A Voz de Barbantia*, nº 64, "En obras", 29-04-2011, L9.



**MARTÍNEZ MARIÑO, José (Ribeira, 1963):** *Vixán*, Noia, Toxosoutos, Nume, 2010, 89 pp.

**MOSTEIRO FRAGA, Carlos:** “*Vladimir*”, *Alameda*, nº 40, xullo (2011), pp. 35-41.

**PÉREZ MORALES, Patricio:** *Forondous milagros*, Madrid, Ed. Persoal, 2010, 192 pp., il. Malia o título, está en castelán. Os relatos foron escritos entre 1946 e 1964. Algún texto é de contido fascista e inclúese tamén unha tradución dun relato de Balzac.

**PIÑEIRO, Antonio:** “*Fábula dos toiros*”, *La Voz de Galicia, A Voz de Barbantia*, nº 62, “O Fío de Ariadna”, 25-02-2011, L10.

**PIÑEIRO, Antonio:** *A dama fulxente*, Noia, Toxosoutos, Nume, 2011, 78 pp. *X Certame Avilés de Taramancos*.

